

ÍNDICE

- I. Antecedentes
- II. Diagnose do Sistema universitario de Galicia
 - 1. Estudantado
 - 2. Rendemento académico
 - 3. Persoal das universidades do SUG
 - 4. Oferta docente
 - 5. Inserción laboral
 - 6. Internacionalización e mobilidade
 - 7. I+D+i
 - 8. Financiamento
- III. Marco do Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026
- IV. Rendición de contas
 - 1. Cadro de mando
 - 2. Panel de indicadores
- V. Principios do Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026
- VI. Obxectivos do Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026
- VII. Estrutura do Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026
- VIII. Modelo de cálculo do financiamento
- IX. Execución e seguimento do Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026

I.- ANTECEDENTES

En virtude do Real Decreto 1754/1987, de 28 de decembro, concédeselle á Comunidade Autónoma de Galicia o traspaso dos servizos, institucións e medios persoais, materiais e orzamentarios en materia de universidades.

A Lei 11/1989 do 20 de xullo, de Ordenación do Sistema Universitario de Galicia (SUG), creou unha nova situación no ámbito universitario de Galicia.

O desenvolvemento do SUG, formado polas Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, esixiu dun grande investimento para facer posible a realización das infraestruturas e dotacións materiais, pero tamén de moitos recursos humanos.

I PLAN DE FINANCIAMENTO 1990-1996

O primeiro Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia cubría o espazo temporal comprendido entre os anos 1990 e 1996.

O seu obxectivo fundamental era o de achegar os fondos necesarios para dotar mellor ás da Coruña e Vigo e reducir as diferenzas entre as tres universidades galegas, situándoas ao mesmo nivel que as do resto do Estado español.

Para cuantificar as contribucións necesarias empregáronse como elementos fundamentais de referencia o número de alumnos, que debería ser crecente ao longo do tempo de duración do Plan, segundo os estudos demográficos, e o número de centros que se porían en funcionamento para dar cobertura académica a ditos alumnos e completar o mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia.

O investimento do plan ascendeu a 1.035.385.295,72 euros.

PRÓRROGA DO I PLAN DE FINANCIAMENTO 1996-1999

Este Plan de Financiamento foi prorrogado ata 1999, a través duns acordos de financiamento entre a Comunidade Autónoma de Galicia e as tres universidades, propiciados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e que foron asinados en xaneiro de 1998.

A contribución da Xunta de Galicia para estes dous anos, 1998 e 1999, foi de 432.417.385 euros.

II PLAN DE FINANCIAMENTO 2000-2003

Unha vez rematada esta prórroga, elaborouse un novo plan de financiamento 2000-2003.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria considerou a posibilidade de elaboración dun plan de financiamento máis realista que o anterior, que se baseaba nun módulo por alumno, xa que non todas as titulacións custan o mesmo, senón que o seu custo depende de factores como o grao de experimentalidade da titulación ou o ciclo académico no que se imparta a docencia. Por outra parte, o plan debía axustarse ás demandas das universidades, é dicir, debía ser plurianual e progresivo, de acordo coa matrícula real.

O 27 de xaneiro de 2000 asinouse un novo acordo de financiamento do Sistema Universitario de Galicia entre as Consellerías de Economía e Facenda e de Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades de Galicia para o período 2000-2003.

En termos cuantitativos e como resultado da aplicación deste Plan de Financiamento as universidades recibiron da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria un total de 877.701.025 euros

III PLAN DE FINANCIAMENTO 2005-2010

No ano 2003, e ante a próxima finalización do plan en vigor, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria abordou de novo a elaboración dun plan de financiamento cun horizonte temporal amplo que tivese en conta as necesidades financeiras das universidades ante o reto da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

Neste proceso de elaboración facíase necesario reflexionar sobre os cambios aos que se enfrontaban as universidades galegas. Isto desembocou nunha prórroga do plan durante o ano 2004.

Finalmente, en novembro de 2004 foi aprobado un novo Plan de Financiamento para o período 2005-2010 estruturado nos seguintes apartados ou fondos:

- Fondo de financiamento non condicionado: cuxa evolución dependería da variación experimentada polos ingresos non financeiros dos orzamentos consolidados da Xunta de Galicia.

- Fondo de calidade: distribuído segundo criterios competitivos (sexenios e complementos autonómicos, contratos-programa e apoio á investigación e desenvolvemento universitario) que evolucionaría o 10% no exercicio 2006, o 13% nos anos 2007 e 2008 e o 16% nos exercicios 2009 e 2010.

- Fondo de participación no Plan Galego de I+D+I: xestionado pola Consellería competente e distribuído en réxime competitivo, evolucionaría como o Fondo de Calidade.

- Fondo de investimentos: para financiar investimento novo ou de reposición, ampliación e mellora e dotado dunha cantidade inalterable.

- Fondo de nivelación: non condicionado e asignado ás universidades de Vigo e A Coruña para favorecer a converxencia interna do SUG, que evolucionaría segundo os ingresos non financeiros dos orzamentos consolidados da Xunta de Galicia máis un punto.

- Outras achegas ao Plan: procedentes do SERGAS (prazos vinculadas) da unidade competente en Deporte (para o financiamento do INEF).

- Achegas a través de convenios: coas distintas consellerías, entidades e organismos da Comunidade Autónoma que se consideran parte do financiamento do SUG.

- Achegas ao Plan de Saneamento da Universidade de Santiago de Compostela: que nos anos 2007 e 2008 recibiu 1.350.000 euros respectivamente.

As previsións contidas no plan 2005-2010 eran acadar en 2005 os 299.002.265,00 euros e chegar no 2010 aos 422.345.013,85 euros.

A crise económica, incidiu negativamente nos últimos anos de vixencia do plan anterior, debido á excesiva dependencia da evolución dos ingresos non financeiros dos orzamentos consolidados da Xunta de Galicia que, no momento da aprobación do plan, estimábase que crecerían unha media anual do 6,5%. Para compensar as caídas da taxa de ingresos non financeiros, que nos anos 2009 e 2010 situouse nun -2% e -11,284%, realizáronse achegas complementarias neses exercicios por un montante de 13.911.794 euros e 28.284.496 euros respectivamente.

Deste xeito as cifras reais da execución do plan, incluídas as achegas complementarias, foron as seguintes en millóns de euros:

2005	2006	2007	2008	2009	2010	TOTAL
300,7	318,3	382,3	430,3	438,9	391,9	2.262

IV PLAN DE FINANCIAMENTO 2011-2015

O Plan de financiamento 2005-2010, se ben serviu para dar estabilidade á planificación a medio prazo das tres universidades galegas, demostrou unha serie de debilidades que debían ser superadas polo novo plan de financiamento.

Os cambios producidos no contexto académico e económico, fixeron necesaria en poucos anos a modificación dos tradicionais criterios de financiamento, baseados nun só indicador, que non reflicte a complexidade e necesidades das universidades para afrontar os desafíos do século XXI.

Ademais, o remate da vixencia do plan anterior coincidiu co final do proceso de adaptación das titulacións universitarias ao Espazo Europeo de Educación Superior e todo iso nun marco de crise económica que afecta a todos e cada un dos sectores da sociedade, incluído o eido universitario.

Ante este novo escenario, o novo plan de financiamento tiña que servir, á vez, para facilitar novos recursos ás universidades, pero tamén para ordenar integralmente o sistema universitario galego. Os novos recursos tiñan que atender ás necesidades das universidades galegas pero tamén debería comprometer ás institucións universitarias na satisfacción eficiente das necesidades sociais e económicas de Galicia.

De acordo co anterior, era evidente que o financiamento das universidades galegas determinaríase en función de variables obxectivas que mediran o valor das subvencións que contempla cada fondo.

A estrutura do plan baseouse no *“Documento de mejora y seguimiento de las políticas de financiación de las universidades para promover la excelencia académica e incrementar el impacto socioeconómico del sistema universitario español (SUE)”*, aprobado unánimemente polas universidades españolas e as comunidades autónomas en abril de 2010, no que se incluía unha estrutura xeral con tres grandes tipos de compoñentes do financiamento universitario e unha serie de ferramentas para cada un deles.

Ese esquema incorporouse ao plan, determinando unha equivalencia das partidas existentes coa nova estrutura e complementouse cun panel de vinte indicadores que, atendendo á pertinencia, relevancia, representatividade e facilidade informativa, puideran mostrar tanto a eficacia da asignación financeira por función produtiva e financeira que obtén cada universidade polas diferentes liñas de actividade, así como a posición que ocupa cada universidade ao observar unha determinada actividade produtiva.

COMPOÑENTES DO FINANCIAMENTO DAS UNIVERSIDADES GALEGAS 2011-2015	FERRAMENTAS DO PLAN	CORRESPONDENCIAS APROXIMADAS PLAN 2005-2010
Financiamento estrutural	Subvención fixa e subvención extraordinaria SUG	Fondo incondicionado Sexenios Complementos retributivos Contratos-programa RAM INEF-SERGAS
	Subvención por capacidade investigadora	Non hai correspondencia
	Subvención para a compensación dos custes inducidos pola normativa estatal e autonómica	Non hai correspondencia
Financiamento por resultados	Subvención por resultados docentes	Non hai correspondencia
	Subvención por resultados de investigación	Plan Galego de I+D+i
	Subvención por resultados de transferencia tecnolóxica	Apoio á investigación
Financiamento por mellora da calidade	Subvención pola mellora da calidade dos resultados universitarios	Complemento do Plan de Financiamento

Mais alá destas correspondencias coas partidas do plan anterior, a filosofía que inspiraba o novo plan era totalmente diferente.

Se trataba dun deseño moderno e dinámico, con capacidade para adaptarse aos cada vez máis frecuentes cambios do entorno. Deste xeito, un plan nacido en época de crise económica global contaba con mecanismos que permitiran a súa permanencia unha vez superada esa situación, de xeito que permitira tanto a necesaria estabilidade ao sistema para asumir políticas a medio prazo, como a versatilidade para recoller de xeito inmediato as melloras provocadas polo cambio de ciclo económico.

As previsións de achegas vinculadas ao Plan de Financiamento do SUG para o quinquenio 2011-2015, incluídas as estimacións de achegas por compensacións por normativa estatal e convenios eran as seguintes:

PLAN DE FINANCIAMENTO DO SUG 2011-2015 (mill.€)

2011	2012	2013	2014	2015	TOTAL
400	405	410	440	420	2.105

Finalizada a vixencia do mesmo, o balance foi moi positivo para o sistema dado que o plan blindou os fondos destinados ao ensino universitario nun contorno de crise xeneralizada e contención de gasto público. De feito acadouse un financiamento global de máis de dous mil millóns de euros destinados ao sistema universitario, malia os axustes retributivos que foron de aplicación á totalidade do sector público neses anos e que supuxeron detraer desta contía un total de 39,4 millóns de euros.

PLAN DE FINANCIAMENTO DO SUG 2011-2015 (mill.€)

REAL

2011	2012	2013	2014	2015	TOTAL
419	409	413	394	395	2.030

V PLAN DE FINANCIAMENTO 2016-2020

O Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020 foi aprobado polo Consello da Xunta o 29 de outubro de 2015, segundo o disposto no artigo 115 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia. O 7 de xaneiro de 2016 formalizáronse coas tres universidades do SUG os convenios mediante os que as partes comprométense a asumir as determinacións contidas no plan.

Máis adiante, en decembro de 2017, o Consello da Xunta aprobou unha modificación do plan co obxecto de determinar unha fórmula máis simplificada para o cálculo do custe estándar.

O plan define criterios de asignación de recursos explícitos, baseados no custe estándar da docencia e na obtención de resultados nos ámbitos fundamentais da actividade universitaria: docencia, investigación e transferencia. Así mesmo pretende fomentar á adecuación da oferta ás demandas sociais, reorientando a oferta docente, potenciando a formación continua, a actividade investigadora e a transferencia tecnolóxica e promovendo a mellora da calidade.

Unha vez máis, blíndanse os recursos que a Xunta de Galicia destina ao sistema universitario e estrutura o financiamento en dous grandes fondos que evolucionarán segundo criterios fixados:

FONDO	SUBFONDO	EVOLUCIÓN
FINANCIAMENTO ESTRUCTURAL	CUSTE ESTÁNDAR	evolución da masa salarial
	RAM	constante
	COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS E COMPENSACIÓN POR MATRÍCULAS	complementos vixentes
	OUTROS CUSTES ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO DO SUG	Constante agás ACSUG con evolución da masa salarial
	PANEL DE INDICADORES	PIB real
FINANCIAMENTO POR RESULTADOS	FOMENTO DA I+D+i E A TRANSFERENCIA	Taxa de referencia de crecemento do PIB x 2

Aínda que, continuando a liña marcada polo plan do quinquenio anterior, o novo documento introduciu unha serie de novidades:

- É un documento do goberno de Galicia: apróbase polo Consello da Xunta e as universidades adhírense ao seu contido mediante a sinatura dos respectivos convenios (artigo 115 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario)
- Denominación máis xenérica: o goberno de Galicia recolle nel as liñas políticas a seguir nos vindeiros anos no eido do ensino público universitario que se desenvolve no territorio da comunidade autónoma.
- Estructura simplificada: dous grandes fondos (Estructural e por Resultados) que actúan como vasos comunicantes.
- Maior transparencia no reparto de fondos: desbótanse criterios “históricos” que dan paso a criterios/indicadores coñecidos, contrastables e homoxéneos e datos contrastables de fontes homoxéneas.

- Novo cálculo do custe estándar: baseado nun módulo económico que ten en conta datos de docencia e funcionais, multiplicado polos créditos matriculados computables.
- Maior precisión do reparto: substitúense as estimacións das compensacións (complementos retributivos, matrículas...) por contías exactas que se inclúen no orzamento do exercicio inmediatamente posterior. Minimízase a imprecisión e facilita ás universidades a elaboración dos seus orzamentos.

Para posibilitar o cumprimento dos seus obxectivos, o plan prevía créditos procedentes de partidas orzamentarias directamente vinculadas ao plan e outras achegas de fondos públicos procedentes das administracións autonómica, local, nacional e europea.

PLAN GALEGO DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO 2016-2020 (mill. €)
PREVISIÓN

	2016	2017	2018	2019	2020	TOTAL
Partidas do PGFU	392	407	415	423	430	2.067
Partidas fóra de plan	82	82	82	82	82	410
						2.477

En 2020, último ano de vixencia deste plan, pode afirmarse que estas previsións foron cumpridas sobradamente, xa que logo os fondos públicos que financian o ensino universitario en Galicia superan xa as cifras estimadas en 2016.

As partidas dos orzamentos da Xunta de Galicia vinculadas ao Plan Galego de Financiamento universitario 2026-2020 suman un total de 2.093 millóns de euros (26 millóns máis dos previstos).

Así mesmo, estímase que os ingresos públicos fóra do plan superarán todas as previsións, á falta de datos precisos do ano 2020, para o que pode esperarse unha contía aproximada de 115 millóns de euros que é a media dos anos anteriores.

PLAN GALEGO DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO 2016-2020 (mill. €)
REAL

	2016	2017	2018	2019	2020	TOTAL
Partidas do PGFU	392	404	421	433	443	2.093
Partidas fóra de plan	127	104	112	118	115	576
						2.669

Deste xeito estaremos a falar dun financiamento real total duns 2.669 millóns de euros, 192 millóns por enriba das previsións iniciais e que representa un incremento do 31,4 % respecto do quinquenio anterior.

O artigo 36 da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, modificou o artigo 115 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, engadindo un novo punto 4 no que se contempla a posibilidade de prórroga do plan de financiamento, sempre que o permitan as dispoñibilidades orzamentarias da Administración autonómica, no caso de non ter aprobado un novo plan ao finalizar a vixencia do mesmo. Trátase dunha cláusula de garantía para permitir o normal funcionamento das universidades do SUG e o cumprimento dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira por parte destas institucións.

Este mecanismo utilízase por vez primeira no exercicio 2021 xa que logo a situación extraordinaria provocada pola pandemia do coronavirus COVID-19, que supuxo a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, e cuxa vixencia alongouse no tempo mediante a aprobación de sucesivas prórrogas, determinou a suspensión de termos e interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, o peche das instalacións das universidades e a paralización, en xeral, da normal actividade dos centros docentes.

Os orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o exercicio 2021 contemplan un total de **444,4 millóns de euros** en partidas directamente vinculadas ao Plan Galego de Financiamento Universitario. A esta contía debe engadirse un fondo adicional de fondos propios da Xunta de Galicia de 10 millóns de euros destinado á dixitalización e innovación das universidades públicas do SUG. Deste xeito, no 2021, sen contar coas achegas á marxe do plan, inicialmente a Xunta de Galicia destina un total de 454,4 millóns de euros ao Sistema universitario de Galicia.

II. DIAGNOSE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

1. Estudantado

O número de estudantes matriculados nas tres universidades do SUG presenta un constante descenso nos últimos anos.

Evolución do alumnado matriculado no SUG

Curso	1º e 2º ciclo grao	3º ciclo e mestrado	Total SUG	Poboación de 18 a 25 anos
1993-94	78.921	1.709	80.630	Solo disponibles datos por tramos de idade
1994-95	85.985	1.882	87.867	
1995-96	90.929	2.067	92.996	
1996-97	95.304	2.436	97.740	
1997-98	96.759	2.576	99.335	
1998-99	97.654	2.581	100.235	351.980
1999-00	98.691	3.021	101.712	349.513
2000-01	95.349	2.887	98.236	344.522
2001-02	91.790	3.093	94.883	335.455
2002-03	87.879	3.343	91.222	324.349
2003-04	84.084	3.544	87.628	312.612
2004-05	79.027	3.715	82.742	297.475
2005-06	74.768	3.914	78.682	282.837
2006-07	70.841	4.327	75.168	268.955
2007-08	67.843	4.566	72.409	255.591
2008-09	65.562	5.647	71.209	245.647
2009-10	65.860	5.665	71.525	236.418
2010-11	64.988	5.569	70.557	227.023
2011-12*	63.200	4.743	67.943	218.548
2012-13*	61.671	4.893	66.564	210.054
2013-14*	59.353	5.501	64.854	201.498
2014-15*	55.322	5.508	60.830	194.417
2015-16**	53.710	9.609	63.319	187.806
2016-17**	50.567	9.952	60.519	182.647
2017-18**	50.348	11.187	61.535	178.919
2018-19**	50.144	11.436	61.580	175.644


Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU) e IGE: Padrón municipal de habitantes

* Solo mestrado

** Mestrado e doutoramento do RD 99/2011

Tendo en conta os datos do Padrón municipal de habitantes, a poboación total de persoas comprendidas entre os 18 aos 25 anos, idade dos potenciais alumnos universitarios, presenta ao longo das tres últimas décadas un notable descenso que, obviamente é un factor que inflúe na matrícula total nas tres universidades galegas. Dende o curso 1998/1999 ata o 2018/2019 os xoves galegos comprendidos nesas idades rexistraron un descenso de 176.336 persoas, o que supón unha baixa do 50,09% neste período.


Evolución da poboación galega en idade universitaria e a matriculación no SUG



Fonte: IGE. Padrón municipal de habitantes e Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

Logo de acadar o teito máximo no curso 1999/2000 con 101.712 persoas matriculadas en estudos universitarios ofertados polas tres institucións galegas, iniciouse un descenso da matrícula que se mostra constante ao longo dos seguintes cursos académicos situándose o total de matriculados no curso 2018/2019 en 61.580 estudantes.

Nos últimos anos estase a producir unha estabilización da poboación universitaria en Galicia, unha vez implantado na súa totalidade o EEES. Este é un dato de referencia moi importante, xa que condiciona o tamaño global da oferta do sistema, dando por suposto que o obxecto das prazas que se poñen a disposición do alumnado e que se cubran na súa totalidade. A adecuación da oferta á demanda, ofertando títulos atractivos para a sociedade galega e eliminando sobreofertas estruturais son dous piares desta política.




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

Se comparamos os datos de matrícula no SUG coa totalidade do Sistema Universitario Español no mesmo período, poden observarse certas diferencias. Ata o curso 1999/2000 a tendencia alcista da matrícula en estudos universitarios é común a Galicia e ao resto de universidades españolas, iniciando ambos sistemas un descenso xeneralizado de número de persoas matriculadas en estudos universitarios. Mentres no SUE o curso 2006/2007 marca unha inflexión recuperando estudantado progresivamente nunha tendencia que continúa na actualidade, o SUG segue a reducir o número de matriculados ata chegar a un certo estancamento nos dous últimos cursos do período.

Deste xeito, mentres no curso 1999/2000 o estudantado galego supoñía un 6,4% do total de universitarios/as das universidades españolas, no curso 2018/2019 esta porcentaxe sitúase no 3,85% do total do SUE.

Na procura dunha explicación a esta evolución, podemos, en primeiro lugar, falar da coñecida tendencia demográfica, desoladora en Galicia, e que se recollerá máis adiante. Pero tamén hai que pensar que a universidade privada está a medrar de xeito permanente e captar porcentaxes importantes do alumnado total do SUE. Galicia non ten alumnado neste apartado.




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

No período analizado, as mulleres son as que cursan maioritariamente estudos universitarios. Analizando as cifras totais de matrícula no SUG as mulleres, ano tras ano, representan 10 puntos porcentuais de media sobre os homes, situándose esta proporción nun 55,19 % de mulleres fronte un 44,81 % de homes no curso 2018/2019.

Esta tendencia é común á totalidade do SUE e a todos os niveis da educación universitaria de xeito que, dun total de 1.599.050 persoas matriculadas no curso 2018/2019, o 54,84 % eran mulleres, mentres o 45,16 % restantes eran homes.

Porcentaxe de persoas matriculadas no SUG por sexo



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

É tamén interesante analizar os datos da evolución da matrícula nos tres niveis nos que, dende a entrada en vigor do Real Decreto 1393/2007, estrutúranse os estudos universitarios en España, e o seu comportamento nas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, que conforman o SUG.

Matrícula en graos

Nos estudos de grao, tómase como punto de partida o curso 2008/2009, no que comezou a implantación deste nivel de estudos no SUG e que, ao longo deste período foron substituíndo ás antigas diplomaturas e licenciaturas (1º e 2º ciclo). Hai que observar que, ao cambiar a fonte, hai lixeiras variacións nos datos pero que no cambian as tendencias reflectidas anteriormente.

ALUMNADO MATRICULADO EN 1º E 2º CICLO E GRAO NO SUG


CURSO	UNIVERSIDADE			Total SUG matriculados grao/1º e 2º ciclo
	UDC	USC	UVIGO	
2008-09	19.337	26.224	20.000	65.561
2009-10	20.338	26.187	19.335	65.860
2010-11	20.136	25.857	18.995	64.988
2011-12	19.754	24.998	18.448	63.200
2012-13	19.034	24.000	18.637	61.671
2013-14	18.073	22.836	18.444	59.353
2014-15	16.798	21.711	16.813	55.322
2015-16	15.501	20.835	17.374	53.710
2016-17	14.486	19.860	16.836	51.182
2017-18	14.052	19.994	16.302	50.348
2018-19	13.594	19.873	16.115	49.582

Fonte: Ministerio de Educación y Formación Profesional / Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades

No seguinte gráfico pode advertirse unha tendencia común na evolución do número de persoas matriculadas neste primeiro nivel de estudos nas tres universidades galegas. O descenso de matrícula global do sistema correspóndese a unha diminución de alumnado de 1º e 2º ciclo e graos en cada unha das universidades. Este descenso, máis acusado nos primeiros cursos do intervalo, parece tender a estabilizarse na segunda parte do período estudado, continuando coa tendencia descendente aínda que máis moderada. Ao longo destes cursos é sempre a USC a universidade cun maior número de matriculados nos seus estudos deste nivel mentres a UVIGO, logo de situarse en cifras de matrícula semellantes á UDC, a partir do curso 2015/2016 supera á universidade coruñesa lixeiramente en número de alumnado matriculado.

Para os vindeiros anos, podemos pensar en medidas que suavicen ou palíen esta baixada, pero que é certamente moi difícil revertir a curto prazo a tendencia. Medidas correctivas xa se están a adoptar, eliminando progresivamente oferta en titulacións saturadas que conducen á sobrecualificación e mala inserción laboral, e introducindo novos títulos de profesións de futuro.


Evolución de matrícula en 1º e 2º ciclo e grao no SUG por universidades



Fonte: Ministerio de Educación y Formación Profesional / Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidade

En comparación co resto de universidades españolas, a evolución da matrícula en grao no SUG segue unha tendencia descendente máis acusada. A nivel nacional, a matrícula en graos mantense estabilizada nos últimos cursos nas universidades publicas mentres as privadas mostran un leve incremento. Mentres no curso 2008/2009 o alumnado matriculado en grao en universidades privadas representaba o 10,68% do total, esta porcentaxe sitúase no 15,9 % no curso 2018/2019. Loxicamente, Galicia non conta dentro desa porcentaxe.

Evolución da matrícula en graos no SUE



Fonte: Ministerio de Educación y Formación Profesional / Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades

Por ramas de coñecemento, a demanda entre o alumnado do SUG segue unha tendencia desigual. A única rama que experimentou un incremento significativo e continuo de alumnado é a de Ciencias da Saúde, pasando dos 7.473 alumnos matriculados no curso 2008-2009 aos 9.061 do 2018-2019 elevando a súa porcentaxe respecto do total do SUG do 11,4% ao 18,27%. Pola súa banda, as ramas de Artes e Humanidades e a de Ciencias, son as que presentan un menor número de matrícula e, aínda que non experimentan un incremento no número de alumnado, si aumenta a porcentaxe que representan sobre o total de alumnado matriculado no SUG. Así, mentres o curso 2008-2009 o alumnado en 1º e 2º ciclos e grao da rama de Artes e Humanidades supoñían o 7,2 % do estudiantado do SUG, no curso 2018-2019 eran o 9,3% da matrícula. No caso das titulacións da rama de Ciencias, a matrícula pasou de supoñer o 6,9% do total ao 8,2% do curso 2018-2019.


As dúas ramas restantes, Ciencias Sociais e Xurídicas, e Enxeñaría e Arquitectura, rexistraron un descenso tanto de alumnado como na porcentaxe que representan sobre o total de alumnado do SUG. En todo caso, as titulacións de Ciencias Sociais e Xurídicas atraen ao longo deste período a máis do 41,72% do alumnado, a porcentaxe máis baixa acadada no curso 2014-2015. No caso da rama de Enxeñaría e Arquitectura, o descenso tanto da matrícula, que pasa dos 17.662 no curso 2008-2009 aos 10.305 en 2018-2019, como do seu peso relativo no SUG, representando en 2008-2009 un 26,94% da matrícula e solo un 20,78% no curso final do período, debe poñerse en relación, non solo co descenso xeneralizado do estudiantado universitario se non co feito de tratarse de titulacións vinculadas a sectores produtivos que se viron especialmente afectados pola crise económica destes anos. En todo caso, esta evolución está en liña coa tendencia xeral do SUE, como pode verse nos seguintes cadros.

**ALUMNADO MATRICULADO EN 1º E 2º CICLO E GRAO NO SUG
Por ramas de coñecemento**

CURSO	Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Artes e Humanidades		Ciencias da Saúde		Ciencias	
	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%
2008-09	31.098	47,43	17.662	26,94	4.779	7,29	7.473	11,40	4.549	6,94
2009-10	30.496	46,30	18.513	28,11	4.653	7,06	7.820	11,87	4.378	6,65
2010-11	29.496	45,39	17.942	27,61	4.829	7,43	8.251	12,70	4.470	6,88
2011-12	27.997	44,30	17.415	27,56	4.849	7,67	8.506	13,46	4.433	7,01
2012-13	26.613	43,15	16.981	27,53	4.729	7,67	9.061	14,69	4.287	6,95
2013-14	25.149	42,37	16.246	27,37	4.542	7,65	9.301	15,67	4.115	6,93
2014-15	23.080	41,72	14.673	26,52	4.369	7,90	9.266	16,75	3.934	7,11
2015-16	22.784	42,42	13.156	24,49	4.375	8,15	9.311	17,34	4.084	7,60
2016-17	21.998	42,98	11.834	23,12	4.376	8,55	9.005	17,59	3.969	7,75
2017-18	21.834	43,37	10.878	21,61	4.483	8,90	9.133	18,14	4.020	7,98
2018-19	21.662	43,69	10.305	20,78	4.476	9,03	9.061	18,27	4.078	8,22

Fonte: Mº de Educación y Formación Profesional / Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades

Evolución da matrícula en 1º e 2º ciclo e grao no SUG e no SUE (porcentaxes de matrícula)



Fonte: Ministerio de Educación y Formación Profesional / Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades

A baixada de alumnado na rama de Enxeñaría é especialmente preocupante ao tratarse dunha rama de futuro na inserción laboral.

Matrícula en mestrados universitarios


No curso 2006/2007 iniciouse a implantación dos estudos de mestrado universitario no SUG. Na seguinte táboa pódese observar a importancia que están a adquirir os estudos de mestrado entre a poboación universitaria de Galicia, xa que, con algunha excepción, o incremento do número de alumnado matriculado é constante ao longo do período analizado, alcanzando a cifra de 6.027 alumnos/as no curso 2018-2019.

ALUMNADO MATRICULADO EN MESTRADO NO SUG				
CURSO	UNIVERSIDADE			TOTAL
	UDC	USC	UVIGO	
2006-07	202	294	87	583
2007-08	512	543	340	1.395
2008-09	588	780	710	2.078
2009-10	833	1.359	1.539	3.731
2010-11	916	1.764	2.040	4.720
2011-12	1.029	1.677	2.037	4.743
2012-13	1.091	1.722	2.080	4.893
2013-14	1.360	2.046	2.095	5.501
2014-15	1.389	2.043	2.076	5.508
2015-16	1.610	1.942	2.098	5.650
2016-17	1.765	1.911	2.020	5.696
2017-18	1.837	1.957	2.076	5.870
2018-19	1.994	1.992	2.041	6.027

Fonte: Ministerio de Educación y Formación Profesional / Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidade

En relación á distribución de alumnado matriculado en mestrados entre as distintas universidades, pódese observar como, ata o curso 2009-2010, a USC era a que tiña un maior número de alumnado matriculado en mestrado, pero a partir de aí é a UVIGO a que conta con máis alumnos/as matriculados/as, para, nos dous últimos cursos do período analizado, converxer as tres universidades en canto a matriculación neste nivel de estudos. Non obstante, as porcentaxes de reparto do alumnado matriculado en mestrado son moi similares nas tres universidades do SUG situándose no curso 2018-2019 arredor do 33% cada unha delas (UDC o 33,08%, USC o 33,05% e UVIGO o 33,86%).


Evolución da matrícula en mestrado no SUG por universidades



Fonte: Ministerio de Educación y Formación Profesional / Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades

A evolución do alumnado matriculado nos mestrados universitarios a nivel nacional mostra unha tendencia cun incremento moi acusado dende o comezo da implantación deste tipo de estudos, tanto nas universidades públicas como nas privadas. Non obstante, a porcentaxe de alumnado de mestrados das universidades privadas foi gañando peso ao longo deste período.


Evolución da matrícula en mestrado no SUE



Fonte: Ministerio de Educación y Formación Profesional / Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidad

Por ramas de coñecemento, os estudos de mestrado no SUG mostran unha evolución de matrícula diversa, aínda que similar á que se observa a nivel do SUE.

Evolución da matrícula en mestrado no SUG e no SUE por ramas de coñecemento



Fonte: Ministerio de Educación y Formación Profesional / Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidad

Dende o inicio da implantación dos estudos de mestrado, a rama de Ciencias Sociais e Xurídicas destacou sobre o resto en canto a matrícula. O incremento de alumnado nesta rama foi incrementándose de xeito exponencial ata o curso 2013-2014, pasando de supoñer o 23,84% do total do estudiantado deste nivel no curso 2006-2007 a acadar un peso do 49,5% manténdose a partir deste momento un incremento máis moderado situándose en porcentaxes superiores ao 51% do total de matriculados en mestrado.

Pola súa banda, os mestrados da rama de Enxeñaría e Arquitectura, segunda con maior atracción de alumnado, perdeu peso entre os cursos 2009-2010 e 2013-2014, para iniciar unha leve recuperación e estancamento a partir dese momento e que chega ata o final do período en que se sitúa nun

22,63% do total de estudiantado de mestrado no SUG. As restantes ramas de coñecemento, Artes e Humanidades, Ciencias da Saúde e Ciencias, manteñen unha evolución similar a partir do curso 2011-2012, situándose en niveis inferiores ao 10% do total da matrícula en mestrado, de xeito que no curso 2018-2019 acadan unha representación do 9,3%, 7,7% e 8,7% respectivamente.

Esta distribución ten algún aspecto negativo. Especialmente no eido das Ciencias Sociais e Xurídicas que teñen unha porcentaxe excesiva. É certo que inclúe dous mestrados habilitantes moi numerosos, mais obsérvase unha proporción desmesurada respecto a ramas que conteñen a maioría dos novos postos de traballo que se demandarán nos vindeiros anos.

ALUMNADO MATRICULADO EN MESTRADO NO SUG
Por ramas de coñecemento

CURSO	Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Artes e Humanidades		Ciencias da Saúde		Ciencias	
	total	%	total	%	total	%	total	%	total	%
2006-07	139	23,84	173	29,67	37	6,35	149	25,56	85	14,58
2007-08	411	29,46	410	29,39	75	5,38	316	22,65	183	13,12
2008-09	687	33,06	694	33,40	80	3,85	407	19,59	210	10,11
2009-10	1.635	43,82	975	26,13	306	8,20	414	11,10	401	10,75
2010-11	2.042	43,26	1.208	25,59	490	10,38	479	10,15	501	10,61
2011-12	2.338	49,29	1.058	22,31	428	9,02	446	9,40	473	9,97
2012-13	2.425	49,56	1.055	21,56	494	10,10	445	9,09	474	9,69
2013-14	2.882	52,39	1.039	18,89	576	10,47	508	9,23	496	9,02
2014-15	2.872	52,14	1.076	19,54	559	10,15	496	9,01	505	9,17
2015-16	2.908	51,47	1.274	22,55	500	8,85	488	8,64	480	8,50
2016-17	2.967	52,09	1.316	23,10	514	9,02	448	7,87	451	7,92
2017-18	3.043	51,84	1.337	22,78	566	9,64	446	7,60	478	8,14
2018-19	3.108	51,57	1.364	22,63	561	9,31	468	7,77	526	8,73

Fonte: Ministerio de Educación y Formación Profesional / Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidad

Unha das posibles razóns deste destacado incremento é a decisión vital de continuar os estudos superiores a causa da crise económica posto que unha maior preparación implica unha vantaxe comparativa na busca de emprego e a expectativa de acadar mellores niveis de renda en comparación coas persoas con niveis formativos inferiores.

Por outra banda, o incremento exponencial da matrícula nas universidades privadas, que pasaron de supoñer o 16,3% dos matriculados en mestrado no curso 2006/2007 en España, a ter o 37,28% do alumnado matriculado nestes estudos no curso 2018/2019, indica a estratexia seguida polas universidades privadas, tendentes a un maior grao de especialización en estudos de posgrao e á captación de alumnado que xa está inmerso no mundo laboral e cursa estes estudos co obxecto de mellorar as súas perspectivas laborais.

Tres estratexias estanse a desenvolver en Galicia para contrarrestar a influencia negativa doutras universidades, especialmente as privadas.


En primeiro lugar, as convocatorias da Secretaría Xeral de Emigración que están a permitir matricular adicionalmente en Galicia en estudos de máster a 150 persoas de fóra de España, incrementando nun 3% o total do sistema, con persoas do exterior, favorecendo ademais a súa internacionalización.

En segundo lugar, a estratexia suicida seguida dende 2012 en moitas universidades públicas de incrementar o prezo público. Acercar o prezo público ao privado sen modificar os contidos e as saídas laborais, incrementou notablemente o atractivo dos máster privados. Galicia optou pola vía contraria, mantendo o intervalo de diferenciación. Estratexia que foi afondando co paso dos anos; primeiro igualando os prezos aos graos para máster habilitantes; e, dende 2020, para a totalidade dos máster universitarios.

Finalmente, fomentando que as universidades públicas oferten máster con gran parte das calidades dos privados, a prezos reducidos. Mediante convocatorias competitivas en que se seleccionen os mellores máster con calidade excepcional no plan de estudos, no profesorado, na innovación docente, na internacionalización, e na inserción laboral. Estes máster terán un selo de excelencia da Xunta de Galicia e un financiamento adicional, que lles permitirá ser moi competitivos no mercado de estudos superiores.

Neste eido, outro dato relevante en Galicia é a alta taxa de transición de grao a mestrado, é dicir, a porcentaxe de estudantado que no curso inmediatamente posterior ao remate do grao comezan a cursar estudos de mestrado.

Segundo os datos do Sistema Integrado de Información Universitaria o SUG presenta ao longo dos últimos cursos académicos unha taxa de transición de grao a mestrado superior á media do sistema español, aínda que se aprecia unha tendencia lixeiramente converxente de ambas taxas. Deste xeito, mentres nos cursos 2014-2015 e 2015-2016 o SUG mantivo unha de máis de 8 puntos superior á do SUE, no curso 2018-2019 esta diferenza viuse reducida a case 3 puntos.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Aínda así, a taxa de transición a mestrado no SUG no curso 2018-2019 situouse 2,6 punto por encima da media do SUE. Tendo en conta o total de universidades presenciais, Galicia ocupa o quinto posto a nivel nacional, solo superada por Asturias, País Vasco, Valencia e Cantabria.

A porcentaxe de graduados que optan por continuar os seus estudos de mestrado na mesma universidade en que cursaron o grao sitúase no SUG no 15,3%, 3,3 puntos superior á media do SUE, o que sitúa a Galicia no quinto posto logo das comunidades autónomas de Valencia, A Rioxa, País Vasco e Asturias.


**Taxa de transición de grao a mestrado
(curso 2018-2019)**

	Total	Na propia universidade
Total SUE	22,2%	12,0%
Total U. Presenciais	22,9%	12,4%
Andalucía	23,5%	13,1%
Aragón	22,1%	13,7%
Asturias	32,5%	15,8%
Baleares	23,3%	13,4%
Canarias	20,5%	9,7%
Cantabria	25,1%	12,2%
Castela – A Mancha	20,2%	11,8%
Castela e León	19,9%	8,2%
Cataluña	20,6%	10,4%
Comunidade Valenciana	27,1%	16,3%
Estremadura	18,7%	10,8%
Galicia	24,8%	15,3%
Madrid	22,0%	11,8%
Murcia	20,0%	10,1%
Navarra	23,5%	11,8%
País Vasco	29,0%	15,9%
Rioxa	24,1%	16,3%

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Distinguindo por ramas de coñecemento, e tendo en conta os datos do curso 2018-2019, nas universidades galegas a rama de Ciencias é a que presenta unha taxa máis elevada de transición de grao a mestrado xa que logo o 64,5 % dos graduados nestas titulacións optan por continuar os seus estudos no curso seguinte realizando os correspondentes mestrados. En segundo lugar, o estudantado de Artes e Humanidades presenta unha taxa de transición do 50,7%, seguido da rama de Enxeñaría e Arquitectura co 32,6 %, Ciencias Sociais e Xurídicas ocupa o cuarto posto co 23,3 %, mentres a taxa de transición a mestrado no caso de estudos de Ciencias da Saúde presenta un reducido 11 %.

Taxas de transición a mestrado no SUG segundo ramas de coñecemento




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

Como xa se está facendo nos últimos anos, a autorización de novas propostas de máster depende, principalmente, da capacidade dese centro para encher a nova oferta. E iso depende do número medio de egresados dos títulos que oferta un centro ou unha titulación concreta. A día de hoxe, o alumnado propio segue a ser, na maioría dos casos, a orixe principal da demanda do máster. Inda hoxe, son minoritarios os máster que poden acreditar unha demanda notable ou regular de alumnado de fóra de Galicia. Este é un camiño no que queda moito traballo que facer nos vindeiros anos.

Matriculación en programas de doutoramento

Os programas de doutoramento, coas súas especiais características, tamén deben ser tomados en conta para os efectos da diagnose do estudantado do SUG. Os datos estatísticos do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU) contabilizan exclusivamente as persoas matriculadas en programas de doutoramento adaptados ao *Real Decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento*. A seguinte táboa mostra a evolución da matrícula neste nivel de estudos en cada unha das universidades galegas.

CURSO	UNIVERSIDADE			TOTAL
	UDC	USC	UVIGO	
2015-16	876	2.151	932	3.959
2016-17	1.033	2.086	1.137	4.256
2017-18	1.152	2.827	1.338	5.317
2018-19	1.217	2.788	1.415	5.420



Fonte: Ministerio de Educación y Formación Profesional / Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidad

Destaca ao longo do período o número de persoas matriculadas en programas de doutoramento na USC, mentres a evolución da UDC e a UVIGO, que parten de cifras semellantes, tenden a distanciarse polo lixeiro incremento de matrícula na institución viguesa.

En canto ás ramas de coñecemento, aínda que, como viuse en graos e mestrados, Ciencias Sociais e Xurídicas supera en número e porcentaxe ao resto, as demais ramas repártense cifras similares de matrícula, destacando levemente Ciencias da Saúde.


Os programas de doutoramento que abranguen un maior número de alumnado pertencen a Ciencias Sociais e Xurídicas que supoñen xa no curso 2018-2019 o 28,3% do total dos doutorandos do SUG, seguida da rama de Ciencias da Saúde cun peso relativo do 20,3% dos matriculados neste nivel de estudos. As ramas de Ciencias, e Artes e Humanidades, rondan o 17% dos doutorandos nese mesmo curso e, no derradeiro lugar os programas vinculados a Enxeñaría e Arquitectura que supoñen o 16,44% do total.

ALUMNADO MATRICULADO EN PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO NO SUG
Por ramas de coñecemento

CURSO	Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Artes e Humanidades		Ciencias da Saúde		Ciencias	
	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%
2015-16	1.087	27,46	690	17,43	674	17,02	755	19,07	753	19,02
2016-17	1.145	26,90	781	18,35	682	16,02	841	19,76	807	18,96
2017-18	1.425	26,80	922	17,34	942	17,72	1.053	19,80	975	18,34
2018-19	1.534	28,30	891	16,44	927	17,10	1.100	20,30	968	17,86

Fonte: Ministerio de Educación y Formación Profesional / Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidad

Pódense observar certas diferencias na evolución da matrícula en programas de doutoramento con respecto ao SUE xa que a nivel nacional, compartindo a o carácter maioritario de doutorandos da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias da Saúde sitúase próxima á primeira en tendencia sempre ascendente nos anos estudados, mentres no SUG, como xa destacouse máis arriba, Ciencias da Saúde apenas destaca sobre o resto e cunha tendencia ao estancamento.



En todo caso, o incremento xeral de matriculados nos programas de doutoramento é un reflexo da maior importancia concedida á investigación así como a tendencia do alumnado a continuar a súa formación mentres non atopan un traballo.

Obsérvase neste apartado un desfase importante entre o alumnado matriculado e a media anual de lectura de teses de doutoramento. O que induce a pensar que a nova normativa non conseguiu un dos seus obxectivos principais, que non era outro que o de deixar no sistema unicamente ao estudiantado que lera a súa tese nun tempo razoable. As cifras de matrícula indican que hai parte dos matriculados que non compren esas expectativas.

Alumnado estranxeiro no SUG

A captación de alumnado estranxeiro por parte das universidades do SUG, aínda que presenta unha tendencia crecente nos últimos cursos, sitúase por debaixo das porcentaxes do total do Sistema Universitario Español. Os estudantes matriculados en títulos oficiais ofertados polas universidades galegas e cuxa nacionalidade é distinta á española, supoñían no curso 2015-2016 un 2,9% do total de matriculados. Nese mesmo curso, a porcentaxe de estranxeiros matriculados nas universidades españolas situouse nun 6,58%. Esta proporción duplícase no curso 2018-2019 en que o SUG contou cun 4,45% de alumnado de distintas nacionalidades, fronte ao 8,62 % que representaba este tipo de alumnado no SUE.

ALUMNADO ESTRANXEIRO

CURSO	SUE			SUG		
	total matriculados SUE	matriculados estranxeiros SUE	% estranxeiros SUE	total matriculados SUG	matriculados estranxeiros SUG	% estranxeiros SUG
2015-16	1.548.369	101.940	6,58	63.319	1.836	2,90
2016-17	1.564.943	114.300	7,30	60.519	1.984	3,28
2017-18	1.583.025	127.597	8,06	61.535	2.505	4,07
2018-19	1.599.050	137.914	8,62	61.580	2.738	4,45

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Na seguinte táboa apréciase a porcentaxe de alumnado estranxeiro en relación coa matrícula total do SUG tendo en conta a tipoloxía dos estudos.

**PORCENTAXE DE ALUMNADO MATRICULADO ESTRANXEIRO NO SUG
POR TIPO DE ESTUDO**

CURSO	GRAO		MESTRADO		DOUTORAMENTO	
	matrícula total SUG	% matriculados estranxeiros	matrícula total SUG	% matriculados estranxeiros	matrícula total SUG	% matriculados estranxeiros
2015-16	53.710	1,41	5.650	5,43	3.959	19,47
2016-17	50.567	1,49	5.696	6,23	4.256	20,61
2017-18	50.348	1,79	5.870	7,60	5.317	21,78
2018-19	50.144	1,88	6.027	9,32	5.420	22,77


Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Como xa destacamos, apréciase a escasa representación deste tipo de alumnado nos estudos de grao, nos que chega a representar no curso 2018-2019 o 1,88% do total de matriculados no SUG. Nos estudos de mestrado estase a producir un crecemento de matrícula de persoas procedentes doutros países, polo que neste nivel o peso porcentual experimentou un maior crecemento pasando do 5,43% no curso 2015-2016 a supoñer o 9,32% do estudiantado matriculado en mestrados ofertados polas universidades do SUG. En canto aos programas de doutoramento, no curso 2018-2019 contaban cun 22,77% de doutorandos de fóra de España, o que indica que é este nivel o máis atractivo para este tipo de estudiantado.

A capacidade de atracción de persoas procedentes do estranxeiro pode tamén analizarse tanto observando a distribución dos matriculados por niveis de estudos, como por universidades.

A evolución da matrícula de estudantes estranxeiros no SUG, sendo sempre positiva nos últimos cursos, presenta certas diferencias en función do nivel académico de que se trate.

Distribución do alumnado estranxeiro matriculado no SUG segundo o tipo de estudos




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

A matrícula do alumnado doutras nacionalidades, aínda que crece de xeito constante, destaca nos estudos de posgrao; isto é, mestrado e, sobre todo doutoramento. Deste xeito, mentres no curso 2015-2016 o 41,29% dos estranxeiros matriculados no SUG cursaban estudos de grao, no curso 2019-2019 este peso reduciuse ata o 34,4% a favor do mestrado, no que figuran matriculados un 20,53% do total de alumnos estranxeiros no SUG, e sobre todo nos programas de doutoramento que atraen ao 45,07 % do alumnado do exterior.

Por universidades tamén poden apreciarse certas diferencias na evolución da matrícula de alumnado estranxeiro nos últimos cursos.

A vista dos datos de matrícula, o alumnado estranxeiro opta pola USC para cursar os estudos de grao, sendo esta universidade a que capta un maior número, case o dobre da UVIGO, mentres a UDC sitúase como a terceira universidade en captar alumnos estranxeiros de grao.


Alumnado estranxeiro matriculado en grao no SUG por universidade



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Nos estudos de mestrado, a evolución das tres universidades do SUG é moi similar, sempre con tendencia á alza. A UVIGO mantén unha evolución constante no período estudado, mentres a USC presenta unha pequena oscilación baixando o número de estranxeiros matriculados no curso 2016-2017 para iniciar unha recuperación a partir dese momento. Pola súa banda, a UDC que parte no curso 2015-2016 como a universidade galega con menor número de estudantado estranxeiro en mestrado, chega ao finalizar este período sendo a institución cun maior número de estranxeiros matriculados en mestrado.


Alumnado estranxeiro matriculado en mestrado no SUG por universidade



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Por último, a preferencia do alumnado estranxeiro en canto aos programas de doutoramento é para a USC que nos catro cursos obxecto de análise, mantense como a universidade con maior número de doutorandos procedentes doutros países. A evolución da UVIGO e a UDC mantense constante nestes anos, situándose a universidade viguesa por encima da UDC ata o día de hoxe.

Alumnado estranxeiro matriculado en doutoramento no SUG por universidade



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Alumnado egresado

A evolución do alumnado graduado en ensinanzas de 1º e 2º ciclo e grao flutúa sensiblemente ao longo do período analizado, alcanzando a menor cifra no último curso 2018-2019, con 7.690 alumnos/as graduados.


Evolución do alumnado egresado en ensinanzas de 1º e 2º ciclo e grao no SUG

CURSO	UDC	USC	UVIGO	EGRESADOS SUG		
				MULLERES	HOMES	TOTAL
2008-09	2.657	3.772	3.086	5.917	3.598	9.515
2009-10	2.930	4.078	3.167	6.511	3.664	10.175
2010-11	2.904	3.638	3.314	6.253	3.603	9.856
2011-12	2.629	3.855	2.628	5.542	3.570	9.112
2012-13	3.014	4.129	2.807	6.134	3.816	9.950
2013-14	2.906	4.051	3.046	6.157	3.846	10.003
2014-15	2.905	3.892	3.016	5.889	3.924	9.813
2015-16	2.731	3.410	2.882	5.410	3.613	9.023
2016-17	2.191	3.373	2.916	5.066	3.414	8.480
2017-18	2.317	3.289	2.406	4.926	3.086	8.012
2018-19	2.061	3.221	2.408	4.729	2.961	7.690

Fonte: Ministerio de Educación y Formación Profesional / Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades

O comportamento do SUG en canto ao número de alumnado egresado nestes niveis de estudos é moi similar ao do Sistema Universitario Español. Apréciase un incremento do número de estudantes que completan con éxito todos os créditos do plano de estudos no que están matriculados, independentemente do tempo que invistan en rematalos, no curso 2013-2014, que supón o teito tanto a nivel autonómico como nacional. A partir dese curso, as cifras de egresados inician un continuado descenso que, no caso de Galicia é máis acusado nas universidades de Santiago de Compostela e Vigo.


A inflexión ten lóxica posto que é a partir do curso 2013-14 cando comezan a saír os primeiros egresados de EEES, que tornan maioritarios nos anos seguintes. Posto que o tempo medio da carreira diminúe nun ano, tamén baixan os egresados nalgunha medida.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Atendendo ao sexo, as mulleres representan a maioría das persoas egresadas nas universidades galegas. Neste período a porcentaxe de mulleres supera sempre aos homes, situándose no 60% das persoas que rematan os seus estudos, agás nos cursos 2015-2016 e 2016-2017 nos que a porcentaxe sitúase no 59,96% e 59,74% respectivamente.


Distribución de egresados por sexos



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)


Segundo a rama de coñecemento, a maioría das persoas que rematan os seus estudos no SUG, no período de referencia, faino en graos encadrados na rama de Ciencias Sociais e Xurídicas que, por outra banda, son os que contan cunha maior oferta. No curso 2018-2019 máis do 45% das persoas que remataron os seus estudos de grao nalgunha das universidades galegas, obtiveron un título desta rama de coñecemento. No mesmo curso, o 21,77% dos egresados cursaron titulacións da rama de Ciencias da Saúde, o 16,5 % egresaron en títulos de Enxeñaría e Arquitectura, mentres os egresados en Artes e Humanidades e na rama de Ciencias acadaban o 8,8% e 7,2% respectivamente.

Distribución de egresados segundo a rama de coñecemento



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Non obstante, neste período poden observarse cambios de tendencia que tamén se reflicten no número de egresados. Destaca a baixa de egresados na rama de Enxeñaría e Arquitectura que pasa do 28,9% do total no curso 2008-2009 a supoñer un 16,5% unha década máis tarde. Esta diminución está claramente relacionada coa crise que afectou de xeito singular ao sector da construción así como o investimento en obra pública. En paralelo, crece a porcentaxe de persoas que egresan en titulacións da rama de Ciencias da Saúde, que pasan do 13,9% do curso 2008-2009 ao 21,7% no curso 2018-2019.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Tendencias demográficas

Galicia sitúase nestes momentos no grupo de rexións europeas con máis baixa representación de poboación entre os 0 e os 14 anos, a consecuencia do cambio demográfico que se ven experimentando dende finais do pasado século de xeito xeral nos países do noso contorno.

De acordo ás proxeccións existentes na actualidade, a tendencia demográfica en Galicia manterá o seu curso descendente para os vindeiros anos.

Proxeccións de poboación a curto prazo: 2020-2033

ANO	TOTAL GALICIA	GRUPOS DE IDADE			
		0-4	5-9	10-14	15-19
2020	2.689.284	94.007	107.237	116.551	110.817
2021	2.682.138	91.528	105.227	117.075	112.572
2022	2.674.624	88.951	103.341	116.981	114.480
2023	2.666.671	86.656	101.169	116.166	116.876
2024	2.658.203	84.615	99.617	112.871	119.375
2025	2.649.295	82.763	97.519	110.306	120.798
2026	2.639.929	81.119	95.043	108.193	121.248
2027	2.630.181	79.692	92.450	106.184	121.025
2028	2.620.068	78.485	90.131	103.893	120.048
2029	2.609.657	77.494	88.056	102.236	116.597
2030	2.598.960	76.712	86.161	100.048	113.870
2031	2.587.971	76.132	84.467	97.508	111.576
2032	2.576.701	75.750	82.984	94.857	109.387
2033	2.565.194	75.561	81.717	92.493	106.938


Fonte: IGE. Proxeccións de poboación a curto prazo

Preocupante é o feito de que, a medio prazo, as expectativas seguen a ser moi negativas. Galicia aparece como a segunda comunidade con máis baixada poboacional. A pesar de que o saldo

migratorio interautonómico e internacional é positivo, está moi lonxe de compensar o sangrado da diminución global.


En consecuencia, non temos nos vindeiros anos posibilidade algunha de que exista máis estudantado universitario potencial nas cohortes de idade idóneas, ao tempo que a poboación total segue a diminuír de xeito alarmante.

Crecedemento absoluto da poboación proxectado por CCAA (2020-2035)



Fonte: INE (2020): *Proyecciones de población 2030-70*, Notas de Prensa, 22 setembro.

Os grupos de idade comprendidos entre os 0 e os 19 anos, nos que se atopan a gran maioría dos posibles futuros estudantes universitarios, presentan unha constante tendencia á baixa que solo parece atenuarse na franxa de idade entre os 15 e 19 anos nun breve período para, de seguido, iniciar un descenso continuo.



Fonte: IGE. *Proxeccións de poboación a curto prazo*


En todo caso a demanda de formación universitaria, e, en definitiva, a matrícula nas universidades, non depende exclusivamente da evolución da poboación nas cohortes de idades que poden acceder

á mesma posto que debe atenderse tamén á proporción de persoas que optan por cursar estudos universitarios.

Polo tanto, ademais desa tendencia demográfica existen outros factores a ter en conta e que previsiblemente afectarán á demanda de ingreso nas universidades do SUG. Un dos máis importantes, é a consolidación da Formación Profesional, en concreto a correspondente aos Ciclos Formativos de Grao Superior, como unha alternativa formativa que cada día ten unha maior capacidade de atracción debido ás boas perspectivas de integración laboral e ao crecente prestixio social da mesma.

Deste xeito, o número de alumnos/as matriculados/as nas distintas modalidades de Bacharelato ven diminuíndo nos últimos cursos académicos.


Evolución de alumnado de 1º e 2º de BAC en Galicia



Fonte: Ministerio de Educación e Formación Profesional

Por outra banda, o incremento de matrícula nos ciclos formativos medio e superior da Formación Profesional é constante.


Evolución de alumnado de ciclos formativos en Galicia



Fonte: Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

En consecuencia, mentres diminúe o número de persoas que optan polos estudos de BAC, increméntase o de mozos e mozas que cursan ciclos formativos superiores.

Alumnado que cursa CF Superior e alumnado que cursa BAC



Fonte: Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Este cambio de tendencia, acorde co que acontece en países do noso contorno (Alemaña, Reino Unido, Holanda...) e coa evolución do mercado laboral, leva a afirmar que nos vindeiros anos continuará a tendencia á baixa na matrícula de novo ingreso en graos universitarios no SUG.

Distribución territorial do alumnado do SUG

A análise dos datos de matriculación en 1º e 2º ciclo e graos por campus, ofrece unha visión da maior repercusión da diminución do número de matriculados segundo se trate dos campus centrais (A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo) e os periféricos (Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra).

Os datos de matriculación do período comprendido entre os cursos 2011-2012 e 2018-2019 mostran o descenso xeneralizado do número de alumnado e como os tres campus centrais das universidades galegas mantéñense a distancia das cifras de matrícula correspondentes aos campus non centrais.


Evolución do alumnado matriculado en 1º e 2º ciclos e graos nos distintos campus

Curso	UDC		USC		UVIGO		
	Coruña	Ferrol	Lugo	Santiago	Ourense	Pontevedra	Vigo
2011-2012	17.012	2.742	4.589	20.409	3.853	3.242	11.353
2012-2013	16.319	2.715	4.249	19.751	3.889	3.393	11.355
2013-2014	15.534	2.539	4.060	18.776	3.948	3.488	11.008
2014-2015	14.454	2.344	3.848	17.863	3.656	3.376	9.781
2015-2016	13.414	2.087	3.478	17.357	3.970	3.528	9.876
2016-2017	12.536	1.950	3.134	16.726	3.831	3.529	9.476
2017-2018	12.160	1.892	3.140	16.854	3.922	3.471	8.909
2018-2019	11.649	1.945	3.039	16.834	3.967	3.502	8.646

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Os campus centrais son os que concentran a maioría do estudiantado, aínda que se observa unha diminución xeneral no número de estudantes dende comezos de século, agás no campus de Pontevedra. Deste xeito, no curso 2018-2019 o campus da Coruña concentrou ao 85,69% do alumnado da UDC. No campus de Santiago de Compostela, nese curso, matriculouse o 84,7% do estudiantado da USC. Na UVIGO, que conta con tres campus, o de Vigo centrou ao 53,65% da matrícula desa universidade.

Distribución do alumnado de 1º e 2º ciclo e grao entre os campus do SUG




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Centrando a atención na evolución da matrícula nos campus non centrais pode observarse o distinto comportamento en cada caso. O campus de Pontevedra, cunha oferta de titulacións de grao, en xeral, atractivas para os futuros estudantes universitarios, é o único que presenta unha evolución positiva ao longo dos últimos cursos académicos. O campus de Ferrol é o que presenta un menor número de persoas matriculadas ao longo do período, aínda que, logo de experimentar un descenso continuado dende o curso 2011-2012, no curso 2018-2019 parece iniciar unha leve recuperación de alumnado de grao, que pode ser debido ao inicio da impartición do Grao en Xestión Industrial da Moda.

Así mesmo, a modificación da oferta académica é sen dúbida o principal motivo da recuperación dos datos de matrícula no campus de Ourense coa incorporación do Grao en Enxeñaría Aeroespacial. É previsible que este cambio de paradigma se dea nos próximos cursos no campus de Lugo grazas á inclusión de novas titulacións de grao na súa oferta (Robótica, Empresa e Tecnoloxía, Bioquímica).

Constátase pois a necesidade de axeitar a oferta á demanda con novas titulacións que resulten atractivas pola súa adecuación ás necesidades do contorno socioeconómico e que ofrezan unha preparación acorde cos perfís profesionais de futuro, de xeito que as persoas graduadas nas universidades galegas acaden as mellores taxas de empregabilidade ao finalizar os seus estudos.





Evolución do alumnado matriculado en 1º e 2º ciclos e graos nos campus periféricos




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

En todo caso, na totalidade dos campus, a maioría do alumnado concéntrase en dúas ou tres ramas de coñecemento. Mentres os campus centrais, A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, presentan unha oferta de titulacións xeneralista que abrangue a totalidade das ramas de coñecemento, a situación dos campus non centrais é distinta, xa que, agás no caso de Ourense no que están presentes as cinco ramas de coñecemento, o resto de campus non centrais carecen dalgunha delas.

Esta situación é consecuencia da tendencia cara á especialización dos campus, un dos principios fixados pola Lei 6/2013 do Sistema universitario de Galicia, que está a evidenciarse con medidas tanto a nivel estatal (consideración de campus de excelencia internacional para o Campus Vida e o Campus do Mar) como autonómico (acreditación dos campus, racionalización do mapa de titulacións).





Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

A continuación, preséntase a desagregación do alumnado por campus e rama de coñecemento.

A UDC, no seu Campus de A Coruña, malia á perda de alumnado ao longo dos cursos, concentra máis do 50% do mesmo en estudos de Ciencias Sociais e Xurídicas. Chama a atención a evolución da rama de Enxeñaría e Arquitectura, que perdeu alumnado e peso relativo, pasando de significar case o 40% da matrícula no curso 2011-2012, a representar o 27,45% en 2018-2019, dado que se trata de titulacións especialmente afectadas pola crise económica. As tres ramas que quedan concentran a porcentaxe restante. Ciencias da Saúde, viu como curso a curso o seu alumnado medraba; pola súa banda, os estudos da rama de Ciencias non aumentaron o alumnado en termos absolutos, agás no curso 2016-17, pero si o fixeron en termos relativos, chegando a representar case un 6% do campus no curso 2018-2019.

CAMPUS DA CORUÑA										
Estudantes matriculados por rama de coñecemento en 1º e 2º ciclo e grao										
CURSO	Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Artes e Humanidades		Ciencias da Saúde		Ciencias	
	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%
2011-2012	8.146	47,88	6.796	39,95	398	2,34	939	5,52	733	4,31
2012-2013	7.832	47,99	6.409	39,27	393	2,41	959	5,88	726	4,45
2013-2014	7.411	47,71	6.031	38,82	427	2,75	967	6,23	698	4,49
2014-2015	6.852	47,41	5.508	38,11	440	3,04	968	6,70	686	4,75
2015-2016	6.596	49,17	4.678	34,87	423	3,15	1.009	7,52	708	5,28
2016-2017	6.324	50,45	4.027	32,12	442	3,53	1.042	8,31	701	5,59
2017-2018	6.254	51,43	3.657	30,07	471	3,87	1.076	8,85	702	5,77
2018-2019	6.211	53,32	3.198	27,45	477	4,09	1.070	9,19	693	5,95

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

No campus de Ferrol, a UDC oferta titulacións eminentemente da rama de Enxeñaría e Arquitectura, o cal, se ve claramente reflectido no peso do alumnado destes estudos. Malia que dende o curso 2011-2012 estas titulacións perden matriculación neste período, no curso 2018-2019 segue a supoñer un 61,49% do alumnado. Séguelle Ciencias da Saúde co 23,29% que, seguindo a tendencia global, aumenta o peso en alumnos/as sobre o total. Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e

Xurídicas son as que copan a porcentaxe restante, triplicando esta última á primeira en alumnado. A rama de Ciencias non conta con ningunha titulación neste campus.

CAMPUS DE FERROL										
Estudantes matriculados por rama de coñecemento en 1º e 2º ciclo e grao										
CURSO	Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Artes e Humanidades		Ciencias da Saúde		Ciencias	
	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%
2011-2012	223	8,13	2.074	75,64	76	2,77	369	13,46	0	0,00
2012-2013	213	7,85	2.011	74,07	80	2,95	411	15,14	0	0,00
2013-2014	208	8,19	1.835	72,27	82	3,23	414	16,31	0	0,00
2014-2015	199	8,49	1.618	69,03	84	3,58	443	18,90	0	0,00
2015-2016	167	8,00	1.387	66,46	85	4,07	448	21,47	0	0,00
2016-2017	156	8,00	1.258	64,51	74	3,79	462	23,69	0	0,00
2017-2018	155	8,19	1.209	63,90	70	3,70	458	24,21	0	0,00
2018-2019	232	11,93	1.196	61,49	64	3,29	453	23,29	0	0,00

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Na USC, no seu campus de Santiago de Compostela, o reparto é o seguinte. Ciencias Sociais e Xurídicas, no curso 2018-2019 con 6.339 matriculados, que representan o 37,66% do total de alumnado, é a que máis peso concentra. Con todo, en comparación co curso 2011-2012, foi a única rama que perdeu importancia, acadando unha baixada de dez puntos porcentuais. A seguinte rama é a de Ciencias da Saúde. Neste caso, as titulacións relacionadas coa saúde son as que maior incremento no número de alumnado matriculado experimentaron. A súa porcentaxe sobre o total (31,61%) no curso 2018-2019 colócaas moi de preto das titulacións de Ciencias Sociais e Xurídicas.

O alumnado total que se decanta por titulacións de Artes e Humanidades e Ciencias ven sendo historicamente similar, cun peso relativo entre o 12 e o 13% do total de alumnado de grao neste campus, sendo lixeiramente superior a matriculación na primeira destas ramas que, ao longo deste período experimentou unha baixa de matrícula. Por último, o alumnado da rama de Enxeñaría e Arquitectura é o que menor porcentaxe representa no campus de Santiago de Compostela aínda que pasou de supoñer o 3,86% do alumnado no curso 2011-2012 ao 4,06 % correspondente a 2018-2019.

CAMPUS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA										
Estudantes matriculados por rama de coñecemento en 1º e 2º ciclo e grao										
CURSO	Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Artes e Humanidades		Ciencias da Saúde		Ciencias	
	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%
2011-2012	9.391	46,01	788	3,86	2.597	12,72	5.080	24,89	2.553	12,51
2012-2013	8.634	43,71	783	3,96	2.466	12,49	5.455	27,62	2.413	12,22
2013-2014	7.865	41,89	782	4,16	2.327	12,39	5.540	29,51	2.262	12,05
2014-2015	7.212	40,37	747	4,18	2.235	12,51	5.498	30,78	2.171	12,15
2015-2016	6.762	38,96	696	4,01	2.202	12,69	5.527	31,84	2.170	12,50
2016-2017	6.387	38,19	676	4,04	2.221	13,28	5.347	31,97	2.095	12,53
2017-2018	6.379	37,85	684	4,06	2.278	13,52	5.382	31,93	2.131	12,64
2018-2019	6.339	37,66	683	4,06	2.294	13,63	5.321	31,61	2.197	13,05

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

No campus de Lugo, a USC presenta unha situación diferente. No curso 2018-2019, as titulacións de Ciencias Sociais e Xurídicas, con 1.222 matriculados, e Ciencias da Saúde, con 1.133, seguen a concentrar a maior parte do alumnado, representando o 40,21% e o 37,28% respectivamente do alumnado de grao deste campus. Séguelles o alumnado matriculado en titulacións da rama de

Enxeñaría e Arquitectura (18,46%, e 561 alumnos/as). O alumnado de Artes e Humanidades (123 alumnos/as) representa o 4,05%, mentres que, dende o curso 2017/2018, non hai ningún alumno/a matriculado na rama de Ciencias debido á retirada da oferta do Grao en Xeomática e Topografía. Sinalar que todas as ramas de coñecemento sufriron un descenso en relación ao curso precedente.

CAMPUS DE LUGO										
Estudantes matriculados por rama de coñecemento en 1º e 2º ciclo e grao										
CURSO	Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Artes e Humanidades		Ciencias da Saúde		Ciencias	
	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%
2011-2012	1.762	38,40	1.451	31,62	127	2,77	1.193	26,00	56	1,22
2012-2013	1.495	35,18	1.344	31,63	124	2,92	1.245	29,30	41	0,96
2013-2014	1.443	35,54	1.177	28,99	115	2,83	1.294	31,87	31	0,76
2014-2015	1.323	34,38	1.077	27,99	135	3,51	1.298	33,73	15	0,39
2015-2016	1.333	38,33	791	22,74	123	3,54	1.225	35,22	6	0,17
2016-2017	1.288	41,10	634	20,23	114	3,64	1.091	34,81	7	0,22
2017-2018	1.261	40,16	616	19,62	131	4,17	1.132	36,05	0	0,00
2018-2019	1.222	40,21	561	18,46	123	4,05	1.133	37,28	0	0,00

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

No campus de Vigo da UVIGO, o 40,22% do alumnado do curso 2018-2019 está matriculado en titulacións da rama de Enxeñaría e Arquitectura. No curso 2011-2012 a matrícula nesta rama ascendeu a 5.251 alumnos/as, e sete cursos máis tarde os alumnos/as matriculados neste tipo de titulación, eran case dous mil menos, cun total de 3.477. Neste campus tamén teñen relevancia as titulacións de Ciencias Sociais e Xurídicas (34,74% no curso 2018-2019). Dende o 2011-2012 o alumnado desa rama de ensinanza tamén foi reducíndose dende os 3.873 ata os 3.004 matriculados no curso 2018-2019. As ramas de Ciencias e Artes e Humanidades séguenlles en importancia con 881 e 838 alumnos/as, representando un 10,19% e 9,69%, respectivamente, no curso 2018-2019. En ambos casos, o alumnado en termos absolutos descendeu, especialmente en Artes e Humanidades, aínda que a súa representación sobre o total incrementouse lixeiramente con respecto ao 2011-2012.

CAMPUS DE VIGO										
Estudantes matriculados por rama de coñecemento en 1º e 2º ciclo e grao										
CURSO	Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Artes e Humanidades		Ciencias da Saúde		Ciencias	
	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%
2011-2012	3.873	34,11	5.251	46,25	961	8,46	386	3,40	882	7,77
2012-2013	3.720	32,76	5.328	46,92	992	8,74	436	3,84	879	7,74
2013-2014	3.563	32,37	5.227	47,48	906	8,23	453	4,12	859	7,80
2014-2015	3.082	31,51	4.602	47,05	854	8,73	458	4,68	785	8,03
2015-2016	3.232	32,73	4.404	44,59	883	8,94	467	4,73	890	9,01
2016-2017	3.127	33,00	4.152	43,82	880	9,29	451	4,76	866	9,14
2017-2018	3.101	34,81	3.595	40,35	878	9,86	452	5,07	883	9,91
2018-2019	3.004	34,74	3.477	40,22	838	9,69	446	5,16	881	10,19

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

O campus de Pontevedra é o campus non central cunha evolución máis positiva. Neste campus ofértanse titulacións de catro ramas de coñecemento xa que Ciencias non está representada. As ramas de Ciencias da Saúde, Enxeñaría e Arquitectura e Ciencias Sociais e Xurídicas, incrementaron,

en maior ou menor medida, a matrícula ao longo do período, variando o seu peso relativo no total do campus.

Deste xeito, no período comprendido entre os cursos 2011-2012 e 2018-2019, mentres Ciencias Sociais e Xurídicas pasou de supoñer o 61,54% ao 59,85%, a rama de Enxeñaría e Arquitectura gañou representación pasando do 9,35% ao 13,16%. En Ciencias da Saúde, o incremento foi máis modesto subindo do 11,84% ao 12,05%. No último lugar sitúanse as titulacións da rama de Artes e Humanidades que perden peso respecto do total de Pontevedra, do 17,27% ao 14,93% se ben en números de matrícula mantense practicamente invariable.

CAMPUS DE PONTEVEDRA										
Estudantes matriculados por rama de coñecemento en 1º e 2º ciclo e grao										
CURSO	Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Artes e Humanidades		Ciencias da Saúde		Ciencias	
	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%
2011-2012	1.995	61,54	303	9,35	560	17,27	384	11,84	0	0,00
2012-2013	2.058	60,65	403	11,88	536	15,80	396	11,67	0	0,00
2013-2014	2.035	58,34	481	13,79	535	15,34	437	12,53	0	0,00
2014-2015	1.939	57,43	530	15,70	479	14,19	428	12,68	0	0,00
2015-2016	2.043	57,91	535	15,16	510	14,46	440	12,47	0	0,00
2016-2017	2.113	59,88	486	13,77	512	14,51	418	11,84	0	0,00
2017-2018	2.097	60,41	447	12,88	506	14,58	421	12,13	0	0,00
2018-2019	2.096	59,85	461	13,16	523	14,93	422	12,05	0	0,00

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Finalmente, o campus de Ourense é o único campus non central que conta con titulacións das cinco ramas de coñecemento. Como no resto dos campus, a rama de Ciencias Sociais e Xurídicas é a que abrangue a un número maior de alumnado que, no curso 2018-2019 ascendeu aos 2.558 alumnos/as, que supoñían o 64,48% do total, aínda que ao longo do período foi perdendo matrícula e peso relativo. Enxeñaría e Arquitectura, con 729 alumnos/as que se corresponden ao 18,38% do alumnado ourensá. Debe destacarse a evolución positiva desta rama a partir do curso 2017-2018 a consecuencia da inclusión na oferta do Grao en Enxeñaría Aeroespacial. Por último, están as titulacións das tres ramas de ensinanza restantes, que, en maior ou menor medida, aumentaron o seu alumnado en termos absolutos e relativos, situándose no curso 2018-2019 no 7,74% os matriculados na rama de Ciencias; 5,44% o alumnado de titulacións de Ciencias da Saúde; e o 3,96% do total que cursan estudos de graos de Artes e Humanidades.


CAMPUS DE OURENSE										
Estudantes matriculados por rama de coñecemento en 1º e 2º ciclo e grao										
CURSO	Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Artes e Humanidades		Ciencias da Saúde		Ciencias	
	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%
2011-2012	2.607	67,66	752	19,52	130	3,37	155	4,02	209	5,42
2012-2013	2.661	68,42	703	18,08	138	3,55	159	4,09	228	5,86
2013-2014	2.624	66,46	713	18,06	150	3,80	196	4,96	265	6,71
2014-2015	2.473	67,64	591	16,17	142	3,88	173	4,73	277	7,58
2015-2016	2.651	66,78	665	16,75	149	3,75	195	4,91	310	7,81
2016-2017	2.603	67,95	601	15,69	133	3,47	194	5,06	300	7,83
2017-2018	2.587	65,96	670	17,08	149	3,80	212	5,41	304	7,75
2018-2019	2.558	64,48	729	18,38	157	3,96	216	5,44	307	7,74

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

As diferenzas de matrícula entre os distintos campus aínda son máis acusadas cando se trata dos estudos de mestrado e programas de doutoramento. Como se reflicte nos cadros seguintes, os campus centrais son os que acumulan unha maior cantidade de persoas que continúan os seus estudos unha vez finalizado o grao.

No caso dos mestrados as sedes de Coruña, Santiago de Compostela e Vigo acumulan a meirande parte do alumnado. No curso 2018-2019, o campus da Coruña acolleu a máis do 85% do total de alumnado de mestrado da UDC. Nese mesmo curso o campus de Santiago contou co 83,3 % do alumnado matriculado en mestrado da USC mentres na UVIGO o campus central atendeu ao 64,5% dos seus alumnos deste nivel repartíndose os restantes entre o 20% do campus de Ourense e o 15% do campus de Pontevedra.


Evolución do alumnado matriculado en mestrado nos distintos campus



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Os programas de doutoramento tamén centran o alumnado nos campus centrais das universidades do SUG, destacando o campus de Santiago de Compostela sobre o resto do sistema. Neste nivel de estudos, a presenza de doutorandos nos campus periféricos é especialmente baixa e centrada fundamentalmente nas ramas de especialización de cada un dos campus.

Evolución do alumnado matriculado en programas de doutoramento nos distintos campus



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

CONCLUSIÓNS

- Galicia experimenta unha diminución de peso relativo no estudantado universitario a nivel de España.
- Galicia segue unha tendencia decrecente nos últimos anos a diferenza do SUE, tanto por factores endóxenos como exóxenos.
- A baixada demográfica e a competencia da FP Superior continuarán a premer negativamente a matrícula universitaria.
- O alumnado galego matriculado en grao tenderá a diminuír nos vindeiros anos.
- A universidade pública compite peor coa privada na oferta de mestrados.
- A transición de alumnado de grao a mestrado en Galicia é moi superior á media nacional.
- Hai fortes diferencias na porcentaxe de transición de grao a mestrado entre as ramas de coñecemento.
- Número demasiado elevado de alumnado de doutoramento.
- O alumnado de máster e doutoramento céntrase nos campos centrais.
- O alumnado universitario estranxeiro presenta valores moi inferiores á media nacional.
- Os campus centrais de Santiago e da Coruña concentran sobre o 85% do alumnado da súa universidade.

ACCIÓNS DE MELLORA

- Deben aumentarse os esforzos de captación de alumnado iberoamericano.
- Introducir graos e máster no SUG axustados á demanda profesional de Galicia na vindeira década.
- Manter as convocatorias de Máster Universitario de Excelencia.
- Conter o número de mestrados en ciencias sociais e xurídicas.
- Considerar de maneira relevante a taxa de transición en ramas de coñecemento para autorizar novos mestrados.
- Incrementar o número de máster e programas de doutoramento nos campus non centrais.
- Revisar o alumnado de programas de doutoramento e as lecturas reais de programas e liñas de investigación.
- Incentivar a presenza de alumnado estranxeiro en grao e mestrado.
- Non aumentar a concentración de alumnado nos campus centrais nas universidades de Santiago e da Coruña.

2. Rendemento académico

A análise dos indicadores de rendemento académico dos estudantes universitarios son unha ferramenta que achega información valiosa para avaliar o rendemento institucional das universidades xa que logo son un reflexo máis do funcionamento das mesmas.

A evolución dos estudantes de grao e mestrado permite valorar os resultados obtidos polo estudiantado así como a detección de posibles problemas, o que facilita a intervención con accións de mellora e correctoras.


Taxa de rendemento

A taxa de rendemento defínese como a relación porcentual entre o número de créditos superados polos estudantes matriculados nun curso académico e o número total de créditos matriculados nese mesmo curso. Para o dito cálculo non son tidos en conta os créditos recoñecidos e transferidos.

Atendendo aos datos dispoñibles no SIIU aprécianse diferenzas notables na taxa de rendemento nas universidades do SUE dependendo da titularidade (pública ou privada) así como da metodoloxía docente (presencial ou non presencial).

A taxa de rendemento do alumnado matriculado en graos nas universidades públicas do SUE mostran sempre valores inferiores en comparación co alumnado das universidades privadas. A diferenza entre unhas e outras sitúase ao longo do período comprendido entre os cursos 2015-2016 e 2018-2019 en valores superiores aos oito puntos porcentuais en favor do alumnado de universidades privadas. Así, no último dos cursos tidos en conta, mentres a taxa de rendemento do alumnado matriculado en grao nas universidades públicas era do 76,66%, nas universidades privadas este valor foi de 85,35%.

Evolución da taxa de rendemento en grao no SUE. Universidades públicas e privadas.




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

A análise dos mesmos datos, considerando agora o alumnado de mestrados universitarios, arroxa unha panorámica diferente. Se ben as taxas de rendemento neste nivel de estudos son superiores as acadadas polo estudiantado de grao en todos os cursos contemplados, os valores presentan unha evolución desigual. Así, no curso 2015-2016, o alumnado presentaba taxas de rendemento similares, incluso cunha pequena diferenza a favor das universidades públicas (o 89,23% nas universidades públicas e o 88,72% nas privadas); nos cursos seguintes obsérvase un incremento no rendemento do estudiantado de mestrados de universidades privadas que acadou o teito do 91,83% no curso 2017-2018, mentres nas universidades públicas reflíctese unha evolución máis moderada que mantén valores entre o 88% e o 89,5%. Non obstante, no último curso do período, 2018-2019, advírtese unha tendencia á converxencia de ambos valores debido ao descenso da taxa no estudiantado das universidades privadas que se sitúa no 90,42%, e presentando o alumnado das universidades públicas unha taxa de rendemento do 89,47%.

O incremento da oferta de mestrados universitarios nestes cursos, sobre todo nas universidades privadas que son máis propensas á especialización, coa conseguinte captación dun maior número de estudiantado, pode ser unha causa desta evolución.


Evolución da taxa de rendemento en mestrado no SUE. Universidades públicas e privadas.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Atendendo á metodoloxía docente, o alumnado das universidades presenciais teñen taxas de rendemento moi superiores aos matriculados en universidades non presenciais. A diferenza sitúase arredor dos 25 puntos porcentuais a favor das universidades presenciais en cada un dos cursos tidos en conta, situándose no 2018-2019 a taxa de rendemento do alumnado de grao en universidades presenciais no 80,15% mentres o alumnado de universidades non presenciais acadaba un valor do 54,63%.


Evolución da taxa de rendemento en grao no SUE. Universidades presenciais e non presenciais.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Do mesmo xeito que no caso dos graos, as taxas de rendemento do alumnado de mestrado son máis cambiantes ao longo dos cursos, variacións que poden ser debidas á menor duración deste nivel de estudos, a flutuación da oferta dos mesmos nas institucións universitarias de curso a curso... En todo caso os niveis de rendemento nas universidades presenciais destacan sobre os valores acadados polo estudiantado das non presenciais. Esta diferenza nas taxas de rendemento do alumnado de mestrado universitario, sempre a favor das presenciais, oscila entre os 3,62 puntos porcentuais do curso 2016-2017 ata os 5,18 puntos do último curso do período no que mentres a taxa de rendemento do alumnado das universidades presenciais foi do 90,83%, nas universidades non presenciais acadou o 85,65%.

Evolución da taxa de rendemento en mestrado no SUE. Universidades presenciais e non presenciais.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)


Tendo en conta exclusivamente ao alumnado de universidades públicas presenciais, é interesante realizar unha análise das taxas de rendemento obtidas polo alumnado de grao e mestrado nos distintos sistemas universitarios autonómicos.

Os datos do SIU relativos ao curso 2018-2019 certifican a diferente taxa de rendemento do alumnado que cursa graos e mestrados. A taxa media de rendemento en grao para o SUE é do 79,01% mentres a de mestrado sitúase no 90,38%, é dicir 11,37 puntos superior á primeira delas.

O estudiantado das universidades públicas presenciais de Cataluña e Navarra son os que presentan taxas de rendemento superiores. Deste xeito, Cataluña sitúase en primeiro lugar no caso de estudiantado de grao (cun 84,61%) e en segundo posto en mestrados (cun 92,91%). A universidade pública de Navarra destaca no terceiro posto en relación ao alumnado de grao (80,56%) e no primeiro lugar en mestrado (93,51%).

O resto de comunidades autónomas presentan valores moi diferentes segundo se trate dun ou doutro nivel de estudos. Así a Comunidade Valenciana sitúase no segundo posto en estudos de grao co 82%, mentres unha taxa do 91,19% a leva a ocupar o sexto posto en estudos de mestrado. Madrid é outro exemplo desta diferenza nas taxas xa que logo ocupa o cuarto lugar en estudos de grao (co 80,15%) e solo acada o duodécimo posto nos estudos de mestrado (90,34%), por debaixo da media do SUE.

Taxa de rendemento en grao e mestrado en universidades públicas presenciais. Curso 2018-2019.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)


No extremo contrario da táboa, con valores por debaixo da media do SUE, tanto en grao como en mestrado, atopamos ao estudiantado do SUG que en ambos casos ocupa o posto décimo quinto. A taxa de rendemento do alumnado de grao situouse no 75,39%, superando solo aos estudantes de Andalucía e as Illas Canarias. En mestrado, o estudiantado do SUG, cunha taxa de rendemento do 88,19%, superou aos matriculados nas universidades públicas das Illas Baleares e Andalucía.

No caso galego a conxelación de prezos públicos de matrícula podería explicar en parte as baixas taxas de rendemento do alumnado, aínda que non semella ser o único motivo xa que logo non existe unha correspondencia directa entre taxa de rendemento académico e prezos públicos a nivel da totalidade de comunidades autónomas.

Nas tres universidades galegas a evolución das taxas de rendemento do estudantado de grao e mestrado reflíctense nas táboas seguintes.

O estudantado da USC mantén en xeral taxas de rendemento académico máis altas, tendencia máis clara no caso dos graos en que esta taxa presenta unha constante evolución positiva pasando do 76,92% no curso 2015/2016 ao 79,10% rexistrado no curso 2018/2019. Na UVIGO e na UDC, partindo de resultados moi similares no curso 2015/2016 (71,97% na UVIGO e 71,52% na UDC), a primeira das institucións nomeadas mantén ao longo do período taxas de rendemento lixeiramente superiores, evolucionando en paralelo coa UDC. Advírtese unha tendencia á mellora da taxa no último curso do período, situándose no 73,24% na UVIGO e no 72,34% na UDC.


Evolución da taxa de rendemento en grao nas universidades do SUG



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Os resultados a nivel de mestrado mostran oscilacións acusadas e moi diversas segundo a institución. A USC mantén unha liña máis homoxénea no período estudado, oscilando entre o 89,11% do curso 2015/2016 ao 87,52% rexistrado no curso 2018/2019 en que a taxa de rendemento recupérase logo do mínimo marcado no curso anterior. No caso da UVIGO a tendencia é claramente á baixa partindo dunha taxa do 91,53% no curso 2015/2016, que colocaba a esta institución á cabeza do SUG en nivel de mestrado, para situarse como a universidade con menor taxa de rendemento no curso 2018/2019 cun 87,47%. UDC amosa unha oscilación de resultados moi acusada en cada un dos cursos do período, rexistrando os valores máis baixos do SUG no curso 2016/2017 co 87,07% e situándose a niveis semellantes aos da UVIGO no curso 2018/2019 co 87,58%.

Evolución da taxa de rendemento en mestrado nas universidades do SUG



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)


A taxa de rendemento académico varía segundo o eido dos estudos en cuestión, agrupados segundo a clasificación internacional CINE-C 2013.

A gráfica seguinte reflicte as taxas académicas do alumnado de grao de universidades públicas presenciais no curso 2018/2019. O eido de Educación é o que presenta as mellores taxas de rendemento tanto a nivel do SUE como no SUG (superando o 90%) seguido do alumnado que cursa estudos de grao no eido da Saúde e Servizos Sociais (88,91% no SUE e 88,42% no SUG).

As menores taxas de rendemento rexístranse nas titulacións de grao do eido da Enxeñaría, Industria e Construción e da Informática. En ambos os dous casos, a media do SUE non acada os 70 puntos porcentuais (67,28% e 69,10% respectivamente).

En todos os casos, agás en Educación e Informática en que o SUG mantense ao nivel da media estatal, as taxas de rendemento do alumnado de grao do SUG é inferior á media do SUE para cada un dos eidos de estudo, sendo os casos máis destacados os graos do eido de Ciencias Sociais, Periodismo e Documentación, onde o rendemento académico do estudiantado SUG sitúase 13,03 puntos por debaixo da media estatal. Tamén no caso das titulacións de grao do eido dos Servizos, das Ciencias, dos Negocios, Administración e Dereito, e da Enxeñaría, Industria e Construción, o estudiantado SUE supera en máis de 5 puntos ao das tres universidades galegas.

Taxa de rendemento en estudos de grao segundo o eido de estudo. Curso 2018-2019




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Taxa de graduación

A taxa de graduación reflicte a porcentaxe de estudantado que finaliza a titulación no tempo teórico previsto no plan de estudos ou nun curso máis.

Con datos referidos a cohortes que iniciaron os seus estudos nos cursos 2010/2011 a 2014/2015 e centrados nos graos de 4 anos de duración por ser os predominantes no sistema español, pode apreciarse como en España as universidades privadas presentan taxas superiores ás universidades públicas en xeral, se ben existe unha tendencia a alza nos valores das universidades públicas que se incrementaron en case 4 puntos nas cinco cohortes tidas en conta.


Evolución da taxa de graduación en grao no SUE. Universidades públicas e privadas.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

No caso dos mestrados, as taxas de graduación son moi superiores ás rexistradas nos estudos de grao. Tomando os datos de mestrados cunha duración dun curso académico (60 ECTS) por ser os máis numerosos na oferta, nas universidades privadas a progresión á alza é continúa partindo do 75,54% da cohorte do curso 2013/2014 ata o 84,39% do estudiantado do curso 2017/2018. Nas universidades públicas do SUE a evolución é diversa, aínda que mantendo taxas de graduación superiores aos graos, acadando a taxa máis alta a cohorte do 2014/15, e rexistrando valores similares ás privadas na cohorte do 2017/18 (83,66%), logo de remontar o mínimo rexistrado pola cohorte do curso anterior (78,99%).


Evolución da taxa de graduación en mestrado no SUE. Universidades públicas e privadas.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

As diferencias nas taxas cando se ten en conta a metodoloxía docente son aínda máis acusadas. Nas universidades tanto públicas como privadas, o estudiantado das presenciais acada taxas de graduación moi superiores ao alumnado das non presenciais, sempre referidas a datos de graos de 4 anos de duración. Estas diferencias, que acadan case os 39 puntos porcentuais a favor das presenciais para a cohorte do curso 2014/2015, presentan unha tendencia á alza na que deben terse en conta as condicións socioeconómicas do estudiantado que opta pola non presencialidade (combinación de traballo e estudos, metodoloxías docentes...)


Evolución da taxa de graduación en grao no SUE. Universidades presenciais e non presenciais.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

A nivel de mestrado, centrados nos de duración de 60 ECTS, tamén se observan taxas de graduación máis elevadas nas universidades presenciais. Deste xeito, agás na cohorte do 2016/2017 en que os resultados


Evolución da taxa de graduación en mestrado no SUE. Universidades presenciais e non presenciais.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

Atendendo ao alumnado de universidades públicas presenciais no SUE e tendo en conta os datos da taxa de graduación da cohorte do 2014/2015 en graos de 4 anos de duración, a media do SUE é do 50,9%, isto é, solo a metade do alumnado universitario de grao en España remata os seus estudos no tempo teórico previsto ou nun ano máis. Navarra sitúase en primeiro lugar cunha taxa do 59,46%, seguida de Cataluña (58,14%) e Castela e León (57,63%). Baleares co 39,55% e Canarias co 40,92% son as comunidades autónomas que presentan menores taxas de graduación.

Taxa de graduación en graos en universidades publicas presenciais. Cohorte 2014-2015



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)


As universidades galegas sitúanse na parte media da táboa cunha taxa conxunta do 51,53%, 0,6 puntos por enriba da media do SUE, aínda que lonxe das comunidades que acadan mellores resultados.

O alumnado da USC é o que mantén taxas de graduación máis altas en todas as cohortes reflectidas e cunha tendencia á mellora dos resultados dende o 48,73% da cohorte do 2010/2011 ata o 54,35% que acada a cohorte do alumnado do curso 2014/2015.

Na UVIGO, os valores oscilan entre o 44,74% da primeira das cohortes ata o 51,36% do alumnado de 2014/2015, que supoñen unha recuperación da taxa de graduación respecto do grupo do curso anterior no que baixou este valor ata o 43,83%.

Pola súa banda, o alumnado da UDC, agás a cohorte do 2013/2014, sitúase sempre en terceiro posto con valores inferiores ás dúas universidades anteriores, aínda que presenta unha tendencia alcista xa que logo, partindo do 39,67% de taxa de graduación da cohorte do curso 2010/2011, o estudantado que forma a cohorte do curso 2014/2015 mellora notablemente estes resultados, chegando ata o 47,69%.


Evolución da taxa de graduación en grao nas universidades do SUG



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

En estudos de mestrado, o alumnado de universidades públicas presenciais no SUE da cohorte 2017/2018 presenta taxas de graduación moi superiores ás correspondentes ao grao. Tendo en conta os datos en mestrados de 60 ETCS de duración, a media do SUE é do 84,32%. Solo o alumnado de tres comunidades autónomas, Castela e León, A Ríoxa e Navarra sitúanse en valores superiores ao 90%. No extremo contrario, Baleares e Cantabria non acadan o 80% de taxa de graduación. O estudantado do SUG sitúase na parte baixa da táboa cunha taxa do 82,55% é a quinta comunidade cunha taxa máis baixa, 1,77 puntos por debaixo da media do SUE.


Taxa de graduación en mestrados en universidades publicas presenciais. Cohorte 2017-2018



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

A análise da evolución da taxa de graduación en mestrados de 60 ETCS en cada unha das universidades do SUG arroxa unha tendencia á baixa que se aprecia claramente na UVIGO (que pasa do 87,23% na cohorte do 2013/2014 ao 83,73% en 2017/2018) pero mantense como a universidade galega coas mellores taxas de graduación neste nivel de estudos ao longo do período. O alumnado da USC, logo de mellorar progresivamente os resultados ata o 2015/2016, inicia un cambio de tendencia dende ese punto, situándose no curso 2017/2018 no 81,85%, e continuando en liña descendente. Pola súa banda, os resultados da UDC son os máis irregulares, dado que, partindo de valores próximos aos da UVIGO no curso 2013/2014, presenta unha acusada tendencia á baixa ata o 2016/2017 en que se sitúa moi por debaixo dos resultados as outras dúas universidades cun 78,61%, para a partir dese curso iniciar unha recuperación que a sitúa en 2017/2018 en valores similares aos obtidos polo estudiantado da USC.

Evolución da taxa de graduación en mestrado nas universidades SUG.




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

Duración media dos estudos

O tempo medio que tardan os/as estudantes en rematar os seus estudos, no caso dos graos de 4 anos de duración teórica, é superior nas universidades públicas que nas privadas ao longo do período comprendido entre os cursos 2015/2016 e 2018/2019, advertíndose unha tendencia a incrementarse esta diferenza. Así, mentres no curso 2015/2016 o estudiantado das universidades públicas necesitaban de media 4,63 anos para rematar os seus estudos, os/as matriculados/as en universidades privadas o facían en 4,49 anos. Esta diferenza ampliouse cos anos de xeito que no curso 2018/2019 o estudiantado das universidades públicas obtiñan a súa titulación de grao de 240 ETCS nunha media de 4,89 anos, mentres os das privadas requiriron de 4,63 anos para finalizar os seus estudos de grao.


Duración media dos estudos de grao no SUE. Universidades públicas e privadas.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

Tamén existe diferenza ao ter en conta a metodoloxía empregada, observando mellores valores nas universidades presenciais, cuxo estudiantado emprega ao longo do período un tempo medio entre os 4,59 e os 4,80 anos para rematar un grao, mentres o alumnado das universidades non presenciais invisten entre os 5,54 anos do curso 2015/2016 ata acadar os 6,77 anos que rexistran no curso 2018/2019 nunha tendencia ascendente que incrementa a diferenza coas presenciais.

Duración media dos estudos de grao no SUE. Universidades presenciais e non presenciais.




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

Centrados nas universidades presenciais públicas das distintas comunidades autónomas, o tempo medio que emprega o alumnado en rematar os estudos de grao de 240 ETCS é de 4,84 anos. O estudiantado de A Ríoxa, e Cataluña, é o que inviste un menor tempo medio en obter o título de grao con valores de 4,6 anos e 4,67 anos respectivamente, seguidos de Navarra e País Vasco onde empregan 4,74 anos para rematar o grao. En catro comunidades autónomas o tempo medio supera os cinco anos para rematar os estudos de grao (Balears, Cantabria, Murcia e Estremadura).

O estudiantado matriculado no SUG sitúase por encima da media do SUE cun tempo medio de duración dos estudos de 4,91 anos.


Duración media dos estudos de grao en universidades públicas presenciais SUE. Curso 2018-2019



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

No caso das tres universidades galegas obsérvase un incremento do tempo medio que os seus estudantes requiren para obter o título de grao ao longo do período considerado. O estudantado da USC é o que axusta máis a duración real dos seus estudos á duración teórica prevista nos planos de estudo, acadando no curso 2018/2019 unha duración media de 4,79 anos. A continuación sitúase o estudantado da UVIGO que no referido curso acada unha media de 4,95 anos, logo de producirse un incremento considerable deste tempo medio en cada un dos cursos do período. Así mesmo o estudantado da UDC foi incrementando a duración media dos estudos, de xeito moi marcado ata o 2017/2018 e moderándose esta tendencia no 2018/2019 en que de media necesitaron 5,03 anos para rematar a carreira.

Evolución da duración media dos estudos de grao nas universidades do SUG




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

Tomando como referencia os estudos de mestrado de 60 ECTS por ser os máis numerosos na oferta na totalidade de universidades do SUE, a duración media dos estudos non presenta diferencias

notables aínda que, ao contrario que no caso dos graos, nas universidades públicas o estudiantado inviste menos tempo para finalizar estes estudos, que nas universidades privadas.


Duración media dos estudos de mestrado no SUE. Universidades públicas e privadas.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Tendo en conta a metodoloxía, novamente o alumnado das universidades presenciais presentan mellores resultados en canto ao tempo empregado para acadar a titulación, tendencia que se mantén ao longo do período reflectido na gráfica.


Duración media dos estudos de mestrado no SUE. Universidades presenciais e non presenciais.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Os datos do alumnado de mestrado en universidades públicas presenciais durante o curso 2018/2019 sitúan a Extremadura, Navarra e Baleares como as comunidades autónomas nas que o alumnado tarda máis tempo en rematar estes estudos. Na parte oposta da táboa Aragón, Asturias e Castela e León son os sistemas autonómicos nos que antes rematan o mestrado os/as estudantes. Pola súa banda, o estudiantado do SUG empregou de media 1,27 anos para rematar os estudos de mestrado, valor que o sitúa xustamente por debaixo da media do SUE que, no curso referido foi de 1,28 anos.


Duración media dos estudos de mestrado en universidades públicas presenciais SUE. Curso 2018-2019



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

A análise dos datos de duración de estudos de mestrado por cada unha das universidades do SUG sitúa ao estudantado da UVIGO cos mellores resultados en todos os anos contemplados chegando a acadar a duración de 1,2 anos no curso 2018/2019. O alumnado da USC mantense en valores intermedios que para o último curso analizado foi de 1,30 anos. No caso da UDC o tempo medio para rematar os estudos de mestrado, logo dunha tendencia á alza durante os tres cursos precedentes, situouse en 2018/2019 en 1,32 anos, sendo o alumnado que emprega máis tempo medio en finalizar este nivel de estudos no SUG.

Evolución da duración media dos estudos de mestrado nas universidades do SUG




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

O tempo medio que necesita o alumnado para rematar unha titulación de grao de 240 ETCS varía en función do ámbito de estudo de que se trate. Na gráfica seguinte compáranse os valores correspondentes ao curso académico 2018/2019 tanto nas universidades públicas presenciais do SUE como no conxunto do SUG, do cal resulta que, agás no caso das titulacións englobadas en tres dos grandes ámbitos (Agricultura, gandería, silvicultura, pesca e veterinaria; Artes e Humanidades e Educación) en xeral, o estudantado do SUG tarda máis tempo en rematar os estudos de grao.

Apréciase como as carreiras englobadas no ámbito da Enxeñaría, industria e construción (as tradicionais enxeñarías, arquitectura...) son as que requiren dun maior período de tempo medio para a súa finalización, situándose a media do SUE en 5,5 anos, mentres no SUG empregan de media 5,98 anos. A continuación, os estudos en Agricultura, gandería, silvicultura, pesca e veterinaria, para os que o estudantado do SUE emprega 5,76 anos, mentres no SUG rematan en 5,69 anos de media.

Os estudos clasificados nos ámbitos de Educación (infantil, primaria...), Saúde e servizos sociais (Enfermaría, Ciencias da Saúde, Traballo Social e orientación...) requiren un menor tempo medio para superar a totalidade das materias do plano de estudos: en Educación o alumnado do SUE require 4,42 anos mentres no SUG rematan en 4,34 de media. En canto ao alumnado do eido da Saúde do SUE emprega 4,32 anos para finalizar os estudos e os matriculados no SUG necesitan de media 4,35 anos.

Tempo medio de finalización de grao segundo o eido de estudo. Curso 2018-2019



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Os desaxustes nos planos de estudos derivados da adaptación das titulacións ao EEES á nova organización en catro cursos académicos, o non axeitado deseño da planificación académica, a utilización de metodoloxías pouco adaptadas aos contidos e ás expectativas do alumnado, a falta de motivación e vocación no estudantado... son factores que poden estar relacionados con estes valores.

Abandono dos estudos

O abandono dos estudos universitarios é un problema que afecta de xeito xeral ás institucións universitarias. Este abandono, que é máis frecuente no primeiro ano de estudos, tamén se rexistra en cursos posteriores. As consecuencias, ademais de persoais, e institucionais, deben analizarse dende un punto de vista do aproveitamento dos recursos, tanto privados como públicos, que se destinan á formación universitaria.

Segundo o Informe U-Ranking 2019, España se atopa entre os países que menos aproveita o esforzo público e privado realizado en educación superior xa que logo as taxas de abandono son moi elevadas (o 33% do estudantado universitario español non finaliza os seus estudos de grao dos cales, o 21% abandona a universidade e o 12% cambia de estudos), o que supón un custe anual aproximado de 1.000 millóns de euros.

Este problema afecta a todas as universidades, aínda que con maior intensidade ás politécnicas, xa que logo o abandono é máis frecuente en titulacións técnicas e científicas, aínda que tamén rexistra niveis altos nas titulacións artísticas e de humanidades.

As causas do abandono dos estudos universitarios son diversas: falta de orientación e formación previa do alumnado, o deseño non axeitado dos planos de estudos, o deficiente seguimento do alumnado, a baixa calidade da docencia impartida, o baixo rendemento do estudantado (pola falta de capacidade, esforzo ou motivación), ou o nivel de esixencia non axeitado.


A análise seguinte centrarase nas taxas de abandono nos estudos de grao.

A taxa de abandono do estudo reflicte a porcentaxe de estudantes dunha cohorte de novo ingreso dun curso X, matriculados nunha titulación concreta dunha universidade, que sen terse graduado nese título, non se matricularon nel durante dous cursos seguidos.

Deste xeito, a taxa de abandono do estudo global, considera a suma das taxas de abandono do estudo nos cursos 1º, 2º e 3º, nos graos cunha duración teórica de 4 cursos.

Tendo en conta a titularidade da institución, a evolución das taxas globais de abandono de estudos de grao, cos datos das cohortes que iniciaron os seus estudos dende o curso 2011/2012, amosan un maior abandono entre o estudantado matriculado en universidades públicas, que se sitúan arredor do 34 %, mentres no caso das universidades privadas os valores roldan o 27% de universitarios/as que abandonaron os estudos de grao antes de rematalos.

Evolución das taxas globais de abandono de estudos de grao no SUE. Universidades públicas e privadas




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Atendendo á modalidade de docencia, e con datos das mesmas cohortes de alumnado de novo ingreso, as diferencias entre as taxas de abandono entre o estudiantado de universidades presenciais e non presenciais, son moi acentuadas. Así, nas universidades non presenciais máis da metade do alumnado de grao abandona os estudos (situándose a taxa en valores entre o 64% e o 62%). A menor motivación do alumnado, a falta dun seguimento personalizado, a compatibilización dos estudos coa actividade profesional...poden estar detrás destas elevadas cifras de abandono de estudos.

Nas universidades presenciais esta taxa sitúase en valores entre o 26% e o 27%, é dicir case 40 puntos porcentuais por debaixo das non presenciais, o que revaloriza a modalidade presencial como a máis idónea para atraer o interese do estudiantado, en liña coa concepción tradicional da universidade.

Evolución das taxas globais de abandono de estudos de grao no SUE. Universidades presenciais e non presenciais




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Analizando en exclusiva datos correspondentes ás universidades públicas presenciais españolas, centrados na cohorte que iniciou os seus estudos de grao no curso 2014/2015, última da que constan datos oficiais, a comparativa das distintas comunidades autónomas advírtese unha notable diferenza entre comunidades como Baleares o Asturias, con taxas de abandono por encima do 35% do seu estudiantado de grao, respecto de Castela-A Mancha ou Madrid, onde a taxa global de abandono de estudos de grao sitúase arredor do 24%, ou de Castela e León, comunidade esta última que rexistra con diferenza a menor taxa de abandono do Sistema Universitario Español, co 19,52%.

A media do SUE para a dita cohorte, foi do 26,85% e por debaixo da mesma se sitúan sete comunidades, entre as que se atopa Galicia cunha taxa de abandono global de graos do 25,77%.

Taxa global de abandono de graos en universidades públicas presenciais. Cohorte do 2014-2015




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

Comparando a evolución da taxa global de abandono en graos en cada unha das tres universidades do SUG aprécianse comportamentos ben distintos, partindo de taxas moi similares para a cohorte que iniciou os seus estudos en 2011/2012.

Mentres na USC a taxa de abandono global mantense case inalterable nas catro cohortes para as que existen datos, con valores do 25% aproximadamente, na UVIGO esta taxa mostra unha evolución á baixa na última das cohortes de alumnado de grao, situándose no 22,06%. Pola súa banda, na UDC mostra un empeoramento dos datos, incrementando esa taxa ata acadar o 31,06% na cohorte do 2014/2015.

Evolución da taxa global de abandono en graos nas universidades do SUG




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

As taxas de abandono son diferentes segundo os eidos de estudo nos que se encadran as distintas titulacións de grao. Atendendo aos datos correspondentes á cohorte que iniciou os seus estudos de grao no curso 2014/2015, apréciase unha tendencia similar nas taxas de abandono das universidades presenciais do SUE con respecto ás universidades do SUG, aínda que con matizacións, como pode apreciarse na gráfica seguinte.

As titulacións de grao do eido da Informática son as que presentan unha taxa de abandono máis alta no global do SUE (41,89%), mentres no SUG as taxas máis elevadas de abandono céntranse nas titulación de grao do eido da Enxeñaría, industria e construción (38,61%). Na parte inferior da táboa, os graos do eido de Servizos, Saúde e Servizos Sociais e Educación son os que presentan menores taxas de abandono tanto no SUE como no SUG.

Así mesmo, destacar que no caso de Informática; Agricultura, gandería, silvicultura, pesca e veterinaria; Artes e Humanidades; Negocios, administración e dereito; e Servizos, as taxas de abandono que presenta o SUG, son lixeiramente inferiores ás da media do SUE.

Taxa global de abandono de estudos de grao segundo o eido de estudos. Cohorte do 2014/2015



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Moitas son as causas que poden explicar estes datos. Posiblemente unha errónea labor de orientación, a falta de formación, a maior dificultade dos estudos, os deseños dos planos de estudos, o labor do profesorado, non dar resposta ás expectativas do alumnado, baixa capacitación, esforzo e motivación o alumnado... podan favorecer os valores máis altos acadados por determinados eidos de estudos. Por outra banda, os eidos de coñecemento coas as taxas de abandono máis baixas coinciden coas titulacións que se corresponden con futuras profesións máis vocacionais (Ciencias da Saúde, Educación...) e ás que accede o alumnado con mellores notas do ensino non universitario pola alta demanda que tradicionalmente rexistran estes estudos.

Cambio de estudos

Ao igual que no caso do abandono de estudos, neste apartado centrase a análise nos datos do estudiantado de titulacións de grao.


O cambio de estudos refírese ao estudiantado que, logo de acceder a unha titulación universitaria decide, por distintas causas, cambiar a súa matrícula para continuar os seus estudos noutra titulación de grao.

A taxa de cambio do estudo indica, por tanto, a porcentaxe de estudantes dunha cohorte de novo ingreso no curso X, matriculados no título de grao T, na universidade U, que non se matriculan nese mesmo título T durante dous cursos seguidos, non se graduaron e matriculáronse en algún outro título.

A taxa global de cambio do estudo, na que se centrará a análise, é o resultado da suma das taxas de cambio do estudo no primeiro, segundo e terceiro ano.

Segundo a titularidade, pública ou privada, das universidades, a evolución da taxa global de cambio de estudos rexistrada nas primeiras é superior ás que presenta o estudiantado das universidades privadas. Como se aprecia na gráfica seguinte, con datos das cohortes que comezaron os seus estudos entre os cursos 2011/2012 e 2014/2015, as universidades públicas do SUE sitúanse en valores algo superiores aos 12% , apreciándose unha tendencia descendente na última das cohortes analizadas. Pola súa banda, nas universidades privadas, as taxas globais de cambio de estudos oscilan en valores aproximados do 9% (tres puntos por debaixo das de titularidade pública), advertíndose un lixeiro incremento na cohorte do 2014/2015.

Evolución das taxas globais de cambio de estudos de grao no SUE. Universidades públicas e privadas




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

A evolución da taxa global de cambio de estudos de grao, atendendo á metodoloxía docente, presenta características singulares. Tendo en conta datos referidos ás mesmas cohortes que no caso anterior, advírtese unha tendencia á converxencia nos valores de ambas. En todo caso, o alumnado de grao en universidades presenciais é máis proclive ao cambio de estudos, situándose a taxa en valores superiores ao 12% e con tendencia á baixa na última das cohortes. Pola súa banda, o

alumnado das universidades non presenciais, partindo de valores do 10%, incrementa a paulatinamente esta taxa ata situarse na cohorte que comezou os estudos de grao no curso 2014/2015 no 11,41%.

Evolución das taxas globais de cambio de estudos de grao no SUE. Universidades presenciais e non presenciais




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Con datos da cohorte que iniciou os seus estudos de grao no curso 2014/2015 e, centrados nos valores acadados nas universidades públicas presenciais das distintas comunidades autónomas españolas, a taxa global media de cambio de estudos situouse no 12,47%.

Asturias, cun 17,56%, é con diferenza, a comunidade autónoma coa taxa máis alta. De seguido, dúas comunidades superan valores do 15%: Baleares (15,65%) e Cantabria (15,15%).

Galicia, cunha taxa global de cambio de estudos de grao do 10,94%, sitúase por debaixo da media do SUE sendo unha das comunidades autónomas coas taxas máis baixas comparativamente e solo superada por tres comunidades autónomas: Valencia (10,35%), Castela e León (9,73%) e Extremadura (9,47%).


Taxa global de cambio de estudos de graos en universidades públicas presenciais. Cohorte do 2014-2015



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

O comportamento do estudiantado de grao en cada unha das tres universidades públicas galegas presenta unha evolución similar para as cohortes que iniciaron os estudos nos cursos 2011/12, 2012/13 e 2013/14, cunha tendencia xeral á alza da taxa global de cambio de estudos. Esta semellanza trúncase para a cohorte do curso 2014/2015 en que as taxas diferéncianse de xeito notable. Neste caso, o alumnado da UDC é o máis tendente ao cambio de estudos cunha taxa do 14,5%, seguida da USC que para a mesma cohorte acadou o 12,08% de alumnado de grao que cambiou a súa matrícula a un grao diferente ao cal iniciou a súa etapa universitaria. En canto á UVIGO, chama a atención o acusado descenso desta taxa, que se sitúa no 6,51 %, moi inferior as obtidas polas outras dúas universidades e incluso respecto aos datos anteriores desta mesma institución.

Evolución da taxa global de cambio de estudos en graos nas universidades do SUG



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Segundo o eido de estudos no que se encadran as titulacións, as taxas globais de cambio no grao son moi diversas. Na táboa seguinte reflíctense os valores da taxa global de cambio de estudos de grao nas universidades presenciais públicas, comparando os datos obtidos no conxunto do SUE con respecto ao SUG para os estudantes da cohorte do curso 2014/2015.

Na parte alta da táboa, os graos do eido da Enxeñaría, industria e construción son os que acadan valores máis altos, é dicir, nos que é máis frecuente o cambio de matrícula, tanto a nivel do SUE (17,9%) como nas universidades galegas (17,38%).


En segundo lugar, no conxunto das universidades do SUE, sitúanse as titulacións do eido da Informática nas que o cambio afecta a un 17,25% do alumnado, mentres nas universidades do SUG esta taxa é catro puntos inferior, un 12,88%.

Así mesmo obsérvase unha diferenza notable nos eidos de Agricultura, ganderaría, silvicultura, pesca e veterinaria e no eido de Negocios, administración e dereito. En ambos casos, as taxas de cambio que presentan as universidades do SUG (6,6% e 9,68% respectivamente) son notablemente inferiores á media acadada no resto de universidades públicas presenciais do territorio español.

Os graos do eido da Educación rexistran a menor taxa de cambio de estudos no SUE (5,08%) e aínda menor no SUG (4,8%). Así mesmo os graos en Saúde e Servizos sociais e Servizos, con taxas arredor do 8%, presentan niveis de cambio similares no SUE e no SUG.

Novamente atopámonos con factores de índole persoal como a preferencia do alumnado e o carácter vocacional da titulación, a nota de acceso á determinados estudos (o que está directamente relacionado coa calidade académica do alumnado), a calidade do profesorado e a súa capacidade para captar e transmitir o interese pola titulación...

Taxa global de cambio de estudos de grao segundo o eido de estudos. Cohorte do 2014/2015



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

CONCLUSIONES

- A análise dos indicadores de rendemento académico do estudiantado universitario é unha ferramenta de diagnose da calidade da docencia nas universidades.
- Aínda que nos resultados obtidos inciden unha variedade de condicionantes que afectan ao alumnado, profesorado e institucións, deben ser tidos en conta de cara á toma de decisións: mellorar as taxas en xeral e incidir en debilidades detectadas.
- As taxas de abandono e cambio de estudos deben ser tomadas en conta polas institucións asumindo ineficiencias técnicas, no desempeño docente e no emprego de recursos públicos.
- As taxas de rendemento académico son moi diversas dentro de cada universidade e segundo as titulacións. Galicia presenta valores inferiores á media española.
- A taxa de graduación presenta valores moi superiores nas universidades privadas, sobre as públicas, cun lixeiro acercamento entre ambas.
- Case a metade do estudiantado universitario non se gradúa en cinco anos. Hai un campo de mellora moi importante neste eido.
- Galicia atópase na media española en taxa de abandono. Pero supera o 25% do alumnado.
- Galicia está por baixo da media española en taxa de cambio, arredor dun 11%.
- A UDC presenta tendencias crecentes en cambio e abandono, diverxendo do resto das universidades galegas.
- Varias áreas e ramas de coñecemento presentan taxas de cambio e abandono moi superiores á media, chegando a superar o 50% do alumnado.

ACCIONES DE MELLORA

- A modificación dos planos de estudo podería ser unha ferramenta axeitada para mitigar efectos negativos nas taxas de rendemento: evitar a posible sobrecarga de contidos, a necesidade de axeitar métodos de traballo e de avaliación, a racionalización da programación, horarios, materias..., a inclusión de metodoloxías interactivas....
- A aplicación de normativa de progreso e permanencia que minore os efectos negativos do cambio de estudos posibilitando que se concentre no primeiro curso para evitar consecuencias negativas tanto ao alumnado como á institución.
- Posta en marcha e reforzo de planos de titorización e mentorización que faciliten o seguimento do alumnado.
- Posta en marcha de accións concretas naquelas materias e titulacións que presentan taxas máis negativas.
- Incrementar as taxas de graduación, primando que o alumnado egrese sobre novas entradas.

- Plans de choque contra o abandono do alumnado: diagnóstico e medidas correctivas.
- Medidas urxentes contra o cambio e o abandono en áreas especialmente sensible a estes fenómenos.

3. Persoal das universidades do SUG

Neste apartado considérase a totalidade dos recursos humanos cos que contan as universidades para levar a cabo as súas funcións. O persoal total das universidades está composto por persoal docente e investigador (PDI), persoal de administración e servizos (PAS), persoal empregado investigador (PEI) e persoal técnico de apoio á investigación (PTA).

Tomando o período comprendido entre os cursos 2015-2016 e 2018-2019 (por ser os datos dispoñibles actualmente no SIIU respecto deste apartado) e tendo en conta a situación das universidades públicas presenciais, o persoal total das universidades, tanto a nivel nacional como no SUG incrementouse continuamente.


Evolución do persoal total das universidades

CURSO	TOTAL SUE	%VARIACIÓN SUE	TOTAL SUG	%VARIACIÓN SUG
2015-16	162.733		9.185	
2016-17	166.309	2,19	9.337	1,65
2017-18	170.134	2,29	9.630	3,13
2018-19	172.628	1,46	9.698	0,7

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

O ritmo de incremento apréciase observando a variación porcentual anual neste período, sempre positiva, que mostra como, no curso 2017-2018, incrementouse o persoal ao servizo das universidades públicas presenciais, se ben destaca un maior incremento no sistema galego, mentres no seguinte curso académico esta variación atenúase de xeito máis acusado nas universidades galegas.

Variación porcentual anual do persoal total das universidades públicas presenciais



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)


A desagregación deste dato por universidades mostra a evolución do total de persoal nos centros propios das tres universidades do SUG.

Total persoal do SUG (por universidades)

CURSO	UDC	USC	UVIGO	TOTAL SUG Centros propios
2015-16	2.415	4.226	2.544	9.185
2016-17	2.411	4.294	2.632	9.337
2017-18	2.484	4.405	2.741	9.630
2018-19	2.465	4.435	2.798	9.698

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

En números totais, a USC é a que conta cun maior volume de persoal ao seu servizo e durante o período estudado mantivo unha progresión á alza do mesmo. Do mesmo xeito, a UVIGO incrementou os seus efectivos ao longo deses anos. Pola súa banda, a UDC mantivo unha maior contención en canto ao número total, chegando a perder no curso 2018-2019 un total de 19 persoas do seu persoal.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Tendo en conta os grandes colectivos en que se distribúe o persoal ao servizo das universidades públicas presenciais, é interesante observar a evolución de cada un deles en relación ao total de persoal.


Evolución do persoal das universidades públicas presenciais por grandes grupos de funcións. SUE

CURSO	TOTAL	PDI Total	%	PAS Total	%	PEI Total	%	PTA Total	%	PI sen clasificar	%
2015-16	162.733	94.352	57,98	47.550	29,22	15.842	9,73	4.913	3,02	76	0,05
2016-17	166.309	95.642	57,51	47.970	28,84	16.789	10,10	5.861	3,52	47	0,03
2017-18	170.131	96.987	57,01	48.745	28,65	17.838	10,48	6.561	3,86	...	
2018-19	172.628	98.262	56,92	49.608	28,74	18.539	10,74	6.219	3,60	0	

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Evolución do persoal das universidades públicas presenciais por grandes grupos de funcións. SUG

CURSO	TOTAL	PDI Total	%	PAS Total	%	PEI Total	%	PTA Total	%
2015-16	9.185	4.825	52,53	2.687	29,25	1.209	13,16	463	5,04
2016-17	9.337	4.849	51,93	2.693	28,84	1.341	14,36	454	4,86
2017-18	9.630	4.872	50,59	2.734	28,39	1.499	15,57	525	5,45
2018-19	9.698	4.854	50,05	2.813	29,01	1.561	16,10	470	4,85



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

O persoal colectivo con maior peso relativo con respecto do total do persoal nos centros propios das universidades públicas presenciais é o persoal docente investigador en todos os casos. A nivel nacional, esta porcentaxe oscila entre o 57,98% do curso 2015-2016 e o 56,92% do curso 2018-2019. No SUG, o peso do PDI é inferior, situándose en valores entre o 52,53% do primeiro dos cursos estudados ata o 50,05% ao fin deste período.

En segundo lugar atópase o persoal de administración e servizos, categoría en que SUE e SUG móvense en valores similares (29,22% e 29,25% no curso 2015-2016, respectivamente, e 28,74% e 29,1% no curso 2018-2019).

No apartado de persoal empregado investigador (PEI), no que se inclúe a investigadores de convocatorias públicas competitivas, investigadores con cargo a proxectos ou grupos de investigación contratados ao abeiro do artigo 83 da LOMLOU, e outros investigadores empregados polas universidades para o desenvolvemento de proxectos de investigación, o SUG mantén unha porcentaxe superior ao SUE e en tendencia crecente. Deste xeito, o peso deste colectivo a nivel nacional pasou do 9,73% ao 10,74% ao longo dos catro cursos analizados, mentres no SUG se parte do 13,16% no curso 2015-2016 para acadar á fin do período o 16,10% do total do persoal ao servizo das universidades galegas.

Este maior peso advírtese no persoal técnico de apoio á investigación (PTA) que no SUG presenta tamén valores superiores ao resto de universidades do SUE. Mentres nas universidades do SUE as categorías deste tipo de persoal representaron valores entre o 3,02% e o 3,60% nestes anos, no SUG o peso relativo deste persoal situouse entre o 5,04% do curso 2015-2016 e o 4,85% en 2018-2019.

Pódese concluír destes datos a aposta decidida polo labor de investigación nas universidades galegas fomentada pola política de convocatorias competitivas e o apoio aos grupos de investigación desde a administración autonómica que, malia a crise económica, mantivéronse anualmente neste período.

Persoal docente e investigador (PDI)

A evolución do PDI nos centros propios das universidades españolas experimentou diversas fases ao longo dos últimos cursos.


Nas universidades públicas, ata o curso 2009-2010, produciuse un continuo incremento do persoal docente, chegando a superar os seis díxitos. A partir dese momento, e coincidente cos anos en que o Goberno de España aprobou a limitación da taxa de reposición do persoal do Sector Público, iníciase unha diminución nas cifras totais que se mantén ata o curso 2014-2015, supoñendo unha perda acumulada do 6,11% de persoal docente nese lustro. A partir dese momento, comeza unha continua recuperación, que chega a actualidade, de xeito que no curso 2018-2019 acadouse a cifra de 99.440 no SUE.

No caso das universidades privadas, os efectivos docentes das mesmas mantiveron ao longo dos anos unha evolución sempre positiva; debido, en primeiro lugar, a que non se viron afectadas polas normativas vixentes en materia orzamentaria para o Sector Público; e, en segundo, e máis destacable, polo incremento deste tipo de universidades, que, no curso 2018-2019, sumaba un total de 33 institucións universitarias de titularidade privada.

Aínda así, a porcentaxe de PDI en centros propios das universidades publicas representan no último curso do período o 83,9% do total do SUE, mentres o peso do profesorado dos centros propios das universidades privadas abrangue o restante 16%.

Evolución do PDI en centros propios de universidades

CURSO	U PÚBLICAS	U PRIVADAS
2004-2005	90.309	8.401
2005-2006	93.033	8.627
2006-2007	93.372	8.928
2007-2008	96.462	8.572
2008-2009	98.622	9.308
2009-2010	100.600	9.687
2010-2011	100.331	10.098
2011-2012	99.095	13.059
2012-2013	95.947	13.416
2013-2014	94.352	14.067
2014-2015	94.453	14.900
2015-2016	95.601	15.931
2016-2017	96.859	16.927
2017-2018	98.173	17.814
2018-2019	99.440	19.071




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

O número de PDI nos centros propios das universidades galegas presenta unha evolución similar á xa vista a nivel do SUE. Deste xeito apréciase unha continua alza de efectivos nas tres universidades ata o curso 2009-2010, comezando, a partir dese punto, e ata o curso 2014-2015, un descenso, que, en termos totais, é máis pronunciado no caso da USC, perdendo esta institución neste período un total de 211 efectivos que supoñen unha variación do -9,15% dende o inicio da crise. Na UVIGO o descenso destes anos foi de 163 PDI que representan un -10,26%. A UDC diminuíu o seu cadro de profesorado nestes cinco anos en 62 efectivos que supuxeron un descenso acumulado do 4,19% . Superados estes cursos, coincidentes coa crise económica e as medidas de racionalización do Sector Público que limitaron as taxas de reposición de persoal, as tres institucións inician un proceso de recuperación do seu profesorado, que continúa ata o presente.

Evolución do PDI en centros propios de universidades do SUG

CURSO	UDC	USC	UVIGO
2004-05	1.313	2.194	1.550
2005-06	1.342	2.176	1.505
2006-07	1.390	2.177	1.570
2007-08	1.385	2.190	1.565
2008-09	1.438	2.236	1.611
2009-10	1.478	2.307	1.588
2010-11	1.466	2.274	1.572
2011-12	1.461	2.236	1.561
2012-13	1.448	2.120	1.453
2013-14	1.422	2.092	1.398
2014-15	1.416	2.096	1.425
2015-16	1.426	2.043	1.356
2016-17	1.421	2.066	1.362
2017-18	1.423	2.057	1.392
2018-19	1.393	2.074	1.387



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Atendendo á distribución por sexos, na comparación do PDI dos centros propios de universidades públicas presenciais, obsérvase unha coincidencia case total da evolución seguida nos últimos anos a nivel estatal e nas tres universidades do SUG.

O peso de mulleres e homes segue unha tendencia converxente en ambos casos, aínda que seguen a destacar os efectivos do sexo masculino sobre o feminino. Deste xeito, no SUE as mulleres PDI no curso 2011-2012 representaban o 37,87% do total mentres no curso 2018-2019 o seu peso situouse no 41,54%. Cifras moi similares son as que presenta o SUG, que no curso 2011-2012 contaba cun


37,85% de mulleres docentes universitarias para pasar, no curso 2018-2019 a supoñer este colectivo o 41,16% do total. A similitude na evolución nestes casos pode apreciarse na coincidencia das liñas de porcentaxes recollidas na seguinte táboa.

Evolución do PDI en centros propios de universidades públicas presenciais do SUE e SUG
Distribución por sexo

CURSO	Mulleres SUE	Mulleres SUG	Homes SUE	Homes SUG
2011-12	37,87	37,85	62,13	62,15
2012-13	38,38	38,66	61,62	61,34
2013-14	38,97	39,17	61,03	60,83
2014-15	39,49	39,64	60,51	60,36
2015-16	39,96	39,54	60,04	60,46
2016-17	40,43	40,05	59,57	59,95
2017-18	40,96	40,80	59,04	59,20
2018-19	41,54	41,16	58,46	58,84

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Evolución das porcentaxes de PDI por sexo no SUE e SUG



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

A nivel nacional, considerando ao PDI cunha vinculación permanente á universidade na que desenvolve o seu labor, é dicir, o PDI funcionario de carreira e persoal cun tipo de contrato fixo ou indefinido, nas universidades públicas o PDI permanente diminúe o seu peso respecto ao total do PDI pasando de supoñer un 57,79% en 2015-2016 ao 52,96% no curso 2018-2019.

No mesmo período, a evolución do PDI con contrato fixo ou indefinido nas universidades privadas, segue a evolución contraria, incrementando o seu peso respecto do total en máis de tres puntos. Na actualidade, a universidade privada ten máis profesorado estable que a pública.

PDI permanente (funcionario e contratado fixo) no SUE

CURSO	U PÚBLICA		U PRIVADA	
	PDI Total	% PDI Permanente	PDI Total	% PDI Permanente
2015-16	95.601	57,79	15.931	56,38
2016-17	96.859	56,27	16.927	59,12
2017-18	98.173	54,65	17.814	58,06
2018-19	99.440	52,96	19.071	59,65

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Nas universidades do SUG, a porcentaxe de persoal docente e investigador con vinculación permanente mantense neste período sempre por encima dos niveis das universidades públicas do SUE. A USC é a institución na que o PDI permanente perde máis peso neste período acadando un 70,78% do total do seu persoal docente no curso 2018-2019. Tamén apréciase un descenso de cinco puntos no peso do PDI permanente na UVIGO, mentres a UDC é a universidade galega na que a perda e menor advertíndose incluso unha leve recuperación no último curso do período.


Porcentaxe de PDI permanente (funcionario e contratado fixo) nas universidades do SUG

CURSO	UDC	USC	UVIGO	SUE
2015-16	69,57	76,16	75,00	57,79
2016-17	68,75	75,36	73,64	56,27
2017-18	67,46	73,70	71,41	54,65
2018-19	67,62	70,78	70,01	52,96

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

En todo caso, na seguinte gráfica pode apreciarse como as tres universidades tenden a converxer no peso do persoal con vinculación permanente no último curso do período e se sitúan sempre en valores superiores ás porcentaxes do resto de universidades públicas do SUE, aínda que perdendo peso respecto dos valores de partida.

Evolución do persoal con vinculación permanente no SUG



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Dende a perspectiva da estrutura do PDI, tendo en conta as categorías do mesmo, teremos en conta ao persoal dos centros propios das universidades públicas no que se distinguen as seguintes categorías:

- persoal funcionario (de carreira e interino) que inclúe as seguintes categorías: catedráticos de universidade, profesores titulares de universidade, catedráticos de escola universitaria, profesores de escola universitaria e outros que, ou ben se corresponden con categorías en extinción regulados por normativas anteriores á LOU, ou ben son casos especiais que non se poden incluír nas anteriores categorías.


- persoal contratado, que inclúe as seguintes categorías de profesorado: axudante, axudante doutor, contratado doutor, asociado, asociado de Ciencias da Saúde, colaborador, substituto, lector, visitante e outros docentes contratados non incluídos nas anteriores.

- profesor emérito.

No período comprendido entre os cursos 2013-2014 e 2018-2019, a evolución dos tres grandes grupos de PDI (funcionarios, contratados e eméritos), nos centros propios das universidades públicas presenciais, presenta características diferentes a nivel nacional e no sistema galego, agás no caso dos eméritos, cuxa presenza mantense constante e a nivel case testemuñal.

A nivel nacional, no curso 2012-2013, o número de PDI funcionarios (48.423 efectivos) era lixeiramente superior aos contratados (46.840 efectivos) nas universidades públicas presenciais. A partir do curso 2014-2015 iniciouse un descenso dos PDI funcionarios mentres incrementáronse as contratacións, tendencia que continúa no curso 2018-2019, de xeito que o número de PDI contratados (56.403 efectivos) é superior ao de funcionarios (42.316). Como pode observarse na gráfica, a partir do curso 2014-2015 o número de PDI contratados é superior aos funcionarios e esta tendencia parece incrementarse.

A nivel do SUG, e para o mesmo período, apréciase unha evolución diferente. Ao longo deses cursos o PDI funcionario sempre supera en número ao contratado nas universidades galegas, se ben pode verse unha tendencia a converxencia entre ambos tipos. Deste xeito, mentres no curso 2013-2014 o SUG contaba con 3.070 PDI funcionarios, os contratados acadaban os 1.940 efectivos. No curso 2018-2019 esta diferenza atenúase aínda que os funcionarios seguen a superar en número ao persoal docente e investigador contratado (2.625 e 2.220 respectivamente), representando os funcionarios o 54,07%, e os contratados o 45,73% do total do PDI no SUG.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

A análise polo miúdo das diferentes categorías de PDI no SUG permítenos apreciar a evolución nos últimos cursos nos centros propios das tres universidades galegas. Entre os cursos 2012-2013 e 2018-2019 a diferenza en número total de efectivos foi a perda de 167 persoas dedicadas á docencia nas distintas categorías. Este descenso foi consecuencia da redución de convocatorias de prazas de PDI funcionarios, así como as taxas de reposición vixentes neses anos (o 30% en 2011, o 10% en 2012, o 50% en 2014 e seguintes, ata o 100% dende o 2017).

A baixada dos efectivos das categorías de funcionarios nun 14,50% neste período, compénsase coa suba unha porcentaxe similar dos PDI contratados (un 14,43%), resultando en todo caso, como se acaba de advertir, que no SUG mantense unha maioría de PDI con vinculación funcional. A categoría con maior número de efectivos é a de Profesor Titular de Universidade que perde nestes anos un total de 158 persoas (un 8,14 % acumulado no período). Esta tendencia tamén se pode observar na categoría de Catedrático de Universidade que perdeu 90 persoas, o que supón unha baixa do 13,43% no período. En ambos casos as xubilacións do persoal ou normativa orzamentaria vixente neses momentos limitando as taxas de reposición son argumentos que explican a evolución negativa nas tipoloxías funcionariais do PDI nas tres universidades galegas.

Destaca o descenso de efectivos nas categorías de Escola Universitaria, tanto catedráticos como titulares que, no período comprendido entre os cursos 2012-2013 e 2018-2019, perderon un total de 35 e 152 respectivamente. As causas desta evolución deben situarse tanto nas xubilacións de profesorado destes corpos a extinguir, como no proceso de integración nas categorías de catedrático e profesor titular de universidade, en cumprimento do establecido na LOMLOU.


PDI por corpos docentes universitarios do SUG. Centros propios

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total	5.021	4.912	4.937	4.825	4.849	4.872	4.854
Funcionarios. Centros Propios.	3.070	2.981	2.919	2.844	2.767	2.699	2.625
Catedrático de Universidade	670	645	629	601	586	578	580
Profesor Titular de Universidade	1.942	1.913	1.895	1.878	1.847	1.822	1.784
Catedrático de Escola Universitaria	82	77	74	70	64	59	47
Profesor Titular de Escola Universitaria	343	315	292	269	245	216	191
Outros: Outro persoal docente	33	31	29	26	25	24	23
Contratados. Centros Propios.	1.940	1.924	2.013	1.976	2.074	2.158	2.220
Axudante	30	18	11	9	3	1	1
Profesor Axudante Doutor	87	88	100	122	132	134	163
Profesor Contratado Doutor	639	670	681	695	745	771	763
Profesor Asociado	609	559	541	533	570	610	639
Profesor Asociado de Ciencias da Saúde	228	222	238	238	257	261	256
Profesor Lector	19	20	21	22	21	20	20
Profesor Colaborador	74	72	69	66	59	55	53
Profesor Substituto	240	260	335	272	270	295	313
Profesor Visitante		2	3	6	5		1
Outros: Outro persoal docente	14	13	14	13	12	11	11
Eméritos. Centros Propios.	11	7	5	5	8	15	9
Profesor Emérito	11	7	5	5	8	15	9

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Doutra parte, nas categorías de PDI contratado, a evolución xeral foi positiva, supoñendo un incremento de 280 efectivos no mesmo período. O maior aumento foi debido á contratación na categoría de Profesor Contratado Doutor (124 efectivos máis á fin do período), figura contractual de carácter indefinido. Así mesmo incrementáronse as contratacións na categoría de Profesor Axudante Doutor (76 persoas máis ao longo do período), cunha vinculación temporal, mentres a figura de Axudante rexistrou nos mesmos anos unha baixa de 29 persoas, o que fai desta figura unha presenza practicamente residual. En canto ao descenso do número de profesores colaboradores, que perdeu 21 efectivos, debe atribuírse as xubilacións do persoal desta figura a extinguir en base á LOMLOU.

En todo caso, na gráfica pode apreciarse como, malia as variacións sufridas nos últimos tempos, no curso 2018-2019, as figuras de PDI predominantes no SUG seguen a ser as de Profesor Titular de Universidade, que representa o 36,75% do total, seguido do Contratado Doutor (15,72% do total), Asociado (13,16%), e Catedrático de Universidade que supón o 11,95% do total de PDI do SUG, todas elas con vinculación permanente, feito que contrasta coa situación do persoal docente das universidades públicas presenciais do SUE nas que, como xa se destacou, predominan as categorías con vinculación temporal.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

O PDI da Universidade da Coruña

Entre os cursos 2012/2013 e 2018/2019, na UDC, o persoal docente investigador descendeu nun total de 55 efectivos.


A evolución da estrutura do PDI neste período na Universidade da Coruña mostra unha converxencia do número de efectivos funcionarios e contratados, que practicamente se igualan no curso

2018/2019. Mentres o número de funcionarios descendeu en 95 persoas, o de contratados incrementouse en 41.

No primeiro dos cursos tidos en conta, a porcentaxe de funcionarios era o 54,13%, mentres no último curso do período situouse no 49,75% do total do PDI. O descenso máis numeroso corresponde á categoría de profesor titular de Escola Universitaria que perdeu 63 efectivos nestes cursos, seguido de profesor titular de Universidade (que descende en 15 persoas) e o catedrático de Escola Universitaria (que baixou en 14 efectivos). Pola contra, o número de catedráticos de Universidade incrementouse en 6 persoas.

En contraste, o persoal docente investigador contratado pasou de supoñer o 45,44% ao 50,18% do total do PDI desta universidade, incremento focalizado fundamentalmente nas categorías de profesor axudante doutor (incrementou 46 efectivos), profesor contratado doutor (que sumou 31), e profesor substituto (con 35 persoas máis nestes anos).

ESTRUTURA DO PDI NA UDC



PDI por corpos docentes universitarios da UDC. Centros propios							
	2012-2013	2013-2014	2014-2015	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019
Total	1.448	1.422	1.416	1.426	1.421	1.423	1.393
Funcionarios. Centros Propios	788	775	759	745	719	698	693
Catedrático de Universidade	143	140	137	136	136	133	149
Profesor Titular de Universidade	412	414	410	409	399	397	397
Catedrático de Escola Universitaria	42	41	41	39	36	34	28
Profesor Titular de Escola Universitaria	159	149	142	135	123	110	96
Outros: Outro persoal docente	32	31	29	26	25	24	23
Contratados. Centros Propios	658	646	655	680	701	718	699
Axudante	20	10	3
Profesor Axudante Doutor	27	35	37	57	69	62	73
Profesor Contratado Doutor	195	197	200	209	221	240	226
Profesor Asociado	222	205	199	203	200	198	185
Profesor Asociado de Ciencias da Saúde	..	2	1
Profesor Lector	6	6	6	6	6	6	6
Profesor Colaborador	59	58	55	53	46	43	41
Profesor Substituto	129	133	154	147	153	165	164
Profesor Visitante
Outros: Outro persoal docente
Eméritos. Centros Propios	2	1	2	7	..
Profesor Emérito	2	1	2	7	..

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)


O PDI da Universidade de Santiago de Compostela

Entre os cursos 2012/2013 e 2018/2019, na USC, o persoal docente investigador descendeu nun total de 46 efectivos.

A evolución da estrutura do PDI neste período na Universidade de Santiago de Compostela presenta a particularidade de partir de porcentaxes moi elevadas de persoal docente investigador funcionario, que no curso 2012-2013 supoñía o 67,55% do total. Do mesmo xeito que nas outras dúas universidades do SUG, apréciase unha tendencia á converxencia do número de efectivos funcionarios e contratados no curso 2018/2019, sendo aínda superior en número o primeiro dos tipos. Ao longo destes anos, mentres o número de funcionarios descendeu en 266 persoas, o de contratados incrementouse en 226.

No primeiro dos cursos tidos en conta, a porcentaxe de funcionarios era o 67,55%, e no último curso do período situouse no 56,22% do total do PDI. O descenso máis numeroso corresponde á categoría de profesor titular de Universidade que perdeu un total de 127 efectivos, seguido dos catedráticos de Universidade que baixaron en 91 persoas. Tamén descendeu a categoría de profesor titular de Escola Universitaria (39 persoas menos) e desaparecen os efectivos da categoría de catedrático de Escola Universitaria que ao inicio deste período sumaban 12.

En canto ao persoal docente investigador contratado pasou de supoñer o 32,17% ao 43,78% do total do PDI desta universidade. Este incremento advertiuse en todas as categorías, agás a de profesor colaborador que, por normativa estatal, foi declarada a extinguir. Deste xeito, o número de profesores asociados incrementouse en 83 efectivos, o de profesor axudante doutor en 61, profesor substituto en 41, e a categoría de profesor axudante doutor viuse incrementada en 25 persoas. Tamén os profesores asociados en Ciencias da Saúde aumentaron nestes anos sumando 21 ao longo do período.



PDI por corpos docentes universitarios da USC. Centros propios							
	2012-2013	2013-2014	2014-2015	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019
Total	2.120	2.092	2.096	2.043	2.066	2.057	2.074
Funcionarios. Centros Propios.	1.432	1.372	1.339	1.293	1.260	1.212	1.166
Catedrático de Universidade	382	362	353	330	320	305	291
Profesor Titular de Universidade	952	925	912	898	879	851	825
Catedrático de Escola Universitaria	12	9	8	6	6	6	..
Profesor Titular de Escola Universitaria	85	76	66	59	55	50	46
Outros: Outro persoal docente	..						
Contratados. Centros Propios.	682	716	757	750	806	845	908
Axudante	..						
Profesor Axudante Doutor	26	14	23	25	24	34	51
Profesor Contratado Doutor	223	240	233	244	278	286	284
Profesor Asociado	116	134	131	116	144	164	199
Profesor Asociado de Ciencias da Saúde	207	202	214	213	228	232	228
Profesor Lector	11	11	11	12	11	11	11
Profesor Colaborador	15	14	14	13	13	12	12
Profesor Substituto	76	95	124	121	102	100	117
Profesor Visitante							
Outros: Outro persoal docente	6	6	7	6	6	6	6
Eméritos. Centros Propios.	6	4					
Profesor Emérito	6	..					

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

O PDI da Universidade de Vigo


Entre os cursos 2012/2013 e 2018/2019 a UVIGO o persoal docente investigador descendeu nun total de 66 efectivos.

Do mesmo xeito que sucede nas outras dúas universidades do SUG, na UVIGO produciuse un descenso na porcentaxe que representa o PDI funcionario sobre o PDI total, situándose no curso 2018-19 no 55,23%, mentres no curso 2012-2013 o seu peso relativo era 58,50%. Deste xeito, ao longo do período a UVIGO perdeu 84 docentes investigadores funcionarios e incorporou a 13 efectivos con vinculación laboral.

Nas categorías de persoal docente e investigador funcionario o descenso máis numeroso corresponde á categoría de profesor titular de Escola Universitaria que baixou un total de 50 efectivos. A continuación sitúase o descenso de 16 persoas na categoría de profesor titular de Universidade e os 13 correspondentes a catedrático de Escola Universitaria. Pola súa banda, a categoría de catedrático de Universidade perdeu ao longo deses cursos un total de 5.

En canto ao persoal docente investigador contratado pasou de supoñer o 41,29% ao 44,20% do total do PDI desta universidade. A categoría que experimentou un incremento maior foi a de profesor contratado doutor, aumentando en 32 persoas. Tamén incrementou o número de profesores axudantes doutores con 5 efectivos máis e o profesor asociado en Ciencias da Saúde.

ESTRUTURA DO PDI NA UVIGO




PDI por corpos docentes universitarios da UVIGO. Centros propios							
	2012-2013	2013-2014	2014-2015	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019
Total	1.453	1.398	1.425	1.356	1.362	1.392	1.387
Funcionarios. Centros Propios	850	834	821	806	788	789	766
Catedrático de Universidade	145	143	139	135	130	140	140
Profesor Titular de Universidade	578	574	573	571	569	574	562
Catedrático de Escola Universitaria	28	27	25	25	22	19	15
Profesor Titular de Escola Universitaria	99	90	84	75	67	56	49
Outros: Outro persoal docente							
Contratados. Centros Propios	600	562	601	546	567	595	613
Axudante	8	8	8	6
Profesor Axudante Doutor	34	39	40	40	39	38	39
Profesor Contratado Doutor	221	233	248	242	246	245	253
Profesor Asociado	271	220	211	214	226	248	255
Profesor Asociado de Ciencias da Saúde	21	18	23	23	25	25	24
Profesor Lector
Profesor Colaborador							
Profesor Substituto	35	32	57	..	15	30	32
Profesor Visitante		6	5		..
Outros: Outro persoal docente	8	7	7	7	6	5	5
Eméritos. Centros Propios	3	2	3	4	7	8	8
Profesor Emérito	7	8	8

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

A idade do PDI

A idade media do profesorado experimenta un aumento tanto a nivel do sistema universitario como de cada unha das universidades galegas. Tendo en conta ao PDI dos centros propios en universidades públicas presenciais e comparando estas coas tres universidades galegas, pode apreciarse unha tendencia ao envellecemento xeral do persoal, sempre máis acusado no caso do SUG, que no curso 2018-2019 acada unha idade media de 51,77 anos. Esta tendencia persiste ao longo do período comprendido entre os cursos 2015-16 a 2018-19 no que o cadro de docentes no SUE incrementou a media de idade en 0,5 anos, mentres no SUG ese incremento de idade foi dun ano.


Idade media do PDI en centros propios das universidades públicas presenciais do SUE/SUG



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

As universidades galegas na actualidade contan cun dos cadros de persoal docente investigador máis envellecidas do SUE. Tendo en conta a idade media do PDI nos centros propios das universidades públicas, no curso 2018-2019 a idade media do persoal docente investigador do SUG, cunha media de 51,77 anos, sitúase no terceiro posto, solo superado polas universidades estatais e as Canarias.


Idade media do PDI en centros propios de universidades públicas por CC.AA. Curso 2018-2019



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Este elevado envelhecimento do SUG con respecto á media de idade do PDI do resto de comunidades autónomas explícase coa análise destes datos atendendo a cada unha das 47 universidades públicas presenciais existentes no SUE. Así, no curso 2018-2019 vemos como a USC, que conta coa maior cantidade de PDI do SUG, é a segunda universidade máis envellecida, cunha media de 53,42 anos, solo superada pola Universidade da Laguna. Mentres a UVIGO ocupa o posto 36, cunha idade media do seu PDI de 50,91 anos, e a UDC o posto 27 cunha media de idade do persoal docente investigador de 50,17 anos.


Idade media do PDI en centros propios de universidades públicas. Curso 2018-2019



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

O proceso de envellecemento está a ser continuo nos últimos anos nas tres universidades do SUG, se ben destaca a elevada media de idade que presenta a USC que parte de medias de idade máis altas e así mantense todo o período dende 2013-2014 a 2018-2019. Pola súa banda, a UDC e a UVIGO parten de medias de idade do seu respectivo PDI similares e comparten evolución ata o curso 2014-2015 en que o envellecemento medio acelérase na UVIGO sobre a universidade coruñesa. Deste xeito, aínda que a USC continúa a ser a máis envellecida, no período indicado foi a institución que menos incrementou a súa media de idade, 1,6 anos, fronte aos 2,8 anos da UDC e os 3,4 anos da UVIGO, onde o proceso de envellecemento parece acelerarse dende o curso 2015-2016.

Evolución da idade media do PDI nas universidades do SUG



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Tendo en conta as distintas categorías de PDI destaca o maior envellecemento das categorías de funcionarios que, no período comprendido entre os cursos 2012-2013 e 2018-2019. incrementan a idade media en 3,6 anos, mentres o envellecemento dos contratados foi de 2,3 anos. No curso 2018-2019 son os catedráticos de universidade os que presentan unha idade media máis avanzada, 59,5 anos, pero a categoría que experimenta un envellecemento máis acentuado é o de titular de universidade que incrementou a idade media en 4,2 anos, situándose á fin deste período en 54,1 anos.

Nas categorías do PDI contratado o grupo que presenta unha maior idade media no curso 2018-2019 é o de asociado de Ciencias da Saúde (54,4 anos), seguido da categoría a extinguir de profesor colaborador (52,5 anos). Chama a atención o acelerado envellecemento dos efectivos da categoría de axudante que nestes anos sube unha media de 14,8 anos, situándose nos 48 anos no curso 2018-2019. Así mesmo os contratados doutores incrementan a súa media de idade en 5 anos, pasando dos 42,4 anos aos 47,4 no último dos cursos tidos en conta.

Idade media do PDI do SUG por categorías. Centros propios. Evolución 2012-2019

	2012-13	2018-19
Funcionarios	52,1	55,7
Catedrático de Universidade	56,7	59,5
Profesor Titular de Universidade	49,9	54,1
Catedrático de Escola Universitaria	56,3	59
Profesor Titular de Escola Universitaria	54,1	57,9
Outros: Outro persoal docente	52,7	58,3
Contratados	44,7	47
Axudante	33,2	48
Profesor Axudante Doutor	39,6	40
Profesor Contratado Doutor	42,4	47,4
Profesor Asociado	46,9	48,4
Profesor Asociado de Ciencias da Saúde	53,3	54,4
Profesor Lector	31,2	34,9
Profesor Colaborador	48,7	52,5
Profesor Substituto	39,6	40,5
Profesor Visitante		34
Outros: Outro persoal docente	53,9	58,4
Eméritos	72,8	73,8
Profesor Emérito	72,8	73,8

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Na seguinte táboa reflíctese a idade media do PDI no curso 2018-2019 por categorías en cada unha das tres universidades do SUG, na que se aprecia, unha vez máis o maior grao de envellecemento do persoal que desenvolve a actividade docente e investigadora na institución compostelá.

**Idade media do PDI do SUG por categorías. Centros propios.
Curso 2018/2019**


	UDC	USC	UVIGO
Funcionarios	55,1	57,1	54,2
Catedrático de Universidade	58,4	61,3	57
Profesor Titular de Universidade	52,9	55,4	53
Catedrático de Escola Universitaria	58,7	63,8	58,5
Profesor Titular de Escola Universitaria	57,1	59,7	57,6
Outros: Outro persoal docente	58,3		
Contratados	45,3	48,7	46,6
Axudante			48
Profesor Axudante Doutor	39,8	39,9	40,4
Profesor Contratado Doutor	46,3	48,1	47,5
Profesor Asociado	48,3	49,2	47,9
Profesor Asociado de Ciencias da Saúde	55	55,6	43,3
Profesor Lector	43	28,8	41
Profesor Colaborador	52,6	52,2	
Profesor Substituto	41	40,5	38
Profesor Visitante			34
Outros: Outro persoal docente		61,5	54,6
Eméritos	74		73,8
Profesor Emérito	74		73,8

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

Tendo en conta o sexo do persoal docente investigador, aínda que en xeral as mulleres presentan unha idade media inferior á dos homes en cada un dos cursos do período, o proceso de envellecemento está a afectar de xeito similar a ambos sexos xa que logo tanto en homes como mulleres incrementou a idade media neste período en 2,5 anos.

Evolución da media de idade de PDI no SUG por sexo

Curso	Homes	Mulleres	SUG
2012-13	50,4	47,4	49,3
2013-14	50,9	48	49,8
2014-15	51,2	48,3	50
2015-16	51,8	49	50,6
2016-17	52,2	49,4	51,1
2017-18	52,5	49,7	51,3
2018-19	52,9	49,9	51,7




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

Á hora de realizar unha axeitada política de persoal docente investigador é interesante ter en conta a evolución da porcentaxe de PDI que entran en idade o están en proceso de xubilación, é dicir, os que se sitúan no tramo de idade entre os 60 e os 67 anos. Deste xeito pódese apreciar como, no período dos sete cursos académicos comprendidos entre o 2012-2013 e os 2018-2019, a porcentaxe de PDI desta idade incrementouse nun 2,90%, pasando do 13% ao 15,90%.

Como xa se destacou é a USC a que conta co persoal de PDI máis envellecido, de feito conta cunha maior porcentaxe de PDI en idade de xubilación (un 17,90% en 2012-2013 e un 21,40% ao final dese período) incrementando nun 3,50% o peso deste tramo de idade. Pola súa banda, na UDC, incrementa en 2,20% o peso do PDI en idade de xubilación, pasando do 10,70% ao 12,90%. A UVIGO continúa a ser a que conta co profesorado máis xove das tres universidades do SUG, partindo do 8,10% do PDI entre 60 e 67 anos a que estes supoñan o 10,70% no curso 2018-2019.

PDI en proceso de xubilación no SUG (entre 60 e 67 anos)



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)


A distribución do PDI por ramas de coñecemento

A evolución do PDI do SUG ao longo do período 2011-12 a 2018-19 deixa patente un predominio do persoal docente investigador pertencente á rama de Ciencias Sociais e Xurídicas, que sempre se sitúa en valores por encima do 30%, e que mostra un incremento progresivo nestes anos pasando do 30,85% no curso 2011-2012 ao 33,21% do 2018-2019. A rama de Enxeñaría e Arquitectura é a segunda en peso relativo do PDI, se ben a súa evolución é inversa posto que pasa de representar o 21,81% do PDI do SUG en 2011-2012 a significar o 20,46% no último curso do período estudado. O peso do PDI da rama de Ciencias mantense ao longo do período en valores arredor do 18% con mínimas variacións nestes cursos. O PDI da rama de Ciencias da Saúde evoluciona á alza pasando de supoñer o 15,25% do PDI no curso 2011-2012 a contar co 16,42% do PDI sete cursos máis tarde. A rama de Artes e Humanidades presenta unha evolución descendente xa que logo perde 1,75 puntos de xeito que representa no curso 2018-2019 o 11,58% do PDI do SUG. Por último, os efectivos non encaixados en ningunha das ramas de coñecemento presentan valores non significativos e cunha tendencia claramente á baixa dende o curso 2013-2014.

É motivo de preocupación a evolución das ramas de ciencias sociais e xurídicas, e de enxeñaría e arquitectura. Mentres as outras tres ramas seguen unha evolución lóxica tendo en conta a evolución das tendencias sociais e laborais, prodúcese un efecto inverso ao esperado nesas dúas. Todos os estudos sinalan a necesidade de potenciar nos vindeiros anos os títulos denominados STEM, e reducir a oferta de ciencias sociais. Seguir contratando profesorado de maneira contraria a esas tendencias, só conducirá a medio prazo a un desequilibrio non desexable na estrutura do PDI das universidades.

Evolución e distribución por ramas de coñecemento do PDI no SUG

CURSO	Total	Ciencias Sociais e Xurídicas	%	Enxeñaría e Arquitectura	%	Artes e Humanidades	%	Ciencias da Saúde	%	Ciencias	%	Rama non especificada	%
2011-12	5.258	1.622	30,85	1.147	21,81	701	13,33	802	15,25	962	18,30	24	0,46
2012-13	5.021	1.561	31,09	1.083	21,57	650	12,95	757	15,08	926	18,44	44	0,88
2013-14	4.912	1.483	30,19	1.054	21,46	616	12,54	779	15,86	928	18,89	52	1,06
2014-15	4.937	1.555	31,50	1.047	21,21	611	12,38	788	15,96	931	18,86	5	0,10
2015-16	4.825	1.506	31,21	1.029	21,33	587	12,17	779	16,15	919	19,05	5	0,10
2016-17	4.849	1.534	31,64	1.025	21,14	578	11,92	794	16,37	913	18,83	5	0,10
2017-18	4.872	1.582	32,47	1.011	20,75	574	11,78	792	16,26	908	18,64	5	0,10
2018-19	4.854	1.612	33,21	993	20,46	562	11,58	797	16,42	885	18,23	...	



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

A distribución do PDI segundo as distintas ramas de coñecemento debe poñerse en relación coa oferta de titulacións do SUG, dado que o número de efectivos ha de corresponderse coas necesidades derivadas da oferta docente.

Deste xeito pode verse como ás porcentaxes de PDI por ramas de coñecemento son acordes, en xeral coa oferta de titulacións encadradas en cada unha delas. En concreto, no curso 2018-2019, o 33,21% do PDI do SUG asume a docencia do 30,68 % das titulacións do sistema que se corresponden coa rama de Ciencias Sociais e Xurídicas. As titulacións da rama de Enxeñaría e Arquitectura, que son o 25,60% da oferta total, contan co 20,46% do PDI. Ciencias é a terceira rama de coñecemento con máis peso relativo tanto en PDI (18,23%) como en titulacións ofertadas (15,46%). No caso de Ciencias da Saúde mentres ocupa o cuarto posto en canto a PDI do sistema cun 16,42% do total, en canto a oferta docente esta rama é a menos representativa, cun 13,29 %, o contrario do que ocorre coa rama de Artes e Humanidades.

Oferta e PDI por ramas de coñecemento no SUG. Curso 2018/2019


RAMAS	GRAOS	MESTRADOS	DOUTORAMENTOS	TOTAL	% DA OFERTA	% DO PDI
C Sociais e Xurídicas	42	55	30	127	30,68	33,21
Enxeñaría e Arquitectura	36	44	26	106	25,60	20,46
Arte e Humanidades	18	21	23	62	14,98	11,58
Ciencias da Saúde	15	17	23	55	13,29	16,42
Ciencias	12	18	34	64	15,46	18,23
TOTAL	123	155	136	414		

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

A razón alumnado – profesorado no SUG

A razón entre alumnado e profesorado debe ser tido en conta como indicador de calidade das institucións universitarias, xa que é un referente á hora de poder implantar unha docencia máis persoal e adaptada ás necesidades do alumnado; o cal o debería levar á optimización do traballo e do seu rendemento. Trátase de medir a relación entre o número de estudantes en equivalente a tempo completo (matriculados en primeiro e segundo ciclo, grao e mestrado) e o número de persoal docente investigador, así mesmo tomado en equivalente a tempo completo.


Segundo os datos do SIU, a razón alumnado/PDI nos centros propios das universidades públicas presenciais españolas, logo de experimentar un incremento no curso 2013-2014, iniciou unha diminución lixeira e constante, situándose a media estatal no curso 2018-2019 en 13,4 alumnos universitarios por cada docente.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

A evolución da razón alumnado/PDI nos centros propios das universidades públicas presenciais en cada unha das comunidades autónomas, no período comprendido entre os cursos 2011-2012 e 2018-2019, amosa distintas tendencias aínda que, en xeral, pode afirmarse que existe unha mellora dos valores nestes cursos. O conxunto do SUE mellorou en 0,5 puntos a razón. Tres comunidades autónomas (Cataluña, Madrid e Navarra), experimentaron un empeoramento da relación entre alumnado e PDI. Galicia sitúase entre as comunidades que melloraron esta relación, en un punto ao longo destes cursos.


Evolución da razón alumno/PDI por CC.AA



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

No curso 2018-2019 o SUG presentaba unha razón de 11,7 estudantes por cada un dos PDI, o que sitúa ao sistema galego 1.7 puntos por debaixo da media do SUE que, nese curso, foi de 13,4. Galicia, xunto con Castela e León, ocupa o oitavo posto entre as comunidades autónomas, sendo A Rioxa a que presenta unha razón máis baixa (8,4) e, no extremo oposto, Cataluña (14,6).

Razón alumnado/PDI por CC.AA. Curso 2018-2019.




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Nos centros propios das universidades do Sistema Universitario de Galicia pode apreciarse a tendencia á baixa da razón entre estudantado matriculado en grao e mestrado e o PDI, ambos considerados sempre en equivalencia a tempo completo.

Evolución da razón alumnado/PDI nas universidades do SUG

CURSO	UDC	USC	UVIGO	SUG
2011-12	12,1	12,3	13,9	12,7
2012-13	12,1	12,2	13,9	12,6
2013-14	11,8	11,9	14	12,4
2014-15	11	11,5	12,5	11,6
2015-16	10,4	11,5	13,4	11,7
2016-17	10,2	11,2	13	11,3
2017-18	10	11,5	12,9	11,4
2018-19	11	11,5	12,7	11,7




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

No período comprendido entre os cursos 2011-2012 e 2018-2019 as tres universidades galegas melloran a súa razón.

A importancia de este valor é excepcional. As necesidades docentes veñen determinadas polo alumnado matriculado en titulacións oficiais e pola súa distribución nas diferentes ramas de coñecemento. Unha razón máis baixa indica que o profesorado é capaz de atender nas mellores condicións académicas a carga do traballo docente persoal, mantendo unha calidade óptima. O EEES supuxo a necesidade da mellora paulatina da razón como medio fundamental para atender o incremento de traballo e atención persoal ao alumnado.

Cos datos que dispoñemos, pode asegurarse que a cantidade de PDI existente nestes momentos no SUG é máis que dabondo para atender as necesidades docentes do alumnado matriculado no sistema; se ben pode presentar diferencias non desexables entre campus ou titulacións.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

A UVIGO, aínda que presenta valores sempre superiores á media do SUG, é a que máis mellora este dato ao longo destes anos, baixando 1,2 puntos, situándose no curso 2018-2019 en 12,7 alumnos por cada PDI. A USC evoluciona á par da media do SUG, é a que menos mellora a súa razón no período (baixa 0,8 puntos), e no último curso indicado sitúase en 11,5 alumnos por cada PDI, 0,2 puntos por debaixo da media do SUG para ese curso. A UDC é a universidade galega que presenta os valores máis baixos, chegando a contar con 10 alumnos por cada PDI no curso 2017-2018, e, aínda que esta media increméntase no curso seguinte (con 11 alumnos/PDI), ao longo do período sempre presenta valores por debaixo da media do SUG e baixa neses anos 1,1 puntos.

Esta tendencia é previsible que se manteña nos próximos anos, xa que as previsións demográficas, como xa se destacou no apartado correspondente, deseñan un escenario de baixada acentuada no alumnado nas tres universidades galegas.

A menor demanda que se prevé non debe ser considerada como un problema, senón como unha oportunidade para o desenvolvemento dun ensino de maior calidade, acentuar a diminución do cociente alumnado por profesor, e conseguir maior dispoñibilidade de tempo para a investigación e para os estudos de mestrado e doutoramento, na liña prevista no EEES.

Persoal de administración e servizos (PAS)


No período comprendido entre os cursos 2004-2005 a 2018-2019, o persoal de administración e servizos dos centros propios das universidades públicas españolas experimentou un continuo crecemento cuantitativo ata o curso 2010-2011 no que acada o máximo de 53.368 efectivos. A partir dese momento iníciase unha tendencia á baixa que non cambia ata o curso 2016-2017, en que comeza unha recuperación do número deste persoal ata a actualidade. Tendo en conta o citado intervalo de tempo, o incremento acumulado foi do 7,86%.

No caso das universidades privadas a tendencia á alza é continua, solo interrompida no curso 2010-2011 en que cae o número ata niveis do 2004-2005. Neste caso debe terse en conta o incremento do número de institucións universitarias privadas creadas nestes anos, o que obviamente incide no incremento de persoal en xeral.

En todo caso, a porcentaxe de PAS das universidades públicas supón o 84,29% do SUE mentres as privadas supoñen o 15,71% restante, segundo datos do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU).

Evolución do PAS en centros propios de universidades

CURSO	U PÚBLICAS	U PRIVADAS
2004-05	47.321	4.207
2005-06	48.850	4.444
2006-07	49.651	4.635
2007-08	50.880	4.894
2008-09	52.061	5.101
2009-10	53.797	6.065
2010-11	53.368	4.822
2011-12	52.642	6.713
2012-13	51.152	6.976
2013-14	49.973	7.326
2014-15	49.188	7.561
2015-16	49.122	8.026
2016-17	49.493	8.304
2017-18	50.220	8.968
2018-19	51.044	9.514



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

A evolución do PAS das universidades do SUG no mesmo período amosa un saldo positivo aínda máis acusado que no conxunto das universidades públicas do SUE. O crecemento acumulado deste colectivo no SUG foi de 417 efectivos, que supoñen un incremento do 17,40% (mentres o SUE experimentou unha variación porcentual do 7,86% no mesmo período).


Do mesmo xeito que sucedeu a nivel estatal, o PAS do SUG incrementou de xeito continuado ata o curso 2009-2010 en que acadou un total de 2.711 efectivos, pero mentres a nivel do SUE a partir dese momento o descenso é moi acusado, o SUG mantense case sen variacións, destacando o teito acadado no curso 2018-2019 en que, cun total de 2.813 efectivos, supérase o teito acadado antes da crise, mentres o SUE aínda está lonxe de acadalo. Polo tanto pode afirmarse que, se ben este colectivo viuse afectado polas medidas de racionalización do Sector Público postas en marcha para afrontar a crise económica, os seus efectos foron neutralizados en pouco tempo.

Evolución do PAS en centros propios de universidades do SUG

CURSO	UDC	USC	UVIGO
2004-05	621	1.188	587
2005-06	642	1.162	663
2006-07	736	1.140	657
2007-08	768	1.101	662
2008-09	804	1.156	708
2009-10	731	1.290	716
2010-11	758	1.278	675
2011-12	758	1.267	677
2012-13	747	1.231	684
2013-14	748	1.235	678
2014-15	756	1.238	691
2015-16	763	1.229	695
2016-17	764	1.230	699
2017-18	790	1.228	716
2018-19	799	1.223	791

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

En termos globais, é a USC a que conta cun maior número de PAS, incrementando no período estudado un total de 35 efectivos. Pola súa banda, a UDC e UVIGO, manteñen cantidades moi próximas de persoal de administración e servizos, se ben, mentres a universidade coruñesa incrementou en 178 o número deste tipo de persoal nese período, foi a institución viguesa a que rexistrou unha maior alza nestes anos incorporando 204 persoas deste colectivo.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Atendendo á distribución por sexos, a evolución do PAS das universidades galegas é coincidente coa experimentada no mesmo período nos centros propios das universidades públicas presenciais do SUE.

Evolución do PAS en centros propios de universidades públicas presenciais do SUE e SUG.

Distribución por sexo


CURSO	Mulleres SUE	Mulleres SUG	Homes SUE	Homes SUG
2011-12	58,85	58,85	41,15	41,15
2012-13	58,94	58,98	41,06	41,02
2013-14	58,79	58,40	41,21	41,60
2014-15	59,09	58,25	40,91	41,75
2015-16	59,08	58,76	40,92	41,24
2016-17	59,19	58,89	40,81	41,11
2017-18	59,30	59,58	40,70	40,42
2018-19	59,42	59,58	40,58	40,42

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

O peso de mulleres e homes en relación ao total do persoal de administración e servizos mantén porcentaxes similares ao longo do período comprendido entre os cursos 2011-2012 e 2018-2019. Neste caso, destaca o continuo predominio das mulleres (ao contrario do que ocorre co PDI), que tanto nas universidades do SUG como no resto de universidades públicas españolas, supoñen unha diferenza de máis de 18 puntos porcentuais a favor do sexo feminino.

Esta diferenza, lonxe de converxer, tende a evolucionar a favor das mulleres. Deste xeito, mentres no curso 2011-2012 as mulleres supoñían un 17,6% máis que os homes entre o persoal de administración e servizos tanto no SUE como nas universidades galegas, no curso 2018-2019 esta diferenza situouse no 18,8% no SUE e no 19,16% no SUG.

Evolución das porcentaxes de PAS por sexo no SUE e SUG



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Ao considerar a vinculación do persoal de administración e servizos coas institucións nas que desenvolven a súa actividade, é interesante apreciar a porcentaxe de PAS con vinculación permanente, isto é, os funcionarios de carreira e os contratados fixos ou indefinidos. A nivel nacional apréciase un maior peso de contratados permanentes nas universidades privadas e con tendencia ascendente no período, xa que parten dun peso relativo do 80,81% no curso 2015-2016 chegando a supoñer o 84,90% deste colectivo no curso 2018-2019. Pola súa banda, nas universidades publicas do SUE, o peso relativo do PAS permanente foi descendendo nestes anos, de xeito que no primeiro curso do período supoñían o 77,83% do total do PAS, mentres no curso 2018-2019 este tipo de vinculación situouse no 70,86%.

PAS permanente (funcionario e contratado fixo e indefinido)

CURSO	U PÚBLICA		U PRIVADA	
	PAS Total	% PAS Permanente	PAS Total	% PAS Permanente
2015-16	49.122	77,83	8.026	80,81
2016-17	49.493	75,96	8.304	83,71
2017-18	50.220	73,51	8.968	82,30
2018-19	51.044	70,86	9.514	84,90


Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Nas universidades do SUG, do mesmo xeito que nas universidades públicas do resto do SUE, obsérvase unha tendencia descendente neste período. En todo caso a porcentaxe de persoal de administración e servizos con vinculación permanente nas universidades da Coruña e Vigo mantense por encima da media do SUE. Pola contra, no caso da USC o peso relativo do PAS funcionario e contratado fixo ou indefinido presenta valores inferiores á media do SUE.

Porcentaxe de PAS permanente (funcionario e contratado fixo) nas universidades do SUG

CURSO	UDC	USC	UVIGO	SUE
2015-16	85,06	70,14	84,03	77,83
2016-17	82,33	68,13	82,83	75,96
2017-18	77,97	66,78	80,31	73,51
2018-19	75,22	65,17	71,55	70,86

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Dende a perspectiva da estrutura do PAS, considerando as categorías integradas no mesmo, e tendo en conta ao persoal dos centros propios das universidades públicas, distínguese:

- PAS funcionario (de carreira e interino) que inclúe as categorías profesionais definidas no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

- PAS contratado, clasificado en función da titulación esixida para a categoría laboral que posúe.


- persoal eventual

A evolución dos tres grandes grupos en que se clasifica o persoal de administración e servizos dos centros propios das universidades públicas presenciais (funcionarios, contratados e eventuais) presenta certas diferencias entre o SUE e o SUG no período comprendido entre os cursos 2013-2014 e 2018-2019, agás no caso do persoal eventual cuxa representación é residual.

En xeral advírtese unha tendencia á funcionarización do colectivo do PAS tanto a nivel nacional como no sistema galego, se ben neste último caso de xeito máis acusado e sempre mantendo unha maior representación dos funcionarios sobre as diferentes figuras de contratación.

Así, no SUE esta tendencia se reflicte nun incremento do 4,8% de funcionarios no período, que pasan dos 30.481 no curso 2012-2013 aos 31.949 no curso 2018-2019. O PAS contratado a nivel do SUE descende un 6,6%, xa que logo pasa dos 18.622 aos 17.394 efectivos.

No caso do SUG apréciase un marcado cambio na evolución no curso 2013-2014, a partir do cal o incremento de funcionarios contraponse ao descenso dos contratados, sobre todo no curso 2014-2015. A evolución nos mesmos cursos arroxa un incremento acumulado do 24,7% de PAS funcionarios, pasando dos 1.456 efectivos ao inicio do período aos 1.816 no curso 2018-2019, mentres os efectivos correspondentes a persoal contratado descende un 17% (dos 1.187 contratados en 2012-2013 aos 986 no último curso reflectido).



Neste período, o PAS dos centros propios das universidades do SUG incrementouse en total nun 5,67%, o que se traduce en 151 efectivos máis á fin do período, debido, sobre todo, ao aumento do número de funcionarios (360 máis que en 2012-2013) que é superior ao descenso dos contratados (cunha diminución de 201 persoas nestes anos) e o persoal eventual (grupo que perdeu 8 efectivos).

No curso 2012-2013 o PAS funcionario representaba un 54,69% do total deste persoal nos centros propios das universidades do SUG, mentres o PAS contratado supoñía o 44,59% dese colectivo. Transcorridos os sete cursos do período analizado, o PAS funcionario pasa a ter un peso do 64,55% do total e, pola contra, o persoal de administración e servizos con vinculación laboral situouse nun 35,05% do total do PAS do SUG.

Pero é interesante analizar o comportamento de cada unha das categorías profesionais.

O PAS funcionario, inclúe ao funcionario de carreira e ao interino e clasifícase ao abeiro da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público distinguíndose tres grandes grupos en función da titulación esixida para o seu ingreso: Grupo A (cos subgrupos A1 e A2), Grupo B e Grupo C (cos subgrupos C1 e C2).

No SUG, entre as categorías de funcionarios pode verse como o grupo máis numeroso é o C, en concreto o subgrupo C1 que no curso 2018-2019 contaba no SUG con 895 efectivos, seguido do subgrupo C2 con 439. A continuación, os funcionarios do Grupo A, no que o subgrupo A2 rexistrou nese mesmo curso un total de 306 persoas e o subgrupo A1 con 118. En canto á evolución neste período de tempo, foi o Grupo A1 o que acumulou un maior incremento co 51,28%, seguido do grupo C2 co 37,19% e o A2 cun aumento do 20,95% nestes anos. Por outra banda destaca a ausencia de efectivos do Grupo B, para os que se esixe estar en posesión do título de Técnico Superior.


PAS por categorías profesionais no SUG. Centros propios

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total	2.662	2.661	2.685	2.687	2.693	2.734	2.813
Funcionarios. Centros Propios.	1.456	1.457	1.654	1.706	1.721	1.778	1.816
Grupo A	331	332	379	388	383	404	424
Subgrupo A1	78	87	120	126	123	121	118
Subgrupo A2	253	245	259	262	260	283	306
Grupo B	0	0	0	0	0	0	0
Grupo C	1.124	1.113	1.190	1.231	1.244	1.321	1.334
Subgrupo C1	804	850	881	890	880	875	895
Subgrupo C2	320	263	309	341	364	446	439
Outros funcionarios	1	12	85	87	94	53	58
Contratados. Centros Propios.	1.187	1.193	1.019	969	960	945	986
Eventuais. Centros Propios.	19	11	12	12	12	11	11

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Na seguinte gráfica, ademais de apreciar o predominio do PAS funcionario sobre os vinculados por contrato laboral, obsérvase claramente o incremento do funcionariado sobre os contratados nos anos comprendidos entre os cursos 2012-2013 e 2018-2019. Por outra banda, destaca a evolución positiva da totalidade dos grupos en que se clasifica o PAS funcionario neste período.

Evolución do PAS do SUG por categorías. Variación 2012/13-2018/19




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

O PAS da Universidade da Coruña

Durante o período comprendido entre os cursos 2012-13 e 2018-19, a UDC incrementou o seu persoal de administración e servizos nun 6,96%, incremento superior á media do SUG, pasando dos 747 efectivos aos 799 á fin do período, que foi acompañada da funcionarización que afectou a estrutura dese colectivo.

Nestes anos produciuse unha importante transformación da estrutura do PAS da UDC debido ao proceso de funcionarización acometido a partir do curso 2013-14. Deste xeito, o persoal funcionario que no primeiro destes anos supoñía o 59,17% do total do persoal de administración e servizos, acadou a práctica totalidade deste tipo de persoal, o 97,24% no curso 2018-19.

PAS por categorías profesionais na UDC. Centros propios							
	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total	747	748	756	763	764	790	799
Funcionarios. Centros Propios.	442	461	667	718	727	765	777
Grupo A	117	120	169	177	173	191	212
Subgrupo A1	22	27	58	64	63	64	63
Subgrupo A2	95	27	58	64	63	64	149
Grupo B	0	0	0	0	0	0	0
Grupo C	325	330	414	455	460	521	507
Subgrupo C1	242	273	319	345	339	344	350
Subgrupo C2	83	57	95	110	121	177	157
Outros funcionarios	0	11	84	86	94	53	58
Contratados. Centros Propios.	296	285	86	42	34	23	20
Eventuais. Centros Propios.	9	2	3	3	3	2	2



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

No curso 2018-2019, o subgrupo C1 é o máis numeroso xa que logo representa o 43,8% do total do PAS; seguido do C2 que, con 157 efectivos, supón o 20,20%; e o A2 cun peso do 19,17%. Máis lonxe atópase o 7,88% que representan os 63 efectivos pertencentes ao grupo A1.

O PAS da Universidade de Santiago de Compostela

A USC é a universidade galega que conta cun maior número de efectivos de PAS. Ao longo destes cursos esta universidade perdeu un total de 8 persoas pertencentes a este colectivo, o que supuxo unha baixa do 0,6%.


Neste caso, aínda que o persoal con vínculo funcional mantense sempre en valores superiores aos contratados, dende o curso 2013-14 hai unha tendencia á converxencia de ambos efectivos, incrementando lixeiramente os contratados e diminuíndo na mesma proporción os funcionarios para, a partir dese momento evolucionar de xeito paralelo.

PAS por categorías profesionais na USC. Centros propios							
	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total	1.231	1.235	1.238	1.229	1.230	1.228	1.223
Funcionarios. Centros Propios.	657	640	632	630	635	638	629
Grupo A	137	136	134	134	134	135	133
Subgrupo A1	46	51	52	52	50	47	45
Subgrupo A2	91	85	82	82	84	88	88
Grupo B	0	0	0	0	0	0	0
Grupo C	520	504	498	496	501	503	496
Subgrupo C1	349	367	351	340	338	328	348
Subgrupo C2	171	137	147	156	163	175	148
Outros funcionarios							...
Contratados. Centros Propios.	568	589	601	594	590	585	589
Eventuais. Centros Propios.	6	6	5	5	5	5	5

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Ao inicio do período, o PAS funcionario representaba na USC un 53,37% do total. No curso 2018-2019 o PAS funcionario supón o 51,43% do total deste tipo de persoal. Atendendo ás categorías do mesmo apréciase unha estrutura similar ás outras dúas universidades galegas xa que logo a categoría funcional máis numerosa é o persoal pertencente ao subgrupo C1 que representa o 28,45%, seguido do subgrupo C2 que aglutina ao 23,52% do total do PAS, o subgrupo A2 cun 13,99% e solo un 3,67% pertencen ao subgrupo A1.

En canto á distribución do 48,1% do persoal de administración e servizos con vinculación laboral, o SIU non conta con datos de clasificación por categorías.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)


O PAS da Universidade de Vigo

A UVIGO é a universidade galega cun menor número de efectivos no PAS, aínda que no período analizado engadiu un total de 107 persoas, o que supuxo un incremento do 15,64% , valor moi por encima da media do SUG. Destaca o incremento xeneralizado tanto en funcionarios como en contratacións no curso 2018-19.

A evolución do persoal de administración e servizos na universidade viguesa, ao igual que sucedeu na USC mantén o predominio dos funcionarios sobre os contratados e ambos grupos seguen unha evolución en paralelo de xeito que mentres no curso 2012-2013 o peso dos funcionarios situábase nun 52,19%, no curso 2018-2019 os funcionarios representan un 51,83 % do total do PAS.

PAS por categorías profesionais na USC. Centros propios							
	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total	684	678	691	695	699	716	791
Funcionarios. Centros Propios.	357	356	355	358	359	375	410
Grupo A	77	76	76	77	76	78	79
Subgrupo A1	10	9	10	10	10	10	10
Subgrupo A2	67	67	66	67	66	68	69
Grupo B	0	0	0	0	0	0	0
Grupo C	279	279	278	280	283	297	331
Subgrupo C1	213	210	211	205	203	203	197
Subgrupo C2	66	69	67	75	80	94	134
Outros funcionarios	1	1	1	1	0	0	0
Contratados. Centros Propios.	323	319	332	333	336	337	377
Eventuais. Centros Propios.	4	3	4	4	4	4	4

Estrutura do PAS na UVIGO



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Respecto da distribución do PAS funcionario por categorías no curso 2018-2019, no caso da UVIGO, aínda que o grupo máis numeroso segue a ser o grupo C, o subgrupo con maior peso é o persoal do C2 que representa o 32,68% do total, seguido dos funcionarios do subgrupo C1 que son o 24,90% do total do PAS da UVIGO. A continuación sitúanse os funcionarios pertencentes ao subgrupo A2 que supoñen o 16,82% do total e solo un 1,2% do PAS desta universidade corresponden ao subgrupo A1.


Como xa indicamos, respecto da distribución do 47,66% do persoal de administración e servizos con vinculación laboral, o SIU non conta con datos de clasificación por categorías.

A idade do persoal de administración e servizos

A media de idade do persoal de administración e servizos, do mesmo xeito que ocorre co PDI, mostra un incremento co paso dos anos. Esta tendencia ao envellecemento é común ao SUE e o SUG, aínda que no caso das universidades galegas presenta valores lixeiramente superiores ao conxunto do PAS de centros propios das universidades públicas presenciais españolas.

No curso 2015-2016 a media de idade no SUE era lixeiramente superior á das universidades galegas, sendo no primeiro caso de 48,82 anos mentres no SUG situouse en 48,64. Tres cursos máis adiante, apréciase un maior envellecemento do persoal do PAS das universidades galegas que, cunha media de 50,31 anos supera á media do SUE que é de 50,19 anos.


Idade media do PAS en centros propios das universidades públicas presenciais do SUE/SUG



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Non obstante, comparando o sistema galego co resto de comunidades autónomas para o curso 2018-2018, Galicia sitúase no sétimo posto en canto a media de idade do seu PAS. As comunidades que presentan medias de idade inferiores aos 50,31 anos da comunidade galega son Baleares, Cataluña, Valencia, Navarra, Castela-A Mancha e Murcia. Pero son dez as comunidades autónomas que presentan un maior envellecemento do seu persoal de administración e servizos.


Idade media do PAS en centros propios de universidades públicas por CC.AA. Curso 2018-2019



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Da comparación da media de idade do PAS dos centros propios das distintas universidades públicas presenciais no curso 2018-2019, despréndese a notable diferenza existente entre as tres universidades do SUG. Deste xeito, mentres as universidades da Coruña e Vigo ocupan postos por debaixo da media de idade (postos 14 e 19 respectivamente) con 49,07 e 49.92 anos de media, a Universidade de Santiago de Compostela é a oitava universidade pública cunha maior media de idade do seu PAS a nivel estatal con 51,38 anos.

Idade media do PAS en centros propios de universidades públicas. Curso 2018-2019




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

O proceso de envellecemento do persoal de administración e servizos nas tres universidades do SUG está a ser continuado no tempo e avanza en paralelo nas tres institucións. Deste xeito, a USC mantense como a universidade cun PAS máis envellecido ao longo do período comprendido entre os cursos 2015-2016 a 2018-2019, seguida da UVIGO e, por último, a UDC.

Ademais, nestes anos o proceso de envellecemento é máis acusado na USC xa que logo a media de idade do seu PAS incrementouse en 1,7 anos, mentres na UDC o incremento foi de 1,67 anos. Na UVIGO o aumento da media de idade foi menor, 1,65 anos, advertíndose unha certa tendencia ao estancamento do proceso sobre todo no último dos cursos do período.


Evolución da media de idade do PAS nas universidades do SUG



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Tomando os grandes tipos de persoal de administración e servizos no Sistema Universitario de Galicia (funcionarios, contratados e persoal eventual) apréciase o continuo proceso de envellecemento experimentado no período comprendido entre os cursos 2015-2016 e 2018-2019. Deixando á marxe o persoal eventual que, pola súa escasa presenza, non inflúe de xeito decisivo na media de idade, na táboa seguinte pódese advertir a evolución en paralelo do incremento da media de idade do persoal contratado e funcionario, aínda que en todos os anos do período, o colectivo de funcionarios presenta unha media de idade inferior á media do SUG, ao contrario do colectivo de persoal contratado.

Media de idade do PAS do SUG por categorías. Centros propios. Evolución 2015 a 2019



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Analizando a media de idade do PAS por categorías e a súa evolución nesos catro anos, apréciase un envellecemento na totalidade dos grupos, agás no caso de outros funcionarios en que diminúe ao longo deste período en 1,36 anos a media. O colectivo de contratados, para os cales o SIIU non conta con datos desenvolvidos por categorías, é o que presenta unha media de idade máis elevada, con 50,84 anos nos curso 2018-2019. Entre os funcionarios, o subgrupo C1 é o máis xove cunha media de idade de 46,12 anos no curso 2018-2019, malia que dende o inicio deste período a media incrementouse en 2,56 anos. Pola contra, os funcionarios do grupo A, tanto o subgrupo A1 como o A2 son os máis envellecidos con medias de idade de 51,58 e 51,40 anos respectivamente.

Evolución da media de idade o PAS do SUG por categorías


	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Funcionarios	48,35	48,96	49,54	50,02
Subgrupo A1	50,07	50,31	50,99	51,58
Subgrupo A2	49,95	50,68	51,05	51,40
Subgrupo C1	49,30	50,05	51,08	51,35
Subgrupo C2	43,56	44,31	45,29	46,12
Outros funcionarios	50,02	50,19	48,43	48,66
Contratados	49,16	49,82	50,42	50,84
Eventuais	47,92	48,92	48,09	50,82

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

O proceso de envellecemento do PAS afecta tanto ás mulleres coma ós homes, como pode apreciarse nos datos dos cursos 2015-2016 e 2018-2019. Ambos sexos presentan unha evolución en paralelo aínda que o grupo das mulleres sitúase ao longo do período por debaixo de media de idade do PAS do SUG.

Evolución da media de idade do PAS no SUG por sexos


Curso	Homes	Mulleres	SUG
2015-16	48,72	48,58	48,64
2016-17	49,40	49,17	49,27
2017-18	50,13	49,64	49,84
2018-19	50,61	50,11	50,31



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

Como consecuencia do proceso de envellecemento xeneralizado do persoal de administración e servizos das tres universidades galegas, a porcentaxe que se atopa en idade o está en proceso de xubilación, isto é, os que se sitúan no tramo de idade comprendido entre os 60 e os 67 anos, vai incrementándose co paso dos anos, como se aprecia na evolución entre os cursos 2015-2016 e 2018-2019.

A nivel do SUG, mentres no curso 2015-2016 o 8,56% do PAS estaba comprendido nese tramo de idade, pasados tres cursos, a porcentaxe situouse no 11,34%. A USC é a que conta cun maior peso de efectivos nesta situación xa que no curso 2018-2019 o 14,06 do seu PAS está en proceso de xubilación. Pola súa banda, a UVIGO, aínda que é a que conta cunha porcentaxe menos envellecida de persoal de administración e servizos (o 7,59% no curso final do período), é a que está a experimentar un proceso máis acelerado de envellecemento xa que logo incrementou en 3,12 puntos a porcentaxe de efectivos en idade de xubilación.



CONCLUSIONES

- O persoal universitario experimentou un crecemento xeneralizado nos últimos anos, tanto a nivel nacional como autonómico.
- O PDI no SUG ten unha porcentaxe inferior ao SUE.
- O PAS ten un nivel equivalente a nivel autonómico e nacional.
- O persoal investigador é moi superior en porcentaxe en Galicia en relación co resto de España, sendo un factor diferencial da estrutura do persoal.
- O PDI das universidades públicas no SUE está preto das cifras de máximos históricos.
- O PDI do SUG inda non recuperou o profesorado de antes da crise económica.
- Nos últimos anos, o PDI funcionario galego baixou, mentres crecía o laboral, producíndose movementos de converxencia de ambos colectivos.
- As mulleres manteñen un crecemento porcentual relativo dentro da estrutura do PDI, tanto a nivel nacional como autonómico.
- As universidades públicas do SUG presentan valores de porcentaxes de estabilidade no seu PDI moi superiores á media do SUE (entre 15 e 20 puntos).
- A idade media do profesorado experimenta un aumento tanto a nivel do sistema universitario como de cada unha das universidades galegas.
- A USC é a segunda de España en idade media do PDI.
- O profesorado da rama de CC. Sociais e Xurídica medrou en porcentaxe relativa, mentres houbo un descenso do peso do de Enxeñaría e Arquitectura.
- Galicia está por baixo da media nacional na razón de PDI/ alumnado de grao e mestrado.
- A razón PDI/alumnado está en continuo descenso no SUG nos últimos anos.
- O PAS no SUG recuperou os seus efectivos anteriores á crise económica de maneira máis rápida e completa que o SUE.
- O PAS no SUG presenta unha tendencia á funcionarización moito máis forte que a do SUE.
- O PAS a nivel nacional e autonómico presenta un progresivo envellecemento nos últimos anos.

ACCIONES DE MELLORA

- As universidades públicas galegas teñen unha grande oportunidade nos vindeiros anos para redefinir as súas necesidades de futuro para PDI.
- É recomendable ir axustando os colectivos de profesorado por ramas de coñecemento ás necesidades socioeconómicas e as profesións de futuro.
- Debe tratarse de ir equiparando á media do sistema a razón PDI/alumnado, para garantir a igualdade de oportunidades.

4. A oferta docente

A adaptación da universidade española ao EEES, iniciada pola *Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades* e concretada mediante a publicación do *Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais*, supuxo unha reordenación da oferta docente que, a partir dese momento estrutúrase en tres ciclos: Grao, Mestrado e Doutoramento.

Isto supuxo un importante labor por parte das universidades do que resultou unha nova oferta que, no caso das tres universidades galegas, mantivo o seu carácter xeneralista abrangendo as cinco ramas de coñecemento.

Por outra banda, a desaparición do Catálogo de Títulos Oficiais Universitarios e a súa substitución polo Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT) a partir de 2007, favoreceu un proceso inflacionista da oferta oficial universitaria con carácter xeral, incrementando o número de titulacións ofertadas así como a diferenciación de programas de estudo similares mediante denominacións diversas.

A adaptación do SUG seguiu tendencias similares á do resto da oferta académica das universidades españolas públicas presenciais, mantendo practicamente estable a oferta de graos mentres a de mestrados e programas de doutoramento sufriron un importante incremento nos primeiros anos do proceso para, en datas posteriores, estabilizarse mediante un proceso de racionalización inducido tanto polas circunstancias sociodemográficas como pola normativa vixente na materia.

A oferta de titulacións universitarias oficiais do SUG, no curso 2018/2019, representa un 6,63% da oferta nacional, destacando o peso dos programas de doutoramento, que supoñen un 11,13% da oferta deste nivel de formación.

En canto a distribución da oferta docente do SUG atendendo aos tres ciclos definidos pola normativa, destaca o peso dos mestrados, que no curso indicado chegaron a contabilizar 191 impartidos polas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, o que supón o 42,54 % da oferta total do SUG. Os programas de doutoramento representan case un 30% da oferta, mentres os 124 graos supoñen o 27,6% das titulacións universitarias oficiais impartidas no SUG.

Oferta de titulacións. Curso 2018/2019


TITULACIÓNS	SUE		SUG		
	Total	%	Total	%	% da oferta SUE
Graos	2.140	31,58	124	27,62	5,79
Mestrados	3.494	51,56	191	42,54	5,47
Doutoramentos	1.142	16,85	134	29,84	11,73
Total	6.776	100	449	100	6,63

Fonte: SIIU e Secretaría Xeral de Universidades

En Galicia, a adaptación á nova estrutura adaptada ao EEES realizouse de forma paulatina:

- graos: dende o curso 2008-2009
- máster: dende o curso 2006-2007
- doutoramento: dende o curso 2007-2008

O seguinte gráfico presenta a evolución da oferta no SUG dende que se produce a mencionada adaptación e no que se evidencia o comportamento da oferta nos tres ciclos de ensinanzas.



Fonte: Secretaría Xeral de Universidades

Graos

A paulatina implantación dos graos, que comezou no curso 2008-2009 coa oferta de 5 titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), rematou no curso 2010-2011, momento no cal a oferta total de títulos de grao no SUG era de 119. A partir deste momento a tendencia foi a estabilización do número de titulacións dese nivel, sen prexuízo da busca dunha maior adaptación as demandas do mercado laboral actual. Con esta finalidade o 20 de Marzo do 2017 as tres universidades do SUG e a consellería competente en materia universitaria asinaron un Acordo onde se fixaban as liñas e criterios para a ordenación racional e acorde as necesidades da comunidade galega do mapa de titulacións do SUG.


Baixo as anteriores premisas, no curso 2018-2019 a oferta total de títulos de grao no SUG foi de 123, un dos cales, o Grao en Paisaxe, é interuniversitario entre as universidades de Coruña e Santiago de Compostela. Por universidades, a UDC ofertou 39 graos, a USC 45 e a UVIGO 40.

Titulacións de grao antigas e novas

Universidade	2007-08 Antigas	2018-19 Graos
UDC	48	39
USC	63	45
UVIGO	57	40
TOTAL	168	124

Fonte: Secretaria Xeral de Universidades

A tendencia do Sistema Universitario de Galicia evoluciona cara o mantemento do número da oferta de titulacións de grao, contemplado como un dos principios básicos da ordenación universitaria en Galicia, tendo en conta o previsible descenso demográfico, a existencia de titulacións sen demanda ou non axeitadas ás actuais e futuras características do tecido produtivo. Medidas como o fomento de graos interuniversitarios, redefinición da oferta de titulacións multiplicadas, especialización dos campus, ou a adaptación a perfís profesionais de futuro, encamiñanse cara a adaptar ditas titulacións á demanda do contorno económico-social.



Fonte: Secretaría Xeral de Universidades


Por outra banda, é interesante analizar a oferta de titulacións de grao dende o punto de vista das ramas de coñecemento, perspectiva que pon de manifesto unha desigualdade numérica na oferta que está encabezada pola rama de Ciencias Sociais e Xurídicas cun total de 42 títulos de grao, seguida pola rama de Enxeñaría e Arquitectura con 36 graos e xa bastante diferenciados cuantitativamente, a oferta na rama de Arte e Humanidades (18 graos), Ciencias da Saúde (15 graos) e, por último a rama de Ciencias con 12 graos ofertados na totalidade dos centros universitarios galegos.

RAMAS DE COÑECIMENTO	GRAOS OFERTADOS 2018/19
Ciencias Sociais e Xurídicas	42
Enxeñaría e Arquitectura	36
Arte e Humanidades	18
Ciencias da Saúde	15
Ciencias	12
TOTAL	123

Fonte: SIIU datos avance

En todo caso, esta distribución por ramas de coñecemento é moi semellante á que presenta o conxunto de universidades españolas, segundo datos do Observatorio del Sistema Universitario.

Graos ofertados por rama de coñecemento. Curso 2018/2019



Fonte: Observatorio del Sistema Universitario

Entre os graos ofertados no SUG na actualidade existen algunhas titulacións cuxa oferta aparece multiplicada en varios centros, tanto en distintas universidades do sistema como dentro de unha mesma universidade pero en distintos centros e/ou campus. Trátase de titulacións cunha longa traxectoria de oferta en Galicia, en xeral con niveis elevados de matriculación, aínda que non sempre coincidentes cos perfís profesionais demandados, o que incide nos índices de empregabilidade dos graduados, como se analizará máis adiante.

Graos con oferta multiplicada no SUG


RAMA DE COÑECEMENTO	GRAO	Nº DE CENTROS QUE A OFERTAN
Ciencias Sociais e Xurídicas	<i>Administración e Dirección de Empresas</i>	8
	<i>Ciencias da Actividade Física e do Deporte</i>	2
	<i>Comunicación Audiovisual</i>	3
	<i>Dereito</i>	4
	<i>Economía</i>	3
	<i>Educación Infantil</i>	6
	<i>Educación Primaria</i>	6
	<i>Educación Social</i>	3
	<i>Relacións Laborais e Recursos Humanos</i>	5
	<i>Traballo Social</i>	2
	<i>Turismo</i>	2
Ciencias da Saúde	<i>Enfermaría</i>	8
	<i>Fisioterapia</i>	2
Enxeñaría e Arquitectura	<i>Enxeñaría Eléctrica</i>	2
	<i>Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais</i>	2
	<i>Enxeñaría Informática</i>	3
	<i>Enxeñaría Mecánica</i>	2
Arte e Humanidades	<i>Filoloxías</i>	3
Ciencias	<i>Bioloxía</i>	3
	<i>Química</i>	3

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades

Por outra banda, unha serie de graos, todos eles da rama de coñecemento de Enxeñaría e Arquitectura, presentan unha oferta duplicada no SUG aínda que non acadan os niveis mínimos de demanda fixados pola normativa autonómica. Trátase dos graos en Enxeñaría Agraria da UVIGO e Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria da USC, Enxeñaría Forestal da UVIGO, e Enxeñaría Forestal e Xestión do Medio Natural da USC e, por último, Enxeñaría Civil da USC e, na UDC Tecnoloxías da Enxeñaría Civil e Enxeñaría de Obras Públicas. Estes grupos de titulacións, malia que as denominacións varían, son coincidentes nas habilitacións que proporcionan aos seus egresados, e teñen en común que non contan con demanda suficiente no sistema polo que deberanse poñer en marcha fórmulas colaborativas que permitan dar solución a este problema racionalizando a oferta formativa nestes eidos co obxecto de racionalizar e fortalecer a oferta dende unha perspectiva de sistema.

Nos últimos anos, do mesmo xeito que no resto do sistema español, as universidades galegas complementaron a súa oferta cos programas de simultaneidade de graos, os mal chamados “dobres graos” que posibilitan ao alumnado cursar a un tempo dúas titulacións mediante a adaptación dos horarios docentes, de xeito que obteñen dous títulos oficiais ao rematar os seus estudos. O éxito de demanda destes programas está a provocar un incremento acelerado na oferta que é necesario racionalizar co obxecto de non desvirtuar a inicial finalidade de captación de alumnado excelente e proporcionar unha mellora das competencias do estudiantado de cara ao mercado laboral mediante sinerxías entre titulacións complementarias.

Oferta de programas de simultaneidade de graos: Evolución 2012/2019



Fonte: Secretaría Xeral de Universidades

No gráfico pode apreciarse a evolución da oferta de programas de simultaneidade de graos no SUG que nos últimos cursos experimentou un incremento exponencial. No curso 2012/2013 a UDC era a única universidade galega que ofertaba esta posibilidade ao seu alumnado, con dúas opcións: ADE e Dereito, e Ciencias Empresariais e Turismo. Esta oferta situouse nun total de 18 programas de simultaneidade no curso 2018/2019. Ademais do incremento na UDC, que pasa de ofertar dúas a seis simultaneidades, chama a atención a evolución da USC que chega a contar na súa oferta con nove programas, mentres a UVIGO oferta tres.


Mestrados universitarios

En canto á oferta de mestrados, as universidades galegas comezaron a impartir estas titulacións no curso 2006-2007 cun total de 30 no conxunto do SUG experimentando un incremento exponencial nos cursos sucesivos de xeito que no curso 2018-2019 situouse en 191 mestrados universitarios. Esta progresión foi un fenómeno común ao Sistema Universitario Español (SUE), se ben, no ámbito galego tendeu a estabilizarse como resultado da aplicación das disposicións normativas vixentes nesta materia a nivel autonómico.

O proceso de implantación dos mestrados oficiais adaptados ao EEES presenta unhas características específicas debidas a causas diversas. Por unha banda, o inicio da súa implantación no curso 2006-2007 foi previo á elaboración e posta en marcha dos graos universitarios, consecuentemente non foron convenientemente planificados a nivel de centro, de campus ou de universidade. Por outra banda, a normativa estatal aplicable aos mesmos sufriu diversos cambios que afectaron a aspectos como a duración estándar destas titulacións ou aos requisitos de acceso aos mesmos.

Como consecuencia, houbo un aumento espectacular, fóra de toda lóxica, do número de mestrados implantados: dos 30 autorizados no curso 2006-2007, incrementouse a un total de 230 no curso 2012-2013. A partir do curso 2013-2014 invértese a tendencia comezando un período de estabilización da oferta motivada, en gran parte, pola entrada en vigor do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e demais normativa autonómica de desenvolvemento.

Deste xeito, o número total de mestrados implantados foi estabilizándose ata acadar no curso 2018-2019 un total de 191. En todo caso trátase dunha oferta de carácter máis variable e en continua reestruturación, facilitada pola menor duración destes estudos.



Fonte: Secretaría Xeral de Universidades

Como se pode observar na seguinte táboa, a universidade galega que presenta unha maior oferta de mestrados no curso 2018-2019 é a USC (70), seguida da UDC (62) e da UVIGO (59).

Estudos de Mestrado no SUG

Universidade	2006-07 (curso inicio mestrado)	2018-19
UDC	13	62
USC	9	70
UVIGO	8	59
TOTAL	30	191

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades

A racionalización da oferta de mestrados ao longo destes anos foi propiciada pola normativa autonómica e o labor conxunto das universidades galegas e a administración aplicando criterios de especialización dos campus, incorporación na elaboración das memorias de perfís profesionais vinculados a sectores estratéxicos da Comunidade Autónoma, medidas para o fomento do espírito emprendedor e o autoemprego dos egresados, e evitando a duplicidade de titulacións.

Este traballo de racionalización de titulacións ten a súa incidencia tanto a nivel de Sistema universitario de Galicia como a nivel nacional, xa que Galicia figura entre as tres primeiras comunidades autónomas que presentan esta tendencia á estabilización da oferta de titulacións universitarias.

Por ramas de coñecemento, os mestrados de Ciencias Sociais e Xurídicas abranguen máis da metade da oferta do SUG (55 titulacións), seguida da oferta na rama de Enxeñaría e Arquitectura con 44 títulos e nos que teñen un peso importante os chamados “habilitantes”, imprescindibles para exercer unha profesión regulada. Arte e Humanidades (21), Ciencias (18) e Ciencias da Saúde (17) completan a oferta deste nivel de titulacións.


RAMAS DE COÑECEMENTO	MÁSTER OFERTADOS 2018-19
Ciencias Sociais e Xurídicas	55
Enxeñaría e Arquitectura	44
Arte e Humanidades	21
Ciencias da Saúde	17
Ciencias	18
TOTAL	155

Fonte: SIU datos avance

Dentro da oferta total de mestrados universitarios distínguense os interuniversitarios nos que a colaboración pode artellarse entre dúas ou máis universidades do SUG ou ben con institucións universitarias non pertencentes ao SUG, tanto nacionais como estranxeiras. Esta fórmula é fomentada pola normativa vixente nesta materia e no seguinte cadro pode apreciarse o incremento destas colaboracións curso a curso.

Mestrados Interuniversitarios no SUG

Curso implantación	Mestrados conxuntos entre universidades do SUG	Mestrados conxuntos con universidades de fóra do SUG	Totais Mestrados Interuniversitarios
2006-07	5	1	6
2007-08	9	6	15
2008-09	13	4	17
2009-10	7	4	11
2010-11	20	17	37
2011-12	19	17	36
2012-13	16	16	32
2013-14	16	12	28
2014-15	18	13	31
2015-16	17	15	32
2016-17	15	15	30
2017-18	22	14	36
2018-19	21	14	35



Fonte: Secretaría Xeral de Universidades

Apréciase unha oscilación cuantitativa na oferta, dende o curso en que comezou a implantación destas titulacións e que é común aos mestrados polas causas xa indicadas. Non obstante, o incremento da oferta de mestrados interuniversitarios no SUG queda evidenciada nos cursos posteriores á entrada en vigor da normativa autonómica ditada nesta materia e constata o labor das universidades galegas a prol das fórmulas de colaboración.

Doutoramentos

A integración no EEES supuxo unha importante transformación dos estudos do terceiro ciclo. O *Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento*, sitúa este nivel como nexa entre docencia e investigación e recoñece o seu labor de conexión entre a universidade e a sociedade.

Créanse as Escolas de Doutoramento como unidades competentes en materia de investigación, organización e xestión da oferta de actividades de formación e desenvolvemento do doutoramento

nunha ou varias ramas de coñecemento e a posibilidade de ter una carácter interdisciplinar. Os programas de doutoramento contarán cun coordinador, e se agrupan en liñas de investigación desenvolvidas por equipos e proxectos de investigación, organización que ven a superar a anterior dispersión desta formación a nivel de departamentos, e fomenta a tanto a investigación científica como a posibilidade de participación de empresas.

No SUG existen na actualidade tres Escolas Internacionais de Doutoramento, correspondentes ás tres universidades galegas, A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo. A adaptación á normativa específica, que en Galicia realizouse de xeito exemplar polas universidades adiantándose aos prazos fixados no Real Decreto, supuxo unha reordenación da oferta de programas de doutoramento.

Deste xeito, no curso 2007-2008 as universidades do SUG ofertaban 193 titulacións de terceiro ciclo. Logo de sucesivas transformacións inducidas por cambios normativos, no curso 2018-2019, o SUG ofertou un total de 134 programas de doutoramento.

Programas de doutoramento antigos e actuais

Universidade	2007-08 (antigos programas)	2018-19
UDC	45	38
USC	92	57
UVIGO	56	39
TOTAL	193	134

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades

Por ramas de coñecemento, a oferta de programas de doutoramento presenta unha maior homoxeneidade. Destaca a rama de Ciencias cunha oferta total de 34 programas, mentres as ramas de Arte e Humanidades e Ciencias da Saúde, os de menor oferta, sitúanse nun total de 23 programas respectivamente.

Programas de doutoramento por ramas de coñecemento ofertados no SUG.

Curso 2018/2019

RAMAS DE COÑECEMENTO	PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO OFERTADOS 2018-19
Ciencias Sociais e Xurídicas	30
Enxeñaría e Arquitectura	26
Arte e Humanidades	23
Ciencias da Saúde	23
Ciencias	34
TOTAL	136

Fonte: SIIU datos avance

Os desafíos na materia de oferta de títulos estarán na procura de fórmulas de colaboración entre universidades no eido docente, para optimizar os recursos humanos e materiais, e a racionalización desa oferta en todos os niveis: grao, mestrado e doutoramento, tendo en conta a contorna socioeconómica na que se desenvolve.

A universidade debe adiantarse ás transformacións socioeconómicas e, cando iso non fora posible, axeitarse ás demandas do contorno. Deste xeito poderá acadarse unha maior sintonía entre o sistema universitario e a empregabilidade e a retención de talento o que , sen dúbida, levará consigo unha mellora da competitividade e o desenvolvemento social.

CONCLUSIONES

- * A oferta docente do SUG mantén un carácter xeneralista aínda que as titulacións que se van incorporando tenden a encadrarse nas liñas de especialización dos campus.
- * Apréciase unha tendencia á estabilización en canto ao número de titulacións ofertadas, unha vez finalizado o proceso de adaptación ao EEES.
- * Existen certas disfuncións (duplicidades, desaxustes coa demanda do contorno...) que deberán afrontarse a corto e medio prazo.
- * A oferta de programas de doutoramento presenta valores anormalmente altos respecto ao resto do SUE.
- * A adecuación da oferta do SUG á demanda real de titulados universitarios, deberá ter en conta os novos perfís profesionais que a sociedade require.
- * A incorporación de novas titulacións non aparelhou unha reordenación en profundidade da oferta prescindindo ou remodelando títulos “obsoletos” ou carentes de interese para o contorno socioeconómico.
- * Cuantitativamente a oferta tende a estabilizarse nos tres ciclos e reflicte a aposta pola calidade e a excelencia sobre a cantidade.

ACCIONS DE MELLORA

- * Reformulación de titulacións con oferta multiplicada no SUG e carentes de demanda.
- * Retirar da oferta títulos que, de maneira consistente ao longo do tempo, presente valores inferiores aos fixados na normativa autonómica.
- * Incorporación de novas titulacións de grao e mestrado acordes cos perfís profesionais de futuro.
- * Redución do número de programas de doutoramento a niveis similares de grao e mestrado respecto da media do SUE.
- * Potenciación da oferta académica especializada segundo a acreditación dos campus.
- * Facer seguimento continuo da evolución de graos e mestrados en demanda, necesidade social, taxas de cambio e abandono, e taxas de idoneidade e graduación.
- * Progresiva adecuación da oferta académica aos índices de inserción laboral.
- * Consideración dos resultados académicos nos mecanismos do plan de financiamento do SUG.

5. Inserción laboral

A inserción laboral é unha das principais vías de transferencia de coñecemento, unha das tres misións das universidades. Un reto fundamental que deben afrontar as universidades é a mellora da empregabilidade dos seus egresados.

Nas últimas décadas España experimentou un notable incremento do número de titulados universitarios altamente cualificados mentres o tecido produtivo avanzou a un ritmo máis lento, incapaz de absorber a crecente oferta de egresados, ou necesitada de perfís profesionais moitas veces non coincidentes coas competencias adquiridas na universidade. Esta situación está a crear problemas de sobrecualificación, paro de universitarios...


Segundo os datos do informe *Education at a Glance 2020* da OCDE, España ten unha das taxas de graduación en educación terciaria máis elevadas. É necesario aclarar que na terminoloxía utilizada pola OCDE “educación superior ou terciaria” engloba varios niveis: educación superior non universitaria, que en España correspóndese cos ciclos formativos de grao superior e ensinanzas artísticas superiores; educación superior universitaria, nos que se comprende os programas de grao ou equivalente, mestrado e doutoramento.

No período comprendido entre os anos 2006 e 2019 a porcentaxe de poboación con educación superior incrementouse tanto a nivel do Estado (un 9,8%) como en Galicia (incremento do 9,6%). Así mesmo, as porcentaxes de incremento en cada un dos sexos foron moi similares en ambos ámbitos: incremento do 7,5% de homes en España e do 7,4% en Galicia e 11,9% de incremento de mulleres con educación superior tanto a nivel estatal como autonómico.

Porcentaxe de poboación con Educación Superior entre os 25 - 64 años

ANO	ESPAÑA			GALICIA		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
2006	28,8	28,3	29,4	28,3	27,1	29,4
2007	29,3	28,6	30,0	28,6	27,1	30,1
2008	29,5	28,9	30,2	29,3	27,6	30,9
2009	30,0	28,9	31,1	29,7	27,7	31,7
2010	31,0	29,6	32,5	30,1	28,0	32,1
2011	31,9	30,5	33,3	31,0	29,4	32,5
2012	32,6	31,1	34,2	31,3	29,5	33,1
2013	33,7	32,0	35,4	32,1	29,6	34,7
2014	34,7	32,8	36,5	33,4	30,4	36,3
2015	35,1	32,7	37,5	35,2	32,1	38,1
2016	35,7	33,0	38,4	35,7	32,0	39,3
2017	36,4	33,8	38,9	36,5	32,9	40,1
2018	37,3	34,6	39,8	36,9	33,4	40,4
2019	38,6	35,8	41,3	37,9	34,5	41,3

Fonte: explotación das variables educativas da Enquisa de Poboación Activa (INE). Ministerio de Educación e Formación Profesional



Fonte: explotación das variables educativas da Enquisa de Poboación Activa (INE). Ministerio de Educación e Formación Profesional

No ano 2019, segundo datos do Ministerio de Educación e Formación Profesional, atendendo aos grupos de idade e sexos, obsérvase claramente o incremento das porcentaxes de poboación con estudos de educación superior. O grupo de cunha maior porcentaxe de persoas con educación superior é o comprendido entre os 25 e 34 anos. Galicia supera en máis de dous puntos a media estatal, cun 48,7%, destacando o 55,3% de mulleres, mentres a nivel de España as mulleres supoñen un 52,4% dun total de 46,5% da poboación con formación de nivel superior. Estes valores diminúen a medida que aumenta a idade do grupo analizado, de xeito que entre a poboación con máis de 55 anos o total en España se sitúa no 26,7% mentres en Galicia esta porcentaxe é do 22,4%. Estes valores indican ademais un cambio de tendencia na comunidade galega, que incrementa o peso dos seus titulados en educación terciaria nas últimas décadas de xeito máis acentuado que a media estatal.

Porcentaxes de poboación con estudos superiores por sexo e tramos de idade. Ano 2019


ANO 2019	AMBOS SEXOS	Homes	Mulleres
25 - 64 años			
TOTAL	38,6	35,8	41,3
Galicia	37,9	34,5	41,3
25 - 34 años			
TOTAL	46,5	40,6	52,4
Galicia	48,7	42,1	55,3
35 - 44 años			
TOTAL	44,4	39,3	49,4
Galicia	47,3	40,5	54,1
45 - 54 años			
TOTAL	37,2	35,4	39,0
Galicia	36,0	33,5	38,4
55 - 64 años			
TOTAL	26,7	27,9	25,4
Galicia	22,4	23,3	21,5

Fonte: Explotación das variables educativas da Enquisa de Poboación Activa (INE). Ministerio de Educación y Formación Profesional

Non obstante, deben matizarse os datos tendo en conta a terminoloxía utilizada. Así, no ano 2019, segundo o Ministerio de Educación e Formación Profesional, do total da educación superior en España o 36,9% titúlense no nivel de ciclo curto, mentres nos niveis universitarios o 48,8% son de graos ou equivalentes e o 14,3% de mestrados.

A consecución dun nivel de educación superior incrementa as posibilidades de incorporación ao mercado laboral e o acceso a remuneracións máis elevadas. No ano 2019, a taxa de emprego media nos países da OCDE foi de 61% para as persoas entre os 25 e os 34 anos que non contan con estudos de ensino secundarios superiores, para os que contan con estudos de secundaria ou postsecundaria non superior foi do 78%, mentres que as persoas cun nivel educativo de nivel superior presentaron unha taxa de emprego do 85%.

En España a taxa de emprego para os que contan con estudos inferiores á secundaria foi do 63%, para as persoas con niveis de secundaria ou postsecundaria non superior esta taxa situouse no 71%. Os que contan con estudos superiores acadaron unha taxa de emprego do 79%.



Fonte: Explotación das variables educativas da Enquisa de Poboación Activa (INE). Ministerio de Educación e Formación Profesional

A situación do emprego entre os titulados universitarios


A formación universitaria outorga aos individuos unhas características produtivas e capacidades que impulsan a súa empregabilidade e facilitan a incorporación ao mercado de traballo en mellores condicións de salarios, estabilidade e promoción. Pero ademais existen unha serie de factores externos que inflúen de xeito indiscutible na empregabilidade: o ciclo

económico, o dinamismo das empresas, a especialización sectorial...que condicionan a inserción laboral a todos os niveis. Isto é algo que veñen reflectindo informes como *Empleabilidad de la población cualificada* elaborado no 2017 pola EAE Business School ou o informe *Itinerarios de inserción laboral y factores determinantes de la empleabilidad: formación universitaria versus entorno* da Fundación BBVA.

En España a combinación entre o incremento de poboación con estudos superiores e o contorno socioeconómico pon de relevo a existencia dun grande desaxuste e a sobrecualificación, o que incide no eficaz aproveitamento do capital humano.

Un indicador da sobrecualificación é a porcentaxe de traballadores con estudos superiores en ocupacións que non requiren a priori este nivel de estudos, é dicir, que poderían ser desempeñadas por traballadores con niveis de formación media ou básica. Segundo datos do *Informe SUE. 2018. La contribución socioeconomica del Sistema Universitario Español*, do IVIE, no ano 2017 existía en España un 36,9% de traballadores con estudos superiores en ocupacións para as que non faría falla tanta formación. Isto supón un grao de sobrecualificación 14 puntos por enriba da media da UE sendo o país con maior porcentaxe de sobrecualificación da UE.

Sobrecualificación e axuste dos ocupados con estudos superiores. Países UE-28. Ano 2017



Fuente: Eurostat (2018) y elaboración propia.

Fonte: IVIE. *Informe SUE. 2018. La contribución socioeconomica del Sistema Universitario Español*

O desemprego afecta a todos os colectivos, pero en moita menor medida aos individuos máis cualificados. Deste xeito, segundo datos do ano 2017, as taxas de paro dos universitarios eran do 8,9%, en contraste co 17,2% de taxa xeral ou ao 25% das persoas con niveis educativos ata o ensino secundario obrigatorio.

Ao igual que o caso español, en Galicia as taxas de desemprego son menores no segmento dos universitarios que noutros casos.

A nivel nacional, os datos da *Encuesta de Inserción laboral de titulados universitarios 2019*, realizada polo INE, que estuda a evolución da cohorte de titulados no curso 2013-2014 no Sistema Universitario Español mostra unha serie de características destacables referidos a datos do ano 2019:

Entre os graduados no curso 2013-2014 a taxa de actividade situouse no 93,6%, (94,4% en homes e 93% en mulleres). A taxa de emprego era do 86,1%, tamén máis alta entre homes (87,8%) que entre mulleres (84,9%). O 6,4% dos graduados estaban en situación de inactividade, e os dous terzos deste continuaban estudando cinco anos despois de rematar os seus estudos. Cinco anos despois de titularse, a taxa de paro dos graduados era do 8% senso superior entre as mulleres (8,8%) que entre os homes (7%.)

Situación laboral en 2019 dos graduados universitarios no curso 2013-2014

Ano 2019	Taxa de actividade	Taxa de emprego	Taxa de paro
Ambos sexos			
Total	93,6	86,1	8,0
Homes			
Total	94,4	87,8	7,0
Mulleres			
Total	93,0	84,9	8,8

Fonte: Encuesta de Inserción laboral de titulados universitarios 2019. Instituto Nacional de Estadística (INE)

Os titulados universitarios de mestrado do curso 2013-2014, no ano 2019 presentaban taxas lixeiramente máis favorables que os graduados, confirmando que a maior nivel de estudos, mellores resultados obtense de cara a inserción no mercado laboral, presentando tamén pequenas diferenzas a favor dos homes. Así a taxa de actividade en 2019 foi para ese colectivo o 94,2% (95% os homes e o 93,5% as mulleres). A taxa de emprego era do 87,3% (88,3% entre os homes e o 86,6% as mulleres).

Cinco anos despois de titularse nun mestrado, a taxa de paro situouse no 7,3% e o desemprego afectaba máis ás mulleres (7,4%) que a os homes (7,1%). Nese período o 5,8% dos titulados en mestrado estaban en situación de inactividade e dous de cada tres continuaban estudando.

Situación laboral en 2019 dos titulados en mestrado no curso 2013-2014

Ano 2019	Taxa de actividade	Taxa de emprego	Taxa de paro
Ambos sexos			
Total	94,2	87,3	7,3
Homes			
Total	95,0	88,3	7,1
Mulleres			
Total	93,5	86,6	7,4

Fonte: Encuesta de Inserción laboral de titulados universitarios 2019. Instituto Nacional de Estadística (INE)

Da análise das taxas segundo a diferentes ramas de coñecemento resultan unha serie de notables diferenzas. Entre os graduados no curso 2013-2014, no ano 2019 a taxa de paro na rama de Artes e Humanidades situouse no 13,4% do colectivo, seguido dos graduados en titulacións da rama de Ciencias, cun 10,2% de paro e os da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas co 9,6%. As ramas cun menor índice de paro son Enxeñaría e Arquitectura (4,4%) e Ciencias da Saúde co 4,7%.


Taxas 2019 en graduados universitarios en 2013-2014 segundo a rama de coñecemento

Ano 2019	Taxa de actividade	Taxa de emprego	Taxa de paro
C. Sociais e Xurídicas	92,5	83,6	9,6
Enxeñaría e arquitectura	96,7	92,4	4,4
Artes e humanidades	88,2	76,3	13,4
C. Da Saúde	96,0	91,5	4,7
Ciencias	93,4	83,9	10,2

Fonte: Encuesta de Inserción laboral de titulados universitarios 2019. Instituto Nacional de Estadística (INE)

No ano 2019, a taxa de emprego dos graduados universitarios do curso 2013-2014 era do 86,1% a nivel estatal. Por comunidades autónomas, A Rioxa, Cataluña e Navarra presentan taxas de emprego superiores ao 90%, mentres Canarias, Castela A Mancha e Andalucía, situáronse por debaixo do 82%. Galicia, cun 83,3 % de taxa de emprego, non acada a media nacional da que lle separan 2,8 puntos, ocupando o posto duodécimo na comparativa das comunidades autónomas.

Taxa de emprego dos graduados universitarios do curso 2013-2014 por CC.AA. Ano 2019



Fonte: Encuesta de Inserción laboral de titulados universitarios 2019. Instituto Nacional de Estadística (INE)

No caso dos estudantes galegos a tendencia é similar á española aínda que cunhas porcentaxes lixeiramente inferiores (38,76% no primeiro ano e 69,86% no cuarto ano). En Galicia, segundo o informe *Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2013-2014 (EIL1314)* publicado pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) no ano 2018, o 79,59% dos titulados no curso 2013-2014 estaban a traballar, e un 80,11% deles fano en Galicia.

Así mesmo, se se fai esta análise por rama de coñecemento, as diferenzas son evidentes. Durante o primeiro ano máis da metade dos egresados da rama de Enxeñaría e Arquitectura (56,60%) xa están afiliados á Seguridade Social, seguidos polo estudantado de Ciencias Sociais e Xurídicas (45,53%), mentres que soamente o están un 28,18% dos egresados de Artes e Humanidades. Esas diferenzas mantéñense co paso dos anos, aínda que no cuarto son os egresados de Ciencias da Saúde os que teñen unha maior porcentaxe de afiliación (77,74%), seguidos de preto polos de Enxeñaría e Arquitectura (77,49%).

Taxa de afiliación á Seguridade Social dos egresados en 2013-2014 (%)

	1º ano	2º ano	3º ano	4º ano
Total España	44,73	58,09	66,75	71,55
Ciencias Sociais e Xurídicas	45,53	56,92	65,28	70,21
Enxeñería e Arquitectura	56,6	66,7	74,09	77,49
Artes e Humanidades	28,18	39,35	50,07	56,58
Ciencias da Saúde	41,09	65,45	73,46	77,74
Ciencias	28,87	46,99	60,93	68,54
Total Galicia	38,76	55,08	64,66	69,86
Ciencias Sociais e Xurídicas	38,18	52,39	62,76	67,87
Enxeñería e Arquitectura	51,81	65,26	72,6	77,02
Artes e Humanidades	18,03	29,37	43,03	49,04
Ciencias da Saúde	36,4	65,84	71,49	76,46
Ciencias	23,1	38,28	56,16	64,76

Fonte: Ministerio de Educación e Formación Profesional

Dos afiliados á Seguridade Social, porén, unha porcentaxe moi pequena é de egresados que optaron polo autoemprego. A nivel español soamente un 8,26% son autónomos un ano despois de ter finalizado os estudos e, esta porcentaxe diminúe durante os seguintes anos, sendo un 8,06% o cuarto ano. A nivel galego a porcentaxe é lixeiramente máis alentadora durante o primeiro ano cun 9,62%; non obstante, nos seguintes anos a diminución é máis acusada, estando nun 7,63% no cuarto ano.

Por ramas de coñecemento, tanto a nivel español como galego, os que máis optan polo autoemprego no ano seguinte a rematar os seus estudos son os egresados da rama de Ciencias da Saúde (13,39%), colocándose así na primeira posición, que seguen mantendo aos catro anos. En ambos casos, os egresados/as de Ciencias son os que teñen unha porcentaxe menor de afiliación á Seguridade Social como autónomos.

Porcentaxe de egresados do curso 2013-2014 que optaron polo autoemprego (autónomos) por ramas de coñecemento (%)

	1º ano	2º ano	3º ano	4º ano
Total España	8,26	7,73	7,9	8,06
Ciencias Sociais e Xurídicas	6,77	6,39	6,68	6,87
Enxeñería e Arquitectura	8,45	8,63	8,58	8,67
Artes e Humanidades	9,95	9,57	9,5	10,34
Ciencias da Saúde	13,39	10,6	11,16	11,25
Ciencias	6,4	4,75	4,26	4,14
Total Galicia	9,62	8,08	7,87	7,63
Ciencias Sociais e Xurídicas	8,87	7,85	7,26	6,62
Enxeñería e Arquitectura	8,38	7,75	7,72	7,88
Artes e Humanidades	12,12	10,7	9,21	11,14
Ciencias da Saúde	14,68	9,06	10,08	9,91
Ciencias	6,57	5,73	5,11	4,17

Fonte: Ministerio de Educación e Formación Profesional

Se a comparativa dos afiliados á Seguridade Social como autónomos de egresados galegos se fai por universidades, pódese apreciar que durante o primeiro ano o alumnado da Universidade de Santiago de Compostela é o máis emprendedor (11,74%) seguido de preto polo alumnado da Universidade da Coruña (11,04%) e, finalmente, a certa distancia, o alumnado da Universidade de Vigo (6,44%). Porén, ao cuarto ano os egresados da UDC (7,35%) toman a dianteira na porcentaxe de afiliación como autónomos, mentres que os da UVIGO seguen en última posición (6,23%). Esta situación pode estar explicada polo grado de especialización dos Campus e as tendencias xerais en canto ao grado de emprendemento nas diferentes áreas, tal e como se comentou con anterioridade.

Porcentaxe de egresados do curso 2013-2014 que optaron polo autoemprego (autónomos) (%)

	1º ano	2º ano	3º ano	4º ano
España	8,26	7,73	7,9	8,06
Galicia	9,62	8,08	7,87	7,63
UDC	11,04	9,72	9,8	9,45
USC	11,74	8,13	8,06	7,35
UVIGO	6,44	6,43	5,8	6,23

Fonte: Ministerio de Educación e Formación Profesional

Non obstante, a maioría dos egresados, con cifras por riba do 90% tanto a nivel nacional como galego, segue a optar polo traballo por conta allea. O informe *Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2013-2014 (EIL1314)* publicado pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) no ano 2018, di que o 90,31% traballan por conta allea, o 37,37% fano con contratos indefinidos e o 39,74% con contratos eventuais, unhas porcentaxes superiores ás enquisas anteriores, en detrimento dos contratos en prácticas que viron como a súa porcentaxe sobre o total minguaba. Este feito inflúe directamente no seu nivel de renda do traballo.

As estatísticas do Ministerio de Educación e Formación Profesional amosan unha taxa de temporalidade superior á porcentaxe de contratados indefinidos durante os dous primeiros anos (48,00% indefinidos fronte ao 52,00% temporais a nivel español no primeiro ano, e 42,65% de indefinidos e 57,35% de temporais a nivel galego). No terceiro a cuarto ano as tendencias diverxen a nivel nacional e autonómico.


Porcentaxe de egresados do curso 2013-2014 que traballan por conta allea con contratos temporais e indefinidos (%)

	1º ano		2º ano		3º ano		4º ano	
	% Indefinidos	% Temporais	% Indefinidos	% Temporais	% Indefinidos	% Temporais	% Indefinidos	% Temporais
España	48	52	49,65	50,35	51,95	48,05	51,35	48,65
Galicia	42,65	57,35	44,05	55,95	47,23	52,77	46,73	53,27
UDC	43,44	56,56	48,2	51,8	51,97	48,03	51,63	48,37
USC	39,48	60,52	37,26	62,74	39,64	60,36	39,44	60,56
UVIGO	44,83	55,17	48,18	51,82	51,89	48,11	51,04	48,96

Fonte: Ministerio de Educación e Formación Profesional

Respecto á temporalidade do emprego, segundo o informe da Fundación BBVA-Ivie (2019), as taxas de temporalidade máis elevadas están entre os que teñen estudos básicos ou obrigatorios. Esa taxa comeza a descender cando se acadan estudos secundarios postobrigatorios e a taxa acada o valor máis baixo cando se fala de estudos superiores.

Taxa de temporalidade por niveis de estudos, CC.AA., España e UE, 2018 (porcentaxe)




Fonte: Fundación BBVA-Ivie (2019)

Tan importante como contar cun emprego, é o desempeño dunha labor acorde coa formación que se ten. Neste senso, segundo o citado informe da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), o 79,38% dos titulados do curso 2013-2014 que están traballando fano desenvolvendo funcións de nivel universitario e, concretamente, o 84,45% realiza funcións directamente relacionadas coa súa titulación. Asemade, fano con mellores condicións laborais.

Neste senso, hai que falar do salario medio que poden acadar os titulados superiores en comparación co resto de formacións. Segundo o informe da Fundación BBVA-Ivie (2018b), no ano 2014 o salario medio dunha persoa con estudos superiores (licenciatura) acadaba os 35.291 euros, fronte aos 13.876 dunha persoa sen estudos. Pero o máis importante é que as diferenzas salariais incrementáanse coa evolución da carreira profesional, se ben unha persoa con estudos básicos apenas experimenta evolución, o salario dun/ha titulado/a superior pode chegar a cuadruplicarse tal e como se aprecia no seguinte gráfico.

Perfil de ingresos ao longo do ciclo vital. 2014 (salario bruto anual en euros)



Fonte: Fundación BBVA-Ivie (2018b)

Non obstante, o Informe CYD (2019) destaca o desaxuste que existe entre a demanda e a oferta de emprego cualificado no mercado laboral español. Segundo este informe, no ano 2018, a demanda de empregos altamente cualificados diminuíu a súa oferta, representando soamente un 14,7% de todas as ofertas de emprego do SEPE. Con todo, os desaxustes dependen das áreas das que se fale e incluso, dos postos de traballo. Neste senso, o recente informe *El desafío de las vocaciones STEM* apunta o elevado número de postos vacantes no sector tecnolóxico pola falta de candidatos coa cualificación suficiente para o posto.

Agora ben, en liñas xerais, pódese falar de bos resultados na inserción laboral. O informe da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) apunta á influencia desta boa empregabilidade sobre a satisfacción acadada polos titulados respecto aos seus estudos. O 92,43% dos titulados do 2013-2014 volvería cursar estudos universitarios e o 80,76% cursaría a mesma titulación, ademais, o 88,49% volvería cursar eses estudos na mesma universidade.

Nesta inserción laboral inflúen positivamente aspectos relacionados cos idiomas, a mobilidade, as competencias adquiridas durante a titulación ou a realización doutras titulacións complementarias. Neste senso, dos titulados do curso 2013-2014 enquisados, o 19,17% realizaron estadias no estranxeiro con algún programa de mobilidade (un 75,42% con programas Erasmus). Un 95,74% dominan algunha lingua estranxeira (o 83,93% dominan o inglés). E, ademais, valoran positivamente as competencias adquiridas en materia de comunicación oral e escrita, en capacidade para resolver problemas e para a aprendizaxe, a súa adaptabilidade a novas situacións e a motivación. Finalmente, un 78,32% complementou a súa formación cun mestrado.

Asemade, tamén hai factores persoais, de capacidade e rendemento académico dos estudantes que inflúen na súa inserción laboral. Da enquisa da ACSUG pódese derivar que cumpren este requisito aqueles estudantes que acadaron unha bolsa de estudo e que a mantiveron co pasos dos cursos. Neste senso, o 58,40% dos titulados de 2013-2014 gozou dalgunha bolsa durante os seus estudos e máis da metade deles lograron mantela durante os seguintes tres ou máis cursos.

Indicador de inserción laboral do SUE

Empregando tres dimensións do mencionado informe de seguridade social, pódese construír un indicador sintético de inserción que combina o nivel de emprego (taxa de afiliación á Seguridade Social), a adecuación do emprego á formación (proporción de afiliados empregados en postos que requiren formación universitaria) e os ingresos (base de cotización á Seguridade Social). O indicador calcúlase como a media xeométrica resultante de multiplicar os valores normalizados destas tres variables. De esta forma, o indicador prima aquelas titulacións que teñen valores altos nas tres variables consideradas e non só nalgunha delas.

A inclusión do número de egresados é importante posto que condiciona moitas veces o resultado medio final da inserción.

Ao ser un estudo nacional, dá unha indicación da relevancia do título. Os 19 primeiros postos corresponden ás ramas de Ciencias da Saúde e de Enxeñarías. Os quince últimos postos son de títulos de grao de Ciencias Sociais e Humanidades.

Indicadores de inserción laboral por campo de estudo. Egresados cohorte 2013-2014

Decia	Campo	Indicador	Autónomos (%)	Taxa de Afiliación (%)	Axustados formación (%)	Base de cotización (€)	% Mulleres	Nº Egresados
1	1. Medicina	1,47	0,3	92,1	99,7	34.290	69,3	5.284
	2. Óptica e optometría	1,24	12,9	90,6	93,3	22.402	73,8	541
	3. Farmacia	1,22	15,1	84,4	87,8	24.525	72,4	2.657
	4. Enxeñaría aeronáutica	1,22	1,7	71	82,7	30.454	24,7	1.322
	5. Enxeñaría en tecnoloxías industriais	1,22	3,7	79,6	76,2	29.458	24,2	4.723
	6. Enfermería	1,21	1,9	70,7	94,7	26.381	81,8	8.956
	7. Enxeñaría de computadores	1,19	3,3	90,9	63,3	29.295	7,6	66
	8. Enxeñaría de telecomunicación	1,19	2,7	81,1	71,9	28.737	22,9	1.978
	9. Desenvolvemento de software e de aplicacións	1,18	1,9	83,3	65,7	29.794	16,7	126
	10. Enxeñaría da enerxía	1,18	1,1	79,6	76,7	26.412	42,5	113
2	11. Matemáticas	1,17	2,9	78,1	74	27.351	48,8	739
	12. Enxeñaría eléctrica	1,15	5,4	85,6	68,1	26.209	13,6	1.033
	13. Enxeñaría electrónica industrial e automática	1,15	4,5	83	67,1	27.102	15,6	1.584
	14. Enxeñaría naval e oceánica	1,15	3,6	71,9	73,7	28.256	24,7	381
	15. Náutica e transporte marítimo	1,15	3,2	62,5	70,5	33.977	22,4	152
	16. Enxeñaría mecánica	1,15	5	83,7	66,3	26.885	14,8	2.819
	17. Enxeñaría de son e imaxe	1,14	4,7	83,4	66,9	26.446	29,5	380
	18. Enxeñaría de organización industrial	1,13	4	75,2	63,2	30.052	25,5	766
	19. Enxeñaría en electrónica	1,13	2,4	83,2	60,2	28.471	19,4	505
	20. Educación primaria	1,12	3,1	77,4	71,4	25.527	72,2	14.620
3	21. Música	1,12	8,6	72,2	82,9	23.518	62,4	194
	22. Informática	1,12	5,4	84,5	60,1	27.673	13,9	4.342
	23. Enxeñaría de materiais	1,12	2,1	73,1	72,6	26.117	40	130
	24. Enxeñaría de minas e enerxía	1,11	6,2	72,6	67,9	27.477	29,4	554
	25. Enxeñaría biomédica e da saúde	1,09	1,4	67	69	27.958	59,4	106
	26. Enxeñaría química industrial	1,07	2,5	78,9	61,6	25.208	52,7	1.857
	27. Estatística	1,07	2,3	83,1	54,1	27.023	61,9	160
	28. Física	1,06	1,5	66,9	80,5	22.269	28,3	806
	29. Enoloxía	1,06	20,8	81,4	66,7	21.568	42,4	59
	30. Linguas clásicas	1,05	5,7	61,6	79	23.900	66,9	172
4	31. Enxeñaría civil	1,05	7,7	67,6	67,8	24.765	31,5	3.862
	32. Linguas e dialectos españois	1,04	3,7	62,2	73,4	24.794	77,1	1.624
	33. Enxeñaría agrícola, agropecuaria e medio rural	1,03	9,7	79,6	61,8	22.145	38,6	676
	34. Bioquímica	1,03	1,6	69,9	73,4	20.859	65,9	791
	35. Podoloxía	1,02	76,3	87,2	92,8	12.935	69,1	320
	36. Veterinaria	1,02	15,7	73,5	79,1	17.958	70,7	1.342
	37. Fisioterapia	1,02	34,3	75,8	89,1	15.436	60,3	2.843
	38. Biotecnoloxía	1,01	2,4	66	77,8	20.215	60,9	773
	39. Terapia ocupacional	1,01	6,6	79,2	74,3	17.584	89	611
	40. Biomedicina	1,01	1,8	68,7	71,3	20.855	82,3	249
5	41. Logopedia	1	34,7	85,4	81,1	14.467	95,1	554
	42. Química	1	2,1	75,7	61,5	21.400	56,9	1.783
	43. Pedagogía	1	4,7	73,9	59,1	22.712	85,1	3.896
	44. Financeira e actuarial	0,99	3,8	82,2	41,5	28.245	44,2	129
	45. Servizos de transporte aéreo	0,98	8,2	76,8	47,9	25.394	34,7	95
	46. Enxeñaría agraria e agroalimentaria	0,98	8,1	82,4	54,8	20.572	45,2	239
	47. Odontoloxía	0,97	63,4	63,2	97,9	14.795	60,3	1.603
	48. Educación infantil	0,97	3,3	74,5	54,3	22.277	95,1	9.936
	49. Literatura	0,97	2,5	60,6	60	24.785	69,7	66
	50. Arquitectura	0,96	33,1	60,3	75,2	19.525	52,8	3.304
6	51. Enxeñaría en deseño industrial e desenvolvemento do produto	0,95	9,8	76,5	49,3	22.910	56,1	799
	52. Lingua inglesa	0,95	5,2	60,1	64,2	22.122	76,6	1.981
	53. Enxeñaría forestal e montes	0,95	11,8	70,1	59,9	20.258	33,7	448
	54. Antropoloxía social e cultural	0,95	7,1	63	61,5	21.931	72,2	270
	55. Arquitectura técnica	0,94	17,4	74,4	54,7	20.419	41,6	2.807
	56. Educación social	0,93	2,8	76	51,9	20.177	86,8	1.869
	57. Outros mestres	0,93	8,2	71,9	51,6	21.325	51	935
	58. Ciencia e tecnoloxía dos alimentos	0,93	7,4	79,1	48,6	20.489	76,3	497
	59. Xeoloxía	0,92	6,6	66,6	56,9	20.527	44,8	317
	60. Enxeñaría xeomática, topografía e cartografía	0,92	9,5	74,1	50,5	20.658	34,9	410
7	61. Enxeñaría, horticultura e xardinería	0,92	12,6	76,6	49,5	20.138	48,4	124
	62. Nutrición humana e dietética	0,91	29,7	77	57,3	17.097	82,5	726
	63. Traballo social	0,91	3	73,1	52,5	19.596	86,3	2.861
	64. Dereito	0,9	7,8	54,7	56,2	23.567	60,4	13.241
	65. Bioloxía	0,88	2,7	62,7	54,3	19.851	63,6	3.430
	66. Linguas modernas e aplicadas	0,87	4,8	55,2	55,3	21.794	76,7	377
	67. Psicoloxía	0,87	15,6	65,7	55,1	18.031	79,9	6.563
	68. Administración e empresa	0,87	6,9	76,8	35,9	23.550	54,3	18.237
	69. Outras linguas estranxeiras	0,86	5,9	49,8	56,4	22.590	76,6	440
	70. Economía	0,86	5,6	73,4	36,1	23.835	47,9	3.695
8	71. Filosofía	0,83	4,8	56	49	20.884	46,8	637
	72. Ciencias ambientais	0,82	5,4	66,2	43,1	19.478	51	1.562
	73. Actividade física e do deporte	0,82	12,9	74	38,6	19.341	21,5	3.593
	74. Información e documentación	0,82	4,1	74	41,3	17.986	66,4	265
	75. Marketing	0,82	8	72,2	31,3	23.906	59,4	784
	76. Humanidades	0,81	8	56,4	48,1	19.396	65	420
	77. Tradución e interpretación	0,81	14,1	56,2	47,9	19.400	81,5	1.776
	78. Historia	0,8	7,6	55,8	47,8	18.883	38,3	2.214
	79. Periodismo	0,79	10,9	69,1	37,6	19.174	64,2	3.631
	80. Política e xestión pública	0,79	6,3	57,8	40,3	21.269	50,8	1.025
9	81. Socioloxía	0,78	5,9	64,3	38,2	19.306	62,1	602
	82. Ciencias do mar	0,78	6,3	56,1	47,7	17.702	59,1	198
	83. Relacións internacionais	0,78	9	51,5	44,8	20.521	66,2	130
	84. Arqueoloxía	0,78	9,3	64,3	38,9	18.623	70,2	84
	85. Publicidade e relacións públicas	0,77	9,3	74,7	29,3	20.577	72,3	2.941
	86. Xeografía e ordenación do territorio	0,76	10	61,9	40,7	17.353	36	339
	87. Audiovisual, imaxe e multimedia	0,74	15,2	66,8	33,4	18.269	56,3	2.684
	88. Finanzas e contabilidade	0,74	5	77,7	25,5	20.366	59,6	874
	89. Conservación e restauración	0,73	14,7	53,6	45,3	15.850	88,6	140
	90. Deseño	0,72	14,1	64,7	29,5	19.762	75,3	482
10	91. Xeografía	0,72	8,1	62,3	30,6	19.403	33,2	199
	92. Relacións laborais e recursos humanos	0,71	5,8	76,9	24,3	18.840	66,8	2.911
	93. Comercio	0,7	4,3	71,2	21,2	22.510	56,7	358
	94. Belas artes	0,66	19,6	51,3	36	15.753	68,9	2.319
	95. Historia da arte	0,65	7,6	55,3	29,6	16.708	75,6	1.160
	96. Comunicación	0,65	9,4	59,3	21,9	20.906	66,7	108
	97. Criminoloxía	0,65	5,8	61,8	22,3	19.633	63,1	843
	98. Xestión e administración pública	0,59	2,2	66,7	16,4	19.034	63	403
	99. Turismo	0,57	5,3	65,5	14	19.861	72,6	2.600
		Total (menores 30 anos)	1	7,9	71,8	58,8	23.526	60,1

Indicador de inserción laboral do SUG (IIL)

En setembro de 2018 presentáronse os resultados do “Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2013-2014” levado a cabo pola ACSUG con base nunha enquisa realizada en xullo de 2017. A mostra de dita enquisa está composta por 5.132 egresados da cohorte 2013-2014 o que supón unha taxa de resposta do 61.07 %.

Datos do estudo foron empregados para a elaboración dun índice de inserción laboral das titulacións do SUG. Concretamente, o indicador sintético construíuse combinando a porcentaxe de egresados que traballan, a adecuación do emprego á formación universitaria, a adecuación do emprego á formación da titulación cursada e o salario. Con respecto o salario, tomando como base o salario medio máis elevado calculouse a porcentaxe que representa o salario medio de cada titulación.

O indicador obtívose como a media xeométrica das porcentaxes correspondentes as catro variables anteriores. Deste modo, o índice resultante prima as titulacións que acadan resultados favorables no conxunto das dimensións consideradas. De igual modo, a metodoloxía empregada para calcular o índice ocasiona que en titulacións cunha dimensión nula arroxe resultados erróneos.

Empregando unha metodoloxía similar ao estudo estatal, incorpora non obstante unha variable adicional. A maior novidade radica en que descendemos a nivel de título e de campus, polo que analízase o resultado real de cada promoción de grao.

Máis aló de variacións debidas ao tamaño da mostra, é ao ano de egreso (posto que o estudo de Acsug é unha foto, e non segue ao egresado ao longo dos anos), os resultados en xeral coinciden. Ata chegar ao posto 22, os mellores resultados son de graos de enxeñarías e ciencias da saúde. E os 13 peores resultados no mercado laboral son de graos de ciencias sociais e da rama de Humanidades.

	GRAO	UNIVERSIDADE	CAMPUS	Egresados	Índice
1	Grao en Tecnoloxías Mariñas	UDC	A Coruña	4	0,961
2	Grao en Náutica e Transporte Marítimo	UDC	A Coruña	4	0,931
3	Grao en Medicina	USC	Santiago de Compostela	38	0,928
4	Grao en Enxeñaría Informática	UDC	A Coruña	25	0,908
5	Grao en Enfermería	UDC	Ferrol	43	0,898
6	Grao en Enfermería	UVIGO	Pontevedra	35	0,888
7	Grao en Enfermería	USC	Santiago de Compostela	109	0,883
8	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	UVIGO	Vigo	25	0,879
9	Grao en Enxeñaría Mecánica	UVIGO	Vigo	33	0,874
10	Grao en Enxeñaría en Organización Industrial	UVIGO	Vigo	13	0,874
11	Grao en Enfermería	USC	Lugo	54	0,873
12	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	UDC	Ferrol	2	0,863
12	Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	USC	Lugo	2	0,863
12	Grao en Enxeñaría e Propulsión e Servizos do Buque (Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica)	UDC	Ferrol	1	0,863
13	Grao en Arquitectura Naval (Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica)	UDC	Ferrol	8	0,855
14	Grao en Enfermería	UVIGO	Vigo	90	0,849
15	Grao en Enxeñaría Informática	USC	Santiago de Compostela	89	0,848
16	Grao en Fisioterapia	UDC	A Coruña	38	0,846
17	Grao en Enxeñaría Informática	UVIGO	Ourense	39	0,846
18	Grao en Enfermería	UVIGO	Ourense	38	0,844
19	Grao en Óptica e Optometría	USC	Santiago de Compostela	33	0,842
20	Grao en Fisioterapia	UVIGO	Pontevedra	42	0,83
21	Grao en Enfermería	UDC	A Coruña	48	0,823
22	Grao en Administración e Dirección de Empresas	UVIGO	Ourense	28	0,811
23	Grao en Enxeñaría Eléctrica	UDC	Ferrol	42	0,809
24	Grao en Enxeñaría Eléctrica	UVIGO	Vigo	6	0,803
25	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	UVIGO	Vigo	24	0,799
26	Grao en Turismo	UDC	A Coruña	19	0,796
27	Grao en Podoloxía	UDC	Ferrol	21	0,792
28	Grao en Enxeñaría Química	USC	Santiago de Compostela	29	0,786
29	Grao en Administración e Dirección de Empresas	UDC	A Coruña	19	0,785
30	Grao en Información e Documentación (Grao en Xestión Dixital da Información e Documentación)	UDC	Ferrol	4	0,783
31	Grao en Arquitectura Técnica	UDC	A Coruña	72	0,78
32	Grao en Administración e Dirección de Empresas	USC	Santiago de Compostela	79	0,78
33	Grao en Enxeñaría de Enerxía	UVIGO	Vigo	17	0,773
34	Grao en Enxeñaría de Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto	UDC	Ferrol	36	0,771
35	Grao en Economía	UDC	A Coruña	28	0,769
36	Grao en Economía	USC	Santiago de Compostela	54	0,768
37	Grao en Logopedia	UDC	A Coruña	48	0,764
38	Grao en Enxeñaría Mecánica	UDC	Ferrol	5	0,76
39	Grao en Matemáticas	USC	Santiago de Compostela	46	0,756
40	Grao en Administración e Dirección de Empresas	UVIGO	Vigo	96	0,754
41	Grao en Traballo Social	USC	Santiago de Compostela	47	0,753
42	Grao en Nutrición Humana e Dietética	USC	Lugo	13	0,752
43	Grao en Xornalismo	USC	Santiago de Compostela	61	0,751
44	Grao en Publicidade e Relacións Públicas	UVIGO	Pontevedra	63	0,746
45	Grao en Enxeñaría en Química Industrial	UVIGO	Vigo	12	0,742
46	Grao en Enxeñaría Forestal	UVIGO	Pontevedra	6	0,741
47	Grao en Enxeñaría Agraria (Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria)	USC	Lugo	6	0,74
48	Grao en Turismo	UVIGO	Ourense	16	0,737
49	Grao en Economía	UVIGO	Vigo	25	0,736
50	Grao en Dereito	USC	Santiago de Compostela	64	0,73
51	Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	UVIGO	Ourense	10	0,726
51	Grao en Enxeñaría Civil	USC	Lugo	8	0,726
52	Grao en Física	USC	Santiago de Compostela	36	0,723
53	Grao en Mestre en Educación Primaria	USC	Lugo	67	0,721
54	Grao en Ciencias Empresariais	UDC	A Coruña	29	0,72
55	Grao en Química	USC	Santiago de Compostela	47	0,718
56	Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	UDC	Ferrol	17	0,718
57	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	USC	Lugo	38	0,717
58	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	UDC	Ferrol	23	0,715
59	Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	UVIGO	Vigo	7	0,714
60	Grao en Educación Social	USC	Santiago de Compostela	46	0,711
61	Grao en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil	UDC	A Coruña	14	0,711
62	Grao en Educación Social	UVIGO	Ourense	49	0,709
63	Grao en Dereito	UVIGO	Vigo	37	0,704
64	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	UVIGO	Vigo	24	0,701
65	Grao en Comunicación Audiovisual	USC	Santiago de Compostela	14	0,696
66	Grao en Educación Primaria	UVIGO	Vigo	31	0,695
67	Grao en Comercio	UVIGO	Vigo	8	0,687
68	Grao en Enxeñaría de Obras Públicas	UDC	A Coruña	13	0,687
69	Grao en Ciencias Ambientais	UVIGO	Ourense	17	0,679
70	Grao en Mestre en Educación Primaria	USC	Santiago de Compostela	100	0,678
71	Grao en Química	UDC	A Coruña	7	0,674
72	Grao en Terapia Ocupacional	UDC	A Coruña	43	0,673
73	Grao en Dereito	UDC	A Coruña	85	0,673
74	Grao en Bioloxía	UDC	A Coruña	33	0,671
75	Grao en Comunicación Audiovisual	UDC	A Coruña	27	0,67
76	Grao en Bioloxía	USC	Santiago de Compostela	60	0,664
77	Grao en Traballo Social	UVIGO	Ourense	46	0,664
78	Grao en Mestre en Educación Infantil	USC	Santiago de Compostela	61	0,663
79	Grao en Administración e Dirección de Empresas	USC	Lugo	27	0,661
80	Grao en Galego e Português: Estudos Lingüísticos e Literarios	UDC	A Coruña	2	0,659
81	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	UVIGO	Pontevedra	52	0,659
82	Grao en Comunicación Audiovisual	UVIGO	Pontevedra	21	0,658
83	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	UDC	A Coruña	67	0,658
84	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	UDC	A Coruña	53	0,656
85	Grao en Enxeñaría das Industrias Agroalimentarias (Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria)	USC	Lugo	7	0,656
86	Grao en Lingua e Literatura Españolas	USC	Lugo	5	0,649
87	Grao en Linguas e Literaturas Modernas	USC	Santiago de Compostela	14	0,642
88	Grao en Educación Primaria	UVIGO	Pontevedra	49	0,64
89	Grao en Enxeñaría dos Recursos Minores e Enerxéticos	UVIGO	Vigo	2	0,639
89	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	USC	Santiago de Compostela	29	0,639
90	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	UDC	A Coruña	28	0,637
91	Grao en Educación Infantil	UVIGO	Vigo	24	0,636
92	Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio	USC	Santiago de Compostela	19	0,634
93	Grao en Lingua e Literatura Inglesas	USC	Santiago de Compostela	40	0,63
94	Grao en Enxeñaría Agraria	UVIGO	Ourense	7	0,628
95	Grao en Educación Primaria	UDC	A Coruña	72	0,623
96	Grao en Ciencia Política e da Administración	USC	Santiago de Compostela	33	0,62
97	Grao en Educación Social	UDC	A Coruña	45	0,62
98	Grao en Educación Infantil	UVIGO	Pontevedra	59	0,615
99	Grao en Educación Infantil	UDC	A Coruña	88	0,614
100	Grao en Lingua e Literatura Españolas	USC	Santiago de Compostela	23	0,613
101	Grao en Pedagogía	USC	Santiago de Compostela	35	0,613
102	Grao en Química	UVIGO	Vigo	15	0,61
103	Grao en Historia da Arte	USC	Santiago de Compostela	32	0,61
104	Grao en Tradución e Interpretación	UVIGO	Vigo	64	0,606
105	Grao en Belas Artes	UVIGO	Pontevedra	85	0,605
106	Grao en Psicoloxía	USC	Santiago de Compostela	97	0,602
107	Grao en Educación Infantil	UVIGO	Ourense	43	0,6
107	Grao en Estudos de Galego e Español (Grao en Ciencias da Lingua e Estudos Literarios)	UVIGO	Vigo	13	0,6
108	Grao en Bioloxía	UVIGO	Vigo	43	0,586
109	Grao en Educación Primaria	UVIGO	Ourense	58	0,584
110	Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	USC	Lugo	7	0,577
111	Grao en Ciencias do Mar	UVIGO	Vigo	24	0,577
112	Grao en Historia	USC	Santiago de Compostela	64	0,567
113	Grao en Linguas Estranxeiras	UVIGO	Vigo	17	0,561
114	Grao en Dereito	UVIGO	Ourense	19	0,561
115	Grao en Socioloxía	UDC	A Coruña	27	0,558
116	Grao en Mestre en Educación Infantil	USC	Lugo	60	0,556
117	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	UDC	A Coruña	10	0,552
118	Grao en Filosofía	USC	Santiago de Compostela	8	0,552
119	Grao en Lingua e Literatura Galegas	USC	Santiago de Compostela	9	0,537
120	Grao en Xeografía e Historia	UVIGO	Ourense	9	0,522
121	Grao en Dirección e Xestión Pública	UVIGO	Pontevedra	17	0,52
122	Grao en Humanidades	UDC	Ferrol	3	0,508
123	Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural	USC	Lugo	8	0

É evidente que os estudos universitarios ofrecen uns mellores resultados de inserción laboral en titulacións de ciencias da saúde e de ensinanzas técnicas: mellor adecuación entre a formación recibida e o traballo desempeñado, emprego mais estable, salario mais elevado, ou mais satisfacción no seu posto de traballo. Esta información sobre empregabilidade das distintas areas de ensinanza –e incluso de titulacións, dentro delas– debera ser accesible ás familias e futuro estudiantado (Europe G, *Policy Brief*, nº 4, 2013).

CONCLUSIÓNS

- Posuír estudos universitarios aumenta a probabilidade de atopar emprego no mercado laboral.
- Posuír estudos universitarios permite obter, en xeral, mellores soldos.
- A capacidade de mellorar de maneira continua na vida laboral é mellor nos titulados universitarios.
- As ramas de coñecemento de ciencias da saúde e de enxeñaría e arquitectura obteñen rendementos superiores á media dos seus titulados.
- As ramas de coñecemento de ciencias sociais e xurídicas, e artes e humanidades obteñen rendementos inferiores á media dos seus titulados.

ACCIÓNS DE MELLORA

- Mellorar a adecuación de oferta e demanda das titulacións de grao e mestrado.
- Ter en conta a inserción laboral á hora de fixar a oferta de prazas do SUG.
- Potenciar a formación en titulacións con perfís profesionais de futuro.

6. Internacionalización e mobilidade

Con respecto á mobilidade internacional, no ano 2013 artellouse dende a Unión Europea unha estratexia de internacionalización para a UE23.

Para acadar este propósito internacionalizador en España, a Secretaría General de Universidades no seu informe *Estrategia para la Internacionalización de las Universidades Españolas 2015-2020* marcouse como obxectivo xeral “*consolidar un sistema universitario forte e internacionalmente atractivo que promova a mobilidade de entrada e saída dos mellores estudantes, profesores, investigadores e persoal de administración e servizos, a calidade educativa, o potencial do español como idioma para a educación superior, a internacionalización dos programas formativos e as actividades de I+D+i, contribuíndo á mellora do atractivo e da competitividade internacional de España, así como ao desenvolvemento económico do seu contorno baseado no coñecemento.*”

Este obxectivo concrétase en catro medidas.

En primeiro lugar, consolidar un sistema universitario altamente internacionalizado. Para conseguilo débese traballar no marco legal do proceso, internacionalizar os programas formativos e fomentar a mobilidade de estudantes e persoal.

En segundo lugar, traballar no incremento do atractivo das universidades. Neste senso, as universidades proporán servizos de acollida, cursos de adaptación, programas formativos en linguas, titulacións conxuntas, promoción exterior ou participación en proxectos e programas internacionais.

En terceiro lugar, promover a competitividade internacional do entorno. As universidades deben traballar na organización de foros internacionais universidade-empresa, internacionalizar as súas Oficinas de Valorización e Transferencia ou desenvolver modelos de negocio e produtos con demanda no exterior.

Finalmente, en cuarto lugar, intensificar a cooperación en educación superior con outras rexións do mundo. Para isto, as nosas universidades, por exemplo, deben participar de xeito activo nas redes internacionais de produción de novo coñecemento.

Polo tanto, o concepto de internacionalización abrangue a incorporación da dimensión internacional, non solo en relación cos estudantes se non tamén nos sistemas de recrutamento do persoal, nos sistemas de xestión da investigación, nos procedementos administrativos...

Con todo, a pesar da proposta do informe anterior, ata o momento, as universidades do SUE e, no mesmo senso, as universidades do SUG, onde maior esforzo están a realizar é na consolidación dun sistema universitario altamente internacionalizado a través da mobilidade do alumnado.

Nos últimos anos, as universidades en xeral, e as galegas en particular, están experimentando un pulo na mobilidade e a internacionalización. A mobilidade xeográfica é un factor clave en cuestións como a mellora da inserción laboral; mentres que a internacionalización permítelles ás universidades mellorar a calidade docente, investigadora e innovadora, e convérteas en referente mundial. O

recoñecemento acadado polo proceso de internacionalización proporcionálles ás nosas universidades a capacidade para competir con outras que, ata o momento, eran consideradas as mellores do mundo. Porén, dende a CRUE sinalan que un dos retos das universidades españolas segue a ser o incremento da internacionalización, especialmente nos estudos de grao.

En todo caso neste apartado debe terse en conta non solo a mobilidade do estudiantado se non tamén a do persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos, é dicir, dos distintos colectivos que conforman a comunidade universitaria. Así mesmo é necesario distinguir dentro de cada un dos grupos anteriores entre entrantes e saíntes.

Estudiantado internacional

Considéranse aos estudantes internacionais ou “mobile student” que se incorporan ao sistema universitario español para realizar estudos e que proceden doutro país, é dicir, a súa residencia habitual está establecida noutro país. Ademais, na *Estrategia de Movilidad 2020*, e no *Informe de Implantación do Proceso de Bolonia 2015*, distínguense dous tipos de mobilidade internacional de estudantes:

- programas de mobilidade (credit mobility): preséntanse datos dos estudantes matriculados nunha universidade estranxeira que accede a unha universidade española presencial durante un período de tempo determinado, a través dun programa de mobilidade cuxo propósito non é titularse en España.
- con matrícula ordinaria (degree mobility): refírese a datos de estudantes matriculados de forma ordinaria nunha universidade española presencial e que teñen como país do domicilio familiar de residencia habitual un país estranxeiro.

Segundo os datos dispoñibles no Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU) relativos ao período comprendido entre os cursos 2015-2016 e 2018-2019, o número de estudantes internacionais que reciben as universidades públicas presenciais do SUE evoluciona á alza, pasando de supoñer o 6,17% do total de alumnado universitario ao 7,76% no curso 2018-2019. Este incremento reflíctese tanto en estudantes integrados en programas de mobilidade, que no último ano do período supoñen o 4,11% do total como naqueles con matrícula ordinaria nas universidades españolas que, aínda que en número inferior aos primeiros, acadan o 3,65% do total de alumnado universitario no curso 2018-2019.

**Estudiantes internacionales entrantes ao Sistema Universitario Español (SUE)
Evolución nas universidades públicas presenciais**

CURSO	Total estudantes internacionais		En programas de mobilidade (Credit mobility)		Con matrícula ordinaria (Degree mobility)	
	nº estudantes	%	nº estudantes	%	nº estudantes	%
2015-2016	71.246	6,17	44.428	3,85	26.818	2,32
2016-2017	81.608	7,04	44.927	3,87	36.681	3,16
2017-2018	87.198	7,49	47.510	4,08	39.688	3,41
2018-2019	90.413	7,76	47.917	4,11	42.496	3,65

Fonte: Ministerio de Educación y Formación Profesional / Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades

En canto á procedencia dos estudantes internacionais, a nivel do SUE, no curso 2018-2019, destacan os orixinarios dos 28 estados membros da Unión Europea, que supoñen o 3,40% do total, seguidos dos procedentes da zona de América Latina e Caribe que representan o 2,59% do total de estudantes. Así mesmo apréciase un maior peso da mobilidade en programas (o 4,11%) respecto dos que se integran no SUE con matrícula ordinaria (un 3,65% do total de estudantes internacionais para ese curso concreto).


Procedencia dos estudantes internacionais no SUE. Curso 2018/2019

Zona de procedencia	Total estudantes internacionais		En programas de mobilidade (<i>Credit mobility</i>)		Con matrícula ordinaria (<i>Degree mobility</i>)	
	nº estudantes	%	nº estudantes	%	nº estudantes	%
Total	90.413	7,76	47.917	4,11	42.496	3,65
Unión Europea(28)	39.576	3,40	28.912	2,48	10.664	0,92
Resto de Europa	4.243	0,36	2.084	0,18	2.159	0,19
EEUU e Canadá	6.954	0,60	5.931	0,51	1.023	0,09
América Latina e Caribe	30.112	2,59	7.950	0,68	22.162	1,90
Norte de África	2.428	0,21	484	0,04	1.944	0,17
Resto de África	565	0,05	83	0,01	482	0,04
Asia e Oceanía	6.535	0,56	2.473	0,21	4.062	0,35

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Esta tendencia pode observarse así mesmo nas tres universidades galegas, nas que a porcentaxe de estudantes internacionais nestes cursos incrementouse de forma xeral, aínda que todas elas sitúanse por debaixo da media do SUE. Destaca a USC cun maior número de estudantes internacionais (1.684 no curso 2018-2019) aínda que a súa evolución ao longo do período é máis moderada en comparación coa UDC e UVIGO que presentan nestes anos unha tendencia crecente máis acusada, acadando no curso 2018-2019 valores do 5,30% (890 estudantes internacionais) e 5,76% (1.128 estudantes internacionais) respectivamente.

Evolución de estudantes internacionais entrantes no SUE e no SUG (% sobre o total)




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Ao igual que a nivel do SUE, o número de estudantes internacionais que se matriculan nas universidades galegas para cursar unha titulación completa, degree mobility, representan cifras inferiores ás do alumnado que acude ás universidades do SUG mediante programas de mobilidade. Así mesmo obsérvanse diferenzas na evolución de cada unha das universidades galegas.

Na seguinte gráfica apréciase como a USC novamente é a universidade galega cun maior número de estudantes internacionais con matrícula ordinaria, representando estes unhas porcentaxes similares á da media do SUE no final do período, aínda que a tendencia é a un certo estancamento. A institución compostelá contaba con 860 estudantes desta modalidade que representaban o 3,49% do total do seu alumnado matriculado, mentres a media do SUE para o mesmo curso situouse no 3,65%. Pola súa banda, a UVIGO sitúase en segundo posto, cunha progresión á alza ao longo deses catro cursos, chegando aos 467 estudantes internacionais con matrícula ordinaria no curso 2018-2019, que supoñen o 2,39% do total do seu alumnado.

No último posto atópase a UDC que no curso 2018-2019 contaba con 259 estudantes estranxeiros cursando unha titulación completa nas súas aulas e que supoñen o 1,54% dos seus alumnos aínda que destaca unha evolución máis favorable respecto das outras universidades do SUG.

**Estudantes internacionais con matrícula ordinaria (degree mobility) no SUG
Porcentaxe sobre o total**



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)


Maior peso teñen os estudantes internacionais que acceden ás universidades tanto públicas presenciais do SUE como ás tres do SUG, a través de programas de mobilidade, incluído o programa Erasmus. Neste caso, tamén as universidades galegas presentan porcentaxes inferiores á media nacional, en que mantense unha progresión á alza pero moderada, de xeito que mentres no curso 2015-2016 as universidades españolas contaban cun 3,85% de estudantes internacionais en programas de mobilidade, tres cursos máis tarde esta porcentaxe situouse no 4,11%.

Nas universidades do SUG, a USC presenta unha tendencia á baixa de xeito que, aínda que é a universidade galega con máis estudantes deste tipo nas súas titulacións (824 no curso 2018-2019), a porcentaxe que supoñen no seu estudantado pasou do 3,66% en 2015-2016 ao 3,34% no último curso do período.

A UVIGO, logo dun descenso no curso 2016-2017 comeza unha recuperación que continúa ata o curso 2018-2019 en que con 661 estudantes internacionais en programas de mobilidade, situábase nun 3,38% do total dos seus matriculados.

A UDC experimentou un crecemento continuo ata o curso 2017-2018 en que acadou un total de 655 estudantes de *credit mobility*, cifra que descendeu lixeiramente no seguinte curso académico (631 efectivos), pero en porcentaxe sobre o total é a universidade do SUG con maior peso deste tipo de alumnado, situándose no curso 2018-2019 no 3,75%.


**Estudantes internacionais en programas de mobilidade (credit mobility) no SUG
Porcentaxe sobre o total**



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

En cifras totais, a evolución á alza do alumnado estranxeiro matriculado nas universidades galegas, con matrícula ordinaria ou en programas de mobilidade, distribúese de xeito diferente segundo os distintos niveis de estudos. A maioría deles son estudantes de programas de doutoramento que, no curso 2018-2019 acadaron a cifra de 1.234 persoas, seguido dos que cursan estudos de grao (942 no curso 2018-2019) e finalmente os que cursan estudos de mestrado que acadaron os 562 no último curso do período.

Distribución do alumnado estranxeiro matriculado no SUG por tipo de estudos



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Aínda que as cifras de estudantes estranxeiros no SUG presentan unha tendencia á alza, é obvio que aínda teñen unha representación moi discreta na totalidade do alumnado das nosas universidades, o que reflicte a necesidade de captación deste tipo de estudantado para incrementar os niveis de internacionalización do sistema.

Atendendo á procedencia deste alumnado e centrados nos datos do curso 2018-2019, do mesmo xeito que a nivel do SUE, no SUG predominan os estudantes orixinarios dos 28 estados membros da Unión Europea que representan o 6,07% do total do estudantado. Os procedentes de América Latina e Caribe son o 2,18%, mentres o resto de zonas presentan un peso inferior á unidade porcentual a nivel do SUG.

Por universidades, os datos corroboran estas porcentaxes. A USC é a que presenta unha maior cifra de estudantado estranxeiro (1.684 que supoñen o 6,23% do total), sendo maior o número de estranxeiros con matrícula ordinaria (860) que os integrados en programas de mobilidade (824). Por outra banda nesta universidade, ademais dos procedentes da Unión Europea e de América Latina e Caribe, a universidade compostelá recibiu 176 estudantes de Asia e Oceanía que supoñen o 0,71% do total do seu estudantado.

En segundo lugar, a UVIGO contou con 1.128 estudantes estranxeiros que representan o 5,76% do total de matriculados nas súas aulas. Mentres a UDC, con 890 matriculados estranxeiros (o 5,30% do total), ocupa o terceiro posto en canto a estudantado estranxeiro no curso 2018-2019.

Zona de procedencia	Total estudantes internacionais		En programas de mobilidade (Credit mobility)		Con matrícula ordinaria (Degree mobility)	
	nº estudantes	%	nº estudantes	%	nº estudantes	%
Total	890	5,30	631	3,75	259	1,54
Unión Europea(28)	452	2,69	381	2,27	71	0,42
Resto de Europa	34	0,20	30	0,18	4	0,02
EEUU e Canadá	18	0,11	16	0,10	2	0,01
América Latina e Caribe	342	2,04	177	1,05	165	0,98
Norte de África	11	0,07	7	0,04	4	0,02
Resto de África	2	0,01	1	0,01	1	0,01
Asia e Oceanía	31	0,18	19	0,11	12	0,07

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

Zona de procedencia	Total estudantes internacionais		En programas de mobilidade (Credit mobility)		Con matrícula ordinaria (Degree mobility)	
	nº estudantes	%	nº estudantes	%	nº estudantes	%
Total	1.684	6,83	824	3,34	860	3,49
Unión Europea(28)	732	2,97	347	1,41	385	1,56
Resto de Europa	33	0,13	15	0,06	18	0,07
EEUU e Canadá	13	0,05	1	.	12	0,05
América Latina e Caribe	676	2,74	373	1,51	303	1,23
Norte de África	40	0,16	21	0,09	19	0,08
Resto de África	14	0,06	1	.	13	0,05
Asia e Oceanía	176	0,71	66	0,27	110	0,45


Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

Zona de procedencia	Total estudantes internacionais		En programas de mobilidade (Credit mobility)		Con matrícula ordinaria (Degree mobility)	
	nº estudantes	%	nº estudantes	%	nº estudantes	%
Total	1.128	5,76	661	3,38	467	2,39
Unión Europea(28)	656	3,35	422	2,16	234	1,20
Resto de Europa	46	0,24	28	0,14	18	0,09
EEUU e Canadá	37	0,19	34	0,17	3	0,02
América Latina e Caribe	315	1,61	130	0,66	185	0,95
Norte de África	26	0,13	9	0,05	17	0,09
Resto de África	4	0,02	.	.	4	0,02
Asia e Oceanía	44	0,22	38	0,19	6	0,03

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

Sen dúbida o Programa Erasmus é o gran dinamizador da mobilidade do estudiantado universitario, tanto a nivel do SUE como nas universidades galegas. O apoio económico de Unión Europea así como as facilidades de recoñecemento mutuo da formación favorecen este intercambio de alumnado entre institucións. De feito as porcentaxes de alumnado estranxeiro entrante no SUG a través de programas de mobilidade arrojan un saldo a favor do estudiantado Erasmus ao longo dos cursos comparados. Este peso foi incrementándose curso a curso de xeito que mentres en 2012-2013 a diferenza entre alumnado Erasmus e os integrados noutros programas foi do 5,97%, no curso 2018-2019 esta diferenza acadaba o 18,14% a favor do primeiro tipo de mobilidades, o cal demostra a consolidación do Programa Erasmus e a aposta das institucións universitarias galegas por captar alumnado procedente dos países adheridos ao programa.

Estudiantado estranxeiro entrante no SUG en programas de mobilidade



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Estudiantado saínte a través dun programa de mobilidade


Neste apartado analízanse os datos de estudantes matriculados en universidades españolas, concretando a continuación no SUG, que saen con destino a unha universidade estranxeira a través dun programa de mobilidade pero que non pretenden titularse fóra da súa universidade de orixe (fundamentalmente Erasmus e a través de convenios bilaterais con países extracomunitarios)

Segundo os datos dispoñibles no Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU), apréciase unha diminución do número de estudantes de universidades públicas presenciais que optan por este tipo de mobilidade. O descenso no período dos catro cursos comprendidos entre o 2015-2016 e 2018-2019 supuxo un 0,58% menos de alumnado das universidades do SUE que cursaron parte dos seus estudos en universidades estranxeiras por medio de programas de mobilidade. O descenso foi máis acusado no caso dos mestrados, que en 2018-2019 situouse en 1.324 persoas que supuxeron o 1,27% do total (perdendo 0,63% respecto do inicio do período) mentres o estudiantado de graos

sumou un total de 29.663 efectivos que representan o 2,97% do total (un 0,61% menos que no curso 2015-2016).

Estudantes saíntes do SUE a través de programas de mobilidade

CURSO	Total estudantes		GRAO		MESTRADO	
	nº estudantes	%	nº estudantes	%	nº estudantes	%
2015-2016	36.616	3,39	34.238	3,58	2.378	1,90
2016-2017	34.966	3,22	32.629	3,39	2.337	1,90
2017-2018	33.330	3,05	31.479	3,21	1.851	1,62
2018-2019	30.987	2,81	29.663	2,97	1.324	1,27



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)


O comportamento do estudiantado do SUG é distinto ao que sucede a nivel nacional. Nas gráficas seguintes pode apreciarse un incremento das porcentaxes de estudantes do SUG que cursan parte dos seus estudos en universidades de fóra do SUG.

As tres universidades galegas rexistran, en termos absolutos, un descenso do número do alumnado de grao participante en programas de mobilidade, se ben en porcentaxe sobre o total os valores presentan unha leve recuperación deste colectivo nas tres institucións.

A Universidade da Coruña, logo dunha baixada no curso 2016-2017, recupera o número de estudantes que saen en programas de mobilidade, tendencia que continúa ata o último curso reflectido na gráfica situándose en 423 persoas que supoñen un 3,11% do total do alumnado. A USC e a UVIGO amosan unha evolución máis homoxénea e tendente á alza, sendo esta última a que conta cun maior número de estudiantado saínte (640 alumnos/as no curso 2018-2019) e cun maior peso proporcional sobre o total (o 3,97% no mesmo curso). O estudiantado de grao saínte na USC foi de 571 persoas no curso 2018-2019, que supoñen o 2,87% do total nese curso académico.

En titulacións de mestrado as porcentaxes de alumnado do SUG que participan en programas de mobilidade son moi inferiores. En números totais, a USC é a que presenta menores cifras de alumnado saínte que oscila entre os 3 rexistrados no curso 2017-2018 e os 7 no curso 2018-2019, cifra que representa o 0,35% do estudiantado matriculado en mestrado nesta universidade.

Estudantado das universidades galegas saínte a través de programas de mobilidade en %




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

O peso das mobilidades do Programa Erasmus é maior no caso do fluxo de saída do estudantado. Como xa destacouse nas porcentaxes de entrada de alumnado do SUG, o Programa Erasmus é o auténtico motor das mobilidades temporais. Neste caso as diferencias con outro tipo de mobilidade é aínda máis acusada.

Na gráfica seguinte advírtese como o estudantado do SUG que opta por realizar parte dos seus estudos en institucións universitarias de fóra de España o fan ao abeiro do principal programa da Unión Europea, en porcentaxes superiores ao 82% con respecto ao total das mobilidades baseadas en acordos bilaterais cons institucións europeas ou extracomunitarias. Estes datos poden relacionarse, ademais de coas preferencias e motivacións de tipo persoal, co apoio económico que reciben as persoas integradas no programa que, no caso do SUG obteñen axudas tanto a través do SEPIE como da Xunta de Galicia e as propias universidades. Por outra banda, as mobilidades extracomunitarias contan co apoio económico da Xunta de Galicia a través de convocatorias anuais destinadas ao alumnado do SUG que, mediante acordos bilaterais, realiza parte dos seus estudos en países alleos á UE.

Estudantado do SUG saínte a través de programas de mobilidade en %



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

No caso do alumnado, a maior porcentaxe dese alumnado pertence a programas de mobilidade Erasmus, supoñendo unha porcentaxe moi inferior aqueles que empregan convenios bilaterais.

No período comprendido entre os cursos 2014/2015 e 2018/2018 case 8.000 universitarios/as do SUG participaron nalgún tipo de mobilidade. O curso 2015/2016 acadouse o número máis alto de mobilidades, participando un total de 1.715 alumnos/as das tres universidades e, logo dun pequeno estancamento nos dous cursos seguintes, en 2018/2019 as mobilidades inician unha evolución á alza chegando a acadar os niveis anteriores con 1.690 persoas.

A UVIGO é a universidade galega cun maior número de estudantado saínte do SUG neste tipo de programas (3.251 persoas) e é con diferenza a que conta con máis mobilidades en cada un dos cursos reflectidos. E segundo lugar se atopa a USC cun total de 2.566 mobilidades, que logo de situarse por debaixo dos 500 alumnos en mobilidade no curso 2016/2017, inicia unha recuperación que continua ata o final do período estudado, acadando os 578 en 2018/2019, de xeito que aminora a distancia cos valores da UVIGO. A UDC inicia o período con valores superiores aos da USC pero a partir do curso 2016/2017 pasa a ocupar o terceiro posto no SUG aínda que presenta unha progresión á alza dende o curso 2017/2018.


Alumnado saínte do SUG con programas de mobilidade

CURSO	TIPO DE MOBILIDADE	UDC	USC	UVIGO
2014-15	Total	468	463	696
	Erasmus	408	355	602
	Bilateral	60	108	94
2015-16	Total	547	517	651
	Erasmus	495	412	560
	Bilateral	52	105	91
2016-17	Total	346	498	640
	Erasmus	290	410	559
	Bilateral	56	88	81
2017-18	Total	370	510	601
	Erasmus	329	435	521
	Bilateral	41	75	80
2018-19	Total	449	578	663
	Erasmus	373	494	578
	Bilateral	76	84	85
Total Estudantes Saíntes		2.180	2.566	3.251

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades

Nos últimos cursos, segundo os informes de *La Universidad Española en Cifras 2017-2018* as universidades do SUG están nos primeiros postos en canto á alumnado con programas de mobilidade, tanto entrantes como saíntes. Segundo ese informe, en mobilidade Erasmus, España acadou un saldo positivo, recibindo un total de 30.696 estudantes e enviando fóra 27.549. No caso galego, segundo datos da Secretaría Xeral de Universidades, dende o curso 2014-2015 ao curso 2017-2018, chegaron ás universidades galegas 12.430 alumnos/as e saíron dende elas cara outras universidades un total de 6.310.

Estudantado do SUG entrante e saínte en programas de mobilidade




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

España é un dos países europeos que máis alumnado recibe e envía para cursar estudos universitarios no estranxeiro. Segundo datos do SEPIE, no curso 2018/2019 o número de estudantes internacionais no SUE incrementouse nun 3,9% respecto do curso anterior, predominando os procedentes da UE, América Latina e Caribe. Os europeos chegaron sobre todo por programas de mobilidade mentres os procedentes doutras rexións do mundo matriculáronse de forma ordinaria nunha titulación oficial de grao, mestrado ou doutoramento.

Os estudantado saínte do SUE no mesmo curso faino maioritariamente a través de programas de mobilidade e supuxeron o 3,51% do total de matriculados nas universidades españolas, sendo o 82,7% procedentes de universidades públicas.

En todo caso, na gráfica seguinte pode apreciarse como existe ano tras ano unha diferenza a favor do número de estudantado que ven a estudar ás universidades españolas. Esta diferenza vaise incrementado co paso dos anos e así mentres no curso 2015/2016 o saldo a favor das entradas situouse en 34.630, o mesmo dato no curso 2018/2019 foi de 59.426 persoas xa que, mentres o alumnado entrante continua unha evolución á alza, o estudantado saínte está a experimentar unha continua baixa.


Evolución de entradas e saídas de estudantado do SUE (programas de mobilidade e matrícula ordinaria)



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Nas universidades galegas tamén existe unha diferenza notable entre os fluxos de entrada e saída, a favor dos primeiros. A capacidade de atracción de estudiantado procedente do estranxeiro se reflicte nunha evolución á alza que é constante no período estudado, chegando a un total de 3.702 no curso 2018/2019. O saldo a favor das entradas no SUG non parou de incrementarse nestes cursos, pasando dos 965 en 2015/2016 aos 2.012 no curso 2018/2019. Por outra banda o total de estudiantado saínte do SUG, a diferenza do que sucede no SUE, mostra un cambio de tendencia a partir do curso 2018/2019 recuperándose as cifras a niveis do inicio do período.

Evolución de entradas e saídas de estudiantado do SUG (programas de mobilidade e matrícula ordinaria)



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Mobilidade do estudiantado no SUE

A distribución do estudiantado por comunidade autónoma de residencia en relación en relación á comunidade autónoma do centro no que están matriculados é un indicador da mobilidade existente dentro do territorio nacional. Estes datos poden interpretarse como un indicador da capacidade das distintas universidades, e os territorios nos que se sitúan, para atraer o talento. As causas desta mobilidade son diversas e nelas inflúen factores de diversa índole como o grao de especialización, a oferta dos diferentes sistemas universitarios autonómicos, os prezos da matrícula, o prestixio institucional, a capacidade do contorno socioeconómico como facilitador de oportunidades...

Este tipo de mobilidade é maior no nivel de mestrado que en grao debido á diferente duración dos estudos e ao grao de especialización dos mesmos. Segundo o *Informe CYD 2019* máis das tres partes dos alumnos universitarios de grao están matriculados en universidades da súa comunidade autónoma mentres a mobilidade do alumnado matriculado en mestrados oficiais é superior.

Porcentaxe de estudantes matriculados nunha universidade presencial da súa comunidade autónoma de residencia. Media cursos 2013/2014 a 2017/2018

	GRAO	MESTRADO
Andalucía	91,8	76,2
Aragón	81,4	58,8
Asturias	80,7	55,3
Baleares	60,7	58,1
Canarias	82,1	55,3
Cantabria	66,3	51,1
Castela e León	75,7	46,5
Castela-A Mancha	46,4	29,7
Cataluña	98	92,7
Valencia	91,1	83,5
Extremadura	59,6	50,1
Galicia	87,6	75,3
A Ríoxa	42,9	34,7
Madrid	96,2	93,2
Murcia	85,8	68,5
Navarra	63,1	51,2
País Vasco	86,3	72,3

Fonte: Informe CyD 2019

Como pode verse no cadro superior, no que se reflicte a media porcentual entre os cursos 2013/14 e 2017/18 de alumnado que opta por matricularse en universidades da comunidade autónoma na que reside habitualmente, os datos varían segundo o nivel de estudos, sendo sempre superiores os valores de mobilidade no caso dos mestrados.

Tanto en grao como en mestrado, as comunidades cunha maior porcentaxe de alumnado residente na propia comunidade son Madrid e Cataluña que presentan porcentaxes superiores ao 90%, seguidas de Valencia (91,1% en grao e 83,5% en mestrado) e Andalucía (cun 91,8% en grao e un 76,2% en mestrado).

En ambos niveis de estudo, o SUG ocupa a quinta posición cunha media de estudantado galego matriculado nas tres universidades da comunidade autónoma do 87,6% no nivel de grao e o 75,3% en estudos de mestrado.

No extremo contrario atópanse as comunidades de A Ríoxa e Castela-A Mancha que mostran unha menor capacidade de atracción dos seus propios residentes con valores en grao inferiores ao 50% mentres en mestrado Castela-A Mancha retén ao 29,7% do seu alumnado e A Ríoxa sitúase no 34,7% de media neses cursos.

Atendendo especificamente a datos da matriculación no SUG en estudos de grao e mestrado do curso 2018-2019 no SUG confírmase a tendencia a unha maior mobilidade do alumnado en mestrado. Mentres en grao o 94,09 % dos matriculados teñen a súa residencia habitual en Galicia, nos estudos de mestrado esta porcentaxe é do 84,25%.

O destino dos residentes galegos que cursan graos fóra do SUG, no curso 2018-2019 son maioritariamente as universidades da Comunidade Autónoma de Castela e León, co 2,78%, seguidas das comunidades de Madrid (1,75%), Asturias (1,72%) e Navarra (1,24%), mentres o fluxo para o resto de comunidades autónomas desbota valores inferiores ao punto porcentual. En canto aos residentes doutras comunidades que decidiron matricularse en estudos de grao no SUG, solo as dúas comunidades limítrofes superan o punto porcentual (Castela e León cun 1,22% e Asturias co 1,04%) mentres o alumnado procedente do resto do territorio español sitúase en porcentaxes inferiores.

No caso dos mestrados, as universidades máis atractivas para os residentes galegos que decidiron matricularse fóra do SUG no curso 2018-2019 foron as situadas nas comunidades autónomas de Castela e León (2,71%), Asturias (2,63%) e Madrid (2,51%). Pola súa banda, en canto a estudantado procedente doutras comunidades autónomas que decidiron cursar algún dos mestrados ofertados polas tres universidades galegas, destaca Castela e León (1,97%), Madrid (1,26%) e Andalucía (1,19%).

Porcentaxes de alumnado saínte/entrante no SUG segundo a comunidade autónoma de residencia.

Curso 2018/2019

Comunidade Autónoma de destino/procedencia	GRAO		MESTRADO	
	% residentes galegos	% residentes doutras CC.AA	% residentes galegos	% residentes doutras CC.AA
Andalucía	0,15	0,7	0,85	1,19
Aragón	0,18	0,05	0,31	0,22
Asturias	1,72	1,04	2,63	0,88
Baleares	0,23	0,16	0,66	0,25
Canarias	0,22	0,5	0,32	0,75
Cantabria	0,78	0,12	1,58	0,22
Castela-A Mancha	0,16	0,17	0,11	0,37
Castela e León	2,78	1,22	2,71	1,97
Cataluña	0,37	0,16	0,89	0,38
Valencia	0,25	0,24	0,81	0,68
Extremadura	0,27	0,1	0,12	0,37
Galicia	94,09	94,09	84,25	84,25
Madrid	1,75	0,53	2,51	1,26
Murcia	0,24	0,13	0,56	0,20
Navarra	1,24	0,09	1,00	0,10
País Vasco	0,26	0,17	0,92	0,50
A Ríoxa	0,14	0,07	2,24	0,03

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

En todo caso, da análise dos fluxos de entrada/saída de alumnado, pódese apreciar que as taxas de mobilidade interna son moi discretas, tendo en conta o número de institucións universitarias e a preferencia pola proximidade á residencia habitual, sobre todo no caso do estudantado de grao. Así mesmo destaca a mobilidade entre comunidades autónomas limítrofes (Castela e León, Asturias) agás no caso da Comunidade de Madrid cuxas especiais características (número de universidades, ampla oferta de titulacións, polo de atracción económico e social...) fan da capital da nación un destino con gran atractivo para o estudantado español.

En canto á mobilidade nacional temporal destacan iniciativas como o Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios de España (SICUE), programa promovido pola CRUE que permite aos estudantes realizar un período de estudos nunha institución universitaria española distinta á que o alumnado está matriculado, garantindo o recoñecemento académico e de aproveitamento e a adecuación ao seu perfil curricular. No curso 2018-2019 foron concedidas un total de 8.198 prazas ao abeiro deste programa de mobilidade temporal para realizar intercambio entre universidades españolas. Os datos rexistrados pola CRUE demostran un continuo incremento do estudantado participante, como se aprecia no seguinte gráfico no que se reflicte o número acumulado de estudantado universitario que participou no programa dende a súa creación no curso 2000-2001.




Fonte: CRUE

Persoal internacional no SUG

No curso 2018/2019 o número de profesores estranxeiros no SUE acadou un total de 3.773 efectivos, seguindo unha tendencia crecente rexistrada nos últimos anos.

En xeral o persoal docente investigador estranxeiro que exerce a docencia nas universidades españolas non presenta niveis significativos. Aínda así apréciase unha máis clara aposta das universidades privadas por este tipo de persoal, ben sexa pola maior facilidade para a súa contratación, pola aposta de oferta de titulacións en inglés para a captación de alumnado doutros países... Esta brecha entre públicas e privadas acentúase co paso dos anos e así, mentres no curso 2015-2016 a diferenza do peso porcentual do PDI estranxeiro era de 2,81 puntos a favor das segundas, no curso 2018-2019 esta diferenza chegou aos 3,17 puntos, dado que mentres nas universidades públicas este tipo de persoal representaba o 2,50% do total, nas universidades privadas a porcentaxe sobre o total do PDI foi o 5,67%.

Evolución do PDI estranxeiro no SUE




CURSO	UNIVERSIDADES PÚBLICAS		UNIVERSIDADES PRIVADAS	
	Nº PDI estranxeiro	% sobre o total do PDI	Nº PDI estranxeiro	% sobre o total do PDI
2015-16	2.005	1,98	817	4,79
2016-17	2.120	2,07	965	5,34
2017-18	2.291	2,21	1.041	5,47
2018-19	2.633	2,50	1.140	5,67

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Da análise dos datos correspondentes ao curso 2018-2019 e centrados nas universidades públicas presenciais do SUE, a media do peso porcentual do PDI estranxeiro situouse no 2,51%, en gran medida debido aos datos de Cataluña que presenta unha diferenza notable con respecto ao resto de comunidades autónomas cun peso de case o 6%. En segundo lugar está Baleares, co 2,95% do seu PDI estranxeiro e Madrid co 2,51%. No resto de comunidades autónomas o peso do PDI estranxeiro non acada os dous puntos porcentuais.

Galicia, cun 1,08%, solo supera a tres comunidades autónomas, A Rioxa, Extremadura e Aragón.

Porcentaxe de PDI estranxeiro sobre o total por CC.AA Universidades públicas presenciais. Curso 2018-2019



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

No curso académico 2018/2019, as universidades galegas tiñan no seu cadro de persoal docente investigador a 51 estranxeiros. Esta cifra, que supón o 1,08% do total e permanece practicamente igual nos últimos anos, está moi por debaixo da media estatal que se sitúa no 2,51% e a gran distancia das universidades públicas que ocupan os primeiros postos.

PDI estranxeiro nas universidades do SUG

CURSO	UDC	USC	UVIGO
2015-2016	13	20	16
2016-2017	13	20	18
2017-2018	15	19	17
2018-2019	13	21	17

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

No caso do PAS, a presenza de persoal estranxeiro é anecdótica nas universidades galegas, sendo a UDC a única que conta con persoal desta categoría, en concreto 10 persoas no curso 2018/2019 segundo datos do SIU.

En canto ao PEI estranxeiro, os datos son máis positivos, sempre segundo a información obrante no SIU e así se reflicte na táboa seguinte. En todo caso, este persoal será analizado no apartado relativo á I+D+i.

PEI estranxeiro nas universidades do SUG

CURSO	UDC	USC	UVIGO
2015-2016	14	43	22
2016-2017	10	43	26
2017-2018	20	54	37
2018-2019	30	62	40

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Mobilidade do persoal das universidades do SUG

A mobilidade internacional do persoal docente e investigador das universidades é un indicador da aposta de cada unha das institucións pola internacionalización. Deixando á marxe a mobilidade investigadora, que será recollida no apartado referido á I+D+i, destacan as convocatorias de mobilidades temporais que se realizan ao abeiro do Programa Erasmus+ co obxecto de realizar estancias docentes en institucións estranxeiras, combinando a docencia coas actividades de formación e actualización permanente do PDI.


Así mesmo existen axudas a nivel estatal, autonómico e das propias universidades co fin de fomentar as estancias formativas do persoal docente investigador fóra de España o ben noutras comunidades autónomas. Iniciativas como as bolsas para a mobilidade do programa Iacobus, a Fundación Carolina...favorecen este tipo de iniciativas.

As tres universidades galegas contan con estratexias de internacionalización propias nas que se contemplan accións de fomento da mobilidade tanto do PDI como do PAS.

Dende outra perspectiva, para os efectos da mobilidade é interesante coñecer os datos do persoal docente investigador que exerce a docencia na mesma universidade en que defendeu a súa tese de doutoramento. Estes datos son significativos do escaso nivel de intercambio de persoal entre as distintas institucións, tanto a nivel autonómico como estatal.

Comparando os datos de PDI nas universidades presenciais, públicas e privadas, chama a atención a gran diferenza existente nas porcentaxes de profesorado que se doutoraron na mesma institución. No período comprendido entre os cursos 2015/2016 e 2018/2019 máis do 73% do PDI universidades públicas obtiveron o doutoramento na mesma universidade na que imparten docencia, mentres nas universidades privadas eses valores oscilan entre o 31% e o 32%.

**Porcentaxe de PDI que imparte docencia na universidade en que defendeu a tese.
Universidades presenciais públicas e privadas**



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

As diferencias reflectidas neste gráfico teñen a súa orixe en diversas causas: a maior aposta das universidades públicas pola captación de talento externo o que é posible pola maior flexibilidade nos procedementos de contratación; a xuventude das institucións privadas que deben recrutar ao seu persoal nas institucións públicas; a maior oferta de programas de doutoramento nas universidades públicas...


O certo é que esta situación limita a proxección internacional dos resultados académicos e investigadores e pecha a porta a enriquecer á institución con achegas do exterior, tanto internacionais como nacionais. A apertura dos procesos de acceso e promoción do persoal docente investigador ao exterior facilitaría a captación do talento xa que logo fomentaría a competencia entre as persoas candidatas, á marxe da súa procedencia institucional.

Na seguinte gráfica compáranse os datos relativos ás universidades públicas presenciais por Comunidades Autónomas, tendo en conta os centros propios. Deste xeito pode observarse como as universidades do País Vasco e Canarias son as que contan cunha maior porcentaxe de PDI que obtivo o doutoramento na mesma institución, superando en ambos os dous casos valores do 90%. Na parte contraria da gráfica, Castela A Mancha e Navarra non acadan o 50% nesta situación.

O posto de Galicia, terceiro máis baixo cun valor do 54,84% non pode terse por válido xa que logo é resultado dos datos da UDC e UVIGO, mentres a USC non facilitou ao SIIU a información necesaria para o cálculo do mesmo.

En todo caso, pode estimarse que o SUG, de contar coa totalidade dos datos, situaríase pola zona media da táboa, o que indica un alto grao de preferencia en contratar e seleccionar ao persoal formado nas súas aulas e departamentos, como no resto de universidades públicas españolas.

**Porcentaxe de PDI que imparte docencia na universidade en que defendeu a tese.
Centros propios de universidades públicas presenciais. Curso 2018/2019**



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

Docencia en lingua estranxeira

A impartición de docencia en linguas estranxeiras, sobre todo en inglés, é unha estratexia indicadora do compromiso de internacionalización dunha institución universitaria. Esta medida beneficia tanto ao alumnado nacional (que ve incrementadas as súas posibilidades de inserción no mercado global) como á atracción de alumnado procedente doutros países. A súa posta en práctica require dun esforzo engadido para dotar das competencias lingüísticas axeitadas ao profesorado encargado da mesma ou ben incluír PDI internacional no persoal da universidade.

Segundo datos do SEPIE na actualidade existen no SUE 283 graos que imparten a lo menos o 30% da docencia en inglés, 164 co 50% dos créditos nesa lingua e 80 titulacións con docencia 100% en inglés.

No caso dos mestrados as cifras son máis doadas xa que logo 508 teñen o 30% da súas materias en inglés, 401 mestrados imparten a metade da súa docencia en inglés e 322 totalmente impartidos nesa lingua.

Estas porcentaxes están aínda lonxe de acadar niveis semellantes aos países do noso contorno, aínda que nos últimos cursos as universidades españolas, sobre todo as privadas, están a reforzar esta medida que, sen dúbida favorece a captación de alumnado estranxeiro e a capacidade de empregabilidade dos egresados nun contorno cada vez máis globalizado.

En todo caso as universidades que destacan neste ámbito a nivel do SUE por impartir a lo menos o 50% dos créditos de titulacións en grao e mestrado son a IE Universidad, Universidade Europea de Madrid, Deusto, Ramón Lull (todas elas privadas) e a universidade pública Carlos III.

No ano 2017 a Xunta de Galicia aprobou o *Plan de Excelencia do Sistema Universitario de Galicia* no cal incluíuse cunha acción específica para fomentar a oferta de docencia en inglés no SUG (titulacións que deben impartir o 80% dos créditos nesa lingua). Deste xeito, no curso 2018-2019 puxéronse en marcha grupos en inglés en catro graos impartidos no SUG: Grao en Enxeñaría Informática da UDC, Grao en Química da USC e os graos en Enxeñaría en Tecnoloxías de Telecomunicación e Enxeñaría de Tecnoloxías Industriais da UVIGO.

Á marxe destes grupos e das titulacións específicas en linguas, a oferta de docencia nunha lingua estranxeira no SUG está lonxe de acadar niveis competitivos xa que solo unha vintena de graos, segundo datos do SEPIE, inclúen materias impartidas en inglés, e en contados casos a porcentaxe destes créditos é superior ao 30% do total.

Trátase, polo tanto, dun aspecto no que aínda queda moito por facer nas universidades públicas españolas e tamén nas galegas, e no que se debería incidir de cara ó futuro, tendo en conta o contorno cada vez máis globalizado no que deberán integrarse os profesionais egresados do noso sistema universitario. Medidas como a contratación de PDI estranxeiro, a formación do PDI propio para a impartición de materias en linguas estranxeiras, a colaboración con institucións doutros países... poderían repercutir na oferta do SUG e favorecer a captación de alumnado estranxeiro, en competencia con institucións a nivel global.

Xa no ano 2014, o *Documento marco de política lingüística para la internacionalización del sistema universitario español* elaborado polo Subgrupo de Traballo de Política Lingüística CRUE-IC, incluíu unha serie de medidas que se recomendaba poñer en práctica para fomentar a internacionalización a través da docencia en linguas estranxeiras. Estas medidas de acreditación, formación e incentivación das competencias do alumnado, PDI e PAS, son unha base para avanzar na docencia en linguas estranxeiras e incrementar o atractivo internacional das nosas universidades.

Como xa se destacou con anterioridade, a *Estrategia para la internacionalización de las universidades españolas.2015-2020* inclúe entre as medidas a adoptar a intensificación da cooperación mediante a participación das universidades españolas en redes internacionais para o cal poden contar coas oportunidades e o financiamento que ofrecen os programas da UE e outras rexións do mundo. Un

exemplo disto é a iniciativa da Comisión Europea co programa *Universidades Europeas* cuxo obxecto é a constitución no horizonte 2024 de “supercampus europeos” ou redes transnacionais de universidades que permitan ao alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos estudar, traballar, impartir docencia e investigar nas universidades que formen parte da alianza na que participe a súa universidade, establecendo unha estratexia conxunta a longo prazo. Nas dúas convocatorias resoltas, nos anos 2019 e 2020, creáronse 17 e 24 alianzas de universidades europeas, nas que participan un total de 24 universidades españolas pero ningunha das tres integrantes no SUG.

A participación neste tipo de iniciativas debe ser integrada na estratexia de internacionalización das nosas universidades competindo en condicións de igualdade con outras universidades da UE e realizando as accións de mellora que, de ser o caso, foran precisas para posicionarse nun contorno cada vez máis globalizado e competitivo.

CONCLUSIONES

- A porcentaxe de estudantes internacionais nos últimos cursos incrementouse de forma xeral, aínda que todas as universidades galegas sitúanse por debaixo da media do SUE.
- A porcentaxe de estudantado *credit mobility* é superior á que realiza *degree mobility*.
- A procedencia do estudantado de mobilidade temporal é maioritariamente da UE, mentres que o permanente procede principalmente de América Latina.
- O maior grupo de estudantado internacional corresponde ao que cursa programas de doutoramento.
- Galicia non presenta valores elevados de alumnado entrante/saínte nos seus estudos de grao/máster.
- O profesorado estranxeiro está moi por debaixo da media española.
- Relativamente escasa docencia en inglés.
- Falta de presenza na rede de universidades europeas.

ACCIONES DE MEJORA

- Diseñar programas de captación de alumnado de grao, especialmente en América Latina.
- Actualización da oferta académica, para captar máis alumnado das comunidades limítrofes.
- Incrementar a contratación de profesorado estranxeiro.
- Incrementar os créditos impartidos en inglés na oferta académica.
- Formar parte dunha universidade europea.

7. I+D+i no SUG

Analízase neste apartado o que o Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020 supuxo para o desenvolvemento da I+D+i universitaria nese período na nosa comunidade autónoma. Para iso preséntase un pequeno balance do realizado, cos logros e as principais eivas e propóranse unha serie de medidas, ben de reforzo ou ben de cambio, que entendemos que sería procedente contemplar no próximo Plan.

Cómpre considerar que o actual Plan foi prorrogado para o ano 2021 polo que algunhas das accións desta anualidade xa teñen vixencia á hora de redactar esta análise e poderán ser tomadas en consideración no futuro, sobre todo na medida en que supoñen unha primeira resposta á nova situación ocasionada polo impacto da Covid19, e dando por certo que o novo Plan terá que continuar introducindo medidas correctoras como consecuencia da pandemia.

Tamén cómpre indicar que moitas das accións iniciadas comprometen anualidades do futuro Plan de financiamento, por canto estenden as súas obrigas económica nalgúns casos mesmo ata 2024.

A achega da Xunta de Galicia

Dentro da estrutura do Plan, a maior parte dos fondos asignados para a I+D+i están agrupados no programa 561B “Investigación universitaria”. A importancia do programa 561B no contexto do Plan queda evidenciada na seguinte táboa, expresada en millóns de euros:

Ano	2016	2017	2018	2019	2020	Total
Total Plan	392	407	415	423	429	2.069
Achegas externas	82	82	82	82	82	410
Programa 561B	50	51,8	57	61,2	63,9	283,9

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades

O orzamento inicial do programa 561B sobre o total previsto do Plan achegouse a un 13,72 % que, sen dúbida, é unha porcentaxe moi relevante. Ademais, e como pode observarse, hai un incremento claro e sostido das cantidades ao longo do período. Se atendemos ao programa 561B o incremento porcentual no período 2016-2020 acada case un 28 %.

Se poñemos en contexto estes datos en relación ao IPC recollido no apartado anterior, o incremento do programa ten aínda máis valor ao producirse nun contexto de IPC negativo.

A fórmula de reparto prevista para as cantidades do programa 561B entre as universidades do SUG é fundamentalmente mediante procedementos de concorrencia competitiva.

Ademais cómpre indicar que a prórroga do plan para o ano 2021 engade unha achega de 67,8 millóns de euros polo que o incremento é do 35,6 % con respecto ao ano 2016.

As vantaxes de contar cun plan de financiamento son evidentes:

- A existencia dun plan plurianual de financiamento dotou de estabilidade ás políticas de I+D+i.
- O financiamento estrutural outorga aos investigadores a liberdade para actuar naqueles campos que estimen máis convenientes. Esta flexibilidade púxose de manifesto no transcurso da pandemia de xeito que os grupos puideron adaptar as súas estruturas, as súas liñas de investigación e mesmo os seus orzamentos sen averse a proxectos cunha *deadline* que obrigase a rematalos en tempo e forma.
- Nun contexto global de restricións dos fondos públicos comprometidos na I+D+i, os fondos do plan experimentaron un crecemento sostido ao longo de todo o período que, como indicamos, chegou ata o 28 % con respecto ao ano de referencia (ou ao 35,6 % se consideramos a prórroga).
- A aprobación dos orzamentos anuais en prazo permitiu que moitas das convocatorias se puidesen realizar baixo a fórmula de tramitación anticipada, reducíndose o *gap* que adoita producirse cando as convocatorias se convocan na súa anualidade.

A diagnose da I+D+i universitaria centrase en tres eixos básicos:

- Talento: que comprende as accións de formación, retención, captación e xestión do talento, incluíndo tanto os programas propios deseñados e desenvolvidos dende a consellería como aquelas accións de apoio financiadas con cargo ao Plan a programas externos.
- Estruturas: entendidas como unidades de funcionamento da investigación colaborativa
- Accións de I+D+i: medidas, elementos e programas deseñados especificamente desde a consellería, en colaboración coas universidades do sistema, como dinamizadores e catalizadores das políticas de I+D+i universitaria.

A) Talento

A xestión do talento, entendida como a capacidade de formación, retención e atracción do capital humano necesario para sustentar un sistema de I+D+i, é un dos eixos básicos de calquera programa de acción na materia. A formación do talento temperán, e o apoio a programas externos de excelencia de talento máis consolidado, foron os dos eixos fundamentais que vertebraron as accións neste eixo ao longo do período de referencia.

Para este fin destináronse un total de máis de 80 millóns de euros entre os anos 2016-2020, o que supón un investimento medio de 15 millóns anuais. Isto, en termos porcentuais, supón un 26,5 % dos recursos

do programa 561B e executouse na súa maior parte con cargo ao capítulo IV, e iso sen computar as achegas derivadas da contratación mediante outros programas como Grupos, Centros de Investigación...

Deste xeito, máis de 1 de cada 4 euros do PGFU 2016-2020 destinouse á formación, captación e retención de talento.

Distínguense dous tipos de programas:

- Programas propios: os definidos pola Secretaría Xeral de Universidades no contexto do Plan I2C e que se prolongaron durante unha década. Trátase do Programa de apoio á formación predoutoral, o Programa de apoio á formación posdoutoral e o Programa de retención e captación de talento.
- Programas externos: non deseñados pola Secretaría Xeral de Universidades pero complementados con importantes achegas do PGFU. Neste apartado encádranse os programas nacionais de Juan de la Cierva y Ramón y Cajal, e os programas europeos ERC.

Programas propios

De acordo co determinado no PGFU os programas de recursos humanos propios resolvéronse mediante convocatorias competitivas entre as universidades do SUG que teñen a condición de entidade beneficiaria polo que son as institucións as que determinan as persoas que desexan presentar ás convocatorias mediante procesos internos de selección das mesmas. En caso de requirir unha avaliación científica externa acudiuse ao apoio da ACSUG, que realizou todas esas avaliacións contando sempre con expertos alleos ao SUG.

Estes programas convocáronse de xeito continuado no período 2016-2020, agás no caso das axudas correspondentes á anualidade de 2020 das modalidades A e B de formación posdoutoral, por motivo da pandemia. Porén, parte deste investimento destinouse á prórroga de todos os programas de recursos humanos durante seis meses.

A partir do ano 2016 introdúcese unha novidade coa participación en convocatorias conxuntas da Axencia Galega para a Investigación (Gain). Así, o sistema de presentación de persoas candidatas e os procesos de selección realízanse de xeito común, financiando cada consellería os contratos que lle corresponden polo seu ámbito competencial. En termos comparativos a Consellería de Educación investiu case 65 millóns de euros no período polos 8,5 da GAIN. O que, en termos porcentuais, supuxo que un 88 % fosen para universidades do SUG e un 12 % para o resto das entidades de I+D+i.



Fonte: Secretaría Xeral de Universidades

1. Programa de apoio a formación predoutoral


Concibido como a contratación de persoal nas súas etapas iniciais para que, mediante procesos formativos estables, adquiran as habilidades propias do persoal investigador e permita lograr que o sistema alcance unha dimensión dos seus recursos humanos de investigación comparable a outros países europeos.

Como punto de partida e referencia tomaremos o global de persoas matriculadas en programas de doutoramento nas universidades do SUG para o curso académico 2018-19, que proporciona unha distribución case perfecta na que a USC dobra a cada unha das outras.

Número de estudantes matriculados en Doutoramento por universidade no curso 2018-2019.

Universidade	Total
UDC	1.217
USC	2.788
UVIGO	1.415

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

A posta en marcha do Plan I2C, sincrónico co PGFU e coa aprobación da Lei da Ciencia, estableceu o marco deste programa desde o ano 2011 ata a actualidade, configurándoo mediante a modalidade de contratos dun ano de duración, renovables anualmente, ata un máximo de 3 anos. Desde o ano 2016 garántese ademais que as persoas contratadas accedan a unha axuda complementaria para realizar tres meses de estadía no estranxeiro.

No período 2016-2020 ofertáronse un total de 450 contratos dos que se beneficiaron un total de 524 persoas, o que supuxo un investimento total de case 37 millóns de euros entre 2016 e 2020 e un investimento medio por praza ofertada de 76.000 € por contrato (máis de 34 millóns de euros/450 contratos).

Na actualidade o custo medio dunha praza no programa predoutoral está en 81.000 euros (convocatoria 2020) nos que se inclúen os gastos salariais, sociais e as axudas de estadías no estranxeiro.

O investimento medio por praza no programa incrementouse notablemente ao incluír as estadías e pola mellora das condicións salariais e sociais.

Datos económicos das axudas predoutorais por modalidades 2016-2020

Modalidade	Indicador	2016	2017	2018	2019	2020	2020 CO-VID	Total
A	Prazas	50	50	50	50	50		250
	Custo	3.900.000	3.900.000	3.975.000	3.975.000	4.200.000	1.668.500	21.618.500
B	Prazas	40	40	40	40	40		200
	Custo	2.760.000	2.760.000	2.820.000	2.820.000	3.108.000	1.086.500	15.354.500
C	Prazas							0
	Custo							0
Total	Prazas	90	90	90	90	90		450
	Custo	6.660.000	6.660.000	6.795.000	6.795.000	7.308.000	2.755.000	36.973.000
	Custo por praza	74.000	74.000	75.500	75.500	81.200		82.162

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.


No período 2016-2020, convocáronse axudas en dúas modalidades:

- **Modalidade A:** 50 axudas enfocadas a potenciar as traxectorias de investigación vinculadas ás áreas estratéxicas segundo os obxectivos definidos na Estratexia de especialización intelixente de Galicia RIS3, para mellorar a competitividade, o crecemento económico e o emprego sustentable a través da innovación e que orientarán as políticas de cohesión da Unión Europea para o período 2014-2020.
- **Modalidade B:** 40 axudas enfocadas a garantir a representación de todas as ramas do coñecemento, establecendo un número de prazas para aquelas áreas que se atopan con máis dificultades de encaixe directo nos sectores produtivos, pero que resultan fundamentais para o crecemento sustentable dunha economía baseada no coñecemento.

**Axudas de apoio á etapa predoutoral: número de solicitudes admitidas por modalidade
2016-2020**

Ano	2016	2017	2018	2019	2020	Total
Modalidade A	174	135	133	155	138	735
Modalidade B	195	202	162	130	160	849
Total	369	337	295	285	298	1.584

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades




Pode observarse como a pesar de ter convocado máis axudas na modalidade A hai un maior número de solicitudes na modalidade B. Iso é debido a que as titulacións, estudos de terceiro ciclo e matrícula de tese en Galicia non están aliñados coas políticas que emanan do RIS3 que rexe na nosa comunidade. Por outra banda, obsérvase que as áreas nas que as universidades galegas son máis puxantes na I+D+i non se corresponden necesariamente de xeito proporcional coas titulacións e o número de alumnado.

Se atendemos ao número de contratos asinados o resultado invértese:


**Axudas de apoio á etapa predoutoral: número de contratos asinados por modalidade
2016-2020**

Ano	2016	2017	2018	2019	2020	Total
Modalidade A	63	52	56	59	57	287
Modalidade B	46	44	50	50	47	237
Modalidade C	0	0	0	0	0	0
Total	109	96	106	109	104	524

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.



Se comparamos porcentualmente as diferenzas entre solicitudes e contratos asinados obtemos a seguinte variación de proporcionalidade que é coherente co expresado no parágrafo anterior:




Fonte: Secretaría Xeral de Universidades


Por último, o desempeño das universidades do SUG ao longo do programa, en relación con número de contratos asinados reflíctese na seguinte táboa.

Axudas de apoio á etapa predoutoral: número de contratos asinados por universidade 2016-2020

Ano	2016	2017	2018	2019	2020	Total
UDC	15	17	19	20	22	93
USC	68	49	60	63	60	300
UVIGO	26	30	27	26	22	131
Total	109	96	106	109	104	524

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.





Se, para medir o desempeño, facemos a análise comparativa entre a porcentaxe de matrícula, de solicitudes admitidas, de contratos asinados e de teses lidas a secuencia é a seguinte:

Axudas de apoio á etapa predoutoral: relación porcentual entre estudantes de doutoramento, solicitudes admitidas, contratos asinados e teses lidas por universidades

	Matrícula doutorado	Solicitudes admitidas	Contratos adxudicados	Teses lidas
UDC	23%	21%	18%	19%
USC	51%	56%	56%	55%
UVIGO	26%	23%	26%	26%

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.

Nota: as porcentaxes por redondeo poden superar o 100%

Á vista do anterior, dedúcese que hai un equilibrio importante entre as potencialidades e o desenvolvemento das diferentes fase do proceso. As leves variacións probablemente teñen que ver sobre todo coa idiosincrasia dalgún dos títulos de cada universidade (resultando máis afectada a UDC).

2. Programa de apoio a formación posdoutoral

Este programa, derivado do Plan I2C ten como obxectivo *“Incrementar a incorporación de persoal investigador directamente ao sistema de I+D+i galego, fomentado á súa vez a mobilidade internacional para mellorar a súa formación pero garantindo a reincorporación nos axentes que conforman o sistema”*.

Para iso conta con dúas modalidades:


- Modalidade A: ten por obxecto ampliar a formación do persoal investigador no estranxeiro con posibilidade de retorno, mediante un contrato de 2 anos fóra de España e o financiamento dun contrato dun ano de duración ao retorno da estada.
- Modalidade B: para a incorporación en axentes públicos do sistema de I+D+I galego, mediante o financiamento a contratos de persoal investigador cunha duración máxima de 2 anos.

Entre 2016 e 2019 convocáronse un total de 260 prazas. Delas 180 corresponden á modalidade A e 80 á B. O número de prazas da modalidade A é lixeiramente decrecente pero netamente compensado polas melloras salariais e de condicións introducidas nas axudas ao longo dos anos.

**Axudas concedidas de apoio a etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG:
distribución por modalidades A e B**

Modalidade	2016	2017	2018	2019	Total
Modalidade A	50	45	45	40	180
Modalidade B	20	20	20	20	80
Total	70	65	65	60	260

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.



Na modalidade A as 180 prazas que se convocaron no período supuxeron un investimento de máis de 24 millóns de euros, o que supón unha media por cada unha das prazas de máis de 133.000 euros, un 65 % máis que o esforzo económico por persoa da etapa predoutoral.

Na modalidade B as 80 prazas convocadas entre 2016 e 2019, supuxeron un investimento total de máis de 8 millóns de euros cunha media de máis de 100.000 euros por cada praza.

Se atendemos a unha teórica permanencia completa dunha persoa ao longo de todo o programa, os 5 anos terían un custo de 234.500 €, que inclúen os salarios e custos sociais (en fase de estadía na zona 2), os complementos ás universidades e á axudas para o inicio dunha liña de investigación na modalidade B.

Resumo convocatorias posdoutorais por modalidades 2016-2020

Modalidade	Indicador	2016	2017	2018	2019	Subtotal	2020 COVID	Total
A	Prazas	50	45	45	40	180	110	290
	Custo	6.200.000	5.850.000	6.246.000	5.652.000	23.948.000	2.219.920	26.167.920
B	Prazas	20	20	20	20	80	35	115
	Custo	1.880.000	2.060.000	2.060.000	2.060.000	8.060.000	665.000	8.725.000
Total	Prazas	70	65	65	60	260	145	405
	Custo	8.080.000	7.910.000	8.306.000	7.712.000	32.008.000	2.884.920	34.892.920

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.

Nota (ano 2020): Prórrogas Covid


Un dos aspectos máis valorados do programa e que suscita maior interese en distintos ámbitos (outras comunidades autónomas, avaliadores externos, coordinadores de grupo...) son os dous anos de formación no estranxeiro. As convocatorias permiten ir a calquera lugar e institución no mundo que se agrupan en tres grandes áreas xeográficas con niveis distintos de retribucións: Zona 1: Portugal e Andorra; Zona 2: Europa (excepto Portugal ou Andorra), África ou América, excepto EUA e Canadá; Zona 3: EUA, Canadá, Asia ou Oceanía.

Pois ben, se atendemos ao número de axudas concedidas o resultado final e o seguinte:

Número de axudas de apoio a etapa de formación posdoutoral da modalidade A nas universidades do SUG por tipo de zona de mobilidade 2016-2019.

Zona	2016	2017	2018	2019	Total
Zona 1	16	8	8	12	44
Zona 2	28	31	30	22	111
Zona 3	6	6	7	6	25
Total	50	45	45	40	180

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.





O programa fomenta que os aspirantes poidan elixir os mellores centros de referencia no seu campo polo que o número de solicitudes e concedidas en zona 1 son moi elevadas para os fins que se perseguen. Moitas solicitudes resultaron penalizadas na avaliación ao non desenvolverse en centros de referencia, xa que a oferta en Portugal é limitada en varios campos e os que aplicaban nese país non podían competir con outros referentes internacionais.

En canto ao desempeño das universidades do SUG neste programa pode verse a evolución de seguido:

Número de axudas á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG: distribución das modalidades A e B por universidades receptoras 2016-2019

Modalidade	Universidade	2016	2017	2018	2019	Total
Modalidade A	UDC	5	4	4	4	17
	USC	27	28	28	28	111
	UVIGO	18	13	13	8	52
Modalidade B	UDC	0	3	1	3	7
	USC	10	11	13	10	44
	UVIGO	10	6	6	7	29
Total	UDC	5	7	5	7	24
	USC	37	39	41	38	155
	UVIGO	28	19	19	15	81

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.



Con respecto ás cifras porcentuais que presentamos para as axudas predoutorais podemos observar que a USC mantén un desempeño similar mentres que a UDC cae notablemente. As cifras que mellor representan a relación son loxicamente as da modalidade A, xa que a B nos anos 2012, 2013 e 2014 tiña persoas procedentes de antigos programas do Plan INCITE.

3. Programa de axudas á captación e retención de talento

Este programa foi convocado por vez primeira en 2020 e supuxo un cambio nas políticas de xestión de RRHH iniciando a énfase na captura doutro tipo de persoal fóra do sinalados nos programas posdoutorais anteriores. O seu obxectivo é incorporar aos centros de investigación do SUG, aos campus de especialización do SUG, e nas áreas de coñecemento definidas como estratéxicas polas universidades do SUG, persoal investigador posdoutoral que amose un relevante currículo investigador que permita reforzar e/ou iniciar novas liñas de investigación en áreas de coñecemento/liñas de investigación de interese para a Comunidade autónoma. Para iso proponse, como novidade, a contratación, mediante a figura de persoal investigador distinguido do artigo 23 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, a través do financiamento de contratos de catro anos de duración, con dúas modalidades:


- Modalidade **atracción**: destinada á atracción e incorporación aos centros de investigación do SUG, de persoal investigador de fóra do sistema e de recoñecida traxectoria.

- Modalidade **retención**: orientada á contratación e promoción de persoal investigador vinculado ás universidades do SUG, nos campus de especialización do SUG e/ou áreas de coñecemento fixadas previamente como estratéxicas polas universidades. As universidades realizan o proceso de preselección, propoñendo as candidaturas, definindo os perfís profesionais e investigadores en función das súas respectivas áreas de interese.

Este programa contempla contratos por un importe bruto de 50.000 euros/ano e unha axuda complementaria directa de 40.000 euros/ano na modalidade de atracción e de 20.000 euros/ano na modalidade de retención. A execución do programa viuse profundamente lastrada pola pandemia polo que resulta prematuro valorar a súa eficacia e o desempeño das distintas universidades.

Investigadores distinguidos por universidades 2020-2025. Importe en euros			
Universidade	Salario	Axuda investigación	Total
UDC	816.000	560.000	1.376.000
USC	816.000	560.000	1.376.000
UVIGO	1.428.000	880.000	2.308.000
Total	3.060.000	2.000.000	5.060.000

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.



Reforzo docente

Unha cuestión que raramente tómasse en consideración no contexto dos programas formativos de recursos humanos financiados por axentes externos ás universidades é o que estes achegan como reforzo da función docente propia do PDI.

Para realizar o cálculo tense en consideración a capacidade docente máxima que recoñece cada convocatoria e ponse en relación cunha serie de medidas estándar: capacidade lectiva do PDI ao ano de 240 horas, 27 horas totais por crédito ECTS e 7 horas de docencia media por crédito ECTS estándar.

Considérase para as persoas contratadas na etapa predoutoral un máximo de 60 horas/ano e para os contratados en etapa posdoutoral un máximo de 80 horas/ano na modalidade B e no terceiro ano da modalidade A (nos dous primeiros anos da modalidade A non está permitida a docencia no SUG pola estadía no estranxeiro).

Os resultados para o período 2016-2020, tomando en consideración a máxima carga docente posible, serían os seguintes:

Reforzo docente dos/as investigadores/as por programas 2016-2020. Número de promocións coincidentes, horas docentes, profesores-as/ano e créditos ECTS/ano.

Indicador		2016	2017	2018	2019	2020	Total
Programa Predoutoral	Promocións	2	2	3	3	3	13
	Horas docentes	10.800	10.800	16.200	16.200	16.200	70.200
Programa Posdoutoral A	Promocións	1	0	1	1	1	4
	Horas docentes	3.200	0	3.200	3.200	3.200	12.800
Programa Posdoutoral B	Promocións	0	2	2	2	1	7
	Horas docentes	0	3.200	3.200	3.200	1.600	11.200
Total Programas	Horas docentes	14.000	14.000	22.600	22.600	21.000	94.200
	Profesores-as/ano	58	58	94	94	88	393
	Docencia créditos ECTS/ano	2.000	2.000	3.229	3.229	3.000	13.457

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.

Predoutoral: Promocións de 90 prazas por 3 anos (60 horas docentes por ano).

Posdoutoral A: Promocións de 40 prazas por 3 anos (2 anos no estranxeiro e 1 de retorno) (80 horas docentes ano de retorno).

Posdoutoral B: Promocións de 20 prazas por 2 anos (80 horas docentes por ano).

Horas lectivas PDI/ano: 240

Horas crédito ECTS: 27

Horas docentes Crédito ECTS (media estándar):7



Os datos son significativos dado que, unicamente contando coas persoas contratadas con achegas procedentes do PGFU, se permitiu impartir docencia no período polo equivalente a un total de 393 PDI a tempo completo, o que nunha media anual equivale a máis de 78 PDI ao ano.

Apoio a programas externos

Por razóns de oportunidade unha parte moi importante da política do período en materia de RRHH baseouse no apoio de programas externos, promovidos por outras institucións, e considerados excelentes. A filosofía que se perseguía era xerar os incentivos necesarios para que as universidades do SUG fosen exitosas na captación de talento en programas nacionais e internacionais de alto impacto. Os programas elixidos foron:

- Juan de la Cierva (formación e incorporación)
- Ramón y Cajal
- Axudas do ERC

En todos os casos estamos a falar de persoal xa doutor, desde o inicio da súa carreira ata estadios xa asentados.

1. Programas nacionais: JdC e RyC

As axudas da Consellería de Educación ás universidades do SUG pola captación de persoas do programa estatal Juan de la Cierva (tanto no programa inicial xeral, como nas súas posteriores formulación de formación e incorporación) supuxeron 9.700 euros por persoa de media. Realizáronse mediante a achega, por convenio, a cada unha das universidades do SUG da cantidade de cofinanciamento esixida nas convocatorias estatais.

Modalidade	Indicador	2016	2017	2018	Total
Formación	Prazas	5	11	5	21
Incorporación	Prazas	9	9	9	27
	Prazas	14	20	14	48
Total	Custo Convenio	135.000	185.339	180.000	500.339
	Ano Convenio	2018	2019	2020	

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.

No caso do programa estatal Ramón y Cajal, as axudas da consellería comprenden dúas accións diferenciadas:

- Por unha banda proporcionálles ás universidades do SUG, mediante convenio, o cofinanciamento do custo da persoa contratada esixido polo Ministerio (na actualidade supón en aproximadamente 9.000 €/ano por persoa contratada. De acordo con esta obriga as cantidades que se consignaron foron as seguintes:

Resumo convenios Ramón y Cajal. Convocatorias 2016-2018

Ano convocatoria	2016	2017	2018	Total
Prazas	10	7	13	30
Custo Convenio	450.000	294.000	585.000	1.329.000
Ano Convenio	2018	2019	2020	

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.

- En segundo lugar, con cargo ao Programa de Consolidación de unidades competitivas, desenvolveuse unha liña de apoio a proxectos de excelencia enfocados a este colectivo, convocadas nas anualidades de 2016 a 2021. A Consellería ofrécelle ao persoal deste programa a posibilidade de optar a unha axuda a proxectos de ata 115.000 euros en 5 anos que mellora notablemente a axuda que lles outorga o Ministerio para iniciar a súa investigación.

Recentemente, o Ministerio vén de publicar unha análise dos resultados do Programa Ramón y Cajal para as convocatorias de 2018 e 2019. Dos datos contidos nese estudo podemos facer as seguintes reflexións:


- Galicia presentou un total de 169 solicitudes, formalizando 33 contratos no período. A taxa de éxito é do 19,5 %, cando a media nacional é do 14,97 %.
- Galicia foi a quinta comunidade autónoma por número absoluto de contratos. Se consideramos unicamente os contratos formalizados dentro de sistemas universitarios, Galicia sitúase na 4ª posición, practicamente empatada coa terceira (Andalucía), que posúe un maior número de universidades e poboación universitaria. Polo que, unicamente Cataluña e Madrid superan a Galicia en termos relativos.
- En cuestión de xénero os contratos obtidos por mulleres do SUG sitúanse na media nacional.

Da análise dos tres programas obtense os seguintes pesos porcentuais (en termos de contratos asinados) entre as tres universidades:

Número de axudas para contratos "Juan de la Cierva" e "Ramón y Cajal" nas universidades do SUG 2016-2018.

Universidade	Programa MICINN	2016	2017	2018	Total
UDC	Juan de la Cierva Formación	2	2	0	4
	Juan de la Cierva Incorporación	1	0	1	2
	Ramón y Cajal	1	1	3	5
	Total	4	3	4	11
USC	Juan de la Cierva Formación	3	5	4	12
	Juan de la Cierva Incorporación	4	6	4	14
	Ramón y Cajal	6	5	4	15
	Total	13	16	12	41
UVIGO	Juan de la Cierva Formación	1	3	1	5
	Juan de la Cierva Incorporación	5	2	4	11
	Ramón y Cajal	3	1	6	10
	Total	9	6	11	26

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.




As porcentaxes son coincidentes, con independencia dos programas, e amosan unhas diferenzas notables nos pesos relativos dentro do SUG.

Cómpre ter en conta agora como funciona esta distribución se recuperamos os Posdoutorais da Xunta de Galicia, quedando o resumo como segue

Número de axudas á etapa de formación posdoutoral da Consellería de Educación e axudas para contratos "Juan de la Cierva" e "Ramón e Cajal" nas universidades do SUG: distribución por universidades receptoras 2016-2019.

Modalidade/Programa	Universidade	2016	2017	2018	2019	Total
Modalidade A	UDC	5	4	4	4	17
	USC	27	28	28	28	111
	UVIGO	18	13	13	8	52
Modalidade B	UDC	0	3	1	3	7
	USC	10	11	13	10	44
	UVIGO	10	6	6	7	29
Juan de la Cierva Formación	UDC	2	2	0		4
	USC	3	5	4		12
	UVIGO	1	3	1		5
Juan de la Cierva Incorporación	UDC	1	0	1		2
	USC	4	6	4		14
	UVIGO	5	2	4		11
Ramón y Cajal	UDC	1	1	3		5
	USC	6	5	4		15
	UVIGO	3	1	6		10
Total	UDC	9	10	9	7	35
	USC	50	55	53	38	196
	UVIGO	37	25	30	15	107

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.



	Modalidade A	Modalidade B	Juan de la Cierva	Ramón y Cajal	Promedio
UDC	9%	9%	13%	17%	12
USC	62%	55%	54%	50%	55,25
UVIGO	29%	36%	33%	33%	32,75

En conclusión, os programas posdoutorais da Comunidade Autónoma achegan un 77% das prazas fronte ao 23% do Goberno do Estado.

2. Programas europeos (ERC)

As axudas do ERC son un dos sinais de calidade dun sistema de I+D+i. O importe económico que mobilizan, o prestixio que outorgan e as peculiaridades do sistema de selección e de liberdade de acción fan delas un dos elementos máis atractivos e dinamizadores na investigación europea. Hai anos Galicia afrontou unha situación crítica coa perda dunha das escasas axudas ERC que se tiñan conseguido no SUG e a falta de apoio dalgunha universidade por reter a investigadores novos que acaban de obter unha axuda Starting Grant.

Ante esta situación, a Consellería de Educación puxo en marcha unhas liñas de apoio aos receptores deste tipo de axudas:

1.- Cada investigador que, cunha vinculación estable no SUG, recibise unha axuda do ERC recibiría (a través dun convenio coa súa universidade, e sempre que permaneza nela) unha cantidade ao longo da axuda distribuída como segue:

- Starting Grant: 50.000 euros anuais (máximo 250.000) durante a vixencia do proxecto.
- Consolidator Grant: 65.000 euros anuais (máximo 325.000) durante a vixencia do proxecto.
- Advance Grant: 80.000 euros anuais (máximo 400.000) durante a vixencia do proxecto.
- Synergy Grant: 80.000 euros anuais (máximo 400.000) durante a vixencia do proxecto.

2.- Os beneficiarios das axudas da modalidade Starting Grant, unha vez rematado o seu proxecto, poderían optar a un proxecto de excelencia de traxectorias consolidadas do Programa de consolidación e estruturación de unidades competitivas por un importe total de ata 200.000 euros (distribuídos en 4 anos).

3.- Os convenios de accións concretas de I+D+i que se asinan coas universidades incorporarían partidas económicas preferentes para adquisición de material, equipamentos e acondicionamento de espazos para os laboratorios destes investigadores.

4.- As universidades do SUG, por aquel persoal investigador que tendo unha axuda do ERC sexa estabilizado durante o período de goce da axuda, recibirá por convenio unha achega equivalente ao salario de 4 anos.

A maiores, un ERC outorga puntos preferentes nas solicitudes de axudas de RRHH e, desde o ano 2020, nas axudas de grupos de investigación.

Grazas a estas medidas, Galicia unicamente perdeu dúas das axudas do ERC que se presentaron desde o SUG e mesmo foi capaz de atraer algunha axuda obtida noutras institucións.

Número de axudas do ERC obtidas por investigadores/as do SUG 2016-2020.

	2016	2017	2018	2019	2020	Total
Axudas	2		2	2	4	10

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.




En canto ás tipoloxías de axudas conseguidas:

Número de axudas do ERC obtidas por investigadores/as do SUG por modalidade 2016-2020

	2016	2017	2018	2019	2020	Total
<i>Starting Grant</i>	2			1	2	5
<i>Consolidator Grant</i>				1	1	2
<i>Advanced Grant</i>			1			1
<i>Synergy Grant</i>			1		1	2
Total	2	0	2	2	4	10

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.




Nesta tipoloxía incluíronse as axudas *Proof of concept* que, aínda que non están apoiadas directamente desde a Consellería de Educación, son unha mostra evidente do traballo dos investigadores e das axudas que están a recibir.


Atendendo ao reparto por universidades, as axudas captadas do ERC quedan reflectidas coa seguinte secuencia temporal, números absolutos e porcentaxes por universidades:

Número de axudas do ERC obtidas por investigadores/as do SUG por universidade 2016-2020

	2016	2017	2018	2019	2020	Total
UDC	1			1	1	3
USC	1		2	1	3	7
UVIGO						0
Total	2	0	2	2	4	10

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.







A participación das universidades neste programa supuxo as seguintes contías:

Resumo aportacións ERC SUG Galego 2016-2024


Universidade	Aportación
UDC	600.000
USC	4.996.999
UVIGO	460.000
Total	6.056.999

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.



Estas importantes contías teñen compromisos adquiridos ata o 2024 e, de acordo co número de axudas obtidas, repártense de xeito moi diferente entre as tres universidades.

Se atendemos ás tipoloxías de axudas definidas ao inicio deste apartado o fin delas foi o seguinte:



CONCLUSIÓN

De todo o exposto podemos concluír que o eixo do Talento foi fundamental no período. Os programas propios de RRHH teñen funcionado relativamente ben, sobre todo nos aspectos da formación temperán. Un elevado número de persoas tiveron a oportunidade de desenvolver a súa tese con contratos procedentes deste programas e un número moi elevado de investigadores puido formarse nas primeiras etapas predoutorais e posdoutorais no estranxeiro.

Se observamos o panorama nacional, para as etapas predoutoral e posdoutoral de formación, Galicia probablemente sexa, en termos relativos, a Comunidade Autónoma que ten os mellores programas e a que maiores recursos dedicou a estas etapas no conxunto do Estado.

Tamén observamos indicadores positivos no apoio de programas externos, a pesar de que as series actuais aínda non permiten calibrar o seu impacto real.

Porén, este esforzo, evidenciou as notables eivas dun sistema que, no contexto universitario, segue a ligar a capacidade de estabilización ás necesidades docentes. O elevado número de prazas nestes niveis provocou como reacción a presión dos colectivos do persoal investigador, conforme remataban os seus programas formativos e de apoio. O SUG non ten a capacidade real de absorber todo o talento que forma e, en Galicia, o peso do sector empresarial na I+D+i é moi modesto e non xera as oportunidades suficientes.

Na actualidade a secuencia de formación de persoal investigador no SUG no contexto do Plan comprende un máximo de 8 anos:



O obxectivo que se pode asumir como viable cunha traxectoria a 8 anos, tal e como está o contexto no panorama nacional, é alcanzar unha posición sólida suficiente para que o persoal investigador do SUG sexa solvente en programas nacionais e internacionais en posicións posdoutorais senior. Así, o razoable é que os investigadores formados en Galicia poidan optar cunha posición forte a, por exemplo, ter éxito no Programa Ramón y Cajal.

Se un investigador do SUG chegase a ter éxito no itinerario formativo completo, o investimento que se tería realizado representaría un total 309.000 euros de acordo coas seguintes distribucións:

Predoutoral: 81.000 euros distribuídos como segue:

- * 24.000 euros anuais (tres anos) para salario e custos sociais
- * 1.000 euros anuais de complemento ás universidades
- * 6.000 estadía en zona 3

Posdoutoral A: 126.000 euros distribuídos como segue:

- * 42.000 euros anuais (dous anos supoñendo coste intermedio en zona 2) para salario e custos sociais e 38.000 no retorno.
- * 1.500 euros anuais de complemento ás universidades en fase de estadía e 1.000 euros en fase de retorno

Posdoutoral B: 102.000 euros distribuídos como segue:

- * 38.000 euros anuais (dous anos) para salario e custos sociais
- * 1.000 euros anuais de complemento ás universidades
- * 25.000 euros (totais) para establecer unha liña de investigación

Un investimento moi notable que, como temos visto, non garante posicións senior noutros programas e tampouco a capacidade de estabilización.

O esforzo descrito nos programas formativos, moi superiores aos programas de retención e captación de talento, provocou un engrosamento na base da pirámide da carreira investigadora. Estas persoas, aínda que teñen un importante valor social, terminan xerando frustración ao atoparse que ao remate dos seus períodos formativos resulta moi difícil conseguir unha estabilización no SUG.

Esta é unha situación difícil de mudar a curto prazo dado que, aínda que se espera un notable aumento das xubilacións no período, de acordo cos sistemas previstos de provisión de prazas a estabilización se produce tomando en consideración necesidades docentes antes que necesidades de investigación.

ACCIÓNS DE MELLORA

Para formar e dar acomodo ao persoal investigador que o SUG necesita poderíanse poñer en marcha dúas vías complementarias:

- fomentar a figura dun doutor do SUG, con maior capacitación e maior duración na etapa senior e que ofrezca ás universidades incentivos para a súa contratación. Isto podería articularse a través do deseño dun programa de *tenure track* moito máis decidido, propio, e cun coidadoso deseño focalizado cara a áreas específicas.
- continuar potenciando os ecosistemas de traballo que este tipo de persoal necesita (Centros CIGUS) como elementos tractores e catalizadores deste talento.

Estas medidas implicarían:

- Redeseñar a segunda etapa de formación posdoutoral (a denominada ata o de agora PosDou B) para crear un programa máis ambicioso e de máis alcance.
- Incluir os fondos e parte das características do programa de retención e captación de talento na nova formulación que parta das experiencias acadas no período.
- Dedicar parte dos apoios aos programas externos ao novo programa.

No que respecta ao programa de predoutorais manter as características esenciais do programa en canto a formato, prazas e fondos; pero apostar por unha selección das teses baseada no propio proxecto de tese o no contorno no que se vai realizar.

B) Estruturas

Xunto coas persoas, son as estruturas de investigación as que conforman o verdadeiro marco da I+D+i no SUG.

Hai anos que o sistema galego da I+D+i universitaria promove un financiamento maiormente estrutural para este tipo de actividades, no canto do enfocado a proxectos. As axudas artículanse con base nun financiamento estrutural e continuado, condicionado a criterios de calidade, que garanta un financiamento basal que lles permita desenvolver o seu labor de xeito estable e cunha liberdade de acción suficiente para reorientar o seu labor, de ser o caso. Este financiamento debe outorgarse sobre a base de

mecanismos de avaliación rigorosos, tanto das propostas presentadas como dos resultados que cada estrutura acade durante a vixencia e ao remate da axuda.

As vantaxes do financiamento estrutural quedaron patentes e de manifesto desde o inicio da pandemia da COVID-19, dado que o feito de que as axudas que se convocan sexan un financiamento de estruturas, e non de proxectos, permite en calquera momento que as estruturas de investigación reorienten a súa actividade cara a novas áreas de interese (como a COVID-19) sen ter que estar suxeitos a proxectos determinados.

Admitindo a pluralidade delas que poden chegar a conformarse no seo das universidades, tense seleccionado aquelas que teñen maior impacto na actividade como elementos de referencia sobre as que aplicar as políticas de axuda e fomento.

- Grupos de investigación
- Redes/AEE
- Centros CIGUS

1. Grupos de investigación

Tradicionalmente distínguense dúas categorías:

- grupos de referencia competitiva (GRC), caracterizados por bos índices de publicacións científicas, por un nivel de captación de recursos elevado, aínda que variable segundo a área en que traballen; competitivos a nivel estatal e en moitos casos internacional, con capacidade para formar e atraer mozos e mozas investigadores e habituados á cooperación con outros grupos de investigación, con institucións ou con empresas.
- grupos con potencial de crecemento (GPC) que, sen alcanzar os niveis de desenvolvemento dos anteriores, teñen calidade investigadora, constatable con criterios estritos, e que están na senda que os leve a ser grupos de referencia.

As convocatorias do Programa de consolidación e estruturación de unidades veñen realizándose de xeito ininterrompido desde hai varios anos o que contribuíu a crear un sistema de I+D+i estable e estruturado.

No ano 2005 realizouse a primeira convocatoria contemplando unicamente os GRC. Será a partir de 2012 cando se introduce a modalidade de GPC. Dende 2016, ao igual que nos programas propios de RRHH, as convocatorias realízanse de xeito conxunto coa Axencia Galega de Innovación (Gain), financiando a consellería de Educación os grupos do SUG e Gain os relativos a fundacións biosanitarias, Opis e outras institucións que integran o sistema de I+D+i.

Tendo en conta os orzamentos iniciais no período 2016-2020 incluíndo as plurianualidades comprometidas nesas convocatorias ata 2024, a Consellería de Educación destinou ata 75 millóns de euros ao programa (un 89% do total) mentres o GAIN acadou unha achega de 9 millóns de euros (o 11% restante).



Fonte: Secretaría Xeral de Universidades


Para analizar o programa de consolidación debemos ter en conta a incidencia acumulada para o cal distinguiremos entre

- Grupos activos: é o número de grupos que, en cada anualidade, teñen unha axuda vixente do programa con independencia do ano de concesión.
- Financiamento anual acumulado: os recursos globais que os grupos activos dispoñen nun ano dado.

Con respecto ao número de grupos activos observamos que, logo dun forte impulso inicial para xerar a masa crítica necesaria entre os anos 2011 e 2014, se produce unha regularización do sistema que reflicte sempre un ritmo de crecemento sostido ascendente. Cada vez máis grupos gozan dun financiamento estable incluso aumentando os recursos que se lles adxudican.

Ano	2016	2017	2018	2019	2020
Axudas activas	207	214	223	235	240

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.




Crece o número de grupos que acceden ao financiamento en ambas categorías, pero sobre todo GRC, o que garante que no sistema hai grupos de cada vez maior dimensión e máis competitivos.

Número de axudas activas de grupos por modalidade 2016-2020

Ano	2016	2017	2018	2019	2020
GRC	109	127	129	139	147
GPC	98	87	94	96	93
Total	207	214	223	235	240

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.




Con respecto ao financiamento acumulado observamos que cada ano se está a incrementar o orzamento total do que goza o programa. A liña é claramente ascendente e consecuente co crecemento do número de grupos. Atendendo a esta evolución e ao que sería esperable nun futuro estamos moi preto de chegar ao máximo de capacidades no sistema.

Importe do financiamento Grupos de Investigación. 2016-2020. M€

Ano	2016	2017	2018	2019	2020	Total
Importe axudas (M€)	9,49	11,81	10,04	13,40	14,26	59,00

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades



O programa de consolidación e estruturación de unidades competitivas procura garantir que os grupos se constitúan e funcionen de acordo cunha masa crítica mínima que lles permita desenvolver adecuadamente as súas funcións. Para isto as convocatorias establecen que os grupos deberán estar integrados por un número mínimo de investigadores que oscila entre os 3 para a constitución dun GPC e os 5 para un GRC.


Na actualidade 240 grupos contan con financiamento activo: 147 GRC e 93 GPC. Se atendemos á media os GPC presentan 6,55 investigadores de media (a moda sería 5 e a mediana 6), polos 10,08 dos GRC (sendo a moda 9 e a mediana tamén 9). Nos dous casos a media duplica os mínimos exixidos para participar.

Por outra banda destacar que non se produciu unha excesiva fragmentación nos grupos ao longo do período coa intencionalidade de acadar un maior número de axudas sendo razóns de índole científica as que provocan a división.



Por universidades, no total de axudas concedidas, obsérvase a seguinte distribución:

Ano	Total	%
UDC	61	19%
USC	182	56%
UVigo	83	25%
Total	326	100%

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades



Se desagregamos os grupos segundo a súa categoría e distribución por universidade obtemos algunhas diferencias significativas motivadas por dúas causas: a masa crítica de cada universidade e as tipoloxías de títulos que se imparten.



CONCLUSIÓN

O programa de consolidación é o núcleo do sistema, o que regula un financiamento estrutural e basal e permite total liberdade de movemento aos seus actores.

O financiamento basal dos grupos tamén é un elemento de resistencia ao cambio e á integración dos investigadores en estruturas máis grandes e complexas que unha investigación de fronteira precisa hoxe en día. Esta contradición precisa de mecanismos de integración e pasarelas de actuación para que os investigadores poidan traballar en sincronía en ambos os dous niveis.

Existen algúns elementos de preocupación, a curto e medio prazo, reflectidos nas avaliacións o que pode interpretarse como síntomas de esgotamento do sistema.

ACCIÓNS DE MELLORA

- Xerar as pasarelas necesarias para que os grupos cuxa masa crítica esencial estea tamén integrada en Centros de investigación colaboren coas dinámicas financeiras de sustentabilidade do Centro e traballen de xeito coordinado coa dirección científica da estrutura supragrupal.
- Estimular un maior dinamismo dos grupos que permita aumentar a súa masa crítica e, sobre todo, o apoio ao seu persoal investigador predoutoral e posdoutoral.
- Aumentar os incentivos que permitan conseguir un mellor equilibrio de xénero, sobre todo en posicións de liderado.

- Facilitar os necesarios mecanismos de relevo xeracional tendo en conta as necesidades de recambio que, a curto prazo, será preciso abordar nas universidades do SUG.

2. Apoio á investigación supragrupal

Para acadar a chamada investigación de fronteira (agregación e integración das capacidades de diferentes grupos de investigación e do fomento da investigación cooperativa entre eles en ámbitos e estruturas organizativas ben definidas capaces de asumir novos retos e aumentar a súa capacidade competitiva) é necesario facilitar estímulo e medidas de apoio para que os grupos de investigación poidan aumentar as súas oportunidades de desenvolvemento e consolidación mediante a integración en estruturas organizativas de ámbito supragrupal, tales como redes, consorcios, institutos, agrupacións estratéxicas ou centros de investigación.

A participación dos grupos neste tipo de entidades pretende favorecer a cooperación e interrelación entre grupos para a creación de coñecemento de fronteira, a competitividade no acceso a fontes de financiamento, a mellora da calidade e do impacto da produción científica, a eficacia e a eficiencia no emprego dos recursos públicos, a optimización organizativa e o aumento da visibilidade da actividade desenvolvida dun xeito que dificilmente podería lograr o grupo de forma individual.

Redes


Integradas no programa de consolidación e estruturación de unidades competitivas, permiten tanto a integración de capacidades dispersas como a competitividade máis aló do ámbito local e a satisfacción das demandas da contorna produtiva.

Realizáronse dúas convocatorias nesta modalidade: en 2016 e en 2017, e financiáronse un total de 38 redes. A axuda máxima situábase en 120.000 euros por rede para un período de dous anos. O investimento nestas dúas convocatorias ascendeu a 4.560.000 €.

Investimento achegado a través das axudas a redes de investigación do SUG por universidades nos anos 2016 e 2017. Importe en euros

Universidade	2016	2017	Total
UDC	360.000	360.000	720.000
USC	1.800.000	1.200.000	3.000.000
UVigo	120.000	720.000	840.000

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.



CONCLUSIÓNS

Logo da convocatoria de 2017, con vixencia ata 2019, decidiuse introducir unha paréntese nesta modalidade debido a:

- As redes que se estaban a financiar non estaban introducindo dinamismo e cooperación intergrupala no sistema, aínda que desempeñando o seu traballo
- A filosofía do programa, baseada en fomentar a participación colaborativa veuse superada e mellorada polo maior dinamismo das Agrupacións estratéxicas e dos Centros de investigación.

ACCIÓNS DE MELLORA

Un posible futuro do programa de Redes pasaría por crear estruturas máis áxiles e dinámicas coas seguintes características:

- Configurar Redes orientadas a obxecto, cun fin e duración determinada no tempo
- Fomentar redes interuniversitarias dentro do SUG
- Fomentar redes colaborativas transdisciplinares co resto da I+D+i galega.
- Mellorar a participación das universidades en redes nacionais e, sobre todo, internacionais.

Agrupacións Estratéxicas (AAEE)

As axudas para estas organizacións supragrupais pretenden dotar ao SUG da capacidade de liderado, estabilidade e dimensión necesaria en liñas ou áreas de investigación no longo prazo, centradas en áreas prioritarias para Galicia, e potenciar a integración e sinerxías dos proxectos científicos que se desenvolvan. Foron convocadas nas anualidades de 2008, 2009, 2012, 2015 e 2018 permitindo que varias agrupacións estratéxicas iniciasen un traballo cooperativo que, en moitos casos, rematou creando estruturas estables que superaron os límites da convocatoria propiamente ditos. Así, sete das agrupacións que recibiron

financiamento como tales entre os anos 2008 e 2016 acadaron a condición de Centro Singular de Investigación de Galicia ou ben de Agrupación Estratéxica Consolidada nunha convocatoria realizada para tal efecto no ano 2016.

No período 2015-2020 investiuse nestas estruturas un total de 5.275.000 euros:

- En 2015 concedéronse axudas para 4 agrupacións estratéxicas por un importe de 2.000.000 de euros e con vixencia ata o remate de 2017. Unha delas optou por reformularse e concorreu no ano 2016 á convocatoria de Centros de Investigación do SUG (previamente tiña acadado a condición de unidade de excelencia María de Maeztu) constituíndo o Instituto Galego de Física de Altas Enerxías.



- En 2018 renováronse as 3 e concedéronse outras 4 por un importe total de 3.275.000 €.

As expectativas xeradas por estas convocatorias, en función das solicitudes presentadas, sinalan a existencia de 20 estruturas que traballan nun ámbito superior ao de grupo. En canto ás áreas de coñecemento, son as de Ciencias, Ciencias da Saúde e Enxeñaría e Arquitectura as máis dinámicas mentres Artes e Humanidades non contan con ningunha.

Se atendemos á distribución por universidades, as cantidades percibidas por cada unha delas foron as seguintes:

Investimento achegado ás Agrupacións Estratéxicas por universidades 2016-2020. Importe en euros							
Universidade	Centro	2016	2017	2018	2019	2020	Total
UDC	CICA-INIBIC	250.000	150.000	136.379	218.206	190.931	945.516
	A-CITEEC	0	0	100.000	160.000	140.000	400.000
	Subtotal	250.000	150.000	236.379	378.206	330.931	1.345.516
USC	CITA	250.000	150.000	0	0	0	400.000
	CRETUS	0	0	150.000	240.000	210.000	600.000
	AEMAT	0	0	125.000	200.000	175.000	500.000
	BioRedes	0	0	101.440	162.304	142.016	405.759
	Subtotal	250.000	150.000	376.440	602.304	527.016	1.905.759
UVIGO	AEFIS	250.000	150.000	0	0	0	400.000
	ECOBAS	250.000	150.000	100.000	160.000	140.000	800.000
	CITACA	0	0	106.021	169.634	148.429	424.084
	Subtotal	500.000	300.000	206.021	329.634	288.429	1.624.084
Total		1.000.000	600.000	818.840	1.310.144	1.146.376	4.875.359

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.



As 7 Agrupacións Estratéxicas que reciben financiamento na actualidade poderán evolucionar de xeito diferente: algunhas poderán chegar a ser o cerne de futuros Centros, outras poderán transformarse en Institutos e, posiblemente varias delas estarán obrigadas a reformularse a algunhas desaparecerán. Algunhas deberían apostar por unha integración interuniversitaria xa que, nalgunha das áreas científicas, só a integración de persoal investigador de varias universidades do SUG poderá acadar a dimensión suficiente para xerar unha masa crítica capaz de afrontar retos máis ambiciosos.

CONCLUSIÓNS

A análise dos resultados obtidos e as valoracións realizadas polos equipos de avaliadores externos reflicten puntos débiles das axudas para estruturas colectivas de carácter non estable (redes e agrupacións):

- En poucos casos o traballo conxunto supuxo un valor engadido sobre a masa crítica que existía previamente.
- A dinámica de traballo dos grupos é tan forte que dificulta e lastra o desenvolvemento das novas estruturas. A agregación de grupos *per se* non é suficiente para crear un clima colaborativo suficiente.
- Unicamente naqueles casos nos que existe un liderado científico forte e unha experiencia de traballo previo conxunto se obteñen resultados que melloran o status anterior.

- En varios ámbitos de coñecemento algunhas destas estruturas non posúen nin o tamaño nin a dimensión suficiente para constituírse en casos de éxito, salvo que se agreguen capacidades de máis dunha universidade. e suxeriron que pode existir un campo de futuro na creación e xestión de novas estruturas de investigación de carácter interuniversitario aínda que, dadas as escasas experiencias existentes, será un traballo complexo.

ACCIÓNS DE MELLORA

A detección e identificación previa de capacidades e necesidades (a conxunción de ambas) deben marcar os próximos pasos neste sentido. Correspóndelles ás universidades do SUG identificalas e potencialas e a SXU debe analizar a súa capacidade transformadora do sistema, os beneficios que reportaría á Comunidade Autónoma e, no seu caso, deseñar os mecanismos de apoio oportunos.

3.Programa Centros CIGUS

Este programa naceu o ano 2016, transformando o financiamento vía convenio específico para os Centros de Investigación do SUG, nun apoio estable mediante concorrencia competitiva.

O programa aportou un total de 30 millóns de euros cunha senda de gasto ata o ano 2020, logo prorrogada ata 2033, sendo financiado nun 80% con fondos Feder do programa operativo de Galicia 2014-2020.

Ata o momento, realizáronse dúas convocatorias:

-Convocatoria 2016: cunha dotación orzamentaria de 18.200.000 euros. A ela puideron presentarse as propostas que emanasen das agrupacións estratéxicas que xa tiñan iniciado a súa andadura con anterioridade.

Concedéronse 7 axudas (5 para Centros de Investigación e 2 para Agrupacións Estratéxicas Consolidadas) por un importe total de 13.273.750 € (para un período de actividade de 47 meses, o que supuxo unha taxa de éxito do 73 %).

Centros singulares de investigación		
Unidade	Área	Universidade
CITIC	TIC	A Coruña
CIMUS	Biomedicina e Saúde	Santiago
CINBIO	Biomedicina e Saúde	Vigo
CIQUS	Química Biolóxica	Santiago
CIM	Medio mariño	Vigo
Agrupacións estratéxicas de investigación consolidadas		
Unidade	Área	Universidade
CITIUS	TIC	Santiago
AtlantTic	TIC	Vigo

-Convocatoria 2019: a dotación orzamentaria foi de 20.480.000 euros.

Incluíronse importantes modificacións respecto da anterior:

- Desaparece a categoría de Agrupacións estratéxicas consolidadas e todas as propostas que superen a avaliación terán a consideración de Centros de investigación do SUG
- O proxecto científico non se baseará nunha mera agregación de capacidades senón no seu enfoque estratéxico
- Fortalecemento da gobernanza dos centros
- Monitorización externa da súa actividade a través do rendemento de contas diante dos órganos directivos e da súa actividade científica ante un comité asesor externo (*Scientific Advisory Board*) que, de acordo a estándares internacionais supervise e oriente a traxectoria do centro.
- Estímulo do apoio das propias universidades que comprometan accións ben definidas e medibles para un mellor funcionamento.
- Estímulo da autonomía, animando ás universidades a definir actuacións orientadas a proporcionar aos centros maiores cotas de autonomía e flexibilidade.

Concedéronse axudas por 17.943.750 o que supuxo unha taxa de éxito do 87,6 % o que amosa que o rendemento das unidades se consolidou e foi 14 puntos superior nesta convocatoria. En termos absolutos, a axuda efectiva concedida para o programa incrementouse un total dun 35 %. Se temos en conta que as axudas do ano 2019 comprendían actividade para un total de 36 meses, en termos relativos a intensidade global da axuda medrou un 76,5 %.

Na segunda convocatoria presentáronse 8 solicitudes, obtendo todas elas unha avaliación positiva.

Centros de investigación do SUG		
Unidade	Área	Universidade
CITIC	TIC	A Coruña
CIMUS	Biomedicina e Saúde	Santiago
CINBIO	Biomedicina e Saúde	Vigo
CIQUS	Química Biolóxica	Santiago
CIM	Medio mariño	Vigo
CITIUS	TIC	Santiago
AtlantTic	TIC	Vigo
IGFAE	Física e Altas Enerxías	Santiago

No período de transición entre convocatorias (novembro de 2019 que se puideron formular novos contratos con cargo ás axudas do ano 2019) arbitrouse un mecanismo, mediante convenio, para evitar que os contratos en vigor decaesen no período entre axudas. O custo desta medida foi de case 750.000 euros.

Así, en dúas convocatorias pasouse dun sistema constituído por 5 Centros singulares de investigación e 2 Agrupacións estratéxicas consolidadas a outro máis compacto e amplo de 8 Centros de investigación do SUG.

O programa de Centros de investigación do SUG non é un programa illado que funciona por si mesmo. Hai unha multiplicidade de instrumentos que se aliñan co programa de Centros para acadar a máxima eficacia. De feito, recibe reforzos complementarios do Programa de formación predoutoral, Programa de formación posdoutoral, Programa de captación de talento, Accións específicas de obras e equipamento, Accións específicas de publicidade e Programas formativos GESCI (Gestión Estratégica de Centros y Unidades de Investigación) e GOSCI (Gestión Operativa en Centros y Unidades de Investigación).

No ano 2020 rexistrouse a marca CIGUS, como emblema de referencia dos centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, para axudar a posicionar os centros galegos nun contexto nacional e internacional cada vez máis exixente e competitivo.


Centros, é o atributo descritivo da submarca GUS:



En ocasións pode acompañarse dun *claim*, cando fai referencia a un centro acreditado:



No seguinte gráfico pode comprobarse como, desde o inicio do programa, o esforzo inversor mantivo un crecemento constante nas tres universidades.





ACCIÓNS DE MELLORA

O futuro deste programa pasa por cumprir os obxectivos da Rede de Centros CIGUS, creada e definida na orde de convocatoria de 2019, entendida como foro de reflexión, expresión e achega de ideas entre a Secretaría Xeral de Universidades e os centros acreditados nestas axudas:

- Crear un mapa ordenado de actores.
- Adoptar unha perspectiva máis ampla de traballo, fomentando a investigación colaborativa entre os diferentes centros.
- Abrir a colaboración dos centros a outros actores do sistema de I+D+i
- Dotar o programa da fortaleza institucional necesaria promovendo a súa continuidade no futuro.

C) Acci3ns de I+D+i

Á marxe de atender ás persoas e as estruturas de investigación realizáronse unha serie de accións de potenciación e fomento da I+D+i, na maior parte dos casos ao abeiro de convenios específicos (anuais e plurianuais) asinados as veces de maneira conxunta por todo o sistema e outras de xeito bilateral entre a SXU a unha universidade ou entidade de referencia.

1. Apoio estrutural ao sistema

Pola súa importancia e transversalidade destacan:

- Servizos de supercomputación: subvencionar o gasto realizado polas universidades do SUG e incrementar a súa capacidade competitiva a través da innovación poñendo á súa disposición un centro de cálculo intensivo que permitirá a aplicación de novas solucións tecnolóxicas á investigación.

Investimento achegado a través do Convenio para Servizos de supercomputación 2016-2020.
Importe en euros

	2016	2017	2018	2019	2020	Total
Dotación	510.000	510.000	510.000	510.000	510.000	2.550.000

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.

- Recursos de información científica en liña: convenios para o financiamento das accións que supoñen a xestión dos recursos de información (bases de datos, revistas electrónicas e e-books) necesarios para o desenvolvemento dos traballos científicos do persoal investigador e do persoal docente das universidades do SUG por medio das bibliotecas universitarias. Dende 2021 as universidades realizan unha xestión centralizada de recursos electrónicos de interese científico a través do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG).

Para tal fin destináronse no período máis de 7 millóns de euros coa seguinte distribución:

Investimento achegado para Recursos de información científica en liña (2016-2020).
Importe en euros

	2016	2017	2018	2019	2020	Total
Dotación	1.175.715	1.175.715	1.525.713	1.525.713	1.670.331	7.073.187

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.


-Obras, reformas e equipamento: axudas para asumir o cofinanciamento esixido nos programas ministeriais de infraestruturas ás que as universidades accederon.

Os importes globais asinados, e a distribución entre as universidades, pódense ver na seguinte táboa e gráfico:

Infraestruturas e equipamento 2016-2020. Importe en euros

Universidade	2016	2017	2018	2019	2020	Total
UDC	395.653	150.816	390.932	307.632	860.980	2.106.013
USC	429.720	1.075.000	885.476	1.507.501	1.313.186	5.210.883
UVigo	413.263	108.463	102.315	605.697	1.612.088	2.841.826
Total	1.238.636	1.334.279	1.378.723	2.420.830	3.786.254	10.158.722

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.



2. Apoio a accións específicas de I+D+i


Desde o ano 2016, e con maior intensidade nos anos seguintes, a SXU asinou diversos convenios de colaboración coas tres universidades para accións específicas de fomento da I+D+i. As temáticas e ámbitos acollidos a estes convenios foron moi variados e os procesos de negociación e a xestión resultaron moi complexos. Algúns deles tiveron carácter anual, outros (pola natureza das súas accións) foron plurianuais e case todos eles tiveron diversas modificacións e addendas para adaptarse ás necesidades cambiantes de programación.

Na seguinte táboa e gráfico, podemos ver as cantidades consignadas para este fin no período e o seu reparto por universidades.

Convenios de financiamento de accións de I+D+i por universidades e convocatorias 2016-2020. Importe en euros

Universidade	Convocatoria	2016	2017	2018	2019	2020	Total
UDC	2016	180.000					180.000
	2017-2019		1.047.304	834.932	0		1.882.236
	2018			1.709.000			1.709.000
	2019-2020				1.816.952	2.372.980	4.189.932
	Subtotal	180.000	1.047.304	2.543.932	1.816.952	2.372.980	7.961.168
USC	2016	180.000					180.000
	2017-2019		1.165.669	1.105.873	183.000		2.454.542
	2018			2.816.312			2.816.312
	2019-2020				2.815.658	2.684.395	5.500.053
	Subtotal	180.000	1.165.669	3.922.185	2.998.658	2.684.395	10.950.907
UVIGO	2016	180.000					180.000
	2017-2019		1.127.444	2.483.194	0		3.610.638
	2018			1.250.000			1.250.000
	2019-2020				1.654.757	3.622.860	5.277.617
	Subtotal	180.000	1.127.444	3.733.194	1.654.757	3.622.860	10.318.255
Total		540.000	3.340.417	10.199.311	6.470.367	8.680.235	29.230.330

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.




3.Campus de Especialización

O Programa de Especialización dos Campus do SUG iniciouse en 2013 co obxectivo de promover a especialización e diferenciación dos campus a través da colaboración estratéxica e do aproveitamento das potencialidades económicas das contornas máis próximas.

Este programa permitiu o desenvolvemento de 8 proxectos, con distintos graos de evolución:

UDC	Campus Industrial (Ferrol) Campus Innova (A Coruña) Campus da Sustentabilidade (A Coruña)
USC	Campus Terra (Lugo) Campus da Cidadanía (Santiago de Compostela)
UVIGO	Vigo Tecnolóxico (Vigo) Campus da Auga (Ourense) Campus Crea (Pontevedra)

O programa consta de tres fases secuenciais:



- Axudas para a definición:



Desde o ano 2013 mobilizáronse máis de 23 millóns de euros, dos cales 18 millóns corresponden ao período vixencia Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020.

Investimento achegado aos Campus de Especialización do SUG por universidades 2016-2020. Importe en euros

Universidade	Campus	2016	2017	2018	2019	2020 (*)	Total
UDC	Campus Ferrol (Ferrol)	800.000	590.000	789.000	245.000	330.000	2.754.000
	Campus Innova (A Coruña)		50.000	186.000	80.000	50.250	366.250
	Campus Sustentabilidade (A Coruña)		50.000	186.500	80.000	50.250	366.750
	Convenio 2019 Campus Ferrol, Innova e Sustentabilidade				308.000		308.000
	Subtotal	800.000	690.000	1.161.500	713.000	430.500	3.795.000
USC	Campus Terra (Lugo)	1.257.200	690.000	845.930	535.405	321.495	3.650.030
	Campus da Cidadanía (Santiago)		30.000	100.000	30.000	30.000	190.000
	Campus Vida (Santiago)			1.764.800			1.764.800
	Subtotal	1.257.200	720.000	2.710.730	565.405	351.495	5.604.830
UVIGO	Campus Auga (Ourense)	766.799	3.415.247	2.718.878		36.330	6.937.254
	Vigo Tecnolóxico (Vigo)		453.131	262.729		36.385	752.245
	Campus Crea (Pontevedra)		60.000	60.000	150.700	712.700	983.400
	Convenio 2019 Campus Auga, Crea				85.608		85.608
	Subtotal	766.799	3.928.378	3.041.607	236.308	785.415	8.758.507
Total		2.823.999	5.338.378	6.913.837	1.514.713	1.567.410	18.158.337

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades.

De seguido pode apreciarse a participación de cada unha das universidades en contías totais e porcentualmente.



- Proceso de acreditación

Foi definido mediante a Orde do 10 de setembro de 2019 e pretende comprobar a adecuación da estratexia do Campus á consecución dos obxectivos fixados, o grao de implantación e operatividade alcanzado no período anterior e as actuacións previstas para avanzar no proceso de especialización.

Baséase na realización dunha avaliación a cargo dun panel de expertos externos ao SUG, nomeado pola Secretaría Xeral de Universidades, e que é o encargado de analizar a documentación remitida pola universidade, manter unha reunión cos representantes do CE e elaborar os informes de avaliación.

En función da cualificación obtida, os posibles tipos de acreditación son os seguintes:

Acreditación como CE do SUG por un período de catro anos.

Acreditación como CE do SUG por un período de tres anos, coa obriga de presentar un informe de progreso intermedio sobre o avance do plan operativo.

O CE non supera o proceso de acreditación.

- Axudas para a mellora continua:

Os Campus de especialización que obteñan a acreditación poderán recibir axudas específicas no contexto do Plan para accións de mellora continua. Na actualidade, estase a traballar no deseño e conceptualización desta liña por canto o programa aínda está nos seus inicios nesta fase (dado que só hai un CE recentemente acreditado no ano 2021).

ACCIÓNS DE MELLORA

O procedemento de acreditación dos Campus de Especialización obtivo o seu primeiro resultado certo na resolución de 11 de marzo de 2021 pola que se acreditaba o Campus Industrial de Ferrol como campus de especialización do Sistema universitario de Galicia.

Na actualidade está en proceso de avaliación o Campus Terra, promovido pola USC.

En todo caso, poden apuntarse certas debilidades á vista dos procesos e análises dos avaliadores externos:

- Os CE están sendo pouco selectivos á hora de presentar as súas propostas. Prima aínda no seu deseño o sentido de dar cabida a todas as capacidades en lugar de seleccionar unicamente aquelas aliñadas cos obxectivos e filosofía da especialización.
- Os CE non están resolvendo, salvo nalgúns casos, os procesos que permitan reconfigurar os mapas de titulacións que se imparten de acordo cos criterios de especialización.
- A gobernanza dos CE está aínda pouco desenvolvida e mantén un alto grado de subsidiaridade coas estruturas de gobernanza clásica das universidades e os campus xerais.
- A investigación nos CE continúa a ser un elemento que carece das estruturas necesarias para mellorar o seu desempeño.

8 Financiamento

Introdución

Unha análise comparada do noso sistema de educación superior pode realizarse co estudo *Education at a glance 2019* (elaborado con datos do ano 2016), o cal permite comparar varios indicadores do noso sistema de ensino superior coa media da OCDE e da Unión Europea. Así e todo, esta análise debe ser tomada con precaución xa que no concepto de ensino superior están incluídos os datos doutros ensinos non universitarios. Ademais, este estudo emprega unha metodoloxía de recollida de datos diferente, incluíndo os gastos das familias ou as achegas de entidades privadas e públicas.

Así mesmo, o estudo da OCDE non é axeitado para comparar datos a nivel rexional dentro dos países, xa que non permite a desagregación dos resultados ata ese punto. Por este motivo, para comparar distintas comunidades ou zonas dun país determinado é preciso acudir a estudos onde se inclúan explicitamente todas as Comunidades Autónomas, de xeito que se posibilite realizar comparacións homoxéneas e rigorosas.

O anterior informe vese complementado, para o caso de España, co elaborado polo Instituto Nacional de Evaluación Educativa (INEE). Este traballo, titulado *Panorama de la educación. Indicadores de la OCDE 2019. Informe español*, detalla os datos dos indicadores máis importantes para o caso español, establecendo unha comparación destes cos da media dos países da OCDE e da Europa dos 23 (UE23).

Feitas as anteriores consideracións e tendo en conta estas limitacións, podemos resaltar os datos que se presentan a continuación.

Se ben o gasto total por alumno/a en España en ensino universitario (12.614\$) é inferior ó da media dos países da OCDE (15.556\$) e da UE23 (15.863\$), o gasto total por alumno/a en función do PIB presenta valores similares.

España tamén se sitúa ao mesmo nivel que a media da OCDE e da U23 en gasto anual por alumno/a como porcentaxe do gasto público total en porcentaxe do PIB 2016. Presentando incluso valores máis altos que Alemaña ou os Países Baixos.

Gasto anual por estudante en relación ao PIB per cápita. Ano 2016

	Todo o ensino	Ensino universitario
España	25,8	34,3
Media OCDE	25,9	37,6
Media UE23	25,6	36,4

Fonte: Panorama de la educación. Indicadores de la OCDE 2019

Con respecto á distribución do financiamento das institucións de ensino universitario en España, vemos como a porcentaxe de financiamento público coincide coa media da OCDE e é algo inferior á media da UE23. Con respecto do financiamento privado, en España o financiamento proporcionado polas familias representa unha maior porcentaxe que nas outras dúas agrupacións.

Distribución das fontes de financiamento do ensino universitario. Ano 2016

	Público	Privado: Hogares	Privado: Outras institucións
España	66,00 %	29,00 %	4,00 %
Media OCDE	66,00 %	23,00 %	9,00 %
Media UE23	73,00 %	17,00 %	7,00 %

Fonte: Panorama de la educación. Indicadores de la OCDE 2019

Financiamento

En España, a principal fonte de ingresos das universidades públicas son as transferencias correntes e de capital que reciben basicamente das administracións autonómicas nas que se sitúan estas institucións. De feito, segundo o *Informe CYD 2019*, cos datos dos orzamentos liquidados das 47 universidades públicas presenciais do SUE do ano 2018, o peso das transferencias correntes situouse no 63,2% do total dos ingresos, mentres as transferencias de capital supuxeron o 13,8% dos mesmos. O informe do Observatorio do Sistema Universitario (OSU), publicado en 2017, vai máis alá ao sinalar que o reparto da procedencia do financiamento público é: 94% Comunidades Autónomas, e 6% Estado.

Podemos constatar así un dos principais problemas endémicos da universidade pública española, que non é outro que a súa dificultade para xerar recursos propios ou non públicos en porcentaxes importantes dentro da súa estrutura de ingresos.

Tendo en conta os datos dos orzamentos liquidados das universidades públicas presenciais españolas advírtese a evolución da estrutura dos mesmos tanto da parte de ingresos como de gastos, debido ás


consecuencias da crise económica, aínda que maioritariamente os ingresos proceden de transferencias (correntes e de capital) procedentes basicamente das administracións autonómicas.

En canto aos ingresos o máis salientable é o predominio dos recursos procedentes das Transferencias correntes (capítulo IV) que se nutren na súa maior parte de achegas das Comunidades Autónomas nas que se sitúan as universidades. Estas achegas, logo de rexistrar un descenso nos anos da crise económica, inician un período de recuperación que xa se aprecia claramente nos datos do exercicio 2018 en que supuxeron o 63,2% do total dos ingresos das universidades públicas do SUE.

O descenso deste capítulo dende o 2010 compenseuse co incremento dos ingresos procedentes de Taxas, prezos públicos e outros ingresos (capítulo III) que chegaron a supoñer o 22,1% do total dos ingresos, coincidindo tamén coa reforma do método de fixación dos mesmos determinada polo *Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo*, aínda que esta tendencia á alza a consecuencia do incremento dos prezos de matrícula na maior parte de autonomías, está a iniciar unha tendencia á baixa, que xa se aprecia nos datos de 2018 e que previsiblemente seguirá nesta liña coa nova política de prezos iniciada no Ministerio de Universidades en 2020.

Os ingresos por Transferencias de capital (capítulo VII), tamén procedentes maioritariamente dos orzamentos autonómicos, rexistraron unha evolución similar ás achegas do capítulo IV, un descenso nos anos da crise e o inicio de recuperación dende 2015, situándose no ano 2018 no 13,8% do total dos ingresos liquidados.

Distribución de ingresos liquidados (%) de universidades públicas presenciais




Fonte: elaboración propia con datos do Informe CYD 2019

Na parte de gastos o máis característico da estrutura orzamentaria do SUE é o peso dos gastos de persoal (capítulo I) que rexistra un incremento continuo no seu peso porcentual nos orzamentos das universidades. Deste xeito, mentres no ano 2009 este gasto supoñía o 58,2% do total, en 2015 elevouse ao 64,7%, incremento que continua ata acadar o 65,7% en 2018.

En segundo lugar, os gastos relativos a Inversións reais (capítulo VI) rexistran unha tendencia á baixa xa que, partindo de representar o 21,4% do total do gasto das universidades públicas presenciais españolas en 2009, no exercicio 2018 supoñen o 15,6% do total. Isto foi debido a que nos anos de crise as universidades centraron os esforzos para acadar aforros nestas partidas.

Os Gastos correntes en bens e servizos (capítulo II) mantivéronse estables no seu peso porcentual ao longo do período 2009 a 2018.

Distribución de gastos liquidados (%) de universidades públicas presenciais



Fonte: elaboración propia con datos do Informe CYD 2019

Seguindo cos datos dos orzamentos liquidados das universidades públicas presenciais do SUE do ano 2018, pódese poñer en relación as transferencias recibidas polas universidades (correntes e de capital) co número de alumnos matriculados en grao. Esta ratio da unha idea do esforzo financeiro realizado polo sector público autonómico, orixe da maior parte desas transferencias, nas universidades da súa competencia.


Na seguinte táboa reflíctense as achegas en transferencias por alumno en cada unha das universidades públicas presenciais. Destaca a Universidade Politécnica de Valencia que no ano 2018 recibiu 13.559 euros por cada un/ha dos/as alumnos/as matriculados nos graos impartidos n curso 2018/2019. A continuación, con máis de 10.000 €/alumno, sitúanse cinco universidades entre as que está a de Santiago de Compostela con 10.112 €/alumno.

Das 47 universidades recollidas, no posto 11 e 12 da táboa sitúanse respectivamente as universidades de Vigo e A Coruña que perciben 8.931 €/alumno e 8.687 €/alumno. Deste xeito as tres universidades galegas sitúanse no terzo máis alto da táboa.

No extremo contrario, once universidades reciben menos de 7.000 euros por alumno, destacando a Rey Juan Carlos con 2.238 €/alumno, e outras como Illes Balears, Sevilla, Autónoma de Barcelona, Complutense de Madrid, Extremadura, Málaga, Murcia, Pompeu Fabra ou Barcelona, todas elas con

ratios arredor dos 6.000 €/alumno e a Universidade de Girona que recibe pouco máis de 5.000 euros por cada alumno de grao.

Transferencias correntes e de capital por alumno. Ano 2018, curso académico 2018/2019, por universidades




Fonte: Informe CYD 2019

Partindo dos datos anteriores, pódese analizar o esforzo financiador de cada unha das comunidades autónomas respecto das universidades públicas radicadas no seu territorio. A suma de transferencias correntes e de capital que cada unha delas destina ás institucións universitarias é un indicador dese

esfuerzo. Deste xeito, no exercicio 2018, pódense apreciar notables diferencias nas ratios de financiamento público por alumno/a de grao matriculado nos distintos sistemas universitarios autonómicos.

**Transferencias correntes e de capital por estudante de grao por CCAA.
Año 2018 (curso 2018/2019)**




Fonte: Informe CYD 2019

No ano 2018 solo País Vasco e Cantabria superaron a ratio dos 10.000 euros por estudante matriculado en grao. En terceiro lugar, con 9.337 euros/alumno sitúase Galicia, sendo o SUG un dos sistemas que percibe un maior financiamento autonómico dentro do territorio nacional. No extremo contrario, a Comunidade Autónoma de Madrid, con 6.188 euros/alumno. No mesmo tramo de 6.000 euros por alumno situáronse as comunidades de Extremadura, Murcia, Cataluña e Baleares.

Para facer unha aproximación ao esforzo relativo que cada unha das comunidades autónomas realiza para financiar o seu sistema universitario, deben poñerse en relación as transferencias correntes e de capital por alumno co nivel de riqueza de cada territorio, tomado como o PIB *per capita* do mesmo. O resultado para o ano 2018 é o que se reflicte no mapa seguinte.

**Transferencias correntes e de capital por estudante de grao divididas polo PIB *per capita* da CA.
Ano 2018 (curso 2018/2019)**



Fonte: Informe CYD 2019

Neste caso, as tres comunidades autónomas que realizaron un maior esforzo público relativo para financiar os seus sistemas universitarios e presentan en 2018 unha porcentaxe superior ao 40% son Cantabria, Comunidade Valenciana e, en terceiro lugar Galicia co 40,3%.


No extremo contrario, Madrid é a comunidade que realiza un menor esforzo en toda España, co 17,7%. Así mesmo, por debaixo do 25%, as comunidades de Cataluña e Baleares.

A seguinte gráfica abonda no xa indicado por canto reflicte a variación en porcentaxe dos ingresos das universidades públicas, procedentes dos orzamentos das administracións autonómicas nas que se sitúan. Entre os exercicios 2017 e 2018 os orzamentos autonómicos rexistraron, en global, un descenso do 8,5%, o que indica que a maior parte dos sistemas universitarios autonómicos aínda non recuperan a tendencia de incremento que precedeu á crise.

Segundo os datos publicados pola CRUE no informe *La Universidad Española en Cifras 2017/2018* solo cinco comunidades autónomas incrementaron as transferencias destinadas ás institucións universitarias entre os anos 2017 e 2018, sendo Galicia, cun incremento do 4,5%, a comunidade máis destacada, seguida de A Rioxa, Illas Baleares, Asturias e Andalucía.

O resto de sistemas universitarios autonómicos rexistran baixadas dos ingresos procedentes das administracións correspondentes, destacando o 34% de Castela a Mancha, o 23,6% de Cataluña ou o 17,1% menos ingresado polas universidades valencianas.

Variación (%) dos ingresos das universidades públicas presenciais procedentes das CCAA. 2017/2018




Fonte: CRUE. Informe La Universidad Española en Cifras 2017/2018

En decembro de 2017 o Observatorio do Sistema Universitario publicou o estudo *¿Quién financia la universidad?* Nesa publicación realízase unha comparación entre comunidades autónomas en España, Europa e a OCDE no período comprendido entre os anos 2009 e 2015, polo que pode apreciarse o comportamento do financiamento público ás universidades no período afectado pola crise económica global.

Un dos puntos recollidos nese estudo fai referencia ao financiamento público das universidades públicas do SUE como porcentaxe do PIB, o que indica a proporción da riqueza total xerada en cada comunidade autónoma que a súa administración destina ao financiamento das universidades públicas do seu territorio.


É interesante comprobar a disparidade entre comunidades así como comparar a situación existente no ano 2009, previo á crise, e no ano 2015 cando se inicia a recuperación a nivel xeral.

No primeiro dos gráficos, correspondente ao exercicio 2009, indícase que a media nacional se situaba no 0,74%. Galicia, situábase en cuarta posición cun 0,83% do PIB rexional dedicado ás universidades do SUG, sendo unha das seis comunidades autónomas que superaban a media do SUE e solo superada por Valencia, Andalucía e Murcia. No extremo oposto, as comunidades de Baleares ou Navarra, que non chegan a destinar o 35% do seu PIB ao sistema universitario.



Fonte: *¿Quién financia la universidad?*, Observatorio del Sistema Universitario

O mesmo gráfico con datos do ano 2015 reflicte as consecuencias da crise no financiamento das universidades públicas en todo o territorio nacional e, unha vez máis, as diverxencias existentes entre as distintas comunidades autónomas. Todas as comunidades autónomas diminuíron o seu esforzo en maior ou menor medida, destacando neste aspecto a Comunidade Valenciana, cun descenso de 0,32 puntos, e a Comunidade de Madrid, con 0,21 puntos de decremento. A media nacional baixou 0,16 puntos respecto do 2009, aínda que non hai cambios significativos en canto ao esforzo financiador de cada unha das comunidades. Destacar que Galicia mantense entre as comunidades que se sitúan por encima da media estatal, adiantando un posto respecto do 2009 de forma que en 2015 pasa a ser a terceira comunidade en canto a nivel proporcional de riqueza destinada ás súas universidades, co 0,71% do PIB. A nosa comunidade solo é superada por Andalucía e a Comunidade Valenciana.




Fonte: *¿Quién financia la universidad?*, Observatorio del Sistema Universitario

Queda patente deste xeito a efectividade da existencia en Galicia de planes de financiamento que serviron como instrumentos de blindaxe do financiamento do SUG nun contexto xeneralizado de crise económica que afectou de forma moi significativa ao sector público autonómico.

Por último, a ratio entre as transferencias directas do plan de financiamento ás universidades e os ingresos non financeiros da Xunta, é un indicador claro do esforzo realizado pola Comunidade Autónoma en relación ás institucións públicas de ensino universitario. Mentres que os ingresos non financeiros da Xunta sufriron unha importante redución nos primeiros anos desta década o esforzo orzamentario a prol das universidades mantívose case inalterable grazas á blindaxe dos fondos vinculado ao Plan de Financiamento 2011-2015.

En 2018 as universidades galegas superan o importe que recibiron en 2009 por transferencias directas vinculadas ao Plan de Financiamento, acadando un novo fito histórico, que se mantén ao longo dos exercicios de 2019 e 2020. O orzamento global da Xunta non recupera o importe de ingresos non financeiros ata 2020, dous anos despois.

Achegas anuais do Plan de Financiamento do SUG



Fonte: Secretaría Xeral de Universidades. Xunta de Galicia

Orzamentos das universidades galegas

As dotacións orzamentarias das universidades a nivel do SUE viñeron marcadas pola crise económica de 2009 que supuxo en xeral unha diminución do financiamento público destinado a estas institucións en todas as comunidades autónomas. Mentres a maior parte das autonomías paralizaron os seus plans de financiamento, regresando a sistemas baseados nas subvencións nominativas que aínda manteñen na actualidade, Galicia mantivo os plans de financiamento baseados nunha parte estrutural e outra vinculada a resultados de xeito que blindou o financiamento das tres universidades do SUG nos momentos máis duros da crise, á marxe das restricións orzamentarias que afectaron ao resto do sector público autonómico. Por outra banda, o establecemento dun novo sistema de fixación dos prezos públicos a partir do ano 2012, supuxo que a maior parte das universidades españolas tratasen de compensar a diminución do financiamento público mediante un forte e xeneralizado incremento das matrículas, traspasando o peso do financiamento ás economías familiares. Mentres, en Galicia, optouse por unha política de contención de prezos cuxos efectos é compensada anualmente ás universidades do SUG a través dos mecanismos contemplados no Plan Galego de Financiamento Universitario.

Orzamentos iniciais das universidades galegas


Os orzamentos iniciais das tres universidades públicas galegas, publicados anualmente no Diario Oficial de Galicia, reflicten con datos obxectivos o resultado da política de priorización do gasto neste sector por parte da administración autonómica nun contexto de xeral contención do gasto público e estabilidade orzamentaria.

Os orzamentos das universidades do SUG seguen unha tendencia similar co paso dos anos. No período comprendido entre o ano 2011 e o 2019, a USC situase á cabeza dos totais de ingresos e tamén de gastos previstos. Séguelle a UVIGO e finalmente a UDC. Como se observa nas gráficas seguintes a UVIGO e a UDC apenas experimentan variacións nos totais ao longo do tempo, mentres que a USC si sufriu unha acusada baixada no ano 2015, tanto nos seus ingresos como nos seus gastos, recuperándose nos seguintes anos.

En xeral, o importe total dos orzamentos das tres universidades recupera en 2018 as cantidades de antes da crise, en correspondencia co sinalado anteriormente sobre transferencias directas da Xunta


de Galicia. Constátase non obstante, que, mentres, USC e UVIGO superan con nitidez o importe de 2011, a UDC inda queda a máis de seis millóns de distancia daquel importe.

Evolución dos ingresos nos orzamentos das universidades do SUG



Fonte: Elaboración propia con base nos orzamentos iniciais das universidades do SUG

Evolución dos gastos nos orzamentos das universidades do SUG



Fonte: Elaboración propia con base nos orzamentos iniciais das universidades do SUG

A continuación pódese ver o desglose de ingresos e gastos presupostados por capítulos para cada unha das tres universidades galegas no período comprendido entre o ano 2011 e o ano 2019. Cabe destacar, que nos orzamentos das universidades do SUG a maior parte dos seus ingresos proceden, nos tres casos, das transferencias correntes; mentres que a maior parte dos seus gastos son as retribucións do persoal. Con todo, hai evolucións diferentes nalgunhas partidas.

A comparación dos orzamentos iniciais das tres universidades galegas para o ano 2019 en relación cos previstos para o ano 2011, data de inicio da vixencia do IV Plan de Financiamento, reflicten a

evolución das políticas de ingresos e gastos de cada unha das institucións, marcadas neses exercicios pola crise económica e a posterior recuperación.

En concreto analízanse, pola parte dos ingresos, os capítulos III (Taxas, prezos e outros ingresos), IV (Transferencias correntes) e VII (Transferencias de capital). Pola parte dos gastos, céntrase a atención nos capítulos I (Gastos de persoal), II (Gastos en bens correntes) e VI (Investimentos reais).

No relativo á UDC, os orzamentos de 2019 supoñen un 0,26% máis do orzamentado para o ano 2011. Pola parte dos ingresos, as transferencias correntes previstas para o ano 2019 superan en máis de 10 millóns de euros, que supoñen un incremento do 12,14% respecto do presupostado en 2011. Os ingresos por prezos públicos mantense a pesares da diminución de alumnado, de feito en 2019 prevense ingresos un 11,29% superiores aos inicialmente esperados no ano 2011. No caso das transferencias de capital apréciase unha lixeira baixada de 252.494 euros que marcan unha variación do 1,65% entre os ingresos previstos no 2011 e no 2019.

En gastos, o orzamentado inicialmente pola UDC para Gastos de persoal no ano 2019, supera en 7,8 millóns de euros ao previsto nos orzamentos de 2011, isto é un incremento do 8,81%. Mentres tanto os gastos en bens correntes e servizos como, sobre todo, en investimentos reais, son partidas que, comparando as previsións dos orzamentos iniciais de 2011 e 2019, rexistran un descenso notable que supón o 7,55% e o 38,47% respectivamente.

Evolución dos orzamentos iniciais da UDC por capítulos

UDC	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
INGRESOS									
III Taxas, prezos e outros ingresos	15.229.554,51	14.740.900,00	14.244.900,00	14.950.900,00	14.872.900,00	15.344.830,48	16.353.572,02	16.663.822,70	16.949.527,40
IV Transferencias correntes	84.957.781,60	83.710.558,32	85.195.340,72	82.312.831,83	82.727.537,45	85.256.622,57	86.667.644,89	92.038.376,32	95.274.299,93
V Ingresos patrimoniais	990.000,00	693.000,00	487.000,00	460.000,00	420.000,00	335.000,00	315.000,00	315.000,00	340.000,00
VI Alleamento de investimentos reais	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
VII Transferencias de capital	16.966.275,17	17.115.880,48	16.488.693,20	14.167.446,36	15.900.847,60	14.888.806,49	15.619.900,97	13.688.592,87	16.713.781,10
VIII Activos financeiros	6.800.000,00	7.000.000,00	3.200.000,00	2.952.771,20	2.270.800,97	495.038,00	490.327,54	588.931,14	689.715,02
IX Pasivos financeiros	4.678.403,11	0,00	0,00	79.557,86	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	129.622.014,39	123.260.338,80	119.615.933,92	114.923.507,25	116.192.086,02	116.320.297,54	119.446.445,42	123.294.723,03	129.967.323,45
GASTOS									
I Gastos de persoal	88.608.538,83	87.676.709,58	87.676.709,59	83.871.898,07	85.391.720,67	88.383.430,83	90.292.674,48	92.200.902,31	96.421.178,56
II Gastos en bens correntes e servizos	17.905.694,07	16.702.656,76	16.295.284,45	15.705.203,53	14.974.574,50	15.263.549,50	14.486.944,32	15.582.765,40	16.552.513,26
III Gastos financeiros	32.500,00	99.300,00	102.850,00	58.500,00	58.500,00	58.500,00	45.386,22	33.000,00	28.000,00
IV Transferencias correntes	3.787.490,06	3.454.242,80	3.070.132,82	3.246.495,40	2.928.924,50	2.459.114,76	2.762.881,76	4.601.378,70	4.747.276,48
V Fondo de conxistencia	250.000,00	250.000,00	250.000,00	250.000,00	250.000,00	250.000,00	250.000,00	350.000,00	350.000,00
VI Investimentos reais	18.396.500,22	12.986.569,87	11.327.587,06	11.028.470,26	11.838.366,35	9.155.702,45	11.058.558,64	9.976.676,62	11.318.355,15
VII Transferencias de capital	1.270,00	1.270,00	1.270,00	1.270,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
VIII Activos financeiros	80.500,00	90.600,00	42.100,00	11.670,00	50.000,00	50.000,00	0,00	0,00	0,00
IX Pasivos financeiros	559.521,21	1.998.989,79	850.000,00	750.000,00	700.000,00	700.000,00	550.000,00	550.000,00	550.000,00
TOTAL	129.622.014,39	123.260.338,80	119.615.933,92	114.923.507,26	116.192.086,02	116.320.297,54	119.446.445,42	123.294.723,03	129.967.323,45

Fonte: Orzamentos iniciais UDC

No caso da USC, a diferenza entre os orzamentos iniciais do ano 2011 e do 2019 arroxa un incremento de 15,8 millóns de euros, o que supón un 6,91% máis nas previsións da institución no último ano do período.

En canto aos ingresos, seguindo coa comparación dos orzamentos iniciais dos anos de inicio e final do período, rexistrouse unha baixada tanto no capítulo III (con menos do 15,54% en 2019 respecto do 2011) o que contrasta co incremento das outras dúas universidades neste capítulo, e no capítulo IV (no que baixa un 0,68% entre un e outro). Destaca o forte incremento do capítulo de transferencias de capital, que cunha diferenza de máis de 21,5 millóns de euros, supuxo unha previsión no exercicio de 2019 un 51,96% superior á orzamentada en 2011.

Na parte de gastos os orzamentos iniciais da USC para 2019 rexistra un incremento nos tres principais capítulos. Mentres en gastos de persoal está previsto un incremento de máis de 2 millóns de euros respecto do reflectido nos orzamentos de 2011, é dicir, un 1,33% máis, o incremento dos gastos en bens correntes e servizos supoñen un diferencial do 2,11% entre ambos orzamentos. En todo caso o maior incremento se rexistra no capítulo VI de investimentos reais que, con máis de 17 millóns incrementou nun 40,89% a previsión de gastos neste eido respecto dos orzamentos iniciais do 2011, o que contrasta coa tendencia á baixa das universidades da Coruña e Vigo neste capítulo.

Evolución dos orzamentos iniciais da USC por capítulos

USC	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
INGRESOS									
III Taxas, prezos e outros ingresos	41.548.000,00	41.548.000,00	41.548.000,00	41.548.000,00	32.670.100,00	35.937.964,54	34.926.820,00	34.967.870,01	35.090.000,00
IV Transferencias correntes	140.109.480,00	140.109.480,00	140.109.480,00	140.109.480,00	131.310.100,00	133.036.247,05	136.475.185,00	134.663.401,57	139.143.140,00
V Ingresos patrimoniais	713.000,00	713.000,00	713.000,00	713.000,00	120.000,00	324.250,84	317.000,00	383.357,00	487.000,00
VI Alleamento de investimentos reais	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.079.340,00
VII Transferencias de capital	41.473.480,00	41.473.480,00	41.473.480,00	41.473.480,00	34.856.452,00	47.445.909,97	48.623.917,43	56.649.959,22	63.026.200,00
VIII Activos financeiros	5.000.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
IX Pasivos financeiros	0,00	5.000.000,00	5.000.000,00	5.000.000,00	0,00	2.547.619,05	4.767.730,00	5.900.000,00	5.847.000,00
TOTAL	228.843.960,00	228.843.960,00	228.843.960,00	228.843.960,00	198.956.652,00	219.291.991,45	225.110.652,43	232.564.587,80	244.672.680,00
GASTOS									
I Gastos de persoal	149.260.000,00	149.260.000,00	149.260.000,00	149.260.000,00	137.673.500,00	141.897.938,74	144.324.249,26	144.813.864,89	151.246.700,00
II Gastos en bens correntes e servizos	26.188.960,00	26.188.960,00	26.188.960,00	26.188.960,00	24.853.000,00	25.538.497,87	24.464.583,32	25.759.612,00	26.742.065,00
III Gastos financeiros	898.000,00	898.000,00	898.000,00	898.000,00	861.401,00	1.043.404,29	787.011,00	400.000,00	490.470,00
IV Transferencias correntes	2.904.420,00	2.904.420,00	2.904.420,00	2.904.420,00	1.884.600,00	1.932.791,42	1.884.071,00	1.733.580,00	1.733.580,00
V Fondo de continxencia	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	586.185,78	350.000,00	50.000,00	1.500.000,00
VI Investimentos reais	42.672.580,00	42.672.580,00	42.672.580,00	42.672.580,00	31.712.950,00	44.538.437,52	47.950.647,85	55.211.425,00	60.122.220,00
VII Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	200.000,00	200.000,00	0,00	0,00
VIII Activos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	500.000,00	0,00	0,00
IX Pasivos financeiros	6.920.000,00	6.920.000,00	6.920.000,00	6.920.000,00	1.971.201,00	3.554.735,83	4.650.090,00	4.596.105,90	2.837.645,00
TOTAL	228.843.960,00	228.843.960,00	228.843.960,00	228.843.960,00	198.956.652,00	219.291.991,45	225.110.652,43	232.564.587,79	244.672.680,00

Fonte: Orzamentos iniciais USC

Na Universidade de Vigo a diferenza entre os orzamentos iniciais de 2011 e 2019 é de 14,6 millóns de euros, o que sitúa o orzamento do último destes anos un 8,71% por enriba do orzamentado no exercicio en que iniciou a vixencia do anterior plan de financiamento.

Os tres principais capítulos de ingresos rexistran importantes subidas ao comparar os orzamentos de 2011 e os de 2019: o capítulo III incrementábase un 13,49%, o capítulo IV un 21,32% e o capítulo VII un 14,23%.

Esta tendencia á alza na comparación de ambos orzamentos iniciais apréciase tamén na parte de gastos onde a subida de máis de 14 millóns en gastos de persoal supón un incremento do 15,08% e a alza de 3,4 millóns de euros no orzamentado para gastos en bens correntes e servizos, sitúa a subida deste capítulo no 14,05%. Pola contra, os investimentos reais sofren un descenso do 6,81% entre ambos orzamentos.

Evolución dos orzamentos iniciais da UVIGO por capítulos

UVIGO	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
INGRESOS									
III Taxas, prezos e outros ingresos	15.494.000,00	15.854.000,00	15.779.000,00	15.774.500,00	16.146.500,00	16.626.500,00	16.871.500,00	18.152.000,00	17.584.500,00
IV Transferencias correntes	104.773.702,00	111.547.353,00	111.954.848,00	110.715.000,00	111.467.500,00	116.500.524,00	118.051.169,00	119.037.333,00	127.117.911,00
V Ingresos patrimoniais	282.000,00	190.000,00	355.000,00	426.000,00	341.000,00	336.000,00	330.400,00	365.000,00	288.000,00
VI Alieamento de investimentos reais	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	400.000,00	400.000,00
VII Transferencias de capital	25.820.764,00	19.318.964,00	24.313.964,00	17.889.000,00	20.193.000,00	22.791.000,00	23.977.834,00	26.722.626,00	29.496.028,00
VIII Activos financeiros	15.271.575,00	16.059.428,00	10.813.540,00	14.850.619,00	17.055.557,00	4.332.500,00	6.094.585,00	7.875.129,00	7.648.650,00
IX Pasivos financeiros	6.261.812,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	167.903.853,00	162.969.745,00	163.216.352,00	159.655.119,00	165.203.557,00	160.586.524,00	165.325.488,00	172.552.088,00	182.535.089,00
GASTOS									
I Gastos de persoal	94.823.000,00	93.598.000,00	93.238.000,00	89.190.380,00	89.190.380,00	95.040.900,00	97.498.500,00	102.641.859,00	109.126.119,00
II Gastos en bens correntes e servizos	24.581.036,00	24.997.707,00	24.909.149,00	28.112.538,00	31.238.015,00	28.014.935,00	26.498.211,00	26.956.058,00	28.034.976,00
III Gastos financeiros	50.000,00	50.000,00	50.000,00	50.000,00	375.000,00	375.000,00	370.270,00	124.450,00	379.450,00
IV Transferencias correntes	7.155.659,00	7.790.471,00	8.523.200,00	6.566.600,00	5.943.850,00	6.275.250,00	8.444.552,00	7.726.335,00	7.345.470,00
V Fondo de continxencia	600.000,00	360.000,00	360.000,00	360.000,00	360.000,00	300.000,00	200.000,00	180.000,00	200.000,00
VI Investimentos reais	38.214.158,00	33.581.567,00	33.366.003,00	32.015.601,00	34.686.312,00	27.440.439,00	30.173.955,00	32.983.386,00	35.609.074,00
VII Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
VIII Activos financeiros	50.000,00	50.000,00	120.000,00	160.000,00	160.000,00	140.000,00	140.000,00	140.000,00	140.000,00
IX Pasivos financeiros	2.430.000,00	2.542.000,00	2.650.000,00	3.200.000,00	3.250.000,00	3.000.000,00	2.000.000,00	1.800.000,00	1.700.000,00
TOTAL	167.903.853,00	162.969.745,00	163.216.352,00	159.655.119,00	165.203.557,00	160.586.524,00	165.325.488,00	172.552.088,00	182.535.089,00

Fonte: Orzamentos iniciais UVIGO

A comparación realizada entre os orzamentos iniciais das tres universidades do SUG para os exercicios 2011 e 2019 é un indicador dos beneficios de contar cun orzamento blindado fronte ás

oscilacións provocadas pola crise económica, de xeito que minimizáronse as consecuencias da mesma nos orzamentos das universidades do SUG.

Neste período no que a crise económica propiciou no resto do Estado (agás no País Vasco) a volta a un financiamento universitario baseado en subvencións nominativas calculadas sobre a situación previa á crise e aplicando a correspondente porcentaxe de axuste, Galicia apostou por un modelo de financiamento estable, de vixencia quinquenal, baseado nunha parte estrutural e outra por resultados da actividade de cada institución.

Estrutura dos orzamentos de ingresos liquidados

Para coñecer o importe total dos recursos obtidos por cada universidade así como a procedencia dos mesmos é necesario acudir aos datos proporcionados polos orzamentos de ingresos liquidados, en concreto aos dereitos recoñecidos netos.

A estrutura dos ingresos das universidades descansa na súa práctica totalidade en tres capítulos que, de maior a menor peso son os seguintes:

- Capítulo IV: Transferencias correntes. Procedentes dos orzamentos da comunidade autónoma.
- Capítulo VII: Transferencias de capital. Así mesmo con orixe nos orzamentos autonómicos.
- Capítulo III: Taxas, prezos e outros ingresos. Fundamentalmente nutridos polo pagamento de matrículas do estudiantado.

Cos datos dos orzamentos de ingresos liquidados de cada unha das universidades do SUG, conséntase que ao longo do período comprendido entre os anos 2011 e 2019 as tres institucións recuperaron os niveis de ingresos previos á crise, incluso superando o punto de partida.

En canto a estrutura dos mesmos non variou ao longo do período aínda que con algunhas oscilacións. A maior parte dos ingresos das universidades galegas ten a súa orixe en transferencias correntes, procedentes na súa maioría dos orzamentos autonómicos.

Na UDC o capítulo IV de ingresos, parte dun peso do 67,78% en 2011 e, logo de acadar un peso máximo nos orzamentos liquidados de 2016 co 71,14%, situouse en 2019 no 68,71% do total.

O mesmo capítulo na USC nos orzamentos de 2011 supoñía o 60,40% , a maior porcentaxe acadada no período, situándose no 2019 no 56,92% do total do orzamento de ingresos.

Pola súa banda, na UVIGO os ingresos por transferencias correntes pasaron de supoñer o 67,73% do total dos ingresos liquidados en 2011, a acadar unha porcentaxe do 75,41% en 2019, acadando o punto máximo de peso na estrutura dos orzamentos en 2016 en que o capítulo IV representou o 77,01% dos ingresos desta institución.

As transferencias de capital, capítulo VII representan o segundo tipo de ingresos para as tres universidades do SUG, aínda que destaca a USC en canto a o maior peso que estes ingresos acadan na súa estrutura orzamentaria.

Deste xeito, a universidade santiaguesa móvese en porcentaxes superiores ao 20% en todos os anos do período, agás en 2013. Parte dun peso equivalente ao 20,37% nos orzamentos da USC para o ano 2011, e chega a supoñer en 2019 o 25,88% dos ingresos totais da universidade.

Pola súa banda, o capítulo VII na universidade da Coruña experimentou, aínda que con certas oscilacións, un notable incremento no seu peso dentro da estrutura dos seus orzamentos de ingresos, partindo do 16,52% correspondente ao ano 2011 e situándose en 2019 no 19,58% do total dos ingresos da universidade.

Na UVIGO, o mesmo capítulo VII mantén unha evolución máis constante, aínda que presenta unha certa tendencia á baixa en canto ao seu peso na totalidade dos ingresos, pasando de supoñer o 17,95% dos mesmos en 2011 para situarse no 14,28% correspondente ao ano 2019.

Na estrutura dos orzamentos liquidados de ingresos o capítulo III representa a terceira fonte de financiamento das mesmas.


Na UDC, no ano 2011 , os fondos procedentes de taxas, prezos e outros ingresos tivo un peso do 11,67% do total, moi similar ao nivel acadado en 2019, sendo o 2015 o ano en que ditos ingresos supuxeron unha porcentaxe máis elevada respecto do total representando o 13,74% da totalidade de ingresos da universidade.

Na UVIGO o peso deste capítulo na súa estrutura de ingresos experimentou una baixada en 2019, ano en que representa un 10,15% do total, ao mesmo nivel que no orzamento de 2011e que sufriu lixeiras variacións ao logo do período.

Os ingresos de capítulo III na USC presentan unha tendencia á baixa entre os anos 2011 e 2019 , aínda que é a universidade en que este tipo de ingresos acada maior peso na estrutura dos seus orzamentos. Partindo do 18,60% no ano 2011, no 2019 as taxas, prezos e outros ingresos supoñen o 14,56% do importe total dos ingresos nesta universidade.

Distribuição dos ingresos por capítulos da UDC Orçamentos liquidados


UDC	2011		2012		2013		2014		2015		2016		2017		2018		2019	
Capítulo III	15.808.768,46	11,67 %	16.123.854,72	13,14 %	15.472.881,64	12,98 %	14.387.722,09	11,66 %	16.734.893,40	13,74 %	15.184.926,99	12,96 %	15.032.039,59	11,32 %	16.863.381,81	12,47 %	15.739.620,63	11,36 %
Capítulo IV	91.843.773,23	67,78 %	80.909.303,33	65,92 %	84.140.272,78	70,59 %	82.300.904,02	66,68 %	80.701.531,38	66,25 %	87.362.771,36	71,14 %	90.831.904,24	68,39 %	93.513.379,17	69,13 %	95.168.245,48	68,71 %
Capítulo V	629.133,74	0,46 %	571.507,83	0,47 %	291.170,59	0,24 %	458.774,76	0,37 %	332.558,08	0,27 %	309.577,35	0,25 %	326.382,42	0,25 %	309.983,89	0,23 %	337.512,22	0,24 %
Capítulo VI	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %
Capítulo VII	22.388.309,88	16,52 %	24.982.109,00	20,35 %	19.134.613,01	16,05 %	23.568.591,13	19,10 %	23.875.723,45	19,60 %	19.804.334,38	16,13 %	26.627.550,21	20,05 %	24.577.364,45	18,17 %	27.113.981,61	19,58 %
Capítulo VIII	149.745,69	0,11 %	149.745,69	0,12 %	149.745,69	0,13 %	149.661,87	0,12 %	165.411,87	0,14 %	149.661,86	0,12 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	140.000,00	0,10 %
Capítulo IX	4.678.403,11	3,45 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	2.560.000,00	2,07 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %
TOTAL UNIVERSIDADE	135.498.134,11	100,00 %	122.736.520,57	100,00 %	119.188.683,71	100,00 %	123.425.653,87	100,00 %	121.810.118,18	100,00 %	122.811.271,94	100,00 %	132.817.876,46	100,00 %	135.264.109,32	100,00 %	138.499.359,94	100,00 %



Fonte: Contas Anuais UDC

Distribuição dos ingresos por capítulos da USC Orçamentos liquidados


USC	2011		2012		2013		2014		2015		2016		2017		2018		2019	
Capítulo III	45.163.007,20	18,60 %	42.593.411,80	17,48 %	39.323.901,93	17,22 %	37.414.248,11	16,54 %	38.302.793,37	15,75 %	42.012.720,09	16,40 %	38.556.564,41	15,88 %	38.203.708,64	15,38 %	37.130.604,02	14,56 %
Capítulo IV	146.686.647,56	60,40 %	141.379.816,57	58,02 %	136.634.577,61	59,85 %	137.851.949,85	60,94 %	139.865.185,38	57,52 %	139.031.135,42	54,28 %	140.674.582,16	57,96 %	140.123.525,83	56,42 %	145.128.159,43	56,92 %
Capítulo V	1.517.802,88	0,63 %	1.960.997,57	0,80 %	416.566,89	0,18 %	641.472,71	0,28 %	587.789,57	0,24 %	638.835,76	0,25 %	1.728.495,52	0,71 %	650.471,51	0,26 %	620.195,92	0,24 %
Capítulo VI	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	6.116.268,50	2,52 %	0,00	0,00 %	1.079.341,50	0,42 %
Capítulo VII	49.471.178,68	20,37 %	49.261.083,33	20,22 %	44.850.103,02	19,64 %	47.687.315,07	21,08 %	53.755.866,38	22,11 %	69.740.837,07	27,23 %	54.771.541,51	22,57 %	60.824.958,03	24,49 %	65.994.434,96	25,88 %
Capítulo VIII	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %
Capítulo IX	0,00	0,00 %	8.464.260,57	3,47 %	7.088.696,48	3,10 %	2.615.288,00	1,16 %	10.651.535,38	4,38 %	4.715.610,95	1,84 %	879.481,94	0,36 %	8.534.961,79	3,44 %	5.018.420,98	1,97 %
TOTAL UNIVERSIDADE	242.838.636,32	100,00 %	243.659.569,84	100,00 %	228.313.845,93	100,00 %	226.210.273,74	100,00 %	243.163.170,08	100,00 %	256.139.139,29	100,00 %	242.726.934,04	100,00 %	248.337.625,80	100,00 %	254.971.156,81	100,00 %



Fonte: Contas Anuais USC

Distribución dos ingresos por capítulos da UVIGO Orzamentos liquidados

UVIGO	2011		2012		2013		2014		2015		2016		2017		2018		2019	
Capítulo III	16.293.611,11	10,50 %	17.012.417,05	11,47 %	18.861.553,61	12,48 %	17.806.306,24	12,15 %	16.155.495,83	10,70 %	17.138.649,20	11,15 %	19.859.714,32	12,54 %	17.117.290,02	10,61 %	16.754.751,88	10,15 %
Capítulo IV	105.122.744,04	67,73 %	108.933.343,13	73,43 %	108.917.624,80	72,06 %	112.011.796,26	76,41 %	114.113.483,29	75,56 %	118.407.381,92	77,01 %	117.967.347,32	74,50 %	118.954.228,77	73,73 %	124.458.914,07	75,41 %
Capítulo V	431.449,57	0,28 %	753.352,46	0,51 %	413.209,01	0,27 %	394.223,30	0,27 %	311.827,38	0,21 %	270.286,69	0,18 %	249.025,51	0,16 %	234.879,06	0,15 %	211.737,05	0,13 %
Capítulo VI	0,00	0,00 %	206.352,44	0,14 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %
Capítulo VII	27.865.761,46	17,95 %	21.202.355,66	14,29 %	22.898.602,59	15,15 %	16.279.542,92	11,11 %	20.365.727,06	13,48 %	17.868.520,65	11,62 %	20.190.865,13	12,75 %	24.964.026,67	15,47 %	23.569.133,60	14,28 %
Capítulo VIII	41.268,77	0,03 %	39.219,14	0,03 %	59.176,09	0,04 %	101.217,94	0,07 %	81.185,97	0,05 %	74.884,84	0,05 %	73.439,70	0,05 %	67.721,88	0,04 %	55.355,38	0,03 %
Capítulo IX	5.449.487,35	3,51 %	208.463,00	0,14 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %
TOTAL UNIVERSIDADE	155.204.322,30	100,00 %	148.355.502,88	100,00 %	151.150.166,10	100,00 %	146.593.086,66	100,00 %	151.027.719,53	100,00 %	153.759.723,30	100,00 %	158.340.391,98	100,00 %	161.338.146,40	100,00 %	165.049.891,98	100,00 %



Fonte: Contas Anuais UVIGO

En canto ao resto de capítulos o seu peso relativo na totalidade de ingresos das universidades galegas é moi inferior aos xa destacados. En todo caso obsérvanse certos datos dignos de destacar.

Os ingresos por alleamento de investimentos reais, recollidos baixo a clasificación de capítulo VI, foron inexistentes en todo o período de 2011 a 2019 na UDC, e a súa presenza nas outras dúas universidades do SUG foi puntual xa que logo na UVIGO solo aparece reflectido nos orzamentos do ano 2012 e na USC tan solo rexistráronse ingresos con esa procedencia nos anos 2017 e 2019.


En canto aos ingresos derivados de activos financeiros (capítulo VIII) a USC non percibiu ningún ingreso neste período, mentres tanto a UDC como a UVIGO percibiron algunha contía por este concepto.

Finalmente os pasivos financeiros, capítulo IX dos orzamentos, aparecen como orixe de fondos nos anos 2011 e 2014 na UDC, en 2011 e 2012 na UVIGO e no caso da USC figuran todos os anos agás no orzamento de ingresos de 2011.

Evolución Capítulo III dos orzamentos liquidados

Os ingresos do capítulo III son os procedentes de taxas, prezos e outros ingresos. Agrúpanse baixo este epígrafe moi diversos conceptos: ingresos en concepto de tramitación administrativa, docencia universitaria, actividades de extensión universitaria, asistencia a congresos, taxas de probas de acceso, ingresos obtidos como contraprestación de servizos prestados pola universidade, venda de bens (publicacións...) reintegros orixinados por pagamentos indebidamente satisfeitos de exercicios pechados, e outros.

Partindo dos datos dos orzamentos liquidados, entre os anos 2011 e 2019 apréciase unha tendencia lixeiramente diferente entre as tres universidades galegas. Comparando o ano inicial (2011) co máis recente que se presenta (2019), a única universidade galega que experimentou un decrecemento dos seus ingresos no capítulo III é a USC, que aínda así, segue sendo a que obtén máis ingresos por estes conceptos con 37.130.604 euros, seguida da UVIGO con 16.754.751 euros e da UDC con 15.739.620, manténdose estas dúas últimas universidades en niveis semellantes aos do inicio do período.



Fonte: Contas Anuais das universidades do SUG

En todo caso é interesante analizar á estrutura interna deste capítulo III cuxos fondos poden clasificarse en tres grandes fontes segundo a orixe dos mesmos. Deste xeito, os recursos captados polas universidades por estes conceptos dependen de:

- Titulacións oficiais: esta é a fonte de ingresos máis importante neste capítulo e depende dos prezos públicos de matrícula que debe aboar o estudiantado pola realización deste tipo de

estudos así como as taxas administrativas derivadas dos mesmos, que son regulados pola normativa autonómica dentro dos límites fixados pola Conferencia General de Política Universitaria. O comportamento deste compoñente é o máis alleo á xestión da propia institución xa que logo está directamente relacionado coa política de prezos públicos fixados pola comunidade autónoma así como coa evolución da matrícula do estudantado.

- Titulacións propias: trátase da contía que perciben as universidades en concepto de matrícula pola realización de estudos non oficiais, prezos que non veñen limitados pola normativa estatal ou autonómica. Polo tanto é un compoñente sobre o cal teñen gran marxe de actuación as universidades por tratarse dun eido propio da súa autonomía, tanto no deseño da oferta de titulacións propias como na regulación dos prezos a satisfacer polo alumnado.

- Outros ingresos: neste apartado inclúense ingresos de moi diversa procedencia entre os que destacan os derivados da prestación de servizos, contratos ou convenios con empresas ou administracións... Do mesmo xeito que o anterior, trátase dun ámbito sobre o cal a marxe de manobra das universidades é ben amplo, actuando dentro da súa autonomía para fortalecer a súa capacidade de xerar ingresos propios adicionais.

A análise da estrutura do capítulo III nas tres universidades galegas ofrece unha diferenza notable entre a procedencia destes fondos que reflicte as diferentes estratexias defendidas por cada unha delas.


Na UDC nos orzamentos liquidados de ingresos ao longo do período comprendido entre 2011 e 2019, a maior parte dos fondos captados no capítulo III proceden do pagamento de taxas e prezos das titulacións oficiais. A contía dos mesmos presenta unha tendencia á baixa que parte dos 13,7 millóns de euros recadados en 2011 (o 86,91% do total do capítulo III), ata os 12,4 millóns de euros de 2019, pasando a supoñer o 79% dos seus ingresos neste capítulo no último ano reflectido.

Esta tendencia compénsase co incremento paulatino rexistrado polo compoñente doutros ingresos que, ademais de aumentar a cifra absoluta pasando dos 1,3 millóns de euros de 2011 aos case 3 millóns do 2019, incrementa o peso relativo dentro do capítulo III ata supoñer o 18,73% do total do mesmo no último ano do período.

En canto aos ingresos procedentes de titulacións propias, esta fonte de ingresos é a de menor peso neste capítulo e, ademais, foi perdendo peso tanto en cantidade (amosa unha baixa do 50% en 2019 respecto da contía recadada en 2011) como en porcentaxe (do 4,36% en 2011 ao 2,26% do capítulo III en 2019).

Taxas, prezos públicos e outros ingresos (Capítulo III) da UDC

UDC	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Titulacións oficiais	13.740.092,64	13.935.071,87	12.949.534,56	12.132.595,01	13.227.821,68	11.894.052,05	12.153.803,79	12.980.167,65	12.437.054,70
Titulacións propias	688.743,47	531.642,55	589.374,46	672.152,68	656.329,55	792.584,70	460.366,68	293.006,69	355.098,54
Outros ingresos	1.379.932,35	1.657.140,30	1.933.972,62	1.582.974,40	2.850.742,17	2.498.290,24	2.417.869,12	3.590.207,47	2.947.467,39
Total capítulo III	15.808.768,46	16.123.854,72	15.472.881,64	14.387.722,09	16.734.893,40	15.184.926,99	15.032.039,59	16.863.381,81	15.739.620,63



Fonte: Contas Anuais UDC


A USC presenta un panorama ben distinto ao visto na UDC e tamén respecto da UVIGO que se analizará máis adiante e non solo debido ao seu maior tamaño.

Nesta universidade os orzamentos liquidados amosan unha maior capacidade de captación de ingresos propios na partida de outros ingresos, de tal xeito que nos anos 2011, 2016 e 2018 superan en porcentaxe aos procedentes de titulacións oficiais, chegando no exercicio 2019 a niveis practicamente iguais con contías de máis de 17 millóns cada unha delas e un peso do 47% sobre o total deste capítulo.

Os ingresos por titulacións propias rexistran unha tendencia á baixa, ao igual que a UDC e a UVIGO, xa que partindo dos 3,1 millóns de euros captados por este concepto no ano 2011, solo acada 1,7 millóns de euros en 2019.

Taxas, prezos públicos e outros ingresos (Capítulo III) da USC

USC	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Titulacións oficiais	19.557.503,40	19.648.525,67	19.173.608,55	17.976.552,59	18.087.811,01	18.501.811,60	18.082.072,22	17.537.396,63	17.774.439,42
Titulacións propias	3.132.850,30	2.466.827,59	2.852.001,88	3.023.530,98	2.803.279,53	2.327.156,79	2.053.452,97	2.263.185,20	1.784.422,23
Outros ingresos	22.472.653,50	20.478.058,54	17.298.291,50	16.414.164,54	17.411.702,83	21.183.751,70	18.421.039,22	18.403.126,81	17.571.742,37
Total capítulo III	45.163.007,20	42.593.411,80	39.323.901,93	37.414.248,11	38.302.793,37	42.012.720,09	38.556.564,41	38.203.708,64	37.130.604,02



Fonte: Contas Anuais USC


O capítulo III da UVIGO amosa unha estrutura semellante á vista na UDC. O compoñente de ingresos por titulacións propias e, con moito, o máis destacado neste capítulo, tanto en contías como en peso porcentual. De feito esta universidade é a única que rexistra un incremento neste concepto entre os datos de 2011 ata os de 2019, ano en que acadou os 14,5 millóns de euros que supoñen o 86,66% do total do capítulo.

Os ingresos en concepto de “Outros ingresos” son os seguintes en importancia. Neste caso rexístrase unha tendencia ao estancamento situando as contías arredor dos 2 millóns de euros en todo o período agás no ano 2017 en que cos 4,9 millóns de euros ingresados por este concepto, acadou un peso do 24,68% no total do capítulo III.

En terceiro lugar sitúanse os ingresos procedentes de titulacións propias que presentan, do mesmo xeito que as outras dúas universidades galegas, unha clara tendencia á baixa pasando de supoñer o 3,5% do capítulo III en 2011 con 569.744 euros captados, ao 2,14% que representan os 358.867 euros de 2019.

Taxas, prezos públicos e outros ingresos (Capítulo III) da UVIGO

UVIGO	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Titulacións oficiais	12.905.772,35	13.882.334,60	16.322.742,69	15.049.973,50	14.271.610,45	14.699.704,22	14.597.109,99	14.739.781,41	14.519.999,12
Titulacións propias	569.744,03	450.937,75	430.203,05	410.433,71	300.051,57	456.525,90	361.955,48	325.595,35	358.867,39
Outros ingresos	2.818.094,73	2.679.144,70	2.108.607,87	2.345.899,03	1.583.833,81	1.982.419,08	4.900.648,85	2.051.913,26	1.875.885,37
Total capítulo III	16.293.611,11	17.012.417,05	18.861.553,61	17.806.306,24	16.155.495,83	17.138.649,20	19.859.714,32	17.117.290,02	16.754.751,88



Fonte: Contas Anuais UVIGO

Indicadores de taxas e prezos públicos

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades determina que anualmente as comunidades autónomas fixarán as taxas e prezos públicos a pagar polos estudos universitarios nas universidades publicas da súa competencia, dentro dos límites fixados na Conferencia General de Política Universitaria.

O sistema de fixación de prezos públicos sufriu unha importante modificación coa publicación do Real decreto-lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo. Esta norma, nacida en plena crise económica, estableceu un método de fixación dos prezos académicos baseado nos custos de prestación dos servizos, co obxecto de que as universidades puidesen compensar, mediante ingresos en este concepto, o descenso das transferencias autonómicas destinadas ao ensino universitario.

Ao abeiro desta reforma, produciuse unha gran heteroxeneidade nos prezos a pagar por estudos universitarios, a maior parte de comunidades autónomas incrementou considerablemente os prezos públicos do ensino universitario, aumentando deste xeito a carga do financiamento ao estudiantado e as súas familias.


Na comunidade autónoma de Galicia, a existencia de sucesivos plans de financiamento nos que quedaban blindadas as contías destinadas ao ensino universitario, unido á previsión contida nos mesmos para compensar ás universidades galegas polo mantemento ou a baixa dos prezos públicos fixados no decreto anual, posibilitaron manter unha política de contención de prezos públicos asumindo a administración autonómica os custes derivados da mesma, evitando repercutir nas familias o custe das matrículas en estudos universitarios oficiais.

É por iso que as taxas e prezos públicos das universidades galegas son significativamente máis baixas que a media nacional. Esta diferenza queda patente na evolución dos prezos medios do crédito en primeira matrícula en cada un dos niveis de estudos universitarios.

Os estudos de grao, nos que se encadra case o 90% do estudiantado universitario, Galicia é a comunidade autónoma cun menor prezo/crédito no SUE. No seguinte cadro obsérvase a evolución dos prezos medios de grao no total nacional en comparación co SUG para o período comprendido entre o curso 2014/2015 e o 2018/2019.

Mentres no SUG o prezo medio mantívose constante en 11,78 euros/crédito en primeira matrícula de grao, os prezos medios no SUE son sempre superiores, aínda que con tendencia á baixa. No curso 2014/2015 a media do prezo do crédito en grao no SUE era 8,43 euros superior á fixada para o SUG, mentres no último curso do período, 2018/2019 esta diferenza situouse en 7,16 euros.

Evolución dos prezos medios por crédito en primeira matrícula de grao




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

No caso dos prezos do crédito por cursar estudos de mestrado que habilitan para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España segundo o establecido na normativa estatal e europea aplicable e análogos, apréciase unha evolución diversa.

O decreto que fixou os prezos para o curso 2018/2019 no SUG equiparou os prezos do crédito nestes mestrados cos prezos do crédito en ensinanza de grao, en consideración ás especiais características dos mesmos que os fan imprescindibles para culminar a formación e futura integración laboral dos profesionais. Esta medida explica o descenso na curva de evolución do prezos no SUG no derradeiro ano do período.

Evolución dos prezos medios por crédito en primeira matrícula de mestrado habilitante




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

En todo caso, os prezos públicos para cursar mestrados habilitantes no SUG mantivéronse por debaixo da media dos prezos do SUE. No curso 2014/2015 o estudiantado das universidades públicas españolas debía aboar de media 6,33 euros máis por crédito matriculado. Esta diferenza foise reducindo, acadando mínimos nos cursos 2016/2017 e 2017/2018. Será no curso 2018/2019 cando se rexistre unha maior diferenza, que acada os 13,25 euros/crédito, debido á equiparación de prezos dos créditos neste tipo de mestrados cos de grao en Galicia, mentres a media do SUE, aínda que continuando a tendencia descendente do período, mantense en niveis moi superiores.

Así mesmo prezos medios do crédito do resto de estudos de mestrado mostran notables diferencias entre os vixentes no SUG e no resto de universidades publicas españolas. Neste caso, mentres en Galicia mantéñense conxelados ao longo dos cursos, a nivel do SUE a media rexistra un descenso progresivo no período recollido na gráfica. Aínda así, os estudantes do resto do SUE, no curso 2014/2015, pagaron de media 18,18 euros/crédito máis que os das universidades do SUG. Esta diferenza situouse en 10,76 euros/crédito no curso 2018/2019.

Evolución dos prezos medios por crédito en primeira matrícula de mestrado non habilitante



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Deste xeito no curso 2018/2019 Galicia foi a comunidade autónoma con prezos medios do crédito en primeira matrícula máis baixos en estudos de grao (11,89 euros/crédito) e en mestrados habilitantes (11,89 euros/crédito). No caso do resto de mestrados, o SUG situouse en cuarto lugar (26,49 euros/crédito), solo superado polas comunidades autónomas de Andalucía, Castela A Mancha e Canarias.

A mesma tendencia apréciase nos prezos públicos por tutela académica de doutoramento para o mesmo curso, sendo Galicia neste caso a terceira comunidade cos prezos máis baixos (200 euros) xunto con Asturias e País Vasco, e solo superada por Andalucía e Estremadura.

A política de prezos públicos seguida por cada comunidade autónoma ten consecuencias na estrutura dos orzamentos de ingresos das súas universidades públicas. A continuación realízase unha análise das mesmas en función de determinados indicadores que indican a porcentaxe que supoñen os ingresos procedentes de taxas e prezos públicos en relación aos ingresos totais e aos recursos propios non financeiros. Así mesmo reflíctese a evolución do peso porcentual das taxas e prezos públicos xunto con outros ingresos procedentes de prestacións de servizos en relación aos ingresos totais e aos recursos propios.

A primeira das táboas compara os datos medios do SUE cos rexistrados no SUG, no período comprendido entre os anos 2009 e 2017, últimos dispoñibles no Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU).


Estrutura de orzamentos de ingresos e indicadores de taxas e prezos públicos do SUE

ANO	Porcentaxe de taxas e prezos públicos sobre ingresos totais		Porcentaxe de taxas e prezos públicos sobre recursos propios non financeiros		Porcentaxe de taxas, prezos públicos e outros ingresos procedentes de prestacións de servizos sobre ingresos totais		Porcentaxe de taxas, prezos públicos e outros ingresos procedentes de prestacións de servizos sobre recursos propios	
	SUE	SUG	SUE	SUG	SUE	SUG	SUE	SUG
2009	10,51 %	8,72 %	62,62 %	55,11 %	14,30 %	12,74 %	85,19 %	80,51 %
2010	10,87 %	9,22 %	62,01 %	61,82 %	14,17 %	13,25 %	80,85 %	88,86 %
2011	13,29 %	9,48 %	70,72 %	63,32 %	16,79 %	12,49 %	89,31 %	83,45 %
2012	17,09 %	9,94 %	76,72 %	64,55 %	20,46 %	13,38 %	91,82 %	86,95 %
2013	18,80 %	10,50 %	80,30 %	70,20 %	21,70 %	13,80 %	92,80 %	92,10 %
2014	19,60 %	10,00 %	80,70 %	69,50 %	22,60 %	13,20 %	93,20 %	92,10 %
2015	18,70 %	9,60 %	79,50 %	68,20 %	21,80 %	13,10 %	92,90 %	93,60 %
2016	18,10 %	9,30 %	80,10 %	65,40 %	20,80 %	12,50 %	92,10 %	88,40 %
2017	17,60 %	9,00 %	78,00 %	58,50 %	20,80 %	12,50 %	91,80 %	81,30 %

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Na evolución dos datos do primeiro dos indicadores que reflicte o peso das taxas e prezos públicos sobre o total de ingresos, apréciase como nos anos anteriores á crise económica, a diferenza entre o SUE e o SUG era discreta (1,79 % en 2009 e 1,65 % en 2016). A partir deste momento os valores distáncianse cada vez mais xa que logo, mentres no SUG as taxas e prezos manteñen un peso porcentual en torno ao 9 e 10 puntos, no SUE a aplicación do novo sistema de fixación de prezos dispara os valores dos ingresos por este concepto ata o 19,60% do ano 2014, e dende ese momento rexístrase un cambio de tendencia, iniciando un descenso continuo que chega ata a actualidade, se ben a diferenza entre os valores correspondentes ao ano 2017 (17,90% no SUE e 9% no SUG) aínda arroxan unha diferenza de 8,60 puntos porcentuais.

% de taxas e prezos públicos sobre ingresos totais



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

A evolución é moi similar cando aos ingresos en concepto de taxas e prezos públicos engádense outros ingresos que as universidades obteñen por prestación de servizos e, a suma de ambos conceptos ponse en relación coa totalidade dos ingresos.


Do mesmo xeito que no caso do indicador anterior, posto que como xa se destacou o peso dos ingresos de taxas e prezos dentro da estrutura do Capítulo III de ingresos das universidades é o máis destacado, as porcentaxes no SUE son sempre superiores ás acadadas no SUG, sendo os anos 2009 e 2010 nos que se rexistra unha menor diferenza de valores (1,56 en 2009 e 0,92 en 2010). Este diferencial vaise incrementando co paso dos anos acadando o valor máximo en 2014 en que no SUE estes ingresos acadan de media o 22,60% sobre o total, mentres no SUG rexístrase un valor do 13,20% do total dos ingresos.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Se temos en conta a relación entre os ingresos procedentes de taxas e prezos públicos e a totalidade dos recursos propios non financeiros captados, podemos apreciar como os valores medios do SUE son sempre superiores aos acadados no SUG en todos os anos do período 2009 a 2017, agás no ano 2010 en que practicamente son iguais (61,01% no caso do SUE, solo 0,19% máis que no SUG). En todo caso a diferenza entre a media nacional e a galega vaise incrementando cos anos, partindo de 7,51 puntos porcentuais máis para o SUE, acádase no 2017 un diferencial do 19,50%.


% de taxas e prezos públicos sobre recursos propios non financeiros



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

A comparación do peso porcentual que as taxas, prezos públicos e outros ingresos por prestacións de servizos teñen en relación coa totalidade de ingresos de recursos propios, presenta unha evolución máis irregular que nos casos anteriores. Pode apreciarse como nos anos 2010 e 2015, este tipo de ingresos no SUG acadan pesos superiores que no SUE, chegando a acadar no ano 2010 máis de 8 puntos porcentuais por encima da media do SUE que, nese ano rexistra un importante descenso. No SUG o peso sobre total de recursos propios rexistra en xeral unha tendencia ascendente ata o ano 2015 na que acada un máximo do 93,60%, e dende esa data invertese a tendencia diminuíndo ata acadar en 2017 un peso do 81,30% do total de recursos propios. Pola súa banda, no SUE, a evolución é similar, aínda que as variacións, agás o dato xa comentado de 2010, amosan cambios máis atenuados nas tendencias tanto de incremento continuado ata o 2014 co 93,20% do total de recursos propios, como de diminución ata o 91,80% rexistrado en 2017.

% de taxas, prezos públicos e outros ingresos por prestacións de servizos sobre recursos propios



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Se analizamos a evolución de cada un destes indicadores de taxas e prezos públicos e o seu peso na estrutura dos orzamentos de ingresos das universidades do SUG obtemos resultados diversos para cada institución.

O peso porcentual das taxas e prezos públicos sobre os ingresos totais no período comprendido entre os anos 2009 e 2017 é maior en xeral na UDC que acada o seu máximo no ano 2012 (11,76%) e o seu mínimo no ano 2017 (9,40%). Na UVIGO este indicador oscila entre o máximo rexistrado o ano 2013 (11,20%) e o mínimo do 2017 (9,60%). Pola súa banda, na USC o peso das taxas e prezos públicos en relación aos ingresos totais presenta os valores máis baixos do SUG, que van do mínimo do ano 2009 (7,74%) ao máximo do ano 2013 (9,60%).

Porcentaxe de taxas e prezos públicos sobre ingresos totais									
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
UDC	10,60 %	11,11 %	10,60 %	11,76 %	11,30 %	10,30 %	11,30 %	10,70 %	9,40 %
USC	7,74 %	7,81 %	9,34 %	9,08 %	9,60 %	9,30 %	8,60 %	8,10 %	8,30 %
UVIGO	8,83 %	10,13 %	8,70 %	9,83 %	11,20 %	10,70 %	9,80 %	10,00 %	9,60 %

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Atendendo ao indicador que mide o peso relativo da suma das taxas e prezos públicos e os ingresos procedentes de prestación de servizos en relación aos ingresos totais de cada unha das universidades galegas, é a USC a institución que presenta os valores máis elevados, sempre por enriba do 14%, agás no ano 2016 en que o seu peso foi do 13,90%. Tendo en conta os resultados do primeiro dos indicadores analizados, pode deducirse que a USC acada unha maior captación de ingresos en concepto de prestación de servizos en comparación coas outras universidades galegas.

En segundo lugar, a UDC, con valores oscilantes entre o 13,60% do ano 2015 e o 11,20% no último ano do período analizado. No último lugar a UVIGO, dado que o peso dos ingresos por taxas e prezos públicos sumado aos procedentes da prestación de servizos acadan as porcentaxes máis baixas do SUG en relación aos ingresos totais. Neste caso, a universidade olívica rexistra o mínimo en 2009 co 9,46% e o máximo en 2013 (11,80%), iniciando dende esa data unha progresiva diminución do seu peso.

Porcentaxe de taxas, prezos públicos e outros ingresos procedentes de prestacións de servizos sobre ingresos totais									
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
UDC	11,66 %	12,76 %	11,49 %	12,96 %	12,90 %	11,50 %	13,60 %	12,20 %	11,20 %
USC	15,20 %	14,80 %	15,00 %	15,30 %	15,60 %	15,30 %	14,70 %	13,90 %	14,70 %
UVIGO	9,46 %	10,89 %	9,43 %	10,57 %	11,80 %	11,30 %	10,30 %	10,50 %	10,10 %

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Se consideramos a porcentaxe que supoñen as taxas e prezos públicos sobre o total dos recursos propios non financeiros atopamos novamente á UDC como a universidade do SUG que presenta maiores valores relativos, sempre superiores ao 80%, acadando o máximo peso no ano 2011 co 87,39%. Seguidamente a UVIGO, cunha maior oscilación de porcentaxes que van dende o mínimo rexistrado o ano 2009 (58,44%) ata un máximo do 89,70% no exercicio do 2015. Por último, a USC presenta uns valores inferiores ás dúas anteriores que oscilan entre os 43 e os 53 puntos porcentuais sobre os recursos propios non financeiros, acadando o peso máximo no ano 2013 (55,40%).

Porcentaxe de taxas e prezos públicos sobre recursos propios non financeiros									
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
UDC	84,04 %	80,49 %	87,39 %	86,48 %	85,30 %	85,80 %	80,70 %	85,10 %	81,70 %
USC	43,49 %	45,89 %	48,61 %	49,64 %	55,40 %	55,20 %	53,70 %	48,80 %	43,40 %
UVIGO	58,44 %	83,96 %	80,74 %	81,16 %	88,20 %	86,10 %	89,70 %	88,40 %	75,60 %

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

A evolución da relación entre a totalidade dos ingresos procedentes de taxas e prezos públicos e outros por prestacións de servizos con respecto á totalidade dos recursos propios tamén amosa diferenzas entre as tres universidades galegas.

Neste caso a UDC mantén valores sempre por encima do 92% , chegando a acadar o seu máximo peso no ano 2013 (97,20%). Tamén os datos da UVIGO amosan valores superiores ao 90% en varios anos do período (2010, 2013, 2014, 2015 e 2016) se ben a súa evolución é máis oscilante que a anterior universidade, posto que o seu mínimo sitúase no 62,59% do 2009. A USC tamén presenta algunha variación neste período, situándose o seu mínimo no último ano do período co 76,80%, pero manténdose sempre con pesos inferiores aos rexistrados na UDC e UVIGO en todos os anos analizados.

Porcentaxe de taxas, prezos públicos e outros ingresos procedentes de prestacións de servizos sobre recursos propios									
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
UDC	92,42 %	92,48 %	94,69 %	95,25 %	97,20 %	95,30 %	96,80 %	96,80 %	96,80 %
USC	85,34 %	86,94 %	78,02 %	83,70 %	89,80 %	91,20 %	92,10 %	83,70 %	76,80 %
UVIGO	62,59 %	90,20 %	87,55 %	87,29 %	92,90 %	91,20 %	94,10 %	92,60 %	79,90 %

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)


Ingresos externos nos orzamentos liquidados das universidades

Como xa se destacara máis arriba, as universidades do SUG captan a maior parte dos seus fondos das transferencias procedentes da administración autonómica. No período comprendido entre os anos 2011 e 2019, os datos dos orzamentos liquidados de ingresos das universidades galegas amosan os baixos niveis de captación de fondos procedentes de transferencias correntes (capítulo IV) e de transferencias de capital (capítulo VII) alleos aos orzamentos autonómicos. Eses ingresos proceden ou ben de administracións locais (concellos e deputacións), de empresas e institucións privadas ou do exterior (fondos europeos, institucións e ou empresas doutros países...).

É coñecida a recomendación de numerosos estudos sobre a necesidade de aumentar e diversificar as fontes de financiamento por parte das universidades. Captar recursos máis aló dos procedentes do orzamento da comunidade autónoma é unha vía urxente e necesaria para as tres universidades galegas. Tamén aquí poden observarse diferencias na evolución particular de cada unha delas en canto á capacidade de captación de fondos de diversas fontes.

Dos datos rexistrados nos orzamentos liquidados de ingresos das tres universidades galegas entre os anos 2011 e 2019, a USC é comparativamente a institución que capta unha maior contía de fondos alleos ás transferencias procedentes da administración autonómica.

Evolución dos ingresos externos en capítulos IV e VII no SUG




Fonte: Contas anuais das universidades do SUG

Na UDC os orzamentos liquidados de ingresos ao longo do período 2011 a 2019 os fondos captados á marxe das transferencias da comunidade autónoma amosan unha evolución cambiante, sendo os anos 2014 e 2018 os que marcan os máximos de captación. As oscilacións son debidas á variacións

nos ingresos en capítulo VII, mentres a evolución dos ingresos en capítulo IV mantéñense máis constantes. No caso as transferencias correntes a procedencia maioritaria son as empresas e institucións, mentres nas transferencias de capital adquiren tamén un relevancia os fondos procedentes do exterior.

Evolución dos ingresos externos en capítulos IV e VII da UDC


UDC	2011	%	2012	%	2013	%	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	2018	%	2019	%
Corporacións locais	238.112,04	20,49%	42.844,10	4,48%	16.650,00	1,26%	6.335,28	0,33%	124.599,19	8,32%	45.949,43	3,32%	168.044,33	10,79%	161.132,24	12,78%	113.443,56	9,38%
Empresas e institucións	849.890,00	73,14%	874.104,55	91,36%	1.112.466,35	84,22%	1.734.544,10	89,50%	1.123.633,70	75,06%	1.259.785,51	90,93%	1.243.191,34	79,79%	1.085.110,50	86,08%	976.122,41	80,72%
Do exterior	73.950,00	6,36%	39.872,97	4,17%	191.717,48	14,51%	197.167,05	10,17%	248.844,59	16,62%	79.695,00	5,75%	146.824,80	9,42%	14.280,00	1,13%	119.712,80	9,90%
Total capítulo IV	1.161.952,04	100,00%	956.821,62	100,00%	1.320.833,83	100,00%	1.938.046,43	100,00%	1.497.077,48	100,00%	1.385.429,94	100,00%	1.558.060,47	100,00%	1.260.522,74	100,00%	1.209.278,77	100,00%
Corporacións locais	109.734,93	6,03%	77.745,87	5,41%	190.944,17	6,53%	626.460,14	16,87%	8.039,76	0,24%	147.307,31	7,37%	639.199,35	17,44%	176.211,85	4,93%	110.848,78	4,63%
Empresas e institucións	1.022.282,36	56,14%	585.643,86	40,72%	798.453,96	27,32%	672.253,04	18,10%	730.991,84	21,40%	754.318,28	37,75%	1.454.407,66	39,69%	1.540.804,44	43,09%	1.054.074,18	44,07%
Do exterior	688.912,01	37,83%	774.987,18	53,88%	1.933.194,04	66,15%	2.415.122,74	65,03%	2.676.472,57	78,36%	1.096.470,59	54,88%	1.571.262,60	42,87%	1.859.068,92	51,99%	1.226.727,64	51,29%
Total capítulo VII	1.820.929,30	100,00%	1.438.376,91	100,00%	2.922.592,17	100,00%	3.713.835,92	100,00%	3.415.504,17	100,00%	1.998.096,18	100,00%	3.664.869,61	100,00%	3.576.085,21	100,00%	2.391.650,60	100,00%
Total	2.982.881,34		2.395.198,53		4.243.426,00		5.651.882,35		4.912.581,65		3.383.526,12		5.222.930,08		4.836.607,95		3.600.929,37	



Fonte: Contas anuais UDC

En todo caso, estas cifras, tanto en capítulo IV como en capítulo VII, supoñen porcentaxes moi baixas con respecto ao total destes capítulos nas contías totais dos orzamentos liquidados. O volume de recursos captados fóra dos procedentes da administración autonómica ten un carácter practicamente residual, como pode apreciarse na gráfica seguinte.

Orixe das transferencias correntes e de capital no orzamento de ingresos da UDC




Fonte: Contas anuais UDC

Como xase adiantou, a USC é cuantitativamente a institución do SUG que ten unha maior capacidade de captación de recursos alleos ao financiamento autonómico. Do mesmo xeito que sucedía na UDC, a maior oscilación obsérvase nas contías en concepto de transferencias de capital, que acadan o seu máximo no ano 2016, presentando unha tendencia á recuperación nos anos 2018 e 2019. Neste capítulo, a procedencia dos fondos é fundamentalmente do exterior ao longo dos anos obxecto de análise, mentres as transferencias de empresas e institucións e de corporacións locais representan unha parte mínima destes ingresos. En canto ás transferencias correntes, presentan unha evolución menos oscilante pero presentan unha preocupante tendencia constante á baixa, aínda que no ano 2019 parece iniciarse unha certa recuperación. Ao longo do período apréciase un cambio de procedencia dos ingresos no capítulo IV xa que logo as transferencias procedentes de empresas e institucións mantéñense practicamente constantes mentres as que teñen orixe no exterior experimentan unha diminución considerable sobre todo nos anos 2018 e 2019.

Evolución dos ingresos externos en capítulos IV e VII da USC


USC	2011	%	2012	%	2013	%	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	2018	%	2019	%
Corporacións locais	259.858,50	6,10%	193.396,15	2,27%	178.708,81	2,79%	202.890,84	3,46%	239.941,56	3,71%	470.989,24	8,30%	532.207,02	13,68%	412.500,00	14,85%	810.017,69	24,89%
Empresas e institucións	2.097.484,91	49,27%	2.343.205,72	27,49%	2.309.230,11	36,09%	2.247.223,40	38,29%	2.308.040,75	35,72%	2.280.369,80	40,20%	2.129.873,66	54,76%	2.009.085,00	72,34%	2.197.163,00	67,52%
Do exterior	1.899.910,00	44,63%	5.986.898,48	70,24%	3.909.903,34	61,11%	3.418.249,73	58,25%	3.913.944,41	60,57%	2.920.794,14	51,49%	1.227.330,04	31,56%	355.716,49	12,81%	246.778,49	7,58%
Total capítulo IV	4.257.253,41	100,00%	8.523.500,35	100,00%	6.397.842,26	100,00%	5.868.363,97	100,00%	6.461.926,72	100,00%	5.672.153,18	100,00%	3.889.410,72	100,00%	2.777.301,49	100,00%	3.253.959,18	100,00%
Corporacións locais	449.527,03	7,07%	76.205,29	0,62%	218.451,51	1,58%	248.302,72	1,97%	428.127,56	2,79%	109.810,70	0,58%	637.482,11	7,55%	125.074,90	1,52%	357.296,89	2,67%
Empresas e institucións	551.559,35	8,68%	1.114.872,01	9,09%	606.130,91	4,37%	629.977,32	4,99%	718.967,84	4,69%	727.687,74	3,87%	597.760,76	7,08%	540.353,72	6,55%	969.174,23	7,25%
Do exterior	5.356.004,24	84,25%	11.075.224,08	90,29%	13.032.285,86	94,05%	11.735.574,26	93,04%	14.174.719,19	92,51%	17.970.364,77	95,55%	7.204.832,58	85,36%	7.588.138,39	91,94%	12.046.092,43	90,08%
Total capítulo VII	6.357.090,62	100,00%	12.266.301,38	100,00%	13.856.868,28	100,00%	12.613.854,30	100,00%	15.321.814,59	100,00%	18.807.863,21	100,00%	8.440.075,45	100,00%	8.253.567,01	100,00%	13.372.563,55	100,00%
Total	10.614.344,03		20.789.801,73		20.254.710,54		18.482.218,27		21.783.741,31		24.480.016,39		12.329.486,17		11.030.868,50		16.626.522,73	



Fonte: Contas anuais USC

Malia seren a USC a universidade galega cun maior potencial de captación de fondos alleos ao financiamento autonómico, estes supoñen porcentaxes moi reducidas en relación ás cifras totais de ingresos.

Orixe das transferencias correntes e de capital no orzamento de ingresos da USC




Fonte: Contas anuais USC

A evolución da captación de fondos externos por parte da UVIGO presenta notables oscilacións entre os anos 2011 e 2019. Non obstante esta universidade presenta certas características que a diferencian das outras dúas universidades públicas do SUG. Nos anos 2014 e 2016 a captación de fondos a través de transferencias correntes supera ás transferencias de capital. Os ingresos en

capítulo IV maioritariamente proceden de empresas e institucións mentres os procedentes do exterior rexistran nos últimos anos do período unha acusada tendencia á baixa. Pola súa banda, os ingresos desta universidade en capítulo VII experimentaron unha evolución diversa en función da fonte de procedencia, xa que logo as transferencias do exterior rexistran o seu máximo en 2013 e 2015 mentres os fondos achegados por empresas e institucións marcan as maiores cifras nos anos 2011 e 2017.

Evolución dos ingresos externos en capítulos IV e VII da UVIGO


UVIGO	2011	%	2012	%	2013	%	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	2018	%	2019	%
Corporacións locais	345.247,42	42,03%	609.914,09	16,19%	298.037,46	11,06%	288.801,64	9,70%	264.962,00	8,91%	388.884,00	9,72%	356.865,71	18,10%	309.443,53	23,12%	573.313,89	28,86%
Empresas e institucións	404.679,33	49,26%	940.802,04	24,98%	1.248.606,62	46,35%	1.236.049,28	41,50%	1.145.872,12	38,55%	1.117.016,91	27,91%	526.566,72	26,70%	1.074.776,45	80,29%	1.013.869,81	51,03%
Do exterior	71.558,08	8,71%	2.215.714,36	58,83%	1.147.350,70	42,59%	1.453.808,61	48,81%	1.561.585,29	52,54%	2.496.124,31	62,37%	1.088.607,03	55,20%	-45.673,41	-3,41%	399.617,20	20,11%
Total capítulo IV	821.484,83	100,00%	3.766.430,49	100,00%	2.693.994,78	100,00%	2.978.659,53	100,00%	2.972.419,41	100,00%	4.002.025,22	100,00%	1.972.039,46	100,00%	1.338.546,57	100,00%	1.986.800,90	100,00%
Corporacións locais	230.000,00	9,50%	72.666,00	1,57%	0,00	0,00%	44.263,85	3,34%	74.117,36	1,26%	0,00	0,00%	0,00	0,00%	69.249,15	2,73%	22.355,22	0,58%
Empresas e institucións	1.786.470,50	73,81%	185.037,53	4,01%	300.947,73	3,68%	628.665,35	47,44%	522.428,15	8,91%	807.450,30	51,93%	1.111.181,72	39,61%	248.777,31	9,82%	325.779,53	8,49%
Do exterior	403.735,44	16,68%	4.358.564,90	94,42%	7.877.637,46	96,32%	652.147,59	49,22%	5.263.727,34	89,82%	747.356,80	48,07%	1.694.421,18	60,39%	2.216.122,62	87,45%	3.490.186,81	90,93%
Total capítulo VII	2.420.205,94	100,00%	4.616.268,43	100,00%	8.178.585,19	100,00%	1.325.076,79	100,00%	5.860.272,85	100,00%	1.554.807,10	100,00%	2.805.602,90	100,00%	2.534.149,08	100,00%	3.838.321,56	100,00%
Total	3.241.690,77		8.382.698,92		10.872.579,97		4.303.736,32		8.832.692,26		5.556.832,32		4.777.642,36		3.872.695,65		5.825.122,46	



Fonte: Contas Anuais UVIGO

Novamente da comparación do volume das transferencias, correntes e de capital, con orixe alleo á Xunta de Galicia, arroxa un resultado pouco favorable en canto a diversificación das fontes de financiamento da UVIGO.

Orixe das transferencias correntes e de capital no orzamento de ingresos da UVIGO



Fonte: Contas Anuais UVIGO

Aínda que nas tres universidades públicas galegas apréciase unha tendencia á recuperación dos niveis de captación de fondos á marxe do financiamento procedente dos orzamentos da comunidade autónoma, queda patente a falta de diversificación das fontes de financiamento das institucións e a necesidade de reforzar as estratexias de captación de recursos máis aló das transferencias autonómicas. As actividades de investigación e transferencia de coñecementos poderían contribuir á diversificación das fontes de financiamento das universidades mediante obtención de recursos para proxectos de I+D+i tanto a nivel estatal como internacional, as colaboracións co sector privado para a transferencia de tecnoloxía e coñecemento e a investigación aplicada, a creación de spin-off...

Indicadores de dependencia externa

A análise dos orzamentos de ingresos das universidades a través de determinados indicadores posibilita coñecer o grao de dependencia externa das institucións universitarias.

A continuación preséntase unha análise comparativa dos datos dispoñibles no Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU) para o conxunto do SUE e do SUG ao longo do período comprendido entre os anos 2009 e 2017.

O nivel de recursos propios, sen ter en conta as operacións financeiras, das universidades do SUG, presenta na totalidade dos anos analizados valores porcentuais inferiores aos rexistrados na media

das universidades do SUE. Esta diferenza xustifícase principalmente nos baixos prezos públicos da nosa Comunidade. O salto que se produce a nivel estatal dende 2012, non se da en Galicia pola política de contención dos prezos públicos aplicada dende o ano 2011. De feito, a diferenza do peso dos recursos propios nos orzamentos de ingresos entre a media do SUE e do SUG acentúase co paso dos anos. Así, mentres no ano 2009 as porcentaxes son similares cunha diferenza de menos de 1 punto porcentual, as diferenzas dispáranse nos anos posteriores á reforma do sistema de fixación dos prezos públicos, acadando o máximo en 2014 (12,20% de diferenza do SUE respecto do SUG).


Nivel de Recursos Propios (excluído operacións financeiras)									
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
SUE	16,78%	17,52%	18,79%	22,28%	23,40%	24,20%	23,50%	22,50%	22,60%
SUG	15,83%	14,91%	14,96%	13,60%	13,20%	12,00%	14,00%	14,20%	15,30%



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Porén, o grao de financiamento alleo, excluídas as operacións financeiras, representa no SUG unha porcentaxe lixeiramente superior á media do SUE en todos os anos analizados. Neste caso a diferenza a favor do SUG acaba a diferenza máxima no ano 2013 (12,10 puntos porcentuais por encima do SUE), iniciando unha tendencia de aproximación ás porcentaxes do SUE a partir dese ano, de xeito que a diferenza se sitúa en 7,70% a favor do SUG no ano 2017.


Grao de financiamento alleo (excluído operacións financeiras)									
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
SUE	79,57%	77,85%	77,85%	75,91%	74,50%	74,50%	75,10%	75,80%	76,80%
SUG	80,97%	81,29%	83,10%	86,28%	86,60%	85,80%	83,90%	84,90%	84,50%



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Pola súa banda, a dependencia do Estado por parte do SUG sitúase sempre por debaixo da media do SUE, agás no ano 2012 en que se supera no 1,35% a media de dependencia do SUE. Constátase a irrelevancia do Estado respecto ao nivel de recursos que manexan as universidades españolas na actualidade, circunstancia que se acentúa no caso das universidades públicas galegas.

Grao de dependencia do Estado									
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
SUE	6,41%	5,78%	6,47%	4,81%	4,30%	5,00%	4,50%	4,80%	5,80%
SUG	5,84%	7,40%	5,97%	6,16%	3,30%	5,10%	3,50%	4,30%	3,90%




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Claramente o financiamento das universidades públicas procede na súa maior parte dos orzamentos das respectivas Comunidades Autónomas. Esta dependencia financeira é máis acusada nas universidades do SUG, que chegan a acadar unha porcentaxe máxima do 78,20% no ano 2013, mentres para o mesmo ano a media do SUE situouse no 64,50% (13,70 puntos por debaixo de Galicia). Aínda que a partir dese ano as porcentaxes de dependencia da comunidade autónoma

rexistran unha tendencia á baixa no SUG, continúa existindo unha maior dependencia que no resto de universidades públicas españolas.


En todo caso os datos deste indicador amosan unha realidade preocupante en canto ao financiamento das universidades públicas. A autonomía financeira é básica para acadar unha autonomía real de xestión. Polo tanto sería desexable aumentar e diversificar as fontes de financiamento, minorando a dependencia financeira dos orzamentos da comunidade autónoma.

Grao de dependencia da CC. AA									
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
SUE	67,74%	65,43%	66,04%	65,76%	64,50%	64,30%	64,70%	65,40%	65,60%
SUG	69,96%	69,23%	71,64%	77,80%	78,20%	75,80%	71,70%	71,10%	74,20%



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Cos datos referidos ao ano 2017, último dispoñible no SIU, tendo en conta os indicadores de execución de orzamentos de ingresos, o grao de dependencia da comunidade autónoma das universidades públicas segundo a comunidade autónoma na que teñen a súa sede, advírtese como as universidades do SUG sitúanse en sexta posición entre o resto de CC.AA, cun grao de dependencia superior ao 74% respecto do financiamento procedente dos orzamentos autonómicos. Solo é superada polas comunidades de A Ríoxa, País Vasco, Andalucía, Canarias e Castela A Mancha. No extremo contrario, as comunidades de Castela e León cunha dependencia do 42, 17% e Cataluña cun grao de dependencia do 55,18%.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)


Da análise comparativa dos indicadores de dependencia financeira aplicados aos orzamentos de ingresos de cada unha das universidades galegas conclúese unha elevada dependencia das transferencias de fondos públicos, maioritariamente autonómicos, mentres a capacidade de captación de recursos doutras fontes amosa niveis moi discretos.

Excluindo as operacións financeiras, o nivel de recursos propios nos orzamentos de ingresos sitúase en porcentaxes baixos ao longo do período 2009 a 2017, para o que o Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU) dispón de datos.

A USC, sendo a que presenta un maior nivel de recursos propios sitúa o seu máximo no 19,22% acadado no ano 2011, ano a partir do cal inicia unha senda de descenso que, logo de rexistrar o mínimo en 2015 co 16%, afronta unha recuperación de xeito que no ano 2017 acada o 19,10% do total de ingresos.

A evolución deste indicador nos orzamentos de ingresos da UDC e da UVIGO sitúan a ambas institucións a certa distancia da universidade compostelá. A UDC rexistra o seu máximo en 2015 en que os recursos propios supuxeron o 14% do seu orzamento de ingresos, acadando o mínimo en 2017 co 11,60%. Pola súa banda, na UVIGO máximo nivel de recursos propios é o marcado no primeiro dos anos analizados, o 2009, co 15,11%, nivel que non recupera esta institución neste período, aínda que parece iniciar unha recuperación a partir do ano 2016, chegando ao 12,70% no ano 2017.


Nivel de Recursos Propios (excluído operacións financeiras)									
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
UDC	12,61%	13,80%	12,13%	13,60%	13,20%	12,00%	14,00%	12,60%	11,60%
USC	17,81%	17,02%	19,22%	18,29%	17,40%	16,80%	16,00%	16,70%	19,10%
UVIGO	15,11%	12,07%	10,78%	12,11%	12,80%	12,40%	10,90%	11,30%	12,70%



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

O grao de financiamento alleo, excluído operacións financeiras, ao longo dos anos 2009 a 2017, de novo diferencia por unha banda á USC que se mantén en porcentaxes máis baixos que as outras dúas universidades do SUG. A universidade santiaguesa chega ao maior grao de financiamento alleo no ano 2014, en que acada o 82%, mentres as universidades de A Coruña e Vigo móvense en niveis porcentuais similares incluso evolucionando en paralelo ao longo destes anos se ben con valores lixeiramente superiores no caso da UVIGO.


Grao de financiamento alleo (excluído operacións financeiras)									
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
UDC	85,87%	86,01%	84,31%	86,28%	86,60%	85,80%	85,90%	87,30%	88,40%
USC	77,48%	76,01%	80,78%	78,24%	79,50%	82,00%	79,60%	81,50%	80,50%
UVIGO	82,85%	86,75%	85,69%	87,72%	87,20%	87,50%	89,00%	88,60%	87,30%



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Do que non hai dúbida é da forte dependencia externa das tres universidades galegas, que nos nove anos recollidos na táboa superan porcentaxes do 80% nos seus orzamentos de ingresos, sendo en global a UVIGO a que presenta un maior grao de dependencia externa, seguida de cerca pola UDC e a certa distancia pola USC. Comparando os datos do ano 2009 e os rexistrados no ano 2017, mentres a USC diminuíu 1,2 puntos porcentuais o seu grao de dependencia externa, a UDC e a UVIGO incrementaron estes indicadores en 1 e 2,4 puntos respectivamente.

Grao de dependencia externa									
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
UDC	87,39%	86,09%	87,76%	86,28%	86,60%	87,90%	85,90%	87,30%	88,40%
USC	82,19%	82,87%	80,78%	81,71%	82,60%	83,20%	84,00%	83,30%	80,90%
UVIGO	84,86%	87,90%	89,20%	87,86%	87,20%	87,50%	89,00%	88,60%	87,30%



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)


Unha vez máis constátase que a dependencia financeira das universidades públicas, en concreto as tres institucións galegas, ven marcada polo elevado peso que nos seus orzamentos de ingresos teñen os fondos provenientes dos orzamentos da comunidade autónoma.

Neste indicador novamente a USC amosa unha maior capacidade de captación de fondos procedentes doutras fontes e no período 2009 a 2017, o seu grao de dependencia da comunidade autónoma é inferior ao resto do SUG, acadando a maior porcentaxe o ano 2017, único en que supera os 70 puntos porcentuais, mentres no 2010 este tipo de ingresos marcou o mínimo para esta institución quedando no 62,42 %. En resumo, a USC

Na UVIGO aínda que ao longo deste período apréciase unha tendencia a incrementar o seu grao de dependencia financeira respecto da comunidade autónoma, o peso porcentual nos seus orzamentos

de ingresos mantense en niveis moi estables que supoñen un mínimo de 72,45 % correspondente ao ano 2009 acadando o seu máximo en 2017 co 77,40%.

Grao de dependencia da CC. AA									
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
UDC	78,92%	77,64%	74,74%	77,80%	78,20%	75,80%	77,40%	79,10%	77,00%
USC	64,14%	62,42%	68,41%	64,96%	66,50%	69,00%	66,50%	64,00%	70,60%
UVIGO	72,45%	74,30%	73,99%	73,83%	73,30%	75,80%	75,50%	76,50%	77,40%




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Como xa se destacara anteriormente, o maior grao de dependencia financeira das universidades públicas é respecto da administración autonómica da comunidade en que teñen a súa sede, do que queda constancia nos datos do indicador anterior. Polo tanto, cando se trata de analizar o grao de dependencia do Estado, os valores resultan anecdóticos en canto ao peso que estes teñen respecto do total de orzamentos de ingresos. Dado que a captación destes recursos baséase fundamentalmente en obtención de subvencións a proxectos concretos ao abeiro de convocatorias de concorrencia competitiva, trátase de valores que presentan acusada oscilacións anuais.

A UDC móvese en valores entre o 4% e o 5% e acada o máximo de dependencia do Estado no ano 2017, cun 6,90%. No caso da USC a tendencia deste indicador é claramente á baixa xa que logo de valores por enriba do 6% rexistrados nos primeiros anos do período (acada o máximo en 2010 co 8,62%) inicia un descenso continuado chegando ao 2,90% en 2017. A UVIGO tamén presenta unha clara tendencia á baixa nos últimos anos, de xeito que en 2017 acada o mínimo da súa serie co 2,80%, logo de ter superado o nivel dos 6 puntos porcentuais de dependencia do Estado nos anos 2010, 2011 e 2015.

Grao de dependencia do Estado									
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
UDC	4,67%	5,51%	4,78%	6,16%	3,30%	5,10%	4,30%	4,00%	6,90%
USC	7,02%	8,62%	6,47%	3,70%	3,40%	4,00%	3,80%	3,60%	2,90%
UVIGO	4,80%	6,83%	6,22%	4,63%	4,20%	5,80%	6,10%	5,60%	2,80%



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

En conclusión, a UDC é a universidade galega que presenta un maior grao de dependencia do financiamento público, sobre todo da comunidade autónoma, tendencia que non mellora no período analizado xa que logo os valores dos recursos propios son baixos e presentan unha progresión descendente nos últimos anos. A USC amosa valores que avalan unha menor dependencia dos recursos procedentes do sector público e os seus niveis de recursos propios son os máis elevados do sistema. Nunha situación intermedia atópase a UVIGO, aínda que máis preto dos valores da UDC, pero cun menor grao de dependencia dos ingresos procedentes de administracións públicas e tendendo á alza os seus ingresos por recursos propios nos últimos anos.

Polo tanto debe incidirse na necesidade de realizar un cambio de estratexia por parte das universidades públicas galegas que leve a reforzar a captación de recursos financeiros máis aló das transferencias autonómicas e os ingresos por prezos e taxas. Unha posible vía podería ser a posta a dispor dos seus moitos recursos, humanos e materiais, ao servizo do tecido socioeconómico brindando servizos necesarios ao contorno mediante programas formativos a demanda de empresas de diversos sectores produtivos, a colaboración con axentes económicos para o desenvolvemento de programas de I+D+i...

Evolución do capítulo I das universidades do SUG

O gasto que supoñen as retribucións do persoal, PDI e PAS, supón a partida máis importante do gasto en todas as universidades públicas en xeral.

Cos datos de indicadores de execución do orzamento de gastos das universidades públicas do SUE, dispoñibles no Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU) para os anos 2012 a 2017, podemos comprobar o elevado peso que os gastos de persoal (soldos e salarios, indemnizacións, incentivos ao rendemento, prestacións e gastos sociais...) supoñen respecto do volume total de obrigas recoñecidas netas.

Na seguinte táboa pode constatarase esta afirmación comparando as porcentaxes por comunidades autónomas.


Porcentaxe de gasto de persoal sobre gasto total. CC.AA						
	2012	2013	2014	2015	2016	2017
SUE	60,76	62,52	63,97	64,67	66,73	65,17
Andalucía	59,17	60,96	60,75	62,64	68,23	65,70
Aragón	63,73	66,47	69,81	66,24	71,22	72,13
Asturias	63,99	68,53	70,63	70,59	71,54	70,99
Baleares	62,83	63,68	64,66	64,96	67,83	67,94
Canarias	71,39	72,77	73,38	71,73	73,77	70,46
Cantabria	56,85	64,78	65,76	65,18	66,10	64,42
Castela-A Mancha	72,67	75,43	75,98	69,07	72,50	73,85
Castela e León	65,74	69,77	69,04	70,05	69,27	67,70
Cataluña	61,06	62,86	65,02	63,10	66,49	67,07
Valencia	52,09	50,22	53,44	59,10	59,54	53,21
Estremadura	68,44	64,32	69,52	65,29	74,07	71,93
Galicia	60,11	60,99	61,49	60,84	62,84	62,72
Madrid	62,38	64,53	66,05	65,97	64,21	64,03
Murcia	63,68	64,07	66,14	68,68	69,18	68,12
Navarra	66,33	71,83	73,20	74,12	71,30	73,58
País Vasco	61,67	71,58	72,24	76,13	78,18	77,87
A Rioxa	69,48	69,70	71,77	61,50	72,24	72,42

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

A porcentaxe do gasto en capítulo I nas universidades públicas españolas incrementouse respecto do total de gastos na totalidade das autonomías no período comprendido entre os anos 2012 e 2017. Se temos en conta o peso dos gastos de persoal en 2012 e este mesmo dato do ano 2017 constátase un incremento na media do SUE de 4,41%. Unicamente Canarias rexistra un descenso do 0,93%, mentres no resto de territorios o capítulo I gaña peso nos orzamentos de gastos das universidades públicas. Á cabeza do incremento sitúase País Vasco, seguida por Aragón, Cantabria e Navarra. Galicia, cun incremento de 2,61 puntos ocupa o posto 13 desta clasificación.

No último ano do período analizado, a porcentaxe que o gasto en persoal supoñía en relación co total de gastos das universidades públicas do SUE era o 65,17 %. Eran catro as comunidades

autónomas que se situaban por debaixo desta media: Valencia, Galicia, Madrid e Cantabria. No extremo contrario da táboa País Vasco, Castela-A Mancha, Navarra e A Rioxa.




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Tomado o mesmo dato para cada unha das universidades galegas, obsérvase unha lixeira tendencia ascendente na UDC e na USC, mentres a UVIGO presenta unha evolución máis cambiante.


Na UDC rexístrase un maior peso do gasto en capítulo I en relación coa totalidade de obrigas recoñecidas netas na UDC, que presenta ao longo do período unha continua tendencia ascendente, chegando en 2017 ao 71,44%, o que supón un incremento de 3,28 puntos respecto do ano 2012. A UVIGO tamén incrementou o peso do gasto en persoal ao longo destes anos, pasando do 59,75% en 2012 ao 62,64% en 2017, é dicir 2,89 puntos máis. A USC é a universidade do SUG na que o peso do gasto en persoal é máis moderada en relación ao total dos gastos, aínda que tamén presenta un incremento neste período xa que dende o 56,42% en 2012, acada o 58,25% no ano 2017.

	2012	2013	2014	2015	2016	2017
UDC	68,16	68,36	67,35	67,85	71,16	71,44
USC	56,42	56,51	58,58	57,61	57,89	58,25
UVIGO	59,75	62,50	61,20	60,22	64,06	62,64



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

En termos absolutos, o gasto en capítulo I no SUG presenta un continuo incremento entre os anos 2011 e 2019, segundo se reflicte nos orzamentos executados das tres universidades galegas (obrigas recoñecidas netas). En global, apréciase un descenso das contías destinadas a gastos de persoal dende o ano 2011 ata o 2013 en que se rexistra a contía máis baixa do período, 313,18 millóns de euros. Trátase dos anos coincidentes co momento máis acusado da crise económica e a aplicación de medidas de axuste no sector público. Esta tendencia revértese a partir dese momento iniciando un paulatino incremento dos fondos que as universidades galegas destinan aos gastos de persoal de xeito que os 353,33 millóns de euros do ano 2019 supuxeron un incremento do 7,08% con respecto ao nivel de gasto en 2011.




Fonte: Contas anuais das universidades do SUG

A evolución que se observa no capítulo I das universidades leva a conclusións xa coñecidas. As retribucións son partidas moi ríxidas e non sofren oscilacións contundentes coa crise. Reflicten unicamente os axustes salariais que afectan á totalidade do sector público en España. Tamén durante algúns anos teñen que respectar os límites que se establecen nos orzamentos xerais do Estado como

taxa de reposición e efectivos no Sector Público. Pero si é certo que durante algúns anos non se podían recoller na OPE das universidades máis cun número limitado de prazas de funcionarios, sempre houbo categorías de contratación abertas para atender con elas as necesidades docentes.

No período comprendido entre os anos 2011 e 2019 as contías executadas en concepto de gasto de persoal na UDC (obrigas recoñecidas netas), logo dun descenso acusado no ano 2012, en que diminuíron 3,13 millóns de euros respecto do ano anterior, iníciase una recuperación continuada do gasto neste concepto, chegando a acadar en 2019 os 96,5 millóns de euros que supoñen un 11,23% de incremento con respecto ao ano 2011. En canto a diferenza entre as contías inicialmente orzamentadas e o realmente executado, nos anos 2011 a 2013 a UDC presenta un saldo negativo deixando de executar contías que oscilan ente os 1,8 millóns de 2011 ata os máis de 4 millóns en 2012 e 2013. Os anos restantes, ata o 2019, o gasto en capítulo I desta universidade superou as contías previstas para tal fin nos seus orzamentos iniciais.

UDC	Inicial (a)	Executado (b)	Diferencia (b-a)	% variación
2011	88.608.538,83	86.765.184,10	-1.843.354,73	-2,08 %
2012	87.676.709,59	83.632.477,21	-4.044.232,38	-4,61 %
2013	87.676.709,59	83.509.108,37	-4.167.601,22	-4,75 %
2014	83.871.898,07	84.681.291,22	809.393,15	0,97 %
2015	85.391.720,67	85.885.108,91	493.388,24	0,58 %
2016	88.383.430,83	88.568.468,67	185.037,84	0,21 %
2017	90.292.674,48	91.497.014,09	1.204.339,61	1,33 %
2018	92.200.902,31	93.035.999,11	835.096,80	0,91 %
2019	96.421.178,56	96.515.713,84	94.535,28	0,10 %




Fonte: Contas anuais da UDC

A USC é a universidade galega que presenta maiores niveis de gasto en capítulo I. A maior dimensión desta institución xunto coa idade media do seu persoal son razóns obxectivas que explican esta diferenza respecto das outras dúas universidades do SUG.

Das contías executadas neste capítulo apréciase unha tendencia descendente progresiva dende o inicio do período ata o ano 2014 en que acada o mínimo con 139,3 millóns de euros en gasto de persoal. A partir deste ano comeza unha recuperación que continua ata o ano 2019 en que as cifras executadas son similares ás previas á crise económica.

En canto ao nivel de execución, destacan os valores negativos rexistrados nos anos 2012, 2013 e 2014, afectados pola prórroga dos orzamentos de 2011 e coincidentes coas medidas de axuste no sector público postas en marcha polo Estado; e os anos 2017 e 2019 en que as cifras orzamentadas inicialmente en capítulo I non foron executadas.

USC	Inicial (a)	Executado (b)	Diferencia (b-a)	% variación
2011	149.260.000,00	149.793.758,13	533.758,13	0,36 %
2012	149.260.000,00	142.507.259,88	-6.752.740,12	-4,52 %
2013	149.260.000,00	140.700.684,91	-8.559.315,09	-5,73 %
2014	149.260.000,00	139.339.806,44	-9.920.193,56	-6,65 %
2015	137.673.500,00	141.474.430,17	3.800.930,17	2,76 %
2016	141.897.938,74	142.640.548,62	742.609,88	0,52 %
2017	144.324.249,26	144.223.436,97	-100.812,29	-0,07 %
2018	144.813.864,89	147.199.021,58	2.385.156,69	1,65 %
2019	151.246.700,00	149.460.231,32	-1.786.468,68	-1,18 %




Fonte: Contas anuais da USC

Na UVIGO a evolución do capítulo I neste período rexistra un descenso acusado nos anos da crise económica, se ben en 2015 o orzamento executado chega xa aos niveis previos á crise e, a partir dese momento a tendencia é notablemente ascendente ata acadar os 107,3 millóns de euros en 2019 o que supón un 14,9% máis que o executado en gastos de persoal no ano 2011.


Os niveis de execución desta institución arrojan valores negativos nos primeiros tres anos do período analizado, en paralelo ao xa visto na UDC. Así mesmo no ano 2018 e, sobre todo no 2019 os créditos iniciais superaron en contía ao finalmente executado en concepto de gastos de persoal.

UVIGO	Inicial (a)	Executado (b)	Diferencia (b-a)	% variación
2011	94.823.000,00	93.413.284,10	-1.409.715,90	-1,49 %
2012	93.598.000,00	88.864.950,66	-4.733.049,34	-5,06 %
2013	93.238.000,00	88.978.519,04	-4.259.480,96	-4,57 %
2014	89.190.380,00	90.231.283,96	1.040.903,96	1,17 %
2015	89.190.380,00	93.348.800,44	4.158.420,44	4,66 %
2016	95.040.900,00	96.072.941,92	1.032.041,92	1,09 %
2017	97.498.500,00	98.416.796,65	918.296,65	0,94 %
2018	102.641.859,00	102.352.292,76	-289.566,24	-0,28 %
2019	109.126.119,00	107.360.891,41	-1.765.227,59	-1,62 %



Fonte: Contas anuais da UVIGO

Os desaxustes entre as contías previstas no orzamento de gastos para o capítulo I e as realmente executadas son unha constante na dinámica das universidades galegas. Neste aspecto, a UDC é a institución que axusta máis as súas previsións mentres a USC presenta desviacións máis elevadas.



Fonte: Contas anuais das universidades do SUG

Xunto coa importancia do valor absoluto desta partida, hai que lembrar que o persoal universitario é o seu activo máis valioso. É vital planificar a medio e longo prazo as necesidades de persoal necesario para docencia e investigación, prevendo as evolucións temporais da importancia das áreas de coñecemento e de liñas de investigación. As xubilacións son o mecanismo de axuste paulatino da dinámica temporal do persoal.

Hai que lembrar tamén o principio do compromiso do gasto. Cando se consolida unha praza de persoal docente ou de administración e servicios nunha universidade, esa persoa queda durante varias décadas no cadro de persoal, independentemente da necesidade ulterior das súas capacidades. Unha boa xestión do Capítulo I das universidades debe ser a pedra angular da maioría das políticas financeiras e académicas.

Grao de cobertura do Capítulo I con respecto ás transferencias da comunidade autónoma

Historicamente, as achegas das comunidades autónomas ás universidades públicas do seu territorio artellábanse mediante subvencións, anuais ou nalgúns casos plurianuais, que trataban, na práctica, de achegarse ao importe real das retribucións do persoal universitario. Esta mecánica foise consolidando co tempo de xeito que se xeneralizou a idea de que as universidades debían recibir, cando menos, o importe do seu gasto en capítulo I nas transferencias anuais. Na actualidade, adoita considerarse o financiamento non finalista como o equivalente dese importe.

Cómpre clarear, respecto dese concepto que a política de persoal é parte da autonomía universitaria sendo estas institucións as que deciden a idoneidade e perfil das prazas a concurso, o número, a finalidade ou ubicación das mesmas... polo que a intervención das administracións autonómicas na planificación a medio e longo prazo do persoal necesario para afrontar as necesidades docentes e investigador das universidades limítase á autorización dos custes de PDI e PAS no marco da normativa básica sobre Oferta de Emprego Público.


Se ben tradicionalmente as universidades públicas relacionan o seu nivel de financiamento autonómico coa cobertura do seu gasto en capítulo I, debe lembrarse que o artigo 79 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, referido á autonomía económica e financeira, dispón a necesidade de garantir “que as universidades dispoñan dos recursos necesarios para un funcionamento básico de calidade”. Sendo así, o financiamento básico que debe ser cuberto en

cumprimento da lei, enténdese a cobertura dos custes mínimos necesarios para a prestación do servizo universitario.

Se analizamos os datos dispoñibles no Sistema Universitario de Información Universitaria (SIU) para os anos comprendidos entre 2011 e 2017, podemos realizar unha comparación entre o grao de cobertura do capítulo I das universidades públicas do SUE con transferencias correntes procedentes das distintas comunidades autónoma e o mesmo dato relativo ao SUG.

Como se aprecia na táboa seguinte, partindo de datos moi similares no ano 2011 (98,70% no SUE e 97,90% no SUG) a nivel do SUE apréciase un continuado descenso no grao de cobertura dos gastos de persoal das universidades, que chega ao seu mínimo en 2017 co 89,20%, o que supón 9,5 puntos por debaixo do inicio do período. Pola súa banda, as transferencias correntes procedentes dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia presentan unha continua tendencia á alza, agás un lixeiro descenso rexistrado no ano 2015, situándose o grao de cobertura do capítulo I das universidades do SUG en 2017 no 99,90%.

En resumo, mentres constátase unha degradación do cociente no SUE que baixa nese período 9,5 puntos, o SUG presenta unha continua mellora, medrando 2 puntos no mesmo tempo, e situándose 10,7 puntos por enriba da media do SUE.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

A entrada en funcionamento dos plans quinquenais de financiamento en Galicia salvagardan ás universidades do SUG das minoracións de fondos autonómicos nos anos da crise económica, mentres a ausencia deste tipo de plans na maioría do Estado favorece unha diminución das transferencias, o que tratouse de compensar neses territorios co incremento de taxas a aboar polo estudiantado.

Deste xeito, no ano 2011 Galicia situábase 0,5 puntos por debaixo da mediado SUE de cobertura do capítulo I con transferencias correntes da comunidade autónoma. Nese ano situouse no posto 13 das CC.AA, situándose por debaixo deste valor Estremadura (moi próxima á cobertura do SUG) e, con valores inferiores ao 90% as comunidades de Andalucía, Aragón e Cataluña.

A situación é moi distinta no ano 2017 en que Galicia, cun grao de cobertura do capítulo I das universidades do SUG do 99,9% ocupa o sexto posto a nivel nacional, solo superada por Baleares, Cantabria, A Ríoxa, Canarias e Valencia.


% Cobertura do capítulo I coas transferencias correntes das CC.AA

CC.AA	2011	2017	Variación %
SUE	98,7%	89,2%	-9,51%
Andalucía	89,2%	76,1%	-13,09%
Aragón	86,5%	92,8%	6,33%
Asturias	103,5%	98,7%	-4,81%
Baleares	108,2%	101,3%	-6,91%
Canarias	107,4%	107,0%	-0,38%
Cantabria	101,0%	103,3%	2,22%
Castela- A Mancha	107,6%	89,2%	-18,42%
Castela e León	105,1%	61,8%	-43,33%
Cataluña	83,4%	81,4%	-1,94%
Valencia	139,7%	118,8%	-20,82%
Estremadura	97,4%	95,3%	-2,17%
Galicia	97,9%	99,9%	1,96%
Madrid	99,4%	95,1%	-4,25%
Murcia	109,4%	96,7%	-12,68%
Navarra	115,0%	97,7%	-17,24%
País Vasco	110,5%	98,4%	-12,11%
A Ríoxa	112,2%	106,2%	-5,98%

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

A variación porcentual do grao de cobertura do gasto de persoal nas distintas comunidades autónomas mostra unha xeral tendencia á baixa entre ambas datas, sendo Aragón, Cantabria e Galicia as únicas autonomías que rexistran unha variación positiva dende o inicio ao fin do período, coincidente cos anos de crise económica e da consecuente execución de medidas de axustes orzamentarios no sector público.


Os datos para a mesma secuencia temporal desenglobados por cada unha das universidades galegas amosan diferencias destacables, como se aprecia na seguinte táboa, se ben en todos os casos presenta valores superiores ao 91%.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Trátase de datos que o SIU toma dos orzamentos liquidados das universidades.

No caso da UDC, o grao de cobertura do capítulo I coas transferencias correntes da comunidade autónoma, acadan o seu máximo en 2011 co 97,50% e, se ben no 2015 esta universidade presenta o mínimo grao de cobertura do SUG neste período (o 91%), en 2017 as transferencias autonómicas cubriron o 95,30% dos seus gastos en persoal, indicando unha tendencia a mellorar a taxa de cobertura.




UDC-orzamentos liquidados						
	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Transferencias correntes CA	78.387.560,58	79.151.188,62	78.511.853,36	78.135.972,72	82.848.049,06	87.213.910,33
Gasto capítulo I	83.632.477,21	83.509.108,37	84.681.291,22	85.885.108,91	88.568.468,67	91.497.014,09
Diferencia	-5.244.916,63	-4.357.919,75	-6.169.437,86	-7.749.136,19	-5.720.419,61	-4.283.103,76

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

En termos absolutos, as transferencias correntes autonómicas destinadas á UDC rexistraron un continuo incremento nos anos comprendidos entre 2012 e 2017, acadando neste último 87,2 millóns de euros, é dicir, o 11,25% máis do que recibiu no ano 2012. Aínda así, o saldo é sempre negativo nesta institución debido ao constante incremento do gasto en capítulo I (dereitos recoñecidos netos) que en 2017 pasa dos 91 millóns de euros. En todo caso apréciase unha tendencia á contención nos anos 2016 e 2017 en que a diferenza entre un e outro concepto tende a diminuír, logo de acadar o máximo en 2015 cun saldo negativo de 7,7 millóns de euros.

A USC é a que rexistra un menor índice de cobertura en global, aínda que movéndose entre o mínimo do 91,30% do ano 2013 e o 93,80% cuberto en 2015 e 2017.




USC-orxamentos liquidados						
	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Transferencias correntes CA	131.427.338,60	128.419.339,40	130.137.694,50	132.695.828,80	131.890.263,20	135.007.040,00
Gasto capítulo I	142.507.259,88	140.700.684,91	139.339.806,44	141.474.430,17	142.640.548,62	144.223.436,97
Diferencia	-11.079.921,28	-12.281.345,51	-9.202.111,94	-8.778.601,37	-10.750.285,42	-9.216.396,97

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

A USC, debido á súa maior dimensión así como a estrutura do seu persoal é a que presenta contías netamente superiores ao resto do SUG. Tamén no caso da universidade compostelá rexístrase un déficit entre o recibido en concepto de transferencias correntes da comunidade autónoma e os gastos de capítulo I. O ano 2013 marcou o máximo de diferenza entre ambos conceptos con 12,2 millóns de euros. Isto é debido a que, aínda que as transferencias autonómicas mantiveron unha tendencia alcista que supuxo 135 millóns de euros en 2017 (o 2,7% máis que en 2012), os gastos de capítulo I non pararon de crecer no mesmo período.

Pola súa banda, a UVIGO presenta valores superiores ao 100% na totalidade dos anos, chegando a acadar o 116,20% no ano 2014.



	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Transferencias correntes CA	101.125.865,92	103.116.348,60	104.847.097,90	107.545.721,80	111.340.345,00	111.526.676,30
Gasto capítulo I	88.864.950,66	88.978.519,04	90.231.283,96	93.348.800,44	96.072.941,92	98.416.796,65
Diferencia	12.260.915,26	14.137.829,56	14.615.813,94	14.196.921,36	15.267.403,08	13.109.879,65

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

A UVIGO tamén rexistra un continuo incremento nas contías procedentes das transferencias da comunidade autónoma. En 2014 recibiu por medio de transferencias correntes da administración autonómica a cantidade de 111,5 millóns de euros, que supuxeron un incremento do 10,2% con respecto ao ingresado en 2012. Así mesmo os gastos do seu capítulo I incrementáronse de xeito constante nestes anos. Pero, ao contrario que as universidades da Coruña e Santiago de Compostela, presenta un superávit todos os anos, situándose a diferenza máis notable en 2016, cando acada os 15,2 millóns de euros.

En conclusión, entre os anos 2012 e 2017 as tres universidades galegas rexistraron incrementos constantes nos ingresos procedentes das transferencias da comunidade e o grao de cobertura de capítulo I sitúase nas tres institucións por enriba da media do SUE. E dado que os mecanismos de reparto da subvención son obxectivos e coñecidos, fixados no plan de financiamento, o menor grao de cobertura dos seus gastos de persoal, pode ser indicio da necesidade de realizar unha reflexión para a planificación da súa estrutura de persoal a medio prazo.


Por outra banda, queda patente que o financiamento universitario en Galicia, artellado mediante os sucesivos planos de financiamento plurianuais, achega o financiamento básico considerado como o necesario para manter a docencia e as infraestruturas que permiten ás universidades realizar as súas funcións.

Grao de cobertura dos gastos correntes con respecto ás transferencias da comunidade autónoma

Se temos en conta a relación entre os dereitos recoñecidos netos do capítulo de transferencias correntes da comunidade autónoma e as obrigas recoñecidas netas por operación correntes, podemos analizar o grao de cobertura dos gastos correntes das universidades coas achegas correntes dos orzamentos autonómicos.

O Sistema Integrado de Información Universitaria proporciona datos relativos aos anos 2011 a 2017 o que nos permite realizar unha comparación entre o SUE e o SUG.

Como se aprecia na gráfica seguinte, as tendencias de ambos sistemas seguen camiños opostos. Partindo de valores moi similares no ano 2011, en que a diferenza a favor do SUG era de tan solo de 0,6 puntos porcentuais, o incremento constante na capacidade de cobertura no SUG contrasta co descenso da media do SUE, chegando no ano 2017 a unha diferenza do 10,6%. Unha vez máis conséntase como mentres os plans de financiamento vixentes en Galicia neste período, blindaron os créditos destinados ao sistema universitario en anos de crise económica mentres a media estatal de cobertura de gastos correntes descendía de xeito notable a consecuencia do descenso do financiamento autonómico percibido por boa parte das universidades públicas españolas.



Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

É moi significativo o resultado por comunidades autónomas e as variacións rexistradas no período, analizado. Deste xeito, no ano 2011 Galicia, co 75,5%, aínda que superaba a media do SUE en 0,6 puntos porcentuais, ocupaba o posto 14 en grao de cobertura dos gastos correntes, por diante de Cataluña, Andalucía e Aragón que non acadaban o 70% de cobertura.

Seis anos máis tarde o panorama é moi distinto. En 2017 Galicia pasa a ser a novena comunidade autónoma en grao de cobertura do gasto corrente das súas universidades públicas co 80,50%, o que supón un incremento de 5 puntos con respecto ao inicio do período, aumentando a distancia coa media estatal, ata os 10,6 puntos porcentuais. Pero ademais solo é superada por Aragón no incremento de capacidade de cobertura do gasto corrente que, xunto con Cantabria, Canarias e a propia comunidade galega, son as únicas que rexistran unha variación positiva neste tempo.

Capacidade de financiar os gastos correntes coa transferencia corrente da CC.AA

CC.AA	2011	2017	Variación%
SUE	74,90%	69,90%	-5,00%
Andalucía	68,40%	60,10%	-8,30%
Aragón	68,90%	77,60%	8,70%
Asturias	81,30%	83,00%	1,70%
Baleares	86,90%	85,50%	-1,40%
Canarias	86,90%	87,00%	0,10%
Cantabria	80,90%	85,30%	4,40%
Castela- A Mancha	80,90%	70,20%	-10,70%
Castela e León	81,70%	49,60%	-32,10%
Cataluña	63,30%	62,60%	-0,70%
Valencia	99,40%	88,20%	-11,20%
Extremadura	81,60%	81,00%	-0,60%
Galicia	75,50%	80,50%	5,00%
Madrid	76,90%	75,20%	-1,70%
Murcia	87,00%	79,30%	-7,70%
Navarra	82,90%	76,70%	-6,20%
País Vasco	83,00%	80,80%	-2,20%
A Ríoxa	87,10%	84,80%	-2,30%


Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Concretando estes datos para cada unha das universidades que compoñen o SUG, apréciase a tendencia á alza na capacidade de financiar o gasto corrente coa transferencia corrente da comunidade autónoma.

Na UDC a cobertura dos gastos correntes coa transferencia autonómica móvese entre porcentaxes do 75,60%, mínimo acadado nos anos 2012 e 2014, e o 80,90% do 2017, primeiro ano que supera a barreira dos 80 puntos porcentuais e que marca unha diferenza de case 4 puntos respecto do inicio do período.

Aínda que a USC tamén incrementa a capacidade de asumir o gasto corrente cos fondos da administración autonómica, esta universidade é a que presenta menores niveis de cobertura, entre os 71,90% do 2011 ao 75,60% do 2017, é dicir, malia ter unha menor taxa de cobertura, o incremento nestes anos foi de 3,7 puntos porcentuais.

A UVIGO é a institución que presenta mellores porcentaxes de cobertura en cada un dos anos do período, superando os 80 puntos porcentuais agás no ano 2011. Co 87,10% rexistrado en 2017 marca unha suba do 7,2% con respecto ao ano 2012.




Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)

Financiamento á marxe do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2021

As universidades galegas fináncianse na súa maior parte con fondos provenientes dos orzamentos da Xunta de Galicia vinculados ao PGFU. Non obstante, estas institucións obteñen fondos á marxe destes fondos, tanto de orixe pública como privada.

Entre os anos 2016 e 2019, último para o que se dispón de datos, as universidades galegas ingresaron máis de 774 millóns de euros contabilizando os que proceden de orzamentos do sector público e do privado.

Ingresos das universidades do SUG á marxe do PGFU



Fonte: Contas anuais das universidades do SUG

Os ingresos procedentes do sector público son sempre superiores aos procedentes do privado (no que se inclúen ingresos propios), e advírtese unha progresiva recuperación dende o exercicio 2017 ata o 2019, superando sobradamente as previsións recollidas no PGFU 2016-2020. Pola súa banda, os ingresos privados presentan unha leve tendencia á baixa ao longo do período recollido na táboa.

Financiamento público á marxe do PGFU

Dentro das contías recollidas no PGFU, considerábase globalmente o financiamento público ao SUG, independentemente da administración, entidade pública, ..., de orixe dos recursos económicos. Polo tanto, inclúense neste apartado os ingresos procedentes do sector público autonómico (partidas non vinculadas ao PGFU), así como as orixinadas nos orzamentos do sector público estatal e da Administración Local (concellos e deputacións), sector público exterior (fundamentalmente UE) e outros non clasificados especificamente nas contas.

Establecíanse obxectivos anuais para a cantidade de recursos procedentes do sector público autonómico non vencellados ao Plan xunto coas procedentes da administración local, estatal ou europea.

A importancia destas achegas é dobre:


- permite aumentar e diversificar as fontes de financiamento público das universidades

- permite medir a capacidade real das propias universidades para ter éxito en convocatorias competitivas fóra de Galicia.


Os datos foron tomados das contas anuais das universidades (dereitos recoñecidos netos), EDUCA-base estatística de bolsas e axudas ao estudo, o SEPIE, as axudas do GAIN e a propia Secretaría Xeral de Universidades.

Por anualidades, os resultados rexistrados foron os seguintes:

INGRESOS A MARXE DO PGFU 2016-2020/21				
ANO 2016				
	UDC	USC	UVIGO	TOTAIS FÓRA DO PGFU
XUNTA DE GALICIA	1.551.654,27	4.372.367,83	1.809.292,00	7.733.314,10
ADMINISTRACIÓN ESTATAL	18.712.979,93	47.101.359,38	26.055.718,15	91.870.057,46
ADMINISTRACIÓN LOCAL	193.256,74	791.163,11	388.884,00	1.373.303,85
EXTERIOR	1.176.165,59	21.115.168,02	3.243.481,11	25.534.814,72
OUTROS		344.410,90	95.480,42	439.891,32
TOTAL	21.634.056,53	73.724.469,24	31.592.855,68	126.951.381,45




INGRESOS A MARXE DO PGFU 2016-2020/21				
ANO 2017				
	UDC	USC	UVIGO	TOTAIS FÓRA DO PGFU
XUNTA DE GALICIA	2.162.883,39	5.653.840,33	2.348.970,09	10.165.693,81
ADMINISTRACIÓN ESTATAL	21.695.335,71	34.541.132,92	21.368.859,67	77.605.328,30
ADMINISTRACIÓN LOCAL	807.243,68	1.513.042,29	356.865,71	2.677.151,68
EXTERIOR	1.718.087,40	8.727.424,26	2.783.028,21	13.228.539,87
OUTROS		373.088,75	308.276,88	681.365,63
TOTAL	26.383.550,18	50.808.528,55	27.166.000,56	104.358.079,29




INGRESOS A MARXE DO PGFU 2016-2020/21
ANO 2018

	UDC	USC	UVIGO	TOTAIS FÓRA
XUNTA DE GALICIA	2.497.973,55	3.966.558,94	2.157.547,40	8.622.079,89
ADMINISTRACIÓN ESTATAL	18.795.985,55	45.079.051,86	24.124.239,59	87.999.277,00
ADMINISTRACIÓN LOCAL	337.344,00	968.643,11	378.692,68	1.684.679,79
EXTERIOR	1.873.348,92	8.225.637,90	2.216.122,62	12.315.109,44
OUTROS		469.533,71	1.094.362,81	1.563.896,52
TOTAL	23.504.652,02	58.709.425,52	29.970.965,10	112.185.042,64



INGRESOS A MARXE DO PGFU 2016-2020/21
ANO 2019


	UDC	USC	UVIGO	TOTAIS FÓRA
XUNTA DE GALICIA	1.923.189,72	6.122.388,42	2.151.829,58	10.197.407,72
ADMINISTRACIÓN ESTATAL	20.970.120,92	42.996.678,17	23.096.147,73	87.062.946,82
ADMINISTRACIÓN LOCAL	224.292,34	1.461.647,44	595.669,11	2.281.608,89
EXTERIOR	1.346.440,44	12.466.165,39	3.889.804,01	17.702.409,84
OUTROS		637.127,51	894.418,57	1.531.546,08
TOTAL	24.464.043,42	63.684.006,93	30.627.869,00	118.775.919,35



Fonte: Contas anuais das universidades do SUG

Dos máis de 462 millóns de euros procedentes do sector público que percibiu o SUG á marxe do PGFU nos anos 2016, 2017, 2018 e 2019 a Universidade de Santiago de Compostela captou máis da metade (o 53,42%) seguida de lonxe pola Universidade de Vigo (o 25,82% do total), mentres a Universidade da Coruña acadou o 20,76% do financiamento público fóra do plan.


	2016		2017		2018		2019		Total 2016-2017-2018-2019	
	contá	%	contá	%	contá	%	contá	%	contá	%
UDC	21.634.056,53	17,04	26.383.550,18	25,28	23.504.652,02	20,95	24.464.043,42	20,60	95.986.302,15	20,76
USC	73.724.469,24	58,07	50.808.528,55	48,69	58.709.425,52	52,33	63.684.006,93	53,62	246.926.430,24	53,42
UVIGO	31.592.855,68	24,89	27.166.000,56	26,03	29.970.965,10	26,72	30.627.869,00	25,79	119.357.690,34	25,82
TOTAL	126.951.381,45	100,00	104.358.079,29	100,00	112.185.042,64	100,00	118.775.919,35	100,00	462.270.422,73	100,00



Fonte: Contas anuais das universidades do SUG

En canto á administración de procedencia destes fondos, maioritariamente trátase de contías que proveñen das entidades integrantes do Sector Público estatal, que acada o 74,53% do total captado no período. O sector exterior, no que se consideran, entre outros, os fondos da Unión Europea, supoñen o 14,88% do total de ingresos públicos non integrados no PGFU. En terceiro lugar están os fondos que o Sector Público autonómico destina ás universidades do SUG á marxe das partidas orzamentarias vinculadas ao PGFU. Xa de xeito testemuñal sitúanse outras fontes de financiamento

público como as contías procedentes da administración local (deputacións e concellos) que supoñen o 1,73% destes fondos e o que captan doutro tipo de entidades públicas (o 0,91%)



Fonte: Contas anuais das universidades do SUG

Os pesos da participación nestes fondos públicos mantéñense en proporcións moi similares durante o período comprendido entre os anos 2016 e 2019, tanto a nivel institucional como das fontes dos que proveñen.

En todo caso, podemos analizar a evolución de cada unha das universidades, tendo en conta as cifras publicadas nas súas contas anuais:

**INGRESOS Á MARXE DO PGFU
UDC – CONTAS ANUAIS**

	2016 Dereitos recoñecidos netos	2017 Dereitos recoñecidos netos	2018 Dereitos recoñecidos netos	2019 Dereitos recoñecidos netos
XUNTA DE GALICIA				
Convenios*	446.666,00	757.964,49	1.012.347,19	886.441,61
Bolsas estudantes (executado)**	647.502,00	457.209,00	483.667,00	692.304,00
Premios fin carreira	37.500,00	42.000,00	33.000,00	51.000,00
Axudas cursos de idiomas	19.500,00	33.300,00	33.000,00	36.000,00
Complementarias Erasmus	457.230,00	293.375,00	302.715,00	344.970,00
Carácter especial	21.250,00	14.750,00	21.500,00	22.500,00
Estancias países extracomunitarios	18.700,00	15.000,00	42.500,00	42.500,00
Inicio de estudos	30.868,00	8.210,00	0,00	0,00
Continuación de estudos	33.783,00	23.959,00	15.898,00	0,00
Máster desempregados	28.671,00	26.615,00	35.054,00	43.334,00
Premios excelencia en grao	0,00	0,00	0,00	152.000,00
GAIN (axudas viventes en 2016)****	457.486,27	245.250,45	259.146,18	344.444,11
Fomento da actividade investigadora do persoal finalista do ERC	25.000,00	0,00	25.000,00	24.979,50
Programa Principia	35.000,00	5.000,00	10.000,00	10.000,00
Subcontratacións programa Conecta Peme	153.201,27	0,00	0,00	0,00
Unidades mixtas de investigación	244.285,00	224.642,30	156.823,88	173.659,61
Programa Ignicia	0,00	0,00	60.811,00	135.805,00
Outras axudas GAIN	0,00	15.608,15	6.511,30	0,00
TOTAL XUNTA DE GALICIA	1.551.654,27	2.162.883,39	2.497.973,55	1.923.189,72
AGE				
Bolsas estudantes AGE-xerais e Erasmus***	13.591.270,00	13.528.803,00	14.236.048,00	14.092.485,00
Subvencións finalistas Admon Estado	3.421.191,41	7.343.074,74	4.394.210,28	5.968.926,96
Subvencións finalistas da Admon Xeral	0,00	0,00	0,00	54.416,00
De Axencias estatais e outros Organismos Públicos	1.554.403,43	1.942,59	16.743,17	12.054,40
De Sociedades públicas e outros Entes Públicos	4.094,93	19.925,76	40.673,80	62.638,37
De Organismos Autónomos Administrativos	14.700,00	21.000,00	11.700,00	62.038,96
Doutros Entes Públicos	91.895,41	106.114,46	87.292,21	122.615,96
Transferencias capital provenientes do resto de entidades do SP	35.424,75	674.475,16	9.318,09	594.945,27
TOTAL AGE	18.712.979,93	21.695.335,71	18.795.985,55	20.970.120,92
LOCAL				
De concellos	185.807,31	499.743,68	324.494,00	95.153,88
De deputacións	7.449,43	307.500,00	12.850,00	129.138,46
TOTAL LOCAL	193.256,74	807.243,68	337.344,00	224.292,34
EXTERIOR				
Outras transferencias da UE	73.755,00	141.244,80	14.000,00	84.744,80
Outras transferencias do exterior	119.052,61	38.607,76	200.219,38	104.553,15
Da UE-FEDER	983.357,98	1.538.234,84	1.659.129,54	1.157.142,49
TOTAL EXTERIOR	1.176.165,59	1.718.087,40	1.873.348,92	1.346.440,44
TOTAL UDC	21.634.056,53	26.383.550,18	23.504.652,02	24.464.043,42



INGRESOS Á MARXE DO PGFU USC – CONTAS ANUAIS				
	2016 Dereitos recoñecidos netos	2017 Dereitos recoñecidos netos	2018 Dereitos recoñecidos netos	2019 Dereitos recoñecidos netos
XUNTA DE GALICIA				
Convenios*	1.635.714,16	3.851.983,76	1.367.464,59	3.970.417,66
Bolsas estudantes (executado)**	757.069,00	830.385,00	1.016.922,00	1.143.254,00
Premios <i>in carriera</i>	65.000,00	48.000,00	90.000,00	78.000,00
Axudas cursos de idiomas	75.600,00	54.900,00	100.000,00	55.000,00
Complementarias Erasmus	452.920,00	542.245,00	623.155,00	740.990,00
Carácter especial	21.500,00	44.000,00	31.250,00	34.750,00
Estancias países extracomunitarios	79.200,00	64.500,00	120.700,00	119.000,00
Inicio de estudos	12.980,00	5.994,00	0,00	0,00
Continuación de estudos	35.348,00	39.366,00	24.476,00	0,00
Máster desempregados	14.521,00	31.380,00	27.341,00	18.514,00
Premios excelencia en graos	0,00	0,00	0,00	97.000,00
GAIN (axudas viventes en 2016)****	1.979.584,67	971.471,57	1.582.172,35	1.008.716,76
Fomento da actividade investigadora do persoal finalista do ERC	170.000,00	120.679,49	123.806,89	25.000,00
Programa Principia	50.000,00	150.000,00	20.000,00	0,00
Subcontratacións programa Conecta Peme	1.459.584,67	0,00	0,00	0,00
Unidades mixtas de investigación	300.000,00	199.792,08	283.028,09	93.504,50
Programa Ignida	0,00	479.220,00	1.115.124,30	651.303,00
Outras axudas GAIN	0,00	21.780,00	40.213,07	238.909,26
TOTAL XUNTA DE GALICIA	4.372.367,83	5.653.840,33	3.966.558,94	6.122.388,42
AGE				
Bolsas estudantes AGE-xerais e Erasmus***	23.247.942,00	23.164.494,00	24.021.345,00	24.803.139,00
Servizos prestados por investigación a AGE	317.814,28	273.243,60	205.551,73	161.884,68
Mº Agricultura, Pesca e Alimentación	129.329,78	64.664,88	122.869,94	0,00
Mº Educación, Pza Social e Deporte	2.359.036,91	2.550.538,45	2.946.274,83	2.207.143,21
Mº Industria/Economía	6.571.582,90	4.443.918,46	2.296.816,30	1.084.063,85
Mº Ciencia e Innovación/Universidades	50.580,00	17.073,96	74.903,90	350.649,55
Mº Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade/Instituto de la Mujer	114.100,00	94.950,00	234.056,78	106.141,00
Mº Defensa	0,00	2.100,00	5.949,86	4.500,00
INIA (Instituto Nacional de Investigación y Tecnología Agraria)	164.666,66	174.026,67	29.866,67	13.440,00
Agencia Estatal de Investigación	9.054.686,59	2.424.561,39	9.374.822,41	8.891.079,60
FISS (Fondo de Investigaciones Sanitarias Seguridad Social)	218.295,00	293.710,12	361.001,30	261.176,30
FECYT	157.714,31	158.369,45	185.547,93	95.040,00
Instituto de la Juventud	0,00	0,00	10.000,00	0,00
Anticipos MINECO	4.715.610,95	879.481,94	5.210.045,21	5.018.420,98
TOTAL AGE	47.101.359,38	34.541.132,92	45.079.051,86	42.996.678,17
LOCAL				
Servizos prestados por investigación a Admon. Local	210.363,17	343.353,16	431.068,21	294.332,86
Concellos	82.500,00	276.500,00	22.500,00	139.475,22
Deputacións	489.622,17	878.189,13	492.034,38	1.015.222,74
Consortio da Cidade de Santiago de Compostela	8.677,77	15.000,00	23.040,52	12.616,62
TOTAL LOCAL	791.163,11	1.513.042,29	968.643,11	1.461.647,44
EXTERIOR				
Servizos prestados por investigación a UE	44.157,73	150.696,11	167.377,11	127.314,66
Servizos prestados por investigación a Admon Pública do exterior	179.851,38	144.565,53	114.405,91	45.979,81
Da Unión Europea	2.920.794,14	1.227.330,04	345.716,49	220.778,49
UE, Recursos Investigación	17.905.673,15	7.156.334,27	7.578.136,05	12.046.092,43
Outras transferencias do exterior	62.664,87	48.498,31	10.002,34	0,00
Instituto Portugués do Mar e da Atmosfera	2.026,75	0,00	0,00	0,00
Instituto Italiano di Cultura/Embaixada de Italia	0,00	0,00	10.000,00	26.000,00
TOTAL EXTERIOR	21.115.168,02	8.727.424,26	8.225.637,90	12.466.165,39
OUTROS				
Instituto Ramón Llull	24.358,00	22.251,00	31.698,33	18.910,67
Parlamento de Galicia	5.000,00	12.732,52	37.222,00	45.218,50
Servizos prestados por investigación a universidades	286.502,08	307.050,10	326.697,51	306.216,68
Servizos prestados por investigación a empresas públicas	28.550,82	31.055,13	73.915,87	266.781,66
TOTAL OUTROS	344.410,90	373.088,75	469.533,71	637.127,51
TOTAL USC	73.724.469,24	50.808.528,55	58.709.425,52	63.684.006,93



**INGRESOS Á MARXE DO PGFU
UVIGO – CONTAS ANUAIS**


	2016 Dereitos recoñecidos netos	2017 Dereitos recoñecidos netos	2018 Dereitos recoñecidos netos	2019 Dereitos recoñecidos netos
XUNTA DE GALICIA				
Convenios*	302.830,00	911.891,05	448.586,55	653.670,96
Bolsas estudantes (executado)**	814.802,00	881.610,00	885.813,00	1.021.488,00
Premios fin carreira	62.500,00	63.000,00	81.000,00	78.000,00
Axudas cursos de idiomas	38.700,00	46.800,00	67.000,00	51.000,00
Complementarias Erasmus	489.850,00	564.380,00	574.130,00	665.040,00
Carácter especial	27.000,00	20.500,00	22.000,00	15.500,00
Estancias países extracomunitarios	56.100,00	84.000,00	74.800,00	76.500,00
Inicio de estudos	40.135,00	16.484,00	0,00	0,00
Continuación de estudos	51.221,00	43.662,00	24.906,00	0,00
Máster desempregados	49.296,00	42.784,00	41.977,00	22.448,00
Premios excelencia en graos	0,00	0,00	0,00	113.000,00
GAIN (axudas viventes en 2016)****	691.660,00	555.469,04	823.147,85	476.670,62
Fomento da actividade investigadora do persoal finalista do ERC	50.000,00	24.999,64	24.999,28	24.326,45
Programa Principia	5.000,00	0,00	0,00	0,00
Subcontratacións programa Conecta Peme	636.660,00	0,00	0,00	0,00
Unidades mixtas de investigación	0,00	0,00	0,00	0,00
Programa Ignicia	0,00	526.355,40	764.011,07	408.786,67
Outras axudas GAIN	0,00	4.114,00	34.137,50	43.557,50
TOTAL XUNTA DE GALICIA	1.809.292,00	2.348.970,09	2.157.547,40	2.151.829,58
AGE				
Bolsas estudantes AGE-xerais e Erasmus***	16.912.806,00	16.659.460,00	17.143.599,00	17.184.891,00
Subvencións recibidas da AGE	8.658.369,53	4.388.096,12	6.666.097,28	5.591.946,48
Org. Da Admon do Estado	101.206,63	0,00	0,00	0,00
Bolsas para formación de investigadores AGE	383.335,99	321.303,55	314.543,31	319.310,25
TOTAL AGE	26.055.718,15	21.368.859,67	24.124.239,59	23.096.147,73
LOCAL				
Subvencións recibidas doutras AA.PP.-deputacións e concellos	388.884,00	356.865,71	378.692,68	595.669,11
TOTAL LOCAL	388.884,00	356.865,71	378.692,68	595.669,11
EXTERIOR				
Subvencións recibidas da UE	3.243.481,11	2.783.028,21	2.216.122,62	3.889.804,01
TOTAL EXTERIOR	3.243.481,11	2.783.028,21	2.216.122,62	3.889.804,01
OUTROS				
Universidades	95.480,42	233.941,95	54.292,89	27.783,00
Outras transferencias e subvencións	0,00	74.334,93	1.040.069,92	866.635,57
TOTAL OUTROS	95.480,42	308.276,88	1.094.362,81	894.418,57
TOTAL UVIGO	31.592.855,68	27.166.000,56	29.970.965,10	30.627.869,00



Financiamento privado


Inclúense neste apartado os fondos procedentes de empresas privadas, familias e institucións sen fins de lucro así como os fondos procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos que na clasificación orzamentaria corresponden ao capítulo III de ingresos das universidades do SUG.

Entre os anos 2016 e 2019, último para o que existen datos publicados, as universidades públicas do SUG captaron un total de 311,7 millóns de euros de fontes privadas, dos que a USC ingresou máis da metade (o 52,12%), seguida de lonxe pola UVIGO co 24,73% dos fondos privados captados polo SUG neste período e, en terceiro posto a UDC que captou o 23,15% do total.



Fonte: Contas anuais das universidades do SUG


Estes fondos proveñen na súa maioría, o 91,33% dos ingresos do capítulo III nos que se inclúen, como xa dixemos, os ingresos procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos, mentres os fondos captados polas universidades de empresas privadas acadan un peso do 7,07% do total. Por último, en moita menor escala, sitúanse os ingreso procedentes de familias e institucións sen fins de lucro que acadan o 1,60% do total deste tipo de ingresos.




Fonte: Contas anuais das universidades do SUG

A fonte da que se toman os datos son as contas anuais das universidades do SUG, resultando por anualidades os seguintes ingresos que manteñen, en maior ou menor medida, os pesos porcentuais antes indicados tanto en canto a institucións como a procedencia deses ingresos.


INGRESOS PRIVADOS-ANO 2016				
	UDC	USC	UVIGO	TOTAL
DE EMPRESAS PRIVADAS	1.773.305,58	2.933.762,74	1.664.690,84	6.371.759,16
DE FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO	240.798,21	74.294,80	259.776,37	574.869,38
CAPÍTULO 3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	15.184.926,99	40.945.480,63	17.138.649,20	73.269.056,82
TOTAL	17.199.030,78	43.953.538,17	19.063.116,41	80.215.685,36




INGRESOS PRIVADOS-ANO 2017				
	UDC	USC	UVIGO	TOTAL
DE EMPRESAS PRIVADAS	2.447.684,63	2.029.180,00	1.261.776,75	5.738.641,38
DE FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO	249.914,37	698.454,42	375.971,69	1.324.340,48
CAPÍTULO 3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	15.032.039,59	37.306.600,78	19.859.714,32	72.198.354,69
TOTAL	17.729.638,59	40.034.235,20	21.497.462,76	79.261.336,55



INGRESOS PRIVADOS-ANO 2018				
	UDC	USC	UVIGO	TOTAL
DE EMPRESAS PRIVADAS	2.120.609,73	1.979.360,00	963.225,61	5.063.195,34
DE FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO	505.305,21	570.078,72	360.328,15	1.435.712,08
CAPÍTULO 3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	16.863.381,81	36.884.692,30	17.117.290,02	70.865.364,13
TOTAL	19.489.296,75	39.434.131,02	18.440.843,78	77.364.271,55



INGRESOS PRIVADOS-ANO 2019				
	UDC	USC	UVIGO	TOTAL
DE EMPRESAS PRIVADAS	1.716.312,59	2.046.700,00	1.110.172,02	4.873.184,61
DE FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO	313.884,00	1.119.637,23	229.477,32	1.662.998,55
CAPÍTULO 3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	15.739.620,63	35.928.093,67	16.754.751,90	68.422.466,20
TOTAL	17.769.817,22	39.094.430,90	18.094.401,24	74.958.649,36



Fonte: Contas anuais das universidades do SUG

CONCLUSIÓNS

- As universidades do SUG están a recibir un financiamento por alumnado moi superior á media nacional.
- En termos relativos ao PIB rexional, Galicia sitúase no terceiro posto de esforzo financeiro entre as CC.AA.
- As universidades públicas galegas, recuperaron xa en 2018 o importe global das achegas do plan de financiamento que tiñan antes da crise económica.
- A estrutura financeira dos ingresos das universidades non está equilibrada.
- O Estado representa unha porcentaxe de financiamento moi baixo no financiamento actual do SUG.
- As transferencias correntes da CC.AA. cobren a totalidade do capítulo I do SUG.
- As universidades deben procurar unha autonomía financeira, aumentando e diversificando as súas fontes de financiamento.

ACCÍONS DE MELLORA

- Reducir a dependencia da CC.AA. a niveis próximos á media nacional.
- Incentivar ás universidades para mellorar os seus ingresos por titulacións non oficiais.
- Incentivar a obtención de ingresos provenientes de empresas e organizacións sen ánimo de lucro.
- Incentivar a procura de fondos internacionais.
- Manter o crecemento de fondos públicos de fóra de Galicia.

III. MARCO DO PLAN GALEGO DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO 2022-2026

A *Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia* (DOG, do 3 de xullo), establece que lle corresponde á Xunta de Galicia a aprobación do plan de financiamento das universidades públicas do SUG. O plan de financiamento responderá, entre outros, aos principios de estabilidade financeira, suficiencia, eficiencia e equidade institucional e territorial. Nel inclúiranse os recursos precisos para converxer coas medias estatais e europeas de servizo público en ensino superior universitario, en porcentaxes de produto interior bruto.

O Plan de Galego de Financiamento Universitario, en adiante PGFU, é, pois, un plan que se debe integrar dentro do marco normativo autonómico, nacional e internacional. O mundo global no que vivimos obriga a respectar as disposicións que regulan todos os aspectos da docencia, da investigación e da transferencia de coñecementos, os tres piares básicos da actividade universitaria.

Non é posible falar de docencia sen considerar o EEES, nin de investigación sen os programas do ERC, ou da transferencia sen referirse aos ODS, por poñer tres exemplos. Neste sentido, o PGFU ten que considerar as influencias que as estruturas políticas, económicas e sociais provocan sobre a actividade das universidades galegas.

O PGFU trata de reforzar a estruturación do SUG, sempre respectando a autonomía e singularidade de cada unha das tres universidades públicas, co obxectivo básico de que poidan exercer en mellores condicións as súas tres misións principais, para potenciar e impulsar á sociedade galega no seu conxunto.

Un plan quinquenal que se converte nunha ferramenta de planificación a medio prazo da Xunta de Galicia para a ordenación e impulso do sistema universitario autonómico. Pero trátase dun instrumento dinámico que debe incorporar todas as novidades que se poidan producir ao longo dun período tan amplo, nun mundo tan convulso como o actual. Unha folla de ruta que da estabilidade, pero que se adapta ás circunstancias cambiantes que se produzan ao longo do quinquenio e que poidan influír o seu desenvolvemento.

Principios metodolóxicos

O PGFU baséase nunha serie de principios metodolóxicos que van a estar presentes na súa concepción, deseño e desenvolvemento.

- **É un plan da Xunta de Galicia.** Co liderado pola Consellería de Educación, Cultura e Universidade e a Consellería de Facenda, e negociado coas universidades públicas, e contou coa participación doutros departamentos e axentes. Inclúe os elementos que se consideran necesarios para o desenvolvemento do SUG, dando respostas as necesidades de Galicia e permitindo mellorar o posicionamento das institucións universitarias galegas respecto do resto das universidades nacionais e estranxeiras.
- **É un plan sistémico.** As universidades galegas conforman un conxunto integrado e coordinado. Neste sentido non pretende actuar especificamente sobre ningunha delas, senón sobre ese conxunto total, potenciando as súas interrelacións.
- **É un plan de mellora integral do sistema.** Recolle unha visión de fomento das tres misións universitarias, incorporando accións de mellora en todas elas.
- **É un modelo de esforzo compartido entre a Xunta de Galicia e as tres universidades do SUG.** Afondando no camiño establecido no anterior Plan, cuantifícanse os recursos que deben mobilizar as universidades ao longo do quinquenio, tanto vinculados ao propio plan como alleos ao mesmo.
- **É un plan de mellora global da calidade.** As anteriores accións de mellora da calidade reconvértense e ampliáanse nunha batería de indicadores básicos de cuxa evolución dependerá unha parte do financiamento recibido. Como recolle o artigo 115 da nosa Lei 6/2013: *“no plan de financiamento valoraranse, entre outros aspectos, o grao de cumprimento e a consecución dos obxectivos fixados por cada unha das universidades no proceso de elaboración do devandito plan”*.
- **É un plan que consolida a estabilidade do SUG.** O presente Plan é o sexto Plan de financiamento das universidades galegas. Este feito distingue ao SUG dentro do panorama nacional como unha das poucas autonomías en que as universidades sempre tiveron unha programación plurianual cunha blindaxe orzamentaria, o que se traduce nunha vantaxe innegable á hora de planificar financeiramente e desenvolver políticas autónomas propias.
- **É un plan de rendición de contas á sociedade galega.** O PGFU emprega unha gran cantidade de recursos públicos para atender ás necesidades do servizo público, neste

caso para financiar un ensino superior universitario de calidade. É importante que os cidadáns perciban claramente os resultados e retornos principais das universidades. Desta maneira, o presente Plan inclúe un cadro de mando, reducido pero significativo, das principais dimensións que reflicten o funcionamento das universidades.

Eixos de actuación

Numerosos estudos afrontaron nos últimos anos a determinación dos puntos crave que permitirían mellorar os resultados universitarios. Nesa liña, podemos resumir en seis os eixos fundamentais de actuación, que se desenvolverán nos distintos apartados do plan.

- **1. Financiamento global.** As CCAA teñen a obriga, por Lei, de achegar ás universidades públicas dos seus territorios os recursos necesarios para garantir un funcionamento básico de calidade. Isto esixe determinar ese importe, que ten a condición de estrutural para o sistema. As universidades son responsables, simultaneamente, de obter recursos adicionais, propios ou alleos, para acadar unha estrutura financeira equilibrada e sostible. O que permitiría diminuír a porcentaxe de dependencia financeira e aumentar a súa autonomía.
- **2. Internacionalización.** Un dos reproches que se fai tradicionalmente á universidade pública é o non ter acadado un funcionamento axeitado para o mundo global. As universidades compiten entre si e tamén coas que se atopan fóra do territorio nacional. A necesidade de eliminar aspectos endogámicos é hoxe máis urxente que nunca. As clasificacións de universidades son unha boa referencia para coñecer as melloras puntuais en este campo.
- **3. Relacións universidade-empresa.** As tres misións universitarias culminan na obtención de outputs para a sociedade galega. A docencia debe permitir formar axeitadamente egresados ben preparados para integrarse no mercado laboral en postos esixentes, con alto valor engadido e remuneracións elevadas. A investigación debe xerar coñecemento básico, pero tamén dar resposta aos problemas económicos, tecnolóxicos e de saúde da propia sociedade. E a transferencia permitirá á cidadanía beneficiarse máis rapidamente dos achados. Hai que mellorar fortemente a relación cos sectores profesionais.

- **4. Docencia innovadora.** A adopción do EEES tiña entre os seus obxectivos primordiais, os de modificar as metodoloxías docentes, impulsar o traballo autónomo do estudiantado, potenciar os sistemas de avaliación continua, mellorar a mobilidade, e desenvolver as competencias específicas para cada título. En resumo, colocar no centro do sistema docente ao estudiantado, convertindo ao profesorado nun elemento motivador do primeiro. Todo este proceso debe acompañarse dun desenvolvemento acelerado das tecnoloxías facilitadoras do proceso formativo. É o momento de afondar nestes cambios para garantir unha axeitada inserción laboral.
- **5. Investigación avanzada.** Na actualidade, a modernidade e a incidencia social das universidades, mídese pola investigación e transferencia social, máis que pola docencia. Este cambio histórico esixe avanzar no camiño emprendido en Galicia na última década. Unha vez ordenado o sistema, cunha carreira científica propia, cuns grupos consolidados con financiamento basal, uns centros singulares, e unha política de retención e captación de talento; neste novo período abordarase un novo salto de calidade cun novo modelo propio de carreira, a consolidación da rede dos centros, e o crecemento da captación de talento fóra da universidade galega.
- **6. Sustentabilidade social e medioambiental.**

A humanidade hoxe en día vive tempos de concienciación e compromiso coa creación de valor social e medioambiental. Máis aló do respecto rigoroso dos dereitos humanos e sociais e dos máis esixentes estándares medioambientais, a universidade do século XXI debe exercer e transmitir á sociedade, e en especial a todos os seus grupos de interese, o seu firme compromiso coa sustentabilidade, xerando continuo impacto positivo para acadar unha sociedade máis xusta e máis proactiva co coidado do planeta e coa loita contra o cambio climático.

IV. RENDICIÓN DE CONTAS

Co obxecto de garantir o cumprimento e eficacia das accións previstas no Plan, é necesario establecer un conxunto de indicadores e obxectivos para facer un correcto seguimento e avaliación.

O sistema de observación do Plan terá dúas partes:

- Un **cadro de mando** que atenderá á rendición de contas e transparencia obrigadas que deben facer as universidades á sociedade galega. Presentará a medición dos principais elementos do funcionamento das universidades facilitando a toma de decisións.
- Un **panel de indicadores** que recollerán os resultados das principais accións das universidades que engadan valor para unha mellora de calidade significativa.

O cadro de mando especificará resultados globais do sistema e a súa avaliación. É unha ferramenta de xestión que da unha visión coherente e comprensible das principais áreas da universidade, facilitando a toma de decisións e aliñando os recursos e procesos coas estratexias a seguir polas universidades.

O panel recollerá resultados concretos por universidade, adaptados a súas especificidades e a súa posición de partida, permitindo medir obxectivamente a evolución dos resultados obtidos en actividades concretas.

Deste xeito, de forma sintética, ponse a dispor da sociedade galega unha panorámica dos principais valores e tendencias das universidades do SUG, que non é outra cousa que dar a coñecer os resultados acadados polas tres institucións universitarias públicas cos fondos, tanto públicos como privados, dos que dispoñen para o desenvolvemento das súas misións.

Fontes e datos

Co obxecto de acadar a necesaria homoxeneización e sistematización, para a recollida de datos considérase como ano base ou ANO N o 2019, que corresponde ao curso académico 2018/2019, por ser os últimos dispoñibles completos, no momento de elaboración do plan. Cada un destes datos serán recollidos dunha única fonte, que terá carácter público e indubidable.

Inclúense inicialmente os valores acadados en dous anos consecutivos, 2018 (n-1) e 2019 (n) co fin de ofrecer unha aproximación á tendencia rexistrada en cada un dos indicadores. Nos casos en que haxa que retroceder temporalmente por ser inevitable un desfase maior polas propias características do indicador, recollerase expresamente.

1. CADRO DE MANDO

Reflicte os valores acadados polo conxunto do SUG en cada un dos módulos e para cada ano.

Iníciase co rexistro dos datos dos anos 2018 e 2019 e irase completando cos datos de anos sucesivos.

Módulo 1.- Financiamento global

Reflicten as principais magnitudes dos recursos que xestionan as universidades e a súa procedencia.

- Achegas directas do PGFU (CMFI1).

Definición: Cantidade total que reciben as universidades como transferencias directas do Plan de Financiamento Universitario, é dicir, a suma dos créditos previstos nas distintas aplicacións orzamentarias nos orzamentos iniciais da Comunidade Autónoma, vinculados ao PGFU.

Fonte: Orzamento anual Xunta de Galicia.

- Recursos públicos captados (CMFI2).

Definición: Cantidade total de recursos públicos alleos ao PGFU captados polas universidades mediante convenios, contratos, convocatorias... de administracións públicas e as súas entidades instrumentais a nivel internacional, estatal, autonómico ou local.

Fonte: Orzamentos liquidados Universidades do SUG, GAIN, SXU e SIIU.

- Recursos privados captados (CMFI3).

Definición: Cantidade total de recursos privados captados polas universidades (empresas, ONGs, fundacións).

Fonte: Orzamentos liquidados Universidades do SUG.

- Gastos totais (CMFI4).

Definición: Importe total de gastos liquidados anualmente polas universidades, que reflicte a capacidade global e real das universidades para obter financiamento.

Fonte: Orzamentos liquidados Universidades do SUG.

- Autonomía ou independencia financeira (CMFI5)

Definición: Mide a capacidade da universidade para financiarse e defínese como a relación entre o Patrimonio neto e o Patrimonio neto máis o pasivo total (Indicador SIIU, V.FIN.6).

Formulación:

$$\text{Independencia financeira} = (\text{Fondos propios} / \text{Fondos propios} + \text{esixible total}) \times 100$$

Fonte: Orzamentos liquidados Universidades do SUG, SIIU

Módulo 2.- Internacionalización

Reflicten accións fundamentais das universidades para obter recoñecemento e reputación externos internacionalmente a nivel docente e investigador.

- Posición “ranking de Shanghai” (CMIN1).

O *ranking* ARWU ou *Academic Ranking of World Universities*, coñecido habitualmente como ranking de Shanghai, é a clasificación máis coñecida internacionalmente. Trátase dunha lista compilada pola Universidade Jiao Tong de Shanghai (China). Esta lista inclúe as maiores institucións de educación superior do mundo.

Céntrase na actividade investigadora, de modo que, dentro desa dimensión, permite unha comparación máis ou menos uniforme entre Universidades. Da por feito que bos resultados en investigación comportan bos resultados no resto das dimensións.

O sistema de posicionamento é individualizado para as primeiras 100 universidades e a partir da posición 101, o posicionamento é colectivo segundo os tramos establecidos polo *ranking*. Dende 2003, ARWU presenta anualmente as 500 mellores universidades mundiais.

Indicadores que emprega: As universidades ordénanse de acordo a unha fórmula que toma en conta os factores seguintes:

- Alumni (10%): número de estudantes galardoados co Premio Nobel ou a Medalla *Fields*.
- Award (20%): número de empregados galardoados co Premio Nobel ou a Medalla *Fields*.
- HiCi (20%): número de investigadores altamente citados en 21 temas xerais.
- N&S (20%): número de artigos publicados nas revistas científicas *Science* e *Nature*.
- PUB (20%): número de traballos académicos rexistrados nos índices do *Science Citation Index* e o *Social Science Citation Index*.
- PCP (10%): a «producción *per capita*», é dicir, a puntuación de todos os indicadores anteriores dividida entre o número de académicos a tempo completo.

Para cada indicador, á institución coa puntuación máis alta se lle asigna o valor 100, e ao resto se lles aplica o valor porcentual respecto a dita puntuación máxima. As puntuacións de cada factor se ponderan para obter o valor final. A institución cuxa puntuación agregada é a máis alta se lle asigna o resultado de 100, e ao resto se lles aplica o valor porcentual respecto a dita puntuación máxima. O valor dunha universidade no *ranking* reflicte o número de universidades que se atopan sobre ela.

Fonte: <https://rank.uva.es/ranking/arwu/>

- Posición clasificación THE (CMIN2)

A clasificación THE (Times Higher Education), segunda en prestixio no mundo, inclúe dende 2004, máis de 1.250 universidades de 86 países. É moito máis completo, xa que inclúe indicadores para todas as misións fundamentais das universidades: ensinanza, investigación, repercusión internacional, citas, e transferencia de coñecemento. Emprega ata 13 indicadores.

- Posición clasificación QS (CMIN3)

A clasificación mundial de universidades Quacquarelli Symonds (en inglés, *QS World University Rankings*) é unha ordenación anual de universidades do mundo dispostas cun criterio de xerarquía.

O cálculo da clasificación de universidades toma en conta seis factores:

- Reputación académica (40%). Recolle máis de 100.000 opinións de expertos sobre a calidade da docencia e a investigación nas universidades de todo o mundo.
- Reputación do empregador (10%). Baseada en case 50.000 enquisas de empregadores sobre as universidades en que egresa o estudiantado máis eficaz, competente e innovador.
- Relación profesorado/estudante (20%).
- Citas profesorado (20%). Número total de citas recibidas por todos os artigos dunha institución durante cinco anos.
- Relación de profesorado internacional (5%)
- Relación de estudiantado internacional (5%)

Fonte: <https://www.topuniversities.com/qs-world-university-rankings/methodology>

- Publicacións en colaboración internacional (CMIN4)

Definición: Mide o número de documentos asinados polas universidades do SUG con, ao menos, una institución estranxeira cada ano.

Fonte: http://www.iune.es/es_ES/actividad-cientifica/publicaciones-en-colaboracion-internacional.

- Profesorado estranxeiro (CMIN5)

Definición: Mide, tanto en número como en porcentaxe, o persoal docente e investigador con actividade docente e investigadora que imparta docencia nas universidades do SUG e con nacionalidade estranxeira.

Formulación:

$\% \text{ PDI estranxeiros} = (\text{Número total de PDI con nacionalidade estranxeira} / \text{Número total de PDI}) \times 100$

Fonte: SIIU, elaboración propia

Módulo 3.- Relacións universidade-empresa

- Graos duais (CMUE1)

Definición: Mide o número de títulos oficiais de grao impartidos por cada unha das universidades do SUG que inclúen a Mención Dual, é dicir, un proxecto formativo que se desenvolve complementariamente no centro universitario e nunha entidade, empresa, institución... segundo os requisitos que determine a normativa estatal na materia.

- Doutoramentos industriais (CMUE2)

Definición: Mide o número de programas con mención de Doutoramento Industrial nos que o/a doutorando/a participa nun proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental que ten relación directa coa súa tese, no seo dunha administración ou empresa (pública ou privada) coa que está vinculado mediante contrato.

- Spin-offs (CMUE3)

Definición: Mide o número de empresas novas cuxo negocio baséase principalmente no coñecemento xerado pola universidade. (*Glosario Informe de la Encuesta RedOTRI*).

Fonte: Informe da enquisa RedOTRI.

- Contratos I+D e consultarías (CMUE4)

Definición: Mide o importe obtido por actividades de investigación, desenvolvemento e apoio técnico regulado mediante contrato entre partes, así como por servizos de asesoramento que non xeran coñecemento científico ou tecnolóxico (*Glosario Informe de la Encuesta RedOTRI*).

Fonte: http://www.iune.es/es_ES/innovacion/contratos-id-y-consultorias

- Prestación de servicios (CMUE5)

Definición: Mide o importe obtido por pequenos traballos, normalmente análises, laboratorio, ditames, etc., cuxa venda non soe requirir un contrato (*Glosario Informe de la Encuesta RedOTRI*).

Fonte: http://www.iune.es/es_ES/innovacion/prestacion-de-servicios

- Ingresos xerados en I+D (CMUE6)

Definición: Mide os ingresos que obtiveron as universidades do SUG derivados dos dereitos recoñecidos nos seus orzamentos por axudas, proxectos e contratos de investigación e por servizos de consultaría científica. As fontes de financiamento poden ser públicas ou privadas e poden ser de orixe rexional, nacional, europeo ou do resto do mundo.

Fonte: CRUE.

Módulo 4.- Docencia innovadora

- Taxa de idoneidade (CMDI1)

Definición: Porcentaxe de estudantado de grao que finaliza a titulación no tempo teórico previsto no plano de estudos ou antes do tempo previsto.

Formulación:

Taxa de idoneidade_x = (estudiantado de novo ingreso no curso X egresados no estudo inicial no curso X + (n-1)* ou antes / estudantado de novo ingreso no curso X) . 100

*Sendo n = nº de anos que dura o estudo (considérase que 60 créditos configuran un curso a tempo completo).

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, II.RTO.9)

- Taxa de graduación (CMDI2)

Definición: Porcentaxe de estudantado de grao que finalizan a ensinanza no tempo teórico previsto no plano de estudos ou nun curso máis.

Datos do curso académico n-1/n.

Formulación:

Taxa de graduación_x = (estudiantado de novo ingreso no curso X egresados no estudo inicial no curso X + n*, ou antes / estudantado de novo ingreso no curso X) . 100

*Sendo n=nº de anos que dura o estudo (considérase que 60 créditos configuran un curso a tempo completo).

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, II.RTO.10)

- Taxa de cambio (CMDI3)

Definición: Porcentaxe de estudantes dunha cohorte de novo ingreso no curso X, matriculados no título T, na universidade U, que non se matricularon dese mesmo título durante dous cursos seguidos, non se graduaron, pero matriculáronse nalgún outro título universitario na mesma universidade ou noutra nese período.

Formulación:

A taxa de cambio de estudo calcúlase para cada cohorte, de maneira que a taxa de cambio de estudo global da cohorte será a suma das taxas parciais (taxa de cambio de estudo en 1º ano + taxa de cambio de estudo no 2º ano + taxa de cambio de estudo no 3º ano).

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, II.RTO.7)

- Taxa de abandono (CMDI4)

Definición: Porcentaxe de estudantado dunha cohorte de novo ingreso no SUG do curso X que non se matricula en título universitario algún durante dous cursos académicos posteriores nin titulouse.

Formulación:

A taxa de abandono do SUG calcúlase para cada cohorte, de maneira que a taxa de abandono global será a suma das taxas de abandono parciais (taxa de abandono do estudo o 1º ano + a taxa de abandono do estudo o 2º ano + a taxa de abandono do estudo o 3º ano).

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, II.RTO.6)

- Máster de excelencia (CMDI5)

Definición: Máster oficiais das universidades públicas galegas que obteñan a mención de excelencia por convocatoria competitiva da Xunta de Galicia.

Formulación:

Número de máster con mención concedida e en vigor.

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades

Módulo 5.- Investigación avanzada

- Relación entre sexenios conseguidos e sexenios potenciais (CMIA1)

Definición: Relación entre o PDI doutor co máximo posible de sexenios (“i” sexenios conseguidos tendo “i” sexenios potenciais) e o PDI universitario con “i” sexenios potenciais, sendo $i = 1, 2, 3, 4, 5, 6$.

Poboación de referencia: Poboación corpo docente universitario doutor activa, é dicir, para o calculo deste indicador so se terá en conta o corpo docente universitario doutor con actividade académica e investigadora.

Formulación:

% CDU con nº de sexenios óptimo = $\frac{\sum (\text{CDU doutor con sexenios} = i \text{ tendo } i \text{ sexenios potenciais})}{\sum (\text{CDU doutor con sexenios potenciais} = i)}$

Nota: A variable sexenios potenciais calculase da seguinte forma: Parte enteira [(Ano de inicio do curso - Ano lectura tese + 1) / 6]. En termos xerais utilizarase a variable "Ano de lectura de tese". Non seu defecto utilizarase a variable "Ano do titulo de doutoramento". Esta variable tomará valores comprendidos entre 1 e 6, de maneira que se a fórmula toma valores superiores ou iguais a 6 daráselle o valor 6.

Ao poder solicitar sexenios con carácter retrospectivo (méritos de investigación realizados en datas anteriores á lectura de tese) existe a posibilidade de que o número de sexenios potenciais sexa inferior ao número de sexenios conseguidos. Nestes casos, formularase o indicador como a relación entre o CDU co máximo posible de sexenios (i sexenios co i ou menos sexenios potenciais) e o CDU con i ou menos sexenios potenciais.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU IV.PDI.11)

- Teses defendidas (CMIA2)

Definición: Mide o número de teses defendidas cada ano en cada universidade, ponderado por cada 100 profesores.

Fonte: IUNE

- ERC no SUG (CMIA3)

Definición: Número de axudas vixentes a investigadores excelentes que prestan servizos nas universidades galegas, concedidas polo European Research Council nos seguintes programas Grant: Advanced, Consolidator, Sinergy, e Starting.

- Publicacións científicas no primeiro cuartil (CMIA4)

Definición: Mide a porcentaxe anual de documentos de cada universidade (só documentos en revistas JCR) que publicáronse nas revistas do primeiro cuartil da categoría temática do *Journal Citation Reports* á que estean adscritos, ordenando dita categoría polo factor de impacto das revistas. Dado que unha revista pode estar adscrita a máis dunha categoría temática, e estar posicionada, polo tanto, en diferentes cuartís, cada título se considera unha única vez (independentemente do número de adscricións temáticas) e no cuartil que máis lle favorece.

Fonte: JCR, IUNE

- Patentes nacionais (CMIA5)

Definición: Mide o número de patentes concedidas a cada universidade pola Oficina Española de Patentes y Marcas.

Fonte: IUNE, INVENES

- Extensións PCT (CMIA6)

Definición: Mide o número de proteccións de invencións de forma simultánea en distintos países a través da presentación dunha solicitude internacional de patentes. (*Glosario Informe da Encuesta RedOTRI*).

Fonte: IUNE, *Informe da Encuesta RedOTRI*.

Módulo 6.- Responsabilidade social

- Estudantes egresados (CMRS1)

Definición: Reconto do número de estudantes egresados, considerando como tal ao que completou con éxito todos os créditos do plano de estudos no que estivo matriculado. No caso de estudos de doutoramento, refírese a estudantes que leron a súa tese durante o curso de referencia.

Fonte: Indicador SIIU: II.RTO. 2.

- Taxa de cobertura prazas ofertadas ABAU (CMRS2)

Definición: Porcentaxe das prazas ofertadas en primeiro curso de grao que se ocuparon con estudantado de novo ingreso procedente do proceso de preinscrición.

Fonte: NERTA

- Taxa de transición de estudantes de grao a Máster (CMRS3)

Definición: Porcentaxe de estudantes que ó finalizar un grao comezan un Máster no curso inmediatamente posterior ao da finalización do grao, na mesma universidade na que cursou os estudos de grao.

Formulación:

Taxa de transición de grao a Máster = (Estudantes egresados de grao no curso X-1 na universidade A que inician un máster no curso X na universidade A / Estudantes egresados de grao no curso X-1 na universidade A) x 100.

Fonte: Indicador SIIU. II. RTO. 17.

- Mulleres no PDI (CMRS4)

Definición: mide a porcentaxe mulleres persoal docente e investigador en activo que a 31 de decembro do ano X está adscrito a unha universidade do SUG sobre o total do PDI activo desas universidades.

Formulación:

$\% \text{ mulleres no PDI} = (\text{n}^\circ \text{ de mulleres PDI en activo das universidades do SUG} / \text{Total PDI en activo das universidades do SUG}) \times 100.$

Fonte: Indicador SIIU. IV. PDI. 1.

- Egresados traballando en Galicia (CMRS5)

Definición: mide a porcentaxe de titulados/as en grao nunha universidade do SUG na cohorte X que traballaban en Galicia no momento de realización da enquisa da ACSUG respecto do total de egresados desa cohorte que están a traballar nese mesmo momento.

Fonte: Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema universitario de Galicia. ACSUG

- Satisfacción cos estudos de grao realizados (CMRS6)

Definición: mide a porcentaxe de titulados/as en grao nunha universidade do SUG na cohorte X que volvería a cursar a mesma titulación na mesma universidade no momento de realización da enquisa da ACSUG)

Fonte: Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema universitario de Galicia. ACSUG.

- Esforzo de apoio ao estudiantado (CMRS7)

Definición: Porcentaxe de estudantes que foron beneficiarios dunha bolsa, axuda ou subvención para realizar os seus estudos universitarios respecto ao total de estudantes do sistema.

Formulación:

Reconto de estudantes que solicitaron algunha bolsa, axuda ou subvención para realizar estudos universitarios, e foille concedida.

$$\frac{\text{Reconto de estudantes que solicitaron e obtiveron algunha subvención para realizar estudos universitarios}}{\text{Reconto de estudantes matriculados}}$$

Fonte: Indicador SIIU. VI. BEN. 3.

CADRO DE MANDO			2018	2019
			Módulo 1 Financiamento global	CMFI1
CMFI2	Recursos públicos captados	112.185.043		118.775.919
CMFI3	Recursos privados captados	77.358.361		75.854.149
CMFI4	Gastos totais	543.410.379		557.162.974
CMFI5	Autonomía ou independencia financeira	82,13 %		84,16 %
Módulo 2 Internacionalización	CMIN1	Posición "ranking de Shanghai"	401-500// 501/600	501-600// 601-700
	CMIN2	Posición clasificación THE	601-800// 601-800// 801-1000	601-800// 601-800// 801-1000
	CMIN3	Posición clasificación QS	601-650//// 801-1000	581-590// 801-1000// 801-1000
	CMIN4	Publicacións en colaboración internacional	1.875	
	CMIN5	Profesorado estranxeiro	1,08 %	1,08 %
Módulo 3 Relacións universidade-empresa	CMUE1	Graos duais	0	0
	CMUE2	Doutoramentos industriais	0	0
	CMUE3	Spin-offs	7	
	CMUE4	Contratos I+D e consultarías	10.884.000	
	CMUE5	Prestación de servizos	11.997.000	
	CMUE6	Ingresos xerados en I+D	35.249	
Módulo 4 Docencia innovadora	CMDI1	Taxa de idoneidade	34,90 %	40,70 %
	CMDI2	Taxa de graduación	52,10 %	50,30 %
	CMDI3	Taxa de cambio	10,90 %	13,20 %
	CMDI4	Taxa de abandono	14,80 %	14,70 %
	CMDI5	Máster de excelencia	0	0
Módulo 5 Investigación avanzada	CMIA1	Relación entre sexenios conseguidos e sexenios potenciais	65,70 %	67,00 %
	CMIA2	Teses defendidas	426	
	CMIA3	ERC no SUG	8	8
	CMIA4	Publicacións científicas no primeiro cuartil	1.868	
	CMIA5	Patentes nacionais	48	
	CMIA6	Extensións PCT	16	
Módulo 6 Responsabilidade social	CMRS1	Estudantes egresados	7.690	8.797
	CMRS2	Taxa de cobertura prazas ofertadas ABAU	89,00 %	91,00 %
	CMRS3	Taxa de transición de estudantes de grao a Máster	24,80 %	24,00 %
	CMRS4	Mulleres no PDI	41,16 %	41,49 %
	CMRS5	Egresados traballando en Galicia	80,11 (cohorta 2013/14)	
	CMRS6	Satisfacción cos estudos realizados	66,05% (cohorta 2013/14)	
	CMRS7	Esforzo de apoio ao estudiantado	4.618.100	5.025.600

2. PANEL DE INDICADORES

Todos a nivel de universidade. Consecuencias financeiras.

Evolución: Media móbil dos últimos tres anos. Obxectivo para cada ano ou reparto proporcional. No primeiro ano de vixencia do plan (2022) empregaranse os anos n e n-1.

Indicarase expresamente cando exista retardo temporal na publicación do indicador, cal é a anualidade de inicio para o valor n-1 (2018).

Cando non exista valor numérico, a cantidade correspondente repartirase a partes iguais, até que existan valores concretos.

Se nun indicador non existira valor dunha universidade, esta deberá enviar certificación ao respecto antes do 15 de setembro para que poida ser tido en conta no reparto. Tomaranse en todos os casos, valores numéricos con dous cifras decimais.

1.- Financiamento global

- [Recursos públicos captados \(PAFI1\).](#)

Definición: Cantidade total de recursos públicos alleos ao PGFU captados polas universidades mediante convenios, contratos, convocatorias... de administracións públicas e as súas entidades instrumentais a nivel internacional, estatal, autonómico ou local.

Reparto: Directamente proporcional aos recursos captados por cada universidade.

Fonte: Orzamentos liquidados universidades do SUG, GAIN, SXU, e SIIU.

- [Recursos privados captados \(PAFI2\)](#)

Definición: Cantidade total de recursos privados captados polas universidades (empresas, ONGs, fundacións).

Reparto: Directamente proporcional aos recursos captados por cada universidade.

Fonte: Orzamentos liquidados universidades do SUG.

- [Ingresos propios das universidades \(PAFI3\)](#)

Definición: Cantidade total de recursos propios xerados polas universidades.

Reparto: Directamente proporcional aos recursos captados por cada universidade.

Fonte: Orzamentos liquidados universidades do SUG.

- [Independencia financeira \(PAFI4\)](#)

Definición: Mide a capacidade da universidade para financiarse, e defínese como a relación entre o Patrimonio neto e o Patrimonio neto máis o pasivo total.

Formulación:

$$\text{Independencia financeira} = \frac{\text{Patrimonio neto}}{\text{Patrimonio neto} + \text{Pasivo total}} \times 100$$

Reparto: Directamente proporcional ao valor do indicador.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, V.FIN.6).

- [Endebedamento \(PAFI5\)](#)

Definición: Mide o nivel de endebedamento da universidade e defínese como a relación entre o pasivo total (corrente e non corrente) e o pasivo total máis o patrimonio neto.

Formulación:

$$\text{Endebedamento} = \frac{\text{Pasivo corrente} + \text{Pasivo non corrente}}{\text{Pasivo total} + \text{Patrimonio neto}} \quad (\text{PGCP 2010})$$

Reparto: Inversamente proporcional á porcentaxe de endebedamento da universidade, cun valor máximo permitido do 15%.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, VII. FIN.5).

- [Grao de execución do orzamento de gasto \(PAFI6\)](#)

Definición: Mide a relación entre as obrigas recoñecidas netas no orzamento de gasto e o montante total de créditos definitivos, e defínese como a ratio entre as obrigas recoñecidas netas e os créditos orzamentarios definitivos.

Formulación:

$$\text{Execución de gastos} = \frac{\text{Obligacións recoñecidas netas}}{\text{Créditos definitivos}} \times 100$$

Reparto: Proporcional á porcentaxe de execución, cun valor mínimo do 80%.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, VII.PRS.2).

2.- Internacionalización

- Posicións destacadas clasificación ARWU (Shangai ranking) (PAIN1)

Ademais da lista principal, ARWU tamén publica o rendemento do *ranking* académico das universidades do mundo por grandes áreas de coñecemento ARWU-FIELD e o rendemento do *ranking* académico por materias ARWU-SUBJECT. Ambos detallan o rendemento segundo as seguintes familias:

- ARWU-FIELD – campos do coñecemento:
 - Ciencias naturais
 - Enxeñaría
 - Ciencias da vida
 - Ciencias médicas
 - Ciencias sociais
- ARWU-SUBJECT – materias:
 - Matemáticas
 - Física
 - Química
 - Ciencias da computación
 - Economía e negocios

O indicador recolle a presenza dunha universidade dentro das 200 universidades mellores do mundo en cada campo ou materia.

Reparto: Observaranse os tres últimos anos publicados. Cando unha universidade estea entre as 200 mellores do mundo, obterá un punto por cada materia ou campo de coñecemento. Cando a universidade, estea entre as 100 mellores do mundo, obterá tres puntos por cada materia ou campo de coñecemento. A asignación a cada universidade realizarase de xeito directamente proporcional ao número de puntos conseguidos.

Fonte: <https://rank.uva.es/ranking/arwu/>

- Posicións destacadas clasificación THE “Times Higher Education” (PAIN2)

O indicador recolle a presenza dunha universidade dentro das 200 universidades mellores do mundo en cada campo. Presenta 11 áreas temáticas (artes e humanidades; negocios e economía; saúde; computación; educación; enxeñaría e tecnoloxía; dereito; ciencias da vida; ciencias físicas, psicoloxía e ciencias sociais).

Reparto: Observaranse os tres últimos anos publicados. Cando unha universidade estea entre as 200 mellores do mundo, obterá un punto por cada materia ou campo de coñecemento. Cando a universidade, estea entre as 100 mellores do mundo, obterá tres puntos por cada materia ou campo de coñecemento. A asignación a cada universidade realizarase de xeito directamente proporcional ao número de puntos conseguidos.

Fonte: <https://www.timeshighereducation.com/world-university-rankings>

- [Posicións destacadas clasificación QS \(PAIN3\)](#)

Da mesma maneira, recolle a presenza dunha universidade dentro das cinco grandes áreas temáticas da clasificación nos primeiros trescentos postos (artes e humanidades; enxeñaría e tecnoloxía; ciencias da vida e medicina; ciencias naturais; ciencias sociais e dirección).

Reparto: Observaranse os tres últimos anos publicados. Cando unha universidade estea entre as 200 mellores do mundo, obterá un punto por cada materia ou campo de coñecemento. Cando a universidade, estea entre as 100 mellores do mundo, obterá tres puntos por cada materia ou campo de coñecemento. A asignación a cada universidade realizarase de xeito directamente proporcional ao número de puntos conseguidos.

Fonte: <https://www.topuniversities.com/subject-rankings/2021>

- [Universidades europeas \(PAIN4\)](#)

Esta iniciativa ten como obxectivo fomentar a creación de máis de 20 “Universidades Europeas” para o ano 2024, consistentes en redes de universidades creadas desde abaixo en toda a UE que permitan aos estudantes obter un título ao combinar estudos en varios países da UE e contribuír así á competitividade internacional das universidades europeas.

O obxectivo das “Universidades Europeas” é establecer:

- Unha estratexia conxunta, integrada, a longo prazo, para a educación con vínculos coa investigación e a innovación e a sociedade en xeral.
- Un "campus" interuniversitario europeo de educación superior que ofrezca plans de estudo onde os estudantes poidan participar en mobilidades en todos os niveis.
- Equipos europeos de creación de coñecemento que aborden xuntos os desafíos sociais con un enfoque multidisciplinar.

As "Universidades Europeas" deberán actuar como modelos de boas prácticas para aumentar progresivamente a calidade, a competitividade internacional e o atractivo da educación superior europea.

Esta iniciativa axuda ás institucións de educación superior a ir máis aló dos modelos existentes de cooperación, para así lograr gradualmente a consolidación a longo prazo de "Universidades Europeas".

Esta acción pon a proba diferentes modelos innovadores e estruturais de cooperación.

Pese a levar xa dúas convocatorias a nivel europeo e aprobadas 41 iniciativas europeas, Galicia inda non dispón de participación no programa.

Reparto: O indicador será polo tanto a existencia da universidade nun proxecto europeo validado, e o seu percorrido será o valor dicotómico 0/1. Trátase dun obxectivo fundamental para o SUG. En caso de valor nulo, non se accederá ao importe consignado no mesmo.

Fonte: <http://erasmusplus.gob.es/iniciativas/universidades-europeas/index.html>

- [Publicacións en colaboración internacional \(PAIN5\)](#)

Definición: Mide o número de documentos firmados por cada universidade con, ao menos, una institución estranxeira, respecto ao total de documentos asinados por cada universidade cada ano.

Reparto: Directamente proporcional ao número de documentos de cada universidade.

Fonte:(<http://www.iune.es>)

- [Profesorado estranxeiro \(PAIN6\)](#)

Definición: Mide en número o persoal docente e investigador con actividade docente e investigadora que imparta docencia nas universidades do SUG e con nacionalidade estranxeira.

Formulación:

PDI estranxeiros = Número total de PDI con nacionalidade estranxeira

Reparto: Proporcionalmente ao número de profesorado estranxeiro de cada universidade, en caso de mellora do valor para esa universidade. En caso contrario, a universidade non recibirá o dito importe.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, IX.INT.14).

- [Titulacións en inglés \(PAIN7\)](#)

Definición: Recento e porcentaxe de estudos nos que polo menos o 50% dos seus créditos pódense cursar en inglés. Inclúense tanto os estudos que teñen plans separados para cada idioma como os que constan dun único plan.

Formulación:

$$\% \text{Titulacións en inglés} = \frac{\text{Núm. total de titulacións nos que polo menos o 50\% dos seus créditos pódense cursar en inglés}}{\text{Número total de titulacións}} \times 100$$

Reparto: Directamente proporcional ao valor do indicador.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, IX.INT.8).

- [Titulacións conxuntas con universidades estranxeiras \(PAIN8\)](#)

Definición: Número de titulacións universitarias conxuntas con universidades estranxeiras. Títulos compartidos e recoñecidos por universidades doutros países.

Reparto: Directamente proporcional ao valor de titulacións conxuntas.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, IX.INT.9).

- [Estudantado estranxeiro egresado \(graos\) \(PAIN9\)](#)

Definición: Número de estudantes que finalizaron os seus estudos no Sistema Universitario Español e que teñen nacionalidade estranxeira.

Reparto: Directamente proporcional ao número de estudantes estranxeiros egresados.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, IX.INT.12).

- [Estudantado estranxeiro total matriculado en grao e mestrado \(PAIN10\)](#)

Definición: Número de estudantes matriculados de xeito ordinario en universidades españolas con nacionalidade estranxeira.

Reparto: Directamente proporcional ao número de estudantes estranxeiros matriculados.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, IV.INT.10A).

3.- Relacións universidade-empresa

- Spin-offs (PAUE1)

Definición: Mide o número de empresas novas cuxo negocio baséase principalmente no coñecemento xerado pola universidade. (*Glosario Informe de la Encuesta RedOTRI*). Inclúe a posición relativa no SUE.

Reparto: O 50% dos créditos asociados a este indicador, repartiranse en función do número de spin-offs de cada universidade de xeito directamente proporcional. O restante 50%, repartirase en función da posición relativa da universidade no SUE.

Fonte: Informe da enquisa RedOTRI. (<http://www.iune.es>)

- Contratos I+D e consultarías (PAUE2)

Definición: Mide o importe obtido por actividades de investigación, desenvolvemento e apoio técnico regulado mediante contrato entre partes, así como por servizos de asesoramento que non xeran coñecemento científico ou tecnolóxico (*Glosario Informe de la Encuesta RedOTRI*).

Reparto: Directamente proporcional ao importe dos contratos de I+D e consultarías.

Fonte: <http://www.iune.es>

- Prestación de servizos (PAUE3)

Definición: Mide o importe obtido por pequenos traballos, normalmente análises, laboratorio, ditames, etc., cuxa venda non soe requirir un contrato (*Glosario Informe de la Encuesta RedOTRI*).

Reparto: Directamente proporcional ao importe obtido por cada universidade en relación ao total do SUG.

Fonte: (<http://www.iune.es>)

- Ingresos xerados en I+D (PAUE4)

Definición: Son os ingresos que obtiveron as Universidades Públicas Españolas derivados dos dereitos recoñecidos nos seus orzamentos por axudas, proxectos e contratos de investigación e por servizos de consultaría científica. As fontes de financiamento poden ser públicas ou privadas e poden ser de orixe rexional, nacional, europeo o do resto do mundo.

Reparto: Directamente proporcional ao importe obtido por cada universidade en relación ao total do SUG

Fonte: CRUE <http://www.iune.es>

- [Co-publicacións con empresas \(PAUE5\)](#)

Definición: Número de documentos realizados en colaboración conxunta entre empresas e universidades.

Reparto: Directamente proporcional ao número de documentos de cada universidade en relación ao total do SUG

Fonte: Informe anual Fundación CyD.

4.- Docencia innovadora

- [Taxa de idoneidade \(PAD11\)](#)

Definición: Porcentaxe de estudantado de grao que finaliza a titulación no tempo teórico previsto no plano de estudos ou antes do tempo previsto.

Formulación:

$$\text{Taxa de idoneidade}_x = \frac{\text{Estudantes de novo ingreso no curso } x \text{ egresados no estudo inicial no curso } x + n - 1 \text{ ou antes}}{\text{Estudantes de novo ingreso no curso } x} \times 100$$

*Sendo n = nº de anos que dura o estudo de grao (considérase que 60 créditos configuran un curso a tempo completo).

Reparto: Directamente proporcional ao valor obtido por unha universidade. Valor inicial (2018) cohorte 2013-14. Valor mínimo: 30%.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, II.RTO.9 IRA).

- [Taxa de gradación \(PAD12\)](#)

Definición: Porcentaxe de estudantado de grao que finalizan a ensinanza no tempo teórico previsto no plano de estudos ou nun curso máis.

Datos do curso académico n-1/n.

Formulación:

$$\text{Taxa de gradación } x = \frac{\text{Estudantes de novo ingreso no curso } X \text{ egresados no estudo inicial no curso } X + n \text{ ou antes}}{\text{Estudantes de novo ingreso no curso } X} \times 100$$

*Sendo n = nº de anos que dura o estudo de grao (considérase que 60 créditos configuran un curso a tempo completo).

Reparto: Directamente proporcional ao valor obtido. Valor mínimo: 40%. Valor inicial (2018): Cohorte 2013-14.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, II.RTO.10 ACA)

- [Taxa de cambio \(PADI3\)](#)

Definición: Porcentaxe de estudantes dunha cohorte de novo ingreso no curso X, matriculados no título T, na universidade U, que non se matricularon dese mesmo título durante dous cursos seguidos, non se graduaron, pero matriculáronse nalgún outro título universitario na mesma universidade ou noutra nese período.

Formulación:

A taxa de cambio de estudo calcúlase para cada cohorte, de maneira que a taxa de cambio de estudo global da cohorte será a suma das taxas parciais (taxa de cambio de estudo en 1º ano + taxa de cambio de estudo no 2º ano + taxa de cambio de estudo no 3º ano).

Reparto: Inversamente proporcional ao valor obtido. Valor inicial (2018): Cohorte 2014-15.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, II.RTO.7 ACA)

- [Taxa de abandono \(PADI4\)](#)

Definición: Porcentaxe de estudantado dunha cohorte de novo ingreso no SUG do curso X que non se matricula en título universitario algún durante dous cursos académicos posteriores nin titulouse.

Formulación:

A taxa de abandono do SUG calcúlase para cada cohorte, de maneira que a taxa de abandono global será a suma das taxas de abandono parciais (taxa de abandono do estudo o 1º ano + a taxa de abandono do estudo o 2º ano + a taxa de abandono do estudo o 3º ano).

Reparto: Inversamente proporcional ao valor obtido.

Fonte: (Indicador SIIU, II.RTO.6)

- [Máster de excelencia \(PAD15\)](#)

Definición: Máster oficiais das universidades públicas galegas que obteñan a mención de excelencia por convocatoria competitiva da Xunta de Galicia.

Definición: Número de máster con mención concedida e en vigor. Primeira convocatoria realizada en 2020.

Reparto: O importe distribuirase entre as universidades galegas coordinadoras ou participantes do máster galardoado. No primeiro ano, por falta de resolucións, a distribución será a partes iguais.

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades

5.- Investigación avanzada

- [Número de grupos de investigación con axudas vixentes \(PAIA1\)](#)

Definición: Número de grupos e estruturas grupais de investigación que forman parte de cada universidade e se atopan activos con axudas vixentes de convocatorias e/ou convenios da consellería competente en materia de universidades respecto do número de entidades activas no SUG.

Datos anuais, ano n.

Formulación:

- Reconto do número de centros de investigación singulares (CIGUS) recoñecidos como tales pola Secretaría Xeral de Universidades (dende 2020).
- Reconto do número de centros de investigación, recoñecidos como tales pola Secretaria Xeral de Universidades.
- Reconto do número de agrupacións estratéxicas recoñecidas como tales pola Secretaria Xeral de Universidades con financiamento activo: Valor de n=8. Axudas remataron en 2020.
- Reconto do número de grupos de referencia competitiva.
- Reconto do número de grupos de potencial crecemento.

Ponderacións:

- Centros de investigación CIGUS (40)
- Centros de investigación (30)
- Agrupacións estratéxicas (20)
- Grupos de referencia competitiva (6)
- Grupos de potencial crecemento (2)

Reparto: Directamente proporcional ao valor do indicador.

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades

- [Relación entre sexenios conseguidos e sexenios potenciais \(PAIA2\)](#)

O valor deste indicador resulta da ponderación ao 50% dos valores obtidos dos seguintes indicadores.

a) *Relación entre sexenios conseguidos e sexenios potenciais* (Indicador SIIU. IV. PDI. 13).

Definición: Relación entre o número de sexenios obtidos polo corpo docente universitario doutor con “i” sexenios potenciais e o seu número de sexenios potenciais, sendo i =1, 2, 3, 4, 5, 6.

Poboación de referencia: corpo docente universitario doutor activa, é dicir, para o cálculo deste indicador so se terá en conta o corpo docente universitario doutor con actividade académica e investigadora.

Formulación:

$$\left(\frac{\text{sexenios acadados}}{\text{sexenios potenciais}} \right)_i = \frac{\sum(\text{sexenios acadados})_{\text{do CDU doutor con } i \text{ sexenios potenciais}}}{\sum(\text{sexenios acadados})} * 100$$

Nota: A variable sexenios potenciais calcúlase da seguinte forma:

Parte enteira [(ano de inicio do curso – ano lectura de tese + 1) / 6]. En termos xerais utilizarase a variable “ano de lectura de tese”. No seu defecto utilizarase a variable “ano do título de doutoramento”. Esta variable tomará valores comprendidos entre 1 e 6, de maneira que se a fórmula toma valores superiores ou iguais a 6, daráselle o valor 6.

Ao poder solicitar sexenios con carácter retrospectivo (méritos de investigación realizados en datas anteriores á lectura de tese) existe a posibilidade de que o número de sexenios potenciais sexa inferior ao número de sexenios acadados. Nestes casos, o cociente considerarase a unidade.

b) *Porcentaxe de PDI doutor con número de sexenios óptimo* (Indicador SIIU.IV.PDI.11)

Definición: Relación entre o PDI doutor co máximo posible de sexenios (“i” sexenios conseguidos tendo “i” sexenios potenciais) e o PDI universitario con “i” sexenios potenciais, sendo i = 1, 2, 3, 4, 5, 6.

Poboación de referencia: corpo docente universitario doutor activa é dicir, para o cálculo deste indicador so se terá en conta o corpo docente universitario doutor con actividade académica e investigadora.

Formulación:

$$\% \text{ CDU con nº de sexenios óptimo} = \frac{\sum(\text{CDU doutor con sexenios} = i \text{ tendo } i \text{ sexenios potenciais})}{\sum(\text{CDU doutor con sexenios potenciais} = i)}$$

Nota: A variable sexenios potenciais calcúlase da seguinte forma:

Parte enteira [(ano de inicio do curso – ano lectura de tese + 1) / 6]. En termos xerais utilizarase a variable “ano de lectura de tese”. No seu defecto utilizarase a variable “ano do título de doutoramento”. Esta variable tomará

valores comprendidos entre 1 e 6, de maneira que se a fórmula toma valores superiores ou iguais a 6, daráselle o valor 6.

Ao poder solicitar sexenios con carácter retrospectivo (méritos de investigación realizados en datas anteriores á lectura de tese) existe a posibilidade de que o número de sexenios potenciais sexa inferior ao número de sexenios acadados. Nestes casos, formularase o indicador como a relación ente o CDU co máximo posible de sexenios (i sexenios con i ou menos sexenios potenciais) e o CDU con i ou menos sexenios potenciais.

Reparto: Resultado da ponderación ao 50% dos valores obtidos en a) e b)

Fonte: SIIU

- [Teses defendidas \(PAIA3\)](#)

Definición: Mide o número de teses defendidas cada ano en cada universidade, no ano de referencia.

Reparto: Directamente proporcional ao número de teses defendidas.

Fonte: Indicador IUNE (<http://www.iune.es>) Utilizarase o indicador SIIU II 2. DOC en canto recolla información deste indicador.

- [Publicacións científicas no primeiro cuartil \(PAIA4\)](#)

Mide a porcentaxe anual de documentos de cada universidade (só documentos en revistas JCR) que publicáronse nas revistas do primeiro cuartil da categoría temática do *Journal Citation Reports* á que estean adscritos, ordenando dita categoría polo factor de impacto das revistas. Dado que unha revista pode estar adscrita a máis dunha categoría temática, e estar posicionada, polo tanto, en diferentes cuartís, cada título se considera unha única vez (independentemente do número de adscricións temáticas) e no cuartil que máis lle favorece.

Reparto: Directamente proporcional aos valores obtidos por cada universidade.

Fonte: JCR. <http://www.iune.es>

- [Profesorado que leu a tese no SUG \(PAIA5\)](#)

Definición: Porcentaxe do persoal docente e investigador doutor dunha universidade galega que leu a tese nesa mesma universidade.

Reparto: Inversamente proporcional ao valor obtido por cada universidade.

Fonte: (Indicador SIIU, VI.PDI.13)

- [Producción científica \(PAIA6\).](#)

Definición: Mide o número de documentos publicados ao ano por cada universidade e recollidos nas bases de datos multidisciplinares da WoS.

Reparto: Directamente proporcional ao valor obtido.

Fonte: IUNE, WoS. (<http://www.iune.es>)

- [ERC no SUG \(PAIA7\)](#)

Definición: Reconto das persoas vinculadas ao SUG con axudas vixentes no ano de referencia dos seguintes programas Grant: Starting, Consolidator, Advanced, e Sinergy.

Reparto: Directamente proporcional ao número de persoas, considerando que o programa Consolidator puntúa dobre, e o Advanced, triple.

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades

- [Patentes nacionais \(PAIA8\)](#)

Definición: Mide o número de patentes concedidas a cada universidade pola Oficina Española de Patentes y Marcas.

Reparto: Directamente proporcional ao valor obtido por cada universidade.

Fonte: IUNE, INVENES. (<http://www.iune.es>)

- [Extensións PCT \(PAIA9\)](#)

Definición: Mide o número de proteccións de invencións de forma simultánea en distintos países a través da presentación dunha solicitude internacional de patentes. (*Glosario Informe da Encuesta RedOTRI*).

Reparto: Directamente proporcional ao valor obtido por cada universidade.

Fonte: IUNE, *Informe da Encuesta RedOTRI*. (<http://www.iune.es>)

6.- Responsabilidade social

- [Ránking UI GreenMetric \(PAIRS1\)](#)

O ranking mundial de Universidades UI GreenMetric é unha iniciativa de Universitas Indonesia que iniciouse en 2010. O seu obxectivo é avaliar a situación actual e as políticas relacionadas co Campus Verde e a sustentabilidade nas universidades de todo o mundo, coa finalidade de que se preste máis atención á loita contra o cambio climático mundial, a conservación da enerxía e a auga, o reciclaxe de refugallos e o transporte ecolóxico.

Os seus indicadores agrúpanse en 6 categorías con diferente ponderación: Entorno e infraestrutura; enerxía e cambio climático; residuos; auga; transporte; e educación e investigación.

Definición: Posición ocupada a nivel mundial por cada universidade galega.

Reparto: Directamente proporcional ao posto obtido na clasificación por cada una das universidades.

Fonte: UI GreenMetric. (<https://greenmetric.ui.ac.id>)

- [Transparencia universitaria \(PAIRS2\)](#)

A Fundación Compromiso y Transparencia examina a transparencia voluntaria na web, entendida como o esforzo por difundir e publicar a información relevante da organización, facéndoa visible e accesible a todos os grupos de interese, de maneira íntegra e actualizada.

Baixo estes principios, analízanse a visibilidade, a accesibilidade, a actualidade e a integralidade da información exposta.

Reparto: O reparto farase de xeito directamente proporcional ao 60% pola puntuación obtida globalmente; e o outro 40% pola posición dentro das tres categorías: transparente (10 puntos), translúcido (5 puntos), e opaco (1 punto)

Fonte: (<https://www.compromisoytransparencia.com>)

- [Ranking Web de universidades \(PAIRS3\)](#)

Ranking das mellores universidades do mundo tendo en conta varios factores baseados na visibilidade e presenza en liña, o número de documentos e as publicacións e citacións tamén en liña.

Reparto: Inversamente proporcional ao posto obtido.

Fonte: (<https://webometrics.info>)

- [Mulleres no PDI \(PAIRS4\)](#)

Definición: mide a porcentaxe mulleres persoal docente e investigador en activo que a 31 de decembro do ano X está adscrito a unha universidade do SUG sobre o total do PDI activo desas universidades.

Formulación:

$$\% \text{ mulleres no PDI} = \frac{\text{n}^\circ \text{ de mulleres PDI en activo das universidades do SUG}}{\text{total PDI en activo das universidades do SUG}} \times 100$$

Reparto: Directamente proporcional á porcentaxe de cada universidade.

Fonte: SIIU, VI. 1. PDI [EPU]

- [Estudantado egresado \(PAIRS5\)](#)

Definición: Número e distribución de estudantado egresado en titulacións universitarias oficiais de grao do SUG contabilizando estudante-titulación-universidade.

Reparto: Directamente proporcional ao volume de egresados de cada curso académico.

Fonte: Indicador SIIU, II.2.ACA.

- [Transición do estudantado de grao a máster \(PAIRS6\)](#)

Definición: Porcentaxe de estudantado que ao finalizar un grao comeza un máster no curso inmediatamente posterior ao de finalización do grao, en calquera universidade do SUG.

Reparto: Directamente proporcional ao valor obtido por cada universidade.

Fonte: Indicador SIIU, II.16.ACA.

MÓDULO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN INDICADORES	PONDERACIÓN INDICADOR	PONDERACIÓN MÓDULO
Módulo 1 Financiamento global	PAFI1	Recursos públicos captados	1,25	4,75
	PAFI2	Recursos privados captados	1,25	
	PAFI3	Ingresos propios das universidades	1,25	
	PAFI4	Independencia financeira	0,33	
	PAFI5	Endebadamento	0,33	
	PAFI6	Grao de execución do orzamento de gasto	0,33	
Módulo 2 Internacionalización	PAIN1	Posicións destacadas clasificación ARWU	0,25	4,75
	PAIN2	Posicións destacadas clasificación THE	0,33	
	PAIN3	Posicións destacadas clasificación QS	0,33	
	PAIN4	Universidades europeas	0,34	
	PAIN5	Publicacións en colaboración internacional	1	
	PAIN6	Profesorado estranxeiro	0,5	
	PAIN7	Titulacións en inglés	0,25	
	PAIN8	Titulacións conxuntas con universidades estranxeiras	0,25	
	PAIN9	Estudantado estranxeiro egresado (graos)	0,25	
	PAIN10	Estudantado estranxeiro total matriculado en grao e mestrado	1,25	
Módulo 3 Relacións universidade-empresa	PAUE1	Spin-offs	8	25
	PAUE2	Contratos I+D e consultarías	8	
	PAUE3	Prestación de servizos	4	
	PAUE4	Ingresos xerados en I+D	2,5	
	PAUE5	Co-publicacións con empresas	2,5	
Módulo 4 Docencia innovadora	PADI1	Taxa de idoneidade	3	13
	PADI2	Taxa de graduación	3	
	PADI3	Taxa de cambio	3	
	PADI4	Taxa de abandono	2	
	PADI5	Máster de excelencia	2	
Módulo 5 Investigación avanzada	PAIA1	Número de grupos de investigación con axudas vixentes	10	43
	PAIA2	Relación entre sexenios conseguidos e sexenios potenciais	3	
	PAIA3	Teses defendidas	3	
	PAIA4	Publicacións científicas no primeiro cuartil	3	
	PAIA5	Profesorado que leu a tese no SUG	3,5	
	PAIA6	Producción científica	9,5	
	PAIA7	ERC no SUG	9,5	
	PAIA8	Patentes nacionais	1	
	PAIA9	Extensións PCT	0,5	
Módulo 6 Responsabilidade social	PAIRS1	Ranking UI GreenMetric	0,5	9,5
	PAIRS2	Transparencia universitaria	2,5	
	PAIRS3	Ranking Web de universidades	0,25	
	PAIRS4	Mulleres no PDI	2,25	
	PAIRS5	Estudantado egresado (graos)	2	
	PAIRS6	Transición estudantado grao a máster	2	

V. PRINCIPIOS DO PLAN GALEGO DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO 2022-2026

Os plans de financiamento universitario supoñen un dos puntos fortes de Galicia fronte á maioría das CCAA.

Dende hai unha década, dentro dun marco de crise económica que afecta a todos e cada un dos sectores da sociedade, incluído o eido universitario, a existencia de plans plurianuais permitiu manter ás universidades galegas dentro dun marco financeiro estable e previsible, asegurando, ao mesmo tempo, a súa capacidade de planificación a medio prazo.

Outro aspecto diferenciador do SUG foi atreverse a afrontar plans que vincularan de maneira crecente, os contías recibidas a unha serie de fondos vinculados a indicadores. Desta maneira, os fondos estables, pero non fixos, foron gañando terreo no reparto anual ata acadar máis dun terzo do total ao remate do plan anterior. É necesario seguir a percorrer este camiño no vindeiro quinquenio.

O eixo de corresponsabilidade leva implícito manter e aumentar a necesidade de abordar reformas estruturais dentro das universidades para garantir o emprego idóneo dos sempre limitados recursos públicos de que se dispón.

Como xa se indicou no anterior plan de financiamento, as dotacións anuais comprometidas teñen que servir, á vez, para facilitar novos recursos ás universidades, pero tamén para ordenar integralmente o sistema universitario galego. Os novos recursos teñen que atender ás necesidades das universidades galegas pero tamén deben comprometer ás institucións universitarias na satisfacción eficiente das necesidades sociais e económicas que Galicia terá no futuro.

Partindo deste contexto, os principios que deben estar presentes no novo modelo de financiamento universitario para Galicia serán os catro do anterior plan: estabilidade financeira, eficiencia, suficiencia, e equidade institucional.

De seguido, faremos balance dos resultados obtidos no cumprimento dos principios no plan 2016-2020, para despois propor a actualización dos mesmos para o período 2022-2026.


BALANCE DOS OBXECTIVOS DO PLAN DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO 2016-2020

Segundo establece o Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020, os catro principios básicos do plan son os seguintes: estabilidade financeira, equidade institucional, eficiencia, e suficiencia.

Principio 1: estabilidade financeira

Mentres o gasto total executado polas universidades incrementouse durante os anos 2014-2019 nun 12,6%, o total de recursos vinculados ao plan de financiamento incrementouse en 59 millóns de euros, un 16.5% máis. De forma que a porcentaxe de gasto das universidades financiada con recursos transferidos pola Xunta pasou do 73,1% no ano 2014 ao 75,6% en 2019.

Dende a entrada en vigor do plan, a porcentaxe mantívose estable no 75-76%.



Fonte: Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos

Doutra banda, ao comparar os recursos transferidos dende a Xunta ás universidades co total dos seus recursos propios dispoñibles, obsérvase que os recursos transferidos incrementáronse nun 16,5%, mentres os fondos propios da Xunta aumentaron nun 12,4%. Polo que o peso dos fondos destinados a gasto universitario aumentou dende o 4,57% no ano 2014 ao 4,74% en 2019.

	2014	2015	2016	2017	2018	2019
SUG	357,3	367,6	381,2	388,5	406,1	416,3
Total Fondos Propios Xunta	7.812,80	7.941,00	8.083,70	8.310,00	8.482,80	8.785,20
% Financiamento SUG vs FP Xunta	4,57 %	4,63 %	4,72 %	4,68 %	4,79 %	4,74 %

Fonte: Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos

Principio 2: Suficiencia

	2014			2016			2017			2018			2019			Explicación Financiamento
	Fase O	Financiamento	%	Fase O	Financiamento	%	Fase O	Financiamento	%	Fase O	Financiamento	%	Fase O	Financiamento	%	
Capítulo I. gastos de persoal	309,4	293,9	95,0%	322,2	309,3	96,0%	328,8	317,8	96,7%	334,8	322,8	96,4%	346,4	331,1	95,6%	Estructural+ Complementos Retributivos+ Consellos sociais+ Panel de Indicadores (IV)
Capítulo II. gastos correntes en bens e servizos	67,2	67,1	99,8%	71,2	74,4	104,5%	63,7	70,4	110,6%	68,2	71,5	104,8%	71,9	68,4	95,2%	Cap. III - Ingresos Universidades
Capítulo III. gastos financeiros	0,9	20,1		1,1	24,6		1,4	21,6		0,7	25,0		1,6	30,9		Resto ingresos correntes Universidades
Capítulo IV. transferencias correntes	16,9	1,5		15,3	1,6		15,3	1,6		14,5	1,6		14,2	1,6		Outras transferencias correntes Plan
Gasto Corrente	394,4	382,6	97,0%	409,7	409,8	100,0%	409,1	411,4	100,6%	418,3	420,8	100,6%	434,2	432,0	99,5%	
Capítulo VI. investimentos reais	94,5	61,9	65,5%	91,4	70,6	77,3%	105,3	69,5	65,9%	115,5	82,7	71,6%	115,9	83,6	72,1%	Panel de Indicadores (VII) + I+D+i
Capítulo VII. transferencias de capital		33,7		0,2	49,3		0,6	37,1		0,5	26,5		0,5	35,3		Resto ingresos de capital Universidades
Gasto de capital	94,5	95,6	101,2%	91,6	119,9	131,0%	105,9	106,6	100,6%	116,0	109,2	94,1%	116,5	119,0	102,1%	
Total	488,9	478,2	97,8%	501,2	529,7	105,7%	515,1	518,0	100,6%	534,3	530,0	99,2%	550,6	551,0	100,1%	
Total Plan FSUG		357,3			381,5			388,8			407,0			416,3		Total Plan FSUG
Financiamento Prezos públicos		67,1			74,4			70,4			71,5			68,4		
Resto financiamento		53,8			73,9			58,7			51,5			66,2		
Superávit / Déficit presup. Non financeiro		-10,7			28,5			2,9			-4,3			0,4		
Déficit Contabilidade Nacional								-4,3			-7,3			-7,6		


Fonte: Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos

Ao analizar os recursos do plan destinados a financiar o gasto de persoal: o fondo estrutural (excepto o RAM), e os recursos incluídos nos seguintes fondos do financiamento por resultados (complementos retributivos e compensación por matrículas, o proxecto que financia os consellos sociais e os incluídos nos proxectos do panel de indicadores que financian gasto corrente) pódese observar que o grao de execución foi durante os últimos 4 anos practicamente do 100%.

Financiamento Gastos de Persoal	2016			2017			2018			2019		
	Inicial	Fase O	% Execución	Inicial	Fase O	% Execución	Inicial	Fase O	% Execución	Inicial	Fase O	% Execución
FONDO ESTRUCTURAL agás RAM	255,5	257,8	101 %	258,4	260,2	101 %	269,1	261,5	97 %	274,7	265,3	97 %
Complementos retributivos	24,0	24,0	100 %	24,8	26,0	105 %	26,7	26,7	100 %	27,4	27,4	100 %
Consellos Sociais	0,6	0,6	100 %	0,6	0,6	100 %	0,6	0,6	100 %	0,6	0,6	100 %
Panel de Indicadores (Cap. IV)	27,0	27,0	100 %	34,3	31,0	90 %	28,4	34,0	120 %	29,3	37,8	129 %
Total recursos Plan destinados a financiar o gasto de persoal	307,0	309,3	101 %	318,1	317,8	100 %	324,8	322,8	99 %	332,0	331,1	100 %


Fonte: Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos

Os ditos recursos entre o ano 2014 e o 2019 incrementáronse en 37,2 millóns de €, un 12,6% máis. Mentres os gastos de persoal aumentaron en 36,9 millóns de €, un 11,9% máis. De modo que a porcentaxe de gasto de persoal financiado con fondos do plan de financiamento aumentou dende o 95% en 2014 até o 95,6% en 2019.



Fonte: Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos

En canto á evolución dos recursos do plan destinados a financiar o gasto en investimentos reais, no ano 2014 os ditos recursos permitían financiar o 65,5% do gasto executado polas universidades, mentres durante os anos de vixencia do plan, os recursos permitiron financiar, de media, o 71,6% do gasto total en investimentos. O incremento entre o ano 2014 e o 2019 foi dun 35,1% (21,7 millóns de € máis).



Fonte: Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos

En concreto, as universidades gastaron en investimentos reais durante ese período 428,1 millóns de € dos que 306,3 millóns de € financiáronse con recursos do plan de financiamento.

Financiamento Investimentos reais	2016			2017			2018			2019		
	Inicial	Fase O	% Execución	Inicial	Fase O	% Execución	Inicial	Fase O	% Execución	Inicial	Fase O	% Execución
Fondo Estructural. RAM	5,0	5,0	100 %	5,0	5,0	100 %	5,0	5,0	100 %	5,0	5,0	100 %
Panel de Indicadores (Cap. VII)	28,2	28,2	100 %	28,8	28,8	100 %	29,6	29,6	100 %	30,6	30,6	100 %
Fomento I+D+i (cap. II y IV)	12,6	10,5	83 %	8,8	5,4	62 %	9,5	4,7	50 %	4,7	3,0	65 %
Fomento I+D+i (cap. VII) sen Fondos Europeos	32,2	25,4	79 %	38,3	30,2	79 %	42,6	40,4	95 %	51,4	41,0	80 %
Fomento I+D+i (cap. VII) Fondos FEDER e FSE	5,5	1,5	26 %	4,6	0,0	0 %	5,0	2,9	58 %	5,5	3,9	71 %
Total recursos Plan destinados a financiar o gasto en investimentos reais	83,5	70,6	85 %	85,6	69,5	81 %	91,7	82,7	90 %	97,2	83,6	86 %

Fonte: Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos

En canto á evolución de execución dos fondos dedicados a investimentos reais, hai que distinguir, dun lado, o RAM e o panel de indicadores que teñen unhas porcentaxes de execución do 100% e supoñen, de media nestes 4 anos, ao redor do 45,1% do total de recursos executados, e, doutra banda, os recursos de fomento do I+D+i que teñen porcentaxes de execución menores, sobre todo os recibidos de fondos da UE (40,2% de execución), o resto un 86,4%.

E, polo tanto, o volume de recursos total que reciben as universidades depende, en gran medida, da capacidade para poder executar estes fondos na súa totalidade.

En todo caso, entre o ano 2016 e o ano 2019 estes recursos incrementáronse nun 18,4%.

Outra forma de analizar se o Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020 xerou recursos dabondo ás universidades galegas resulta de comparar os recursos que reciben as


distintas universidades públicas que existen en España, como se recolle no apartado de Diagnose do SUG dedicado ao Financiamento.

Por último, poden compararse os recursos que reciben as universidades galegas cos recursos que reciben as Universidades no resto da UE.

Neste sentido, o artigo 115.1 da Lei 6 /2013, de 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia establece que:

- 1. Corresponde á Xunta de Galicia a aprobación do plan de financiamento das universidades públicas do SUG. O plan de financiamento responderá, entre outros, aos principios de estabilidade financeira, suficiencia, eficiencia e equidade institucional e territorial. No mesmo inclúiranse os recursos precisos para converxer coas medias estatais e europeas de servizo público en ensino superior universitario, en porcentaxes de produto interior bruto.*

A seguinte gráfica reflicte o gasto en educación terciaria e o gasto en I+D+i en educación, segundo os datos de Eurostat de clasificación funcional COFOG 2019, de varios países da Unión Europea en relación ao PIB. O dato de Galicia resulta de comparar as obrigas recoñecidas polas universidades públicas galegas no ano 2019 co PIB da comunidade autónoma no dito ano.



Fonte: Eurostat e Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos (dato de Galicia)

Pode así comprobarse que os recursos que reciben na actualidade as universidades de Galicia, equivalentes ao 0,85% do PIB, permitíronlles converxer coas medias estatais (0,7%) e europeas (0,8%).

Principio 3: Equidade institucional

O plan de financiamento 2016-2020 establece o seguinte, en relación á equidade institucional:

O plan distribuirá os recursos públicos entre as tres universidades do SUG de maneira transparente e neutral. Para iso utilizaranse criterios explícitos e, na súa totalidade, proporcionais á actividade de cada universidade. O plan tratará por igual o homoxéneo e xustificará o recoñecemento das diferencias seguindo criterios explícitos. O plan debe manter criterios de financiamento ao longo do tempo e aplicarlos con independencia da institución de que se trate.

O plan incorporará criterios xerais de avaliación, de fácil obtención e comprensión, como o número de titulacións, o alumnado matriculado, a calidade da produción científica, ou a cantidade de recursos captados fóra das administracións públicas. Xunto a eles, existirá un recoñecemento ás situacións diferenciais dentro das universidades.


Coa finalidade de mellorar a equidade do plan, dende o ano 2017 simplificouse o reparto do custo estándar do fondo estrutural (que supón sobre o 66% do total de recursos transferidos polo plan) adoptando un criterio máis sinxelo e equitativo de maneira que o reparto final dos recursos se realiza en función do número de créditos matriculados (e auditados) en cada una de elas.

Esta modificación produciuse por decisión da comisión de seguimento do plan galego de financiamento universitario 2016-2020, a cal adoptou a decisión por unanimidade e incluíu a seguinte Addenda:

O reparto deste fondo, que supón arredor 66% dos créditos do Plan Galego de Financiamento Universitario, fundamentase nun custe estándar baseado nos créditos matriculados computables anualmente nas universidades do SUG.


A partir do exercicio 2017, consolídanse os resultados determinados polo modelo, simplificando o procedemento de cálculo a un sistema de módulos. Por tanto, desde este exercicio o reparto do fondo estrutural será o correspondente ao módulo anual polos créditos computables de cada universidade.

No seguinte gráfico compárase o financiamento por crédito que resulta do total de obrigas recoñecidas pola Xunta ás universidades en concepto de custo estándar, complementos retributivos, consellos sociais, INEF e SERGAS co total de créditos matriculados en cada unha de elas.




Fonte: Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos

No cadro seguinte reflíctese o financiamento por crédito engadindo ás obrigas anteriores, as transferencias ás universidades a través do panel de indicadores (capítulos IV e VII):



Fonte: Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos

Por último, se se compara o total de obrigas recoñecidas pola Xunta ás universidades co total de créditos matriculados en cada unha de elas, obsérvase que nos últimos catro anos as universidades recibiron cada vez máis recursos por crédito. De media, uns 23,4 euros máis por cada crédito. E a USC recibe unha cantidade superior ás outras dúas universidades.



Fonte: Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos

Principio 4: Eficiencia

E, por último, en relación á eficiencia:

O plan de financiamento debe promover a asignación de recursos en función dos resultados obtidos nas distintas actividades das universidades (docencia, investigación e transferencia) así como incentivar as melloras de calidade en todos os ámbitos da súa actuación.

A eficiencia é a relación entre os resultados obtidos e os recursos empregados para obtelos. A eficiencia mídese, polo tanto, dividendo output por input. Posto que hai moitas clases de outputs e inputs, tamén pódese falar de múltiples tipos de eficiencia.

A eficiencia nas universidades medirá os resultados docentes en función dos recursos humanos utilizados; os retornos sociais e de coñecemento aplicado froito das investigacións efectuadas; e as melloras de calidade producidas no sistema.

O plan de financiamento promoverá unha asignación dos recursos entre universidades e no interior das mesmas que impulse a obtención de resultados, reduza a porcentaxe de recursos que permanecen improditivos e incentive as melloras na calidade en todos os ámbitos.

O plan promoverá que a asignación de recursos se guíe fundamentalmente polos resultados obtidos nas diferentes actividades universitarias (docencia, investigación e transferencia) e non pola evolución dos custos nos que se incorre.

En relación a este principio, os indicadores a ter en conta detállanse no apartado da diagnose do SUG relativo ao rendemento académico. Trátase das taxas de rendemento, graduación, duración media dos estudos, taxa de abandono e taxa de cambio de estudos. Estes datos, cuxa fonte é o Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU), reflicten a actuación docente das universidades galegas comparándoa co resto de universidades españolas.

OS PRINCIPIOS DO PLAN GALEGO DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO PARA O PERÍODO 2022-2026

Os principios, como o seu nome indica, son as principais motivacións nas que debe basearse o reparto das cantidades do plan entre os integrantes do SUG. Non están suxeitos a cambios ni modificacións relevantes ao longo dos anos, ao constituír a columna vertebral do propio plan.

En consecuencia, os principios que se describen de seguido non varían moito dos recollidos no plan anterior, se ben articularanse a través dos seis eixos descritos no marco xeral do propio plan.

Estabilidade financeira

O plan de financiamento definirá un horizonte a medio prazo (2022-2026) para os recursos cos que poderán contar as universidades do SUG.

Trátase dun modelo orientado á obtención de resultados contrastables nos ámbitos fundamentais da actividade universitaria (docencia, investigación, desenvolvemento tecnolóxico, transferencia de coñecemento e innovación).

O compromiso de estabilidade financeira permitirá atender as necesidades básicas das universidades. De maneira aproximada, o importe das partidas estruturais cubrirá o importe total dos gastos de persoal das universidades galegas. Tanto a partida estrutural básica como o resto de fondos estruturais a obter por cada institución calcularanse en proporción aos resultados obtidos pola mesma.

Incentivarase que as universidades diversifiquen as súas fontes de financiamento, incrementando a porcentaxe que representan nos seus ingresos. Así mesmo, o plan incentivará a eficiencia en resultados docentes e de investigación.

As universidades deberán facer un esforzo de estabilidade financeira en dous campos. Dunha banda, facendo unha programación plurianual que teña en conta as expectativas nacionais e autonómicas en financiamento universitario. Doutra, aproveitando o tempo de duración dos plans para acometer as necesarias reorganizacións internas. Estas reformas se recollerán axeitadamente dentro do reparto variable de fondos.

O plan asume o compromiso de manter o apoio ao esforzo investigador do SUG. Durante a vixencia do Plan, continuaranse a desenvolver as liñas xerais de apoio xa vixentes, tanto en convocatorias de recursos humanos, como de grupos de investigación, e captación e retención de talento.

Suficiencia

O plan de financiamento garantizará uns recursos que permitan atender os servizos das universidades no momento inicial (suficiencia estática) e asegurar que evolucionarán co volume de actividade (suficiencia dinámica).

Para garantir a suficiencia inicial, o volume de recursos por unidade de servizo nas actividades docentes, que son as máis regulares, deberá cubrir os custes estándar asociados ás mesmas e os custes estruturais.

A evolución dos recursos aportados polo plan de financiamento, en termos reais, deberá corresponderse coa traxectoria do volume de servizos proporcionados por cada unha das universidades do SUG.

Para valorar a evolución do volume de servizos e a suficiencia dos recursos reais ao longo do tempo necesítase dispor de índices de actividade ben xustificadas, idóneos, calculables regularmente e de xeito efectivo e con garantías de fiabilidade.

A suficiencia do sistema require computar tamén a cantidade de recursos xerados polas propias universidades (taxas, prezos públicos, mecenados...).

Eficiencia

O Plan de financiamento debe promover a asignación de recursos polos resultados obtidos nas distintas actividades das universidades (docencia, investigación e transferencia) así como incentivar as melloras de calidade en todos os ámbitos da súa actuación.

A eficiencia é a relación entre os resultados obtidos e os recursos empregados para obtelos. A eficiencia mídese, por tanto, dividindo *output* por *input*. Posto que hai moitas clases de *outputs* e *inputs*, tamén se pode falar de múltiples tipos de eficiencia.

A eficiencia nas universidades medirá os resultados docentes en función dos recursos humanos utilizados; os retornos sociais e de coñecemento aplicado froito das investigacións efectuadas; e as melloras de calidade producidas no sistema.

Algúns dos resultados de mellora desexados, detállanse un pouco máis abaixo.

O plan de financiamento promoverá unha asignación dos recursos entre universidades e no interior das mesmas que impulse a obtención de resultados, reduza a porcentaxe de recursos que permanecen improdutivo e incentive as melloras na calidade en tódolos ámbitos.

O plan promoverá que a asignación de recursos se guíe fundamentalmente polo resultados obtidos nas diferentes actividades universitarias (docencia, investigación e transferencia) e non pola evolución dos custos nos que se incorre.

A asignación de recursos deberá favorecer a eliminación das debilidades e deficiencias de funcionamento máis evidentes das universidades, impulsando as seguintes melloras:

- O axuste da oferta á demanda de estudos: reducindo os custes de manter a oferta docente excedente ou duplicada, ou non atender parte das demandas insatisfeitas permanentes.

- A redución da carga docente presencial: moi superior á de outros países e que non se está a reducir, dificultando a adaptación a unha ensinanza máis activa.

- A redución e homoxeneización do tamaño dos grupos: facilitando a transición ao tipo de ensinanza/aprendizaxe que promove o proceso de Bolonia e combatendo o trato desigual aos estudantes que se deriva dunha desigual asignación dos recursos.

- O aproveitamento discente: aumentando o rendemento dunha parte importante do alumnado e reducindo o importante número de abandonos, tanto temperás como tardíos.

- O recoñecemento efectivo da diversidade de actividades do profesorado: facendo patente máis aló do recoñecemento honorífico, que, aínda que se supón unha similar distribución do tempo de traballo dedicado á actividade docente e investigadora para a maior parte do profesorado, en realidade a maior parte da investigación se concentra en determinados contornos.

- A redución das investigacións cuxos custos indirectos sexan moi superiores aos resultados potenciais a obter polas mesmas, evitando a atomización e a dispersión dos esforzos investigadores.

- A maior atención ás actividades de transferencia: promovendo a captación de proxectos e recursos, que polo momento son, en xeral, escasos, e intensificando o esforzo por ofrecer servizos de formación continua aos profesionais e as empresas.

- O recoñecemento e apoio aos grupos de excelencia: tanto a aqueles que acadan niveis de recoñecemento internacional na actividade investigadora e/ou na formación de posgrao, como os que destacan pola súa vinculación e as súas contribucións á mellora do tecido produtivo.

- As actividades estratéxicas de atracción e promoción de talento tanto para estudantes como para profesores e investigadores, dentro dunha estratexia de internacionalización.

Equidade institucional

O plan distribuirá os recursos públicos entre as tres universidades do SUG de xeito transparente e neutral.

Para iso utilizaranse criterios explícitos e, na súa totalidade, proporcionais á actividade de cada universidade.

O plan tratará por igual o homoxéneo e xustificará o recoñecemento das diferenzas seguindo criterios explícitos. O plan debe manter criterios de financiamento ao longo do tempo e aplicarlos con independencia da institución de que se trate.

O plan incorporará criterios xerais de avaliación, de fácil obtención e comprensión, como o número de titulacións, o alumnado de novo ingreso, a empregabilidade dos egresados, a calidade da produción científica, ou a cantidade de recursos captados fóra das administracións públicas.

Xunto a eles, existirá un recoñecemento ás situacións diferenciais dentro das universidades. A historia, a diferenza de infraestruturas, ás bolsas de excelencia, serán algúns dos feitos heteroxéneos que terán recollida no plan.

Todo iso sen esquecer que é obrigatorio contemplar o sistema universitario galego como tal, garantindo que os sete campus que o compoñen disporán dun conxunto de recursos materiais e humanos axeitados para cumprir as súas obrigas cunha calidade elevada. A tal fin, como se

explícita na lei de universidades do SUG, sempre que sexa posible, realizarase discriminación positiva cos campus non centrais.

A axeitada valoración dos resultados por estas vías será de grande utilidade ás universidades para identificar o seu volume de servizos, as súas bolsas de inactividade e as posibilidades de especializarse en maior ou menor medida en distintos tipos de actividade.

Unha vez definido o modelo e as subvencións outorgadas sobre a base de cada resultado, as universidades poden avaliar as consecuencias da súa especialización e a súa produtividade, é dicir, de intensificar ou reducir a provisión de cada un dos servizos docentes, de investigación ou transferencia.

O gradual desenvolvemento dos plans estratéxicos de especialización dos campus obrigará a necesidades extraordinarias de financiamento para compensar os maiores gastos de persoal e infraestruturas, que se reflectirán no plan.

No apartado de desenvolvemento da estrutura do plan, farase mención explícita en cada un dos indicadores sobre a súa relación co apartado correspondente de dito esquema, así como a súa contribución ao logro destes principios.

VI.- OBXECTIVOS DO PLAN GALEGO DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO 2022-2026

Unha vez consolidado o modelo do Espazo Europeo de Educación superior, cómpre consolidar as metas acadadas polo ensino universitario en Galicia e seguir avanzando ata acadar cotas de calidade cada vez máis elevadas.

O Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026, incide no modelo iniciado polo plan de financiamento do quinquenio 2011-2015, isto é, un marco moderno, dinámico, flexible, sostible, suficiente, equitativo e eficiente que permita ás institucións de ensino universitario da nosa comunidade avanzar nun proceso de cambio e modernización no medio prazo, mediante a planificación de estratexias que consoliden a súa converxencia co resto do Sistema Universitario Español e co resto de países do noso contorno.

Con esta finalidade, os obxectivos do plan son acadar nos cinco anos de vixencia do mesmo:

- o establecemento dun horizonte amplo de suficiencia e estabilidade financeira que permita á Xunta de Galicia e ás institucións públicas de ensino universitario na comunidade autónoma, o desenvolvemento ordenado das súas políticas no período 2022-2026
- a definición de criterios de asignación de recursos explícitos, baseados nos custes estándar estruturais e na obtención de resultados nos ámbitos fundamentais da actividade universitaria: docencia, investigación e transferencia
- a estimulación da adecuación da oferta ás demandas sociais, reorientando a oferta docente, potenciando a formación continua, a actividade investigadora e a transferencia tecnolóxica e promovendo a mellora da calidade.

Deste xeito procurarase situar o ensino universitario de Galicia, que é tanto como dicir as universidades públicas galegas, no mapa das mellores institucións universitarias no contexto español e europeo, tanto na provisión de servizos docentes como nas actividades de desenvolvemento, innovación e transferencia á sociedade.

Este obxectivo tradúcese, en termos funcionais, nas seguintes áreas de acción:

- Consolidar o sistema docente e obxectivos do EEES no ensino universitario en Galicia.

- Formar profesionais competitivos no contexto socioeconómico actual, incorporando os coñecementos, capacidades, habilidades e aptitudes que demanda unha economía e un mercado laboral en cambio permanente.
- Potenciar a formación específica dos investigadores, como profesionais estratéxicos no proceso de modernización dunha economía competitiva na sociedade do coñecemento.
- Asumir unha actividade de investigación con visibilidade nacional e internacional, sostible e xeradora de valor académico, social e económico.
- Propiciar a capacidade tecnolóxica efectiva para incrementar a competencia empresarial e a renovación do tecido produtivo, nunha aposta decidida polo desenvolvemento económico baseado no coñecemento.
- Innovar, contribuíndo de forma activa aos procesos de modernización e cohesión socioeconómica, asegurando o acceso universal, a divulgación e a valorización do coñecemento.
- Asegurar o cumprimento dos principios básicos do plan: estabilidade financeira, equidade institucional, eficiencia e suficiencia.
- Incrementar, de maneira progresiva, a cantidade de recursos que se poden obter mediante concorrencia competitiva en base ao logro de obxectivos

Así mesmo, no marco do Plan Estratéxico de Galicia, establécense os seguintes obxectivos e actuacións no eido do ensino universitario:

1-garantir o acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe, que leva asociadas as seguintes actuacións:

-accións para a mellora da calidade da docencia universitaria, da empregabilidade do alumnado e da satisfacción dos egresados e empregadores

-accións de apoio á igualdade de acceso á educación superior

2-construír unha sociedade competitiva baseándose na investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, concretada na seguinte acción:

-fomento da capacidade investigadora e transferencia de tecnoloxía.

A Xunta de Galicia considera o ensino universitario como unha liña prioritaria na acción de goberno e de aí o incremento do esforzo financeiro realizado de cara ao vindeiro quinquenio.

O compromiso con este sector estratéxico para a comunidade autónoma reflíctese nas achegas previstas para dotar ao novo Plan Galego de Financiamento Universitario no quinquenio 2022-2026, para facer posible alcanzar os obxectivos anteriormente definidos:

PLAN GALEGO DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO 2022-2026*					
2022	2023	2024	2025	2026	TOTAL
469,2	480	491,1	502,6	514,4	2.457,4

*Créditos de partidas orzamentarias directamente vinculadas ao PGFU 2022-2026 nos orzamentos da Xunta de Galicia (en millóns de euros)

Este financiamento verase incrementado con achegas de partidas orzamentarias da Xunta de Galicia non vinculadas directamente ao plan (axudas, convenios, acordos...de distintas consellerías, organismos e entidades do sector público autonómico), así como fondos públicos procedentes de administracións locais, nacionais e europeas, cuxa estimación para o quinquenio de vixencia do PGFU é a seguinte:

ACHEGAS PÚBLICAS ESTIMADAS Á MARXE DO PGFU 2022-2026					
2022	2023	2024	2025	2026	TOTAL
126	138	145	152	159	720,0

Partindo dos datos de 2021, estímase que estas contías incrementaríanse un 10% ata 2023, grazas aos fondos Next Generation e outras achegas estatais e da UE, mentres para o período entre 2024 e 2026, prevese unha evolución do 5% nese tipo de ingresos.

Deste xeito, as previsións de financiamento público a percibir polo ensino universitario en Galicia no período 2022-2026, situarase nunha cifra global de **3.177,4 millóns de euros**, incrementando en 698,1 millóns as previsións comprometidas no anterior Plan de Financiamento do SUG 2016-2020, que se estimaba en 2.479,3 millóns de euros.

ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS NO SUG PARA O PERÍODO 2022-2026						
	2022	2023	2024	2025	2026	TOTAL
PGFU 2022-2026	469,2	480	491,1	502,6	514,4	2.457,4
Ingresos á marxe do plan	126	138	145	152	159	720,0
TOTAIS	595,2	618	636,1	654,6	673,4	3.177,4

VII. ESTRUCTURA DO PLAN GALEGO DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO 2022-2026

O plan de financiamento consolidará o cambio de filosofía na concepción do financiamento das universidades galegas, introducindo un modelo moderno e dinámico que posibilita a adaptación aos frecuentes cambios conxunturais.

A maior parte do financiamento do plan relaciónase co cumprimento da obriga legal de dar cobertura ao financiamento básico de calidade das propias universidades.

Neste sentido, mantense e actualízase o modelo de estimación do custe estándar, é dicir, a cantidade que debería permitir as universidades abrir as súas portas e dispor de recursos humanos e materiais dabondo para afrontar axeitadamente o desenvolvemento das súas funcións docentes e investigadoras.

O plan lega parte do financiamento a percibir por cada institución a variables obxectivas que miden os resultados acadados en diferentes eidos da actividade da universidade.

Deste xeito, unha parte do financiamento non condicionado premia a consecución duns obxectivos que deben representar a creación de valor para a sociedade á que se deben as universidades do SUG. En consecuencia, considérase conveniente manter unha porcentaxe de financiamento baseado nos resultados. Deste xeito, o establecemento de obxectivos permite planificar axeitadamente o seu futuro tendo en conta a súa capacidade, primando o esforzo realizado por cada institución.

O panel de indicadores amplíase de maneira considerable para dar acubillo ás seis dimensións ou eixos básicos establecidos no plan. Dentro de cada un dos mesmos, recóllense até dez indicadores por dimensión, o que permite visualizar a totalidade de aspectos significativos dos labores docentes, investigadores e de transferencia.

Así mesmo, inclúese un novo subfondo, Plan de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica, individualizado para cada universidade, cuxos créditos asociados repartiranse en función dos resultados obtidos por cada institución en cada un dos criterios sinalados no dito plan.

A experiencia de execución dos anteriores plans recomenda manter e simplificar no posible a estrutura do mesmo, clarificando os contidos de cada fondo, facilitando o dinamismo e a adaptación aos posibles cambios do contorno socioeconómico no que se inscribe.

Por outra banda, este plan volve a integrar na súa estrutura partidas orzamentarias destinadas ao financiamento de institucións de ensino universitario que realizan a súa actividade no territorio da comunidade autónoma e que son necesarias para o axeitado funcionamento do sistema universitario galego.

En primeiro lugar, os consellos sociais das tres universidades públicas galegas, órganos de goberno das mesmas, mediante os cales a sociedade participa na institución universitaria a través de representantes das principais forzas sociais.

A Axencia para a Calidade do Sistema universitario de Galicia (ACSUG), que renovou por terceira vez a súa acreditación como axencia europea, e que permite avaliar persoal, grupos e títulos.

Este é, así mesmo, o caso, por motivos diferentes, dos centros asociados da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) en Galicia e a Fundación Rof Codina. No primeiro caso, para facilitar o acceso a cursar estudos universitarios a unha parte da sociedade galega que, por diversos motivos, non pode asistir presencialmente ás universidades do SUG e, no segundo, para atender as especiais necesidades docentes e investigadoras no eido da saúde animal.

Contémplase, así mesmo a incorporación dunha partida orzamentaria específica destinada ao Consorcio Interuniversitario de Galicia (CISUG), integrado pola Xunta de Galicia e as tres universidades públicas galegas, cuxo obxectivo é a cooperación organizativa, económica, técnica e administrativa do SUG, para acadar unha maior calidade e eficiencia das universidades que o constitúen o que sen dúbida repercute en beneficio da totalidade do sistema.

Do mesmo xeito inclúese neste apartado a Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA), dado o seu compromiso de promover servizos comúns de apoio ás tarefas de investigación e de promoción en Galicia dun contorno de traballo na área do cálculo intensivo, comunicacións e servizos avanzados na sociedade da información e o coñecemento.

Por último, a Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR), na que participan, entre outros, a administración autonómica e as tres universidades públicas galegas, que traballa pola mellora do medio mariño mediante o desenvolvemento e coordinación de proxectos de I+D+i, a transferencia de coñecemento e tecnoloxía, creando e participando en redes e plataformas de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.

A incorporación destas partidas converte ao novo plan nun instrumento integrador do financiamento da docencia, investigación e transferencia que realizan as universidades públicas na nosa comunidade, o que xustifica a súa denominación como Plan Galego de Financiamento Universitario.

En consecuencia, o Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026 estrutúrase do seguinte xeito:

FONDO	SUBFONDO	DEFINICIÓN
FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO (1, 2, 3, 4, 5, 6)	CUSTE ESTÁNDAR (1)	Incluirá contías a transferir a cada institución en función do custe estimado da docencia nos graos e máster oficiais ofertados, PDI, PAS e capacidade instalada. O cálculo basearase en datos das universidades. Compoñentes: -custe da formación -custe do persoal de apoio Inclúe créditos do SERGAS (prazas vinculadas) e SX para o Deporte (INEF)
	GASTO CORRENTE E MANTENIMENTO DE INFRAESTRUTURAS (2)	Inclúe contías a transferir en concepto de: a) gasto corrente incondicionado b) gasto de capital incondicionado, maquinaria, mantemento e reparacións, pequenos investimentos. O reparto basearase no número total de persoal e alumnado, e a superficie construída
	COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS E COMPENSACIÓN POR MATRÍCULAS (3)	-Compensación por contías derivadas das liquidacións anuais dos complementos retributivos autonómicos. -Compensacións anuais por bolsas do ministerio e prezos públicos.
	CUSTES ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO DO SUG (4)	Contías derivadas do cumprimento de obxectivos funcionais de: -Centros asociados da UNED en Galicia -Axencia para a Calidade do SUG (ACSUG) -Consellos sociais
	PANEL DE INDICADORES (5)	Contías vinculadas aos resultados obtidos polas universidades en cada un dos indicadores que configuran o panel no que se recollen as seis principais áreas de acción: -Indicadores de financiamento -Indicadores de internacionalización -Indicadores relacións universidade-empresa -Indicadores de docencia innovadora -Indicadores de investigación avanzada -Indicadores de responsabilidade social e medio-ambiente
	PLAN DE ESTABILIDADE FINANCEIRA, EFICIENCIA E MELLORA ESTRATÉXICA (6)	Contías adicionais vinculadas á presentación e cumprimento dun plan de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica que incluírá indicadores de proceso e resultados
FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN (7)	FOMENTO DA I+D+i E A TRANSFERENCIA (7)	Contías vinculadas ao financiamento da investigación mediante convocatorias en concorrencia competitiva e convenios para a execución de programas de investigación e transferencia de coñecemento vinculados a: -captación, formación e retención de talento -investigación de referencia Compensación por contías derivadas das liquidacións anuais dos complementos retributivos estatais (sexenios de investigación e transferencia) Contías derivadas do cumprimento de obxectivos funcionais de: -Fundación Rof Codina -Consortio Interuniversitario do SUG (CISUG) -Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA) -Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR)

O novo plan avanza na liña iniciada polo anterior cun reparto dos fondos baseado nun 100% en criterios/indicadores coñecidos, contrastables e homoxéneos.

O Plan Galego de Financiamento universitario 2022-2026 estrutúrase en dous grandes fondos:

- o financiamento non condicionado e
- o financiamento da investigación.

O financiamento non condicionado integra todas as cantidades que son de libre disposición, unha vez obtidos, por parte de cada universidade. Comprende seis subfondos, cuxo reparto realizarase aplicando criterios obxectivos, medibles e homoxéneos.

O primeiro deles, destinado a subvencionar gastos correntes asociados á docencia repartirase en función dun modelo baseado na estimación do custe estándar da docencia e das súas necesidades funcionais. Forman parte do mesmo os créditos que a Secretaría Xeral para o Deporte destina ao financiamento do custe dos servizos traspasados do INEF-Galicia (actualmente Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade da Coruña) e os créditos que o SERGAS destina á dotación de prazas vinculadas.

O segundo dos subfondos, para gasto corrente e mantemento de infraestruturas, é o destinado a subvencionar gastos de investimento tales como obras de reforma, ampliación e mantemento de infraestruturas, maquinaria e gasto corrente non condicionado. O seu reparto terá en conta, entre outros, a dimensión da comunidade universitaria, os edificios de carácter histórico así como as actuacións de eficiencia enerxética.

O terceiro subfondo comprende dous conceptos:

- os complementos retributivos autonómicos: contías derivadas do recoñecemento, por parte da ACSUG, dos complementos retributivos autonómicos
- a compensación pola aplicación dos prezos públicos de matrícula, as exencións, e por bolsas de matrícula concedidas polo ministerio competente ao alumnado do SUG en importe equivalente á diferenza cos prezos públicos da mesma vixentes no SUG para cada curso académico.

O cuarto subfondo estará integrado polas seguintes achegas destinadas ao cumprimento de obxectivos funcionais dos seguintes órganos e entidades:

- Centros asociados da UNED en Galicia
- Axencia para a Calidade do Sistema universitario de Galicia (ACSUG)
- Consellos sociais das tres universidades públicas do SUG

O quinto subfondo está constituído polo panel de indicadores de resultados, para cuxa valoración empregaranse sempre, datos medibles e obxectivos, obtidos de fontes contrastadas e que sexan accesibles a todas as partes implicadas. Neste senso, o desenvolvemento do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU), as bases de datos homoxéneas e outras fontes contrastadas, permiten contar con elementos de medida non suxeitos a discusión sobre a súa fiabilidade e transparencia.

Como peche do financiamento non condicionado do modelo constitúese o Subfondo Plan de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica.

Por último, como novidade, engádese o subfondo plan de viabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica, concibido como medida de fomento de actuacións de mellora en aspectos específicos da actividade das universidades. Deste xeito, o acceso aos créditos vinculados a este apartado quedará condicionado ao cumprimento de obxectivos cuantitativos e cualitativos, tanto no eido académico, investigador e docente como no eido financeiro que se concretan nos seguintes criterios de asignación:

- 1- Optimización da oferta docente.
- 2- Reforzo institucional centros investigación con recoñecemento da Xunta de Galicia.
- 3- Cumprimento dos obxectivos de resultado financeiro marcados polas leis de estabilidade orzamentaria (equilibrio orzamentario non financeiro).
- 4- Cumprimento do obxectivo de masa salarial fixado pola lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia de cada ano.
- 5- Elaboración da contabilidade analítica.
- 6- Publicación da contabilidade analítica.
- 7- Integración no sistema informático e financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Estes criterios de reparto poderán ser obxecto de actualización durante a vixencia do presente Plan de Financiamento.

Os criterios terán o mesmo peso e levarán asociadas idénticas contías. O reparto dos créditos asociados realizarase en función dos resultados obtidos por cada unha das universidades nos criterios anteriores.

No ano 2022 a totalidade dos créditos asociados a este subfondo repartiranse a partes iguais entre as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

Nos seguintes anos de vixencia do presente plan, as consellerías competentes en cada unha das materias, analizarán o cumprimento ou non cumprimento de cada criterio por parte das universidades,

con carácter previo á elaboración dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para, no seu caso, incluír as contías resultantes do reparto nos orzamentos do exercicio inmediatamente posterior. Deste xeito, cada institución percibirá o importe correspondente aos criterios nos que acade os obxectivos, que será un terzo da contía asociada a cada criterio. No caso de non acadar o obxectivo nun ou varios os criterios, a contía correspondente ao/s mesmo/s non será obxecto de reparto.

Pola súa banda, o **Financiamento da investigación**, comprende as contías destinadas ao fomento da I+D+i e a transferencia, distinguindo tres áreas diferenciadas:

-Os créditos para o Fomento da I+D+i e a transferencia no SUG, cuxo reparto estará vinculado a convocatorias en concorrencia competitiva, convenios para a execución de programas de investigación e transferencia de coñecemento desenvolvidos polas universidades galegas e outros organismos de investigación avanzada, dentro do marco das políticas autonómicas de I+D+i.

-Os complementos retributivos estatais: contías derivadas do recoñecemento, por parte da CNEAI, dos sexenios de investigación e transferencia.

-Achegas destinadas ao cumprimento de obxectivos funcionais dos seguintes órganos e entidades asociados ao fomento da I+D+i :

- Fundación Rof Codina
- Consortio Interuniversitario de Galicia (CISUG)
- Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA)
- Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR)

Deste xeito as universidades coñecerán de antemán tanto as regras de reparto, o que lles permitirá planificar estratexias para orientar os seus esforzos, como a información que será tida en conta para cuantificar o nivel de consecución dos obxectivos.

VIII.- MODELO DE CÁLCULO DO FINANCIAMENTO

ANO BASE

A aplicación do Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026 require determinar as contías vinculadas a cada un dos fondos e compoñentes da estrutura descrita máis arriba. Así mesmo é necesario fixar os valores das variables e parámetros que se utilizarán para realizar os cálculos correspondentes.

A determinación dun ano base permitirá equiparar cuantitativamente os compoñentes do novo plan cos integrantes do sistema anterior .

Para poder acadar ese obxectivo é necesario que a información referida a ese exercicio cumpra unha serie de requisitos:

- Os datos relativos a ese período deben ser certos e provir dunha fonte única e indubidable.
- Os datos deben ser inalterables e non estar sometidos a novas medicións ou cuantificacións.
- Os datos deben ser exhaustivos e, polo tanto, deben comprender todas as variables que deben considerarse no sistema.
- Os datos deben referirse necesariamente ao mesmo período temporal.

Tendo en conta o anterior, o ano base do novo sistema é o ano 2021 por reunir os requisitos sinalados, de xeito que ofrece o catálogo completo dos datos, económicos, académicos, de investigación, etc., considerados necesarios para determinar os elementos do novo sistema e a súa valoración.

Así mesmo, os datos dos créditos computables utilizados como referencia son os correspondentes ao curso 2018-2019.

DATOS PARA A DETERMINACIÓN DO REPARTO

A aplicación do principio de suficiencia financeira esixe estar asentada sobre datos e magnitudes que non precisen de procesos de verificación complexos, nin determinen a necesidade de contrastar o dato en función de diferentes fontes.

A Xunta de Galicia terá acceso ás aplicacións informáticas e bases de datos das universidades do SUG para obter os datos necesarios para realizar os cálculos do reparto dos créditos asociados ao financiamento universitario nos orzamentos anuais da comunidade autónoma. Estes datos serán ademais debidamente validados e certificados por quen corresponda en cada institución.

A Xunta de Galicia solicitará ás universidades a remisión de tanta información adicional sexa precisa no seu caso, que deberá ser certificada polo órgano competente de cada institución, para a determinación das contías correspondentes a cada universidade

No caso de que non resulte posible determinar o importe dalgún dos fondos ou compoñentes do plan por causas imputables a unha universidade, asignarase a esta unha contía equivalente ao 90% da percibida no exercicio precedente no fondo correspondente.

Financiamento non condicionado

I.- SUBFONDO CUSTE ESTÁNDAR

O reparto deste fondo, que no ano base estará dotado cun importe de 252,3 M€, basearase na estimación do custe docente estándar e do custe funcional das universidades do SUG. Deste xeito, para a determinación da fórmula de reparto deste fondo cómpre establecer os seguintes parámetros estándar:

Estimación do custe estándar baseado en datos de docencia presencial

1.- Tamaño de grupo

Para cada unha das materias ofertadas polas universidades públicas en titulacións oficiais (graos e master) establececese un tamaño de grupo ideal distinguindo entre créditos teóricos e prácticos.

No caso dos teóricos o tamaño do grupo fíxase en 60 alumnos por grupo.

No caso dos prácticos establececese un módulo en función do grao de experimentalidade da titulación de 38 alumnos por grupo, no caso das titulacións non experimentais, e de 16 alumnos no caso das experimentais.

Poren no caso de materias nas que existe práctica clínica o número máximo de alumnos será de 10.

TIPO	TEÓRICO	PRÁCTICO	CLÍNICO
A	60	16	10
B	60	38	

Ademais establécese un tamaño mínimo de alumnos matriculados nas diferentes materias de 5 alumnos, no caso dos graos, e de 2 no caso dos máster, de modo que todas aquelas materias que non superen ditos mínimos non xeran grupo.

Un elemento adicional a ter en conta é o número de alumnos necesarios para que se incremente un novo grupo, nivel de tolerancia situado no 40%, que permite automatizar en función do número de alumnos os grupos que se poden crear.

2.- Número de horas de docencia presencial por crédito

O número de horas de docencia presencial por cada crédito ofertado, permitirá estimar as necesidades docentes totais para cada materia, e por agregación, para cada unha das titulacións oficiais ofertadas en cada unha das universidades.

O número de horas de docencia por cada un dos créditos establece en 8 horas, das que 4,5 corresponden á docencia teórica e 3,5 á docencia práctica.

No caso de materias con práctica clínica o número de horas de práctica considerase na súa totalidade clínicas. No caso de materias sen docencia teórica as 8 horas de docencia considéranse de práctica clínica.

3.- Número de horas de docencia presencial por cada PDI

Para os efectos de determinar o reparto do financiamento estrutural, considérase que cada efectivo de persoal docente investigador (PDI) imparte 180 horas de docencia presencial.

4.- Módulo económico

Establécese un módulo estándar de docencia presencial, como se reflicte no cadro seguinte, e se consideran as retribucións de cada PDI en base a unha distribución tipo do persoal PDI das universidades do SUG.

TIPO EFECTIVO	NÚMERO DE EFECTIVOS	PESO
CATEDRÁTICO DE UNIVERSIDAD	1,2	15%
TITULAR DE UNIVERSIDADE	3,2	40%
CONTRATADO DOUTOR	1,2	15%
AXUDANTE DOUTOR	0,8	10%
ASOCIADO T3 P6	1,6	20%
TOTAL	8	100%

Información procedente das universidades (inputs)

Para poder aplicar esta fórmula de reparto é necesario dispor da información das diferentes titulacións oficiais impartidas por cada universidade e que deberá axustarse ao seguinte modelo:

Universidade	Título	Nome Materia	Experimentalidade	Alumnado	Créditos	Créditos matriculados	Clínica
--------------	--------	--------------	-------------------	----------	----------	-----------------------	---------

-Universidade: cada unha das tres universidades deberá dar información sobre a oferta formativa para cada curso académico

-Título: deberá indicar o nome da titulación oficial que se imparte (grao/máster) para as que ten oferta formativa

-Nome Materia: deberá detallar cada unha das materias ofertadas dentro de cada unha das titulacións

-Experimentalidade: indicará o carácter de experimentalidade da titulación, conforme ao establecido para a fixación dos prezos da mesma

-Alumnado: indicará para o curso académico o número de alumnos matriculados nesa materia

-Créditos: indicará o número de créditos ofertados para cada materia

-Créditos matriculados: constitúe un campo calculado como o produto dos alumnos matriculados en cada materia polos créditos ofertados na mesma

-Clínica: indicará as materias dentro de cada titulación, nas que é necesario docencia clínica. Neste sentido a clasificación dunha materia como de docencia clínica ten que cumprir dous requisitos:

- que a maior parte da docencia impártese nun hospital ou análogo
- e que se produza en contacto directo con persoas ou animais.

A información anterior deberá referirse de forma exclusiva ás materias e titulacións nas que é necesaria docencia presencial, debendo excluír as materias nas que existindo alumnos matriculados, non se imparte docencia.

Tampouco se considerarán os créditos vinculados á docencia para acadar a titulación de doutor.

Para o cálculo do reparto do custe estándar unicamente se terán en conta os créditos das materias que formen parte dos planos de estudo de titulacións oficiais de grao e máster, impartidos por centros propios, que contén coa autorización de impartición da consellería competente en materia de ensino universitario. *A sensu contrario*, os créditos matriculados en materias que integren os planos de estudo de titulacións sen autorización de impartición, ou créditos de materias incluídas en planos de estudo preexistentes mediante modificación dos mesmos sen contar co preceptivo informe favorable do departamento competente en materia de universidades, ou créditos de materias que formen parte de titulacións afectadas por resolución de non impartición, non computarán para os efectos dos cálculos do financiamento estrutural.

Tratamento da información

Unha vez recibida a información de cada universidade realizaranse comprobacións que permitan validar a integridade da mesma: créditos ofertados en titulacións comúns, número de alumnos matriculados en cada universidade e en cada titulación, e variacións respecto da última información remitida.

Para os efectos dun tratamento homoxéneo, non se terán en conta as materias relativas á realización de prácticas externas, *practicum*, ou traballos fin de grao/master, ao entender que para estas materias as necesidades de docencia presencial non se corresponden cos parámetros estándar empregados.

Procedemento de cálculo

Unha vez comprobada e validada a información das universidades realízanse os seguintes cálculos:

1.- Cálculo do número de grupos de teoría e práctica de cada materia

Nas materias que superen o tamaño mínimo establecido e atendendo ao carácter de experimentalidade da materia en cuestión, determinase o número de grupos necesarios, tanto de teoría como de práctica, para atender aos alumnos matriculados, aplicando o módulo estándar de docencia. Este cálculo realízase dividindo o número de alumnos matriculados entre o tamaño ideal de grupo fixado nos parámetros estándar,

$$\frac{\text{número de alumnos}}{\text{tamaño estándar}}$$

- a) Si < 1, se crea 1 grupo
- b) Si >1, comprobase se o exceso é superior ao nivel de tolerancia, neste caso redondease por exceso
- c) Si >1, comprobase se o exceso é inferior ao nivel de tolerancia, neste caso redondease por defecto

Esta operación realízase tanto para teoría como para práctica, dando un número de grupos de teoría e de práctica.

No caso das materias con docencia clínica, determinase o número de grupos do mesmo xeito.

2.- Cálculo das horas de docencia

En base aos grupos creados en función dos alumnos matriculados en cada materia, e sabendo que cada crédito ten 8 horas de docencia das que 4,5 son teóricas e 3,5 son prácticas, determinase o número de horas de docencia de cada materia conforme á seguinte fórmula:

Docencia de teoría:

$$\boxed{\text{Créditos da materia} \times 4,5 \text{ horas} \times \text{N}^{\circ} \text{ grupos de teoría}}$$

Docencia práctica:

$$\boxed{\text{Créditos da materia} \times 3,5 \text{ horas} \times \text{N}^{\circ} \text{ grupos de práctica}}$$

Por agregación determínanse as horas de docencia necesarias estimadas da materia, da titulación e da universidade.

No caso de materias con práctica clínica o número de horas de práctica considerase na súa totalidade clínicas. No caso de materias sen docencia teórica as 8 horas de docencia considérase de práctica clínica.

3.- Cálculo do número de efectivos PDI

Unha vez cuantificadas en horas as necesidades estimadas de docencia presencial de cada universidade, a determinación do número de efectivos a tempo completo a ter en conta para o reparto do financiamento estrutural, determínase dividindo as horas de docencia entre o módulo de horas de docencia por cada PDI, fixado en 180 horas.

Deste xeito o sistema retribúe o salario completo dun PDI para impartir 180 horas lectivas, asumindo desta forma que o resto da súa xornada laboral dedícase a actividades propias da universidade: investigación, transferencia ou xestión.

4.- Cálculo do financiamento do custe estándar baseado en datos de docencia

Despois dos cálculos anteriores, o sistema determina a cantidade que debe percibir cada universidade para financiar o gasto estrutural en base ás estimacións do custe estándar baseado en datos de docencia, incluíndo como se sinalou anteriormente, unha parte do custe de actividades de investigación, transferencia e xestión.

A contía determinase multiplicando o número de persoal docente, PDI, estimados polo módulo de custe estándar.

Estimación de necesidades funcionais

O desenvolvemento da actividade docente require por parte das universidades unhas necesidades adicionais vinculadas ao funcionamento dos servizos, á xestión administrativa e de apoio á docencia e investigación. Esta actividade é desenvolvida a través do Persoal de Administración e Servizos (PAS). Nesta parte o modelo pretende estimar as necesidades de PAS en base a parámetros obxectivos.

Tipoloxía de persoal de administración e servizos

Para poder estimar as necesidades de PAS, tipifícanse as funcións específicas dos PAS conforme á seguinte tipoloxía:

- Persoal de administración
- Persoal de apoio á docencia e investigación
- Persoal de conserxería e oficios

1.- Persoal de administración

Configurase como o persoal que ten como tarefa principal garantir o funcionamento administrativo da universidade.

Comprenderá entre outros:

- Persoal de xestión académica
- Persoal de xerencia
- Persoal de informática

Non comprenderá ao persoal que se encarga das tarefas administrativas dos departamentos, xa que este se inclúe como persoal de apoio á docencia e investigación

2.- Persoal de apoio á docencia á investigación

Correspóndese co persoal PAS que se atopa destinado nos departamentos como apoio á docencia e á investigación, incluíndo neste caso os que teñan encomendadas tarefas administrativas.

Comprenderá entre outros:

- Persoal dos laboratorios (técnicos)
- Persoal de bibliotecas
- Persoal de secretariado dos departamentos

3.- Persoal de oficios e conserxería

Trátase do persoal que pola súa cualificación profesional se dedica a garantir o axeitado funcionamento das instalacións universitarias.

Comprenderá:

- Conserxe e persoal de control de acceso
- Persoal de mantemento

Parámetros do modelo

Para cada tipoloxía de persoal defínirase un modelo que permita validar as necesidades de cada una das universidades e que sexa homoxéneo para todas.

1.- Persoal de administración

Trátase de persoal vinculado a cubrir as necesidades administrativas de cada universidade, polo que dado que o modelo de reparto está vencellado ao custe estándar docente estimado, considérase axeitado ter en conta o número de alumnos matriculados como elemento válido para estimar as necesidades de cada universidade.

O valor que se considera como módulo é de 1,9 PAS por cada 100 alumnos matriculados.

2.- *Persoal de apoio á docencia e investigación*

Para poder estimar as necesidades de cada universidade de esta tipoloxía de PAS considérase axeitado ter en conta o número de PDI necesarios.

Deste xeito o valor considerado será de 15,3 PAS por cada 100 PDI necesarios.

3.- *Persoal de oficios e conserxería*

Neste caso o parámetro empregado, ao ser persoal vinculado ao funcionamento dos centros, é o número de alumnos matriculados.

O valor considerado neste caso é de 8 PAS por cada mil alumnos matriculados.

Estas ratios saen do consenso alcanzado no modelo do anterior Plan de Financiamento universitario.

4.- *Módulo Económico*

Determinábase a seguinte plantilla tipo (xa acordada no anterior Plan de financiamento), establecendo unha media en función das categorías profesionais e funcionariais existentes. Para evitar problemas da tipoloxía de persoal PAS (funcionario/laboral) homoxeneízase a información, establecendo 5 niveis profesionais, e establecendo unhas retribucións (media ponderada) para cada nivel.

Persoal	Nº efectivos	Peso
Nivel 1	1	10%
Nivel 2	1	10%
Nivel 3	5	50%
Nivel 4	2	20%
Nivel 5	1	10%
TOTAL	10	100%

As retribucións correspondentes a cada nivel, tendo en conta tanto a seguridade social como a media de trienios, determínase como a media ponderada das retribucións fixadas para cada categoría de persoal na administración autonómica.

Procedemento de cálculo

Para cada universidade determinará as estimacións de PAS de cada categoría, multiplicando o valor para o curso académico de cada unha das variables (alumnos/PDI), polo módulo estándar e polo custe de cada PAS.

1.- Necesidades de PAS de administración:

$$PAS_{admin} = N^{\circ} \text{ Alumnos matriculados} \times 0.019$$

2.- Necesidades de PAS de apoio á docencia:

$$PAS_{docencia} = N^{\circ} PDI necesarios \times 0.153$$

3.- Necesidades de PAS de conserxería e oficios:

$$PAS_{oficios} = N^{\circ} alumnos matriculados \times 0.008$$

4.- Necesidades de PAS:

$$PAS_{Total} = PAS_{admin} + PAS_{docencia} + PAS_{oficios}$$

$$Necesidades financeiras = PAS_{total} \times \text{Módulo económico}$$

Evolución dinámica dos inputs

Para realizar o reparto utilizaranse a media móbil de 3 anos dos datos dos créditos matriculados correspondentes a cada Universidade. De xeito que para determinar a cantidade a repartir no ano seguinte (n+1) consideraranse os datos relativos aos anos n-2, n-3 e n-4.

De modo que no primeiro exercicio de vixencia do novo Plan, o ano 2022, utilizaranse os datos correspondentes aos cursos 2017-18, 2018-19 e 2019-20.

Procedemento de cálculo

O importe do subfondo do custe estándar no ano base (2021) é de 252,3 millóns de euros, o mesmo evolucionará cada ano en función da variación da masa salarial.

O reparto do mesmo entre as distintas Universidades realizarase en función do peso dos seus créditos computables respecto ao total de créditos computables.

II.-SUBFONDO GASTO DE CORRENTE E MANTEMENTO DE INFRAESTRUCTURAS

Coa inclusión destes fondos no Financiamento non condicionado trátase de financiar o custo básico de funcionamento das universidades, de mantemento das instalacións e das infraestruturas, de modo que cada institución reciba un financiamento estable que lle permita facer fronte aos seus gastos estruturais.

Este subfondo, contará a súa vez con dous compoñentes:

-Gasto corrente

-Gasto de capital

O reparto deste Subfondo realizarase aplicando os seguintes criterios e ponderacións:

CRITERIO	PONDERACIÓN
Persoal (PDI+PAS+PEI+PTA)	40%
Alumnado matriculado	30%
Superficie construída (m ²)	30%
Total	100%

Para obter o datos correspondentes aos criterios de persoal (centros propios) e alumnado matriculado en graos, máster e doutoramentos (centros propios e titulacións oficiais) de cada universidade utilizarase como fonte o Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU), partindo dos referidos ao curso 2019/2020.

Para obter os datos do criterio de superficie construída, cada universidade deberá achegar, antes do 1 de setembro de cada ano, certificación do órgano competente.

Considerando neste caso como ano base o 2021, este subfondo dótase de 28 millóns de euros, correspondendo 20 millóns de euros a gasto corrente non condicionado e 8 millóns de euros a gasto de capital non condicionado e a súa evolución nos anos de vixencia do plan, vincularase á evolución do deflactor do PIB.

III.-COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS E COMPENSACIÓN DE MATRÍCULAS

Este subfondo comprende as compensacións ás universidades polos custes inducidos pola normativa estatal e autonómica que atinxe tanto a complementos retributivos do persoal docente e as compensacións por matrícula do alumnado.

Cada ano, con anterioridade ao 1 de xuño, as universidades remitirán os datos requiridos polo departamento competente en materia de universidades relativos a estes conceptos. Á vista da documentación achegada, calcularase o importe que corresponda a cada unha das universidades do SUG, contía que será prevista nos orzamentos da comunidade autónoma para o inmediato exercicio orzamentario, para os efectos de realizar as achegas polo importe que resulte.

Complementos retributivos

Referido ás contías correspondentes a complementos retributivos autonómicos recoñecidos ao persoal das universidades galegas.

O importe correspondente a cada universidade resultará das certificacións dos consellos sociais de cada universidade, respecto dos complementos retributivos autonómicos de recoñecemento ao labor docente, ao labor investigador, á excelencia curricular docente e investigadora e polos cargos de xestión, logo da avaliación Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA).

Dado que os ditos complementos supoñen o recoñecemento de retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais, para os efectos de regularizar a contía das achegas correspondentes a cada universidade, cada exercicio económico as universidades achegarán ao departamento competente en materia de universidades as certificacións relativas aos tramos recoñecidos e aboados en concepto de cada un dos catro complementos autonómicos, ao persoal docente en activo a data 1 de xaneiro así como canta documentación lles sexa requirida para a determinación das contías a aboar.

O mesmo procedemento será aplicado no caso de calquera outro complemento individual recoñecido ao persoal das universidades públicas galegas, pola normativa autonómica ou por vía xudicial, aos que se fará fronte cos créditos deste subfondo.

Compensación por matrícula

Refírese ás contías que a Xunta de Galicia debe aboar a cada unha das universidades do SUG resultantes da aplicación dos decretos que anualmente fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para cada curso académico.

Para estes efectos, as universidades remitirán ao departamento competente en materia de universidades, debidamente certificados, os datos correspondentes ao número de créditos efectivamente formalizados segundo a clasificación contemplada no antedito decreto de prezos.

Do mesmo xeito a Xunta de Galicia, en cumprimento da normativa estatal vixente, compensará ás universidades do SUG dos custes de matrícula non cubertos polo ministerio competente en materia de Universidades na súa convocatoria de bolsas ou axudas ao estudo, logo da comprobación da documentación achegada por cada institución que será certificada polo órgano competente da mesma.

IV.-CUSTES ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO DO SUG

Neste subfondo contémplanse os créditos destinados ao aseguramento do normal funcionamento e a consecución dos obxectivos funcionais de institucións universitarias que desenvolven a súa actividade no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e cuxa actividade está directamente ligada á consecución dos obxectivos globais que afronta o plan.

Os créditos destinados ás mesmas serán os que se contemplan nas partidas orzamentarias de carácter nominativo que para cada exercicio económico se recollerán nos orzamentos do departamento competente en materia de universidades.

Axencia para a calidade do sistema universitario de Galicia (ACSUG)

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, establece no seu artigo 69 como obxectivo primordial da ACSUG o de promover a mellora da calidade do SUG, para o cal atribúelle funcións relativas á emisión de informes, avaliación, certificación e acreditación previstas na Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades.

Pódense resumir as funcións da ACSUG nos seguintes eixos:

- Promoción, en materia de calidade, da coordinación entre as universidades galegas e entre estas e outras institucións
- Avaliación da calidade de institucións, centros e ensinanzas universitarias, oficiais e títulos propios, impartidas polas universidades e os centros docentes de ensino superior universitario (verificación, seguimento, acreditación...)
- Avaliación da calidade do profesorado universitario do SUG e deseño de políticas que impliquen a mellora da súa actividade
- Avaliación da calidade da investigación realizada no SUG
- Realización de estudos e análises sobre a inserción laboral dos titulados universitarios do SUG
- Emisión de informes de avaliación da calidade dirixidos ás universidades, á administración educativa, aos axentes sociais e á sociedade en xeral.

Consellos sociais das universidades públicas galegas

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia, define no seu artigo 74 os consellos sociais como os órganos de participación da sociedade galega nas universidades que impulsan a colaboración entre estas e aquela, mediante a satisfacción polas universidades das necesidades do seu ámbito, contribuindo eficazmente ao desenvolvemento social, profesional, económico, tecnolóxico, científico e cultural de Galicia e á mellora da calidade do servizo público da educación superior universitaria.

Para contribuír ao logro da excelencia na docencia, na investigación e na transferencia do coñecemento xerado nas universidades, a lei atribúe a estes órganos unha serie de funcións que se resumen nas seguintes liñas:

- fomento das relacións entre a universidade e a sociedade
- supervisión das actividades de carácter económico, financeiro e patrimonial da universidade
- supervisión do rendemento e a calidade dos servizos universitarios
- promoción da colaboración da sociedade no financiamento da universidade

A consideración dos consellos sociais por parte do Plan Galego de Financiamento Universitario recóllese de xeito explícito no artigo 86 da antedita lei cuxo teor literal dispón:

“1. O consello social xestionará a súa partida orzamentaria específica, que figurará dentro dos orzamentos da universidade, e nesta garantirase en todo caso a suficiencia dos recursos asignados para o cumprimento das súas funcións. Para estes efectos o plan de financiamento das universidades do SUG establecerá unha dotación económica nominativa.”

Centros asociados da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) en Galicia

O artigo 67 do Real Decreto 1239/2011, do 8 de setembro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade Nacional de Educación a Distancia, define os centros asociados como unidades da estrutura académica da UNED que desenvolven territorialmente as actividades propias da universidade e contribúen ao progreso sociocultural do contorno no que se ubican.

As funcións destes centros veñen definidas no artigo 130 da mesma norma:

- desenvolvemento das correspondentes actividades docentes e investigadora sen coordinación cos departamentos
- fomentar no seu contorno o desenvolvemento de actividades científicas e culturais
- poñer a dispor dos seus membros os medios e servizos axeitados para o desenvolvemento dos seus fins
- facilitar as relacións administrativas entre os estudantes e a universidade
- contribuír á organización de probas presenciais, en colaboración cos correspondentes servizos da universidade

Os centros asociados cos que a UNED conta en Galicia, reforzan de xeito sensible a garantía de acceso ao ensino universitario na nosa comunidade e contribúen a proporcionar unha oferta de calidade, a formar docentes e investigadores e ao desenvolvemento da investigación.

A Xunta de Galicia, como membro dos padroados dos centros asociados da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, está comprometida a contribuír ao financiamento dos mesmos, polo que inclúense no plan as achegas correspondentes a estes centros de ensino universitario público desenvolvido no territorio da comunidade autónoma.

V.-PANEL DE INDICADORES

O reparto dos créditos asociados a este subfondo realizarase aplicando os valores obtidos por cada unha das universidades do SUG nos indicadores de resultados recollidos no Panel de Indicadores, cuxas ponderacións reflíctense no seguinte cadro:

MÓDULO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN INDICADORES	PONDERACIÓN INDICADOR	PONDERACIÓN MÓDULO
Módulo 1 Financiamento global	PAFI1	Recursos públicos captados	1,25	4,75
	PAFI2	Recursos privados captados	1,25	
	PAFI3	Ingresos propios das universidades	1,25	
	PAFI4	Independencia financeira	0,33	
	PAFI5	Endebemento	0,33	
	PAFI6	Grao de execución do orzamento de gasto	0,33	
Módulo 2 Internacionalización	PAIN1	Posicións destacadas clasificación ARWU	0,25	4,75
	PAIN2	Posicións destacadas clasificación THE	0,33	
	PAIN3	Posicións destacadas clasificación QS	0,33	
	PAIN4	Universidades europeas	0,34	
	PAIN5	Publicacións en colaboración internacional	1	
	PAIN6	Profesorado estranxeiro	0,5	
	PAIN7	Titulacións en inglés	0,25	
	PAIN8	Titulacións conxuntas con universidades estranxeiras	0,25	
	PAIN9	Estudantado estranxeiro egresado (grao)	0,25	
	PAIN10	Estudantado estranxeiro total matriculado en grao e mestrado	1,25	
Módulo 3 Relacións universidade-empresa	PAUE1	Spin-offs	8	25
	PAUE2	Contratos I+D e consultarías	8	
	PAUE3	Prestación de servizos	4	
	PAUE4	Ingresos xerados en I+D	2,5	
	PAUE5	Co-publicacións con empresas	2,5	
Módulo 4 Docencia innovadora	PADI1	Taxa de idoneidade	3	13
	PADI2	Taxa de graduación	3	
	PADI3	Taxa de cambio	3	
	PADI4	Taxa de abandono	2	
	PADI5	Máster de excelencia	2	
Módulo 5 Investigación avanzada	PAIA1	Número de grupos de investigación con axudas vixentes	10	43
	PAIA2	Relación entre sexenios conseguidos e sexenios potenciais	3	
	PAIA3	Teses defendidas	3	
	PAIA4	Publicacións científicas no primeiro cuartil	3	
	PAIA5	Profesorado que leu a tese no SUG	3,5	
	PAIA6	Producción científica	9,5	
	PAIA7	ERC no SUG	9,5	
	PAIA8	Patentes nacionais	1	
	PAIA9	Extensións PCT	0,5	
Módulo 6 Responsabilidade social	PAIRS1	Ranking UI GreenMetric	0,5	9,5
	PAIRS2	Transparencia universitaria	2,5	
	PAIRS3	Ranking Web de universidades	0,25	
	PAIRS4	Mulleres no PDI	2,25	
	PAIRS5	Estudantado egresado (graos)	2	
	PAIRS6	Transición estudantado grao a máster	2	

Módulo 1.- Financiamento global (PAFI)

PAFI1-Recursos públicos captados

Definición: Cantidad total de recursos públicos alleos ao PGFU captados polas universidades mediante convenios, contratos, convocatorias... de administracións públicas e as súas entidades instrumentais a nivel internacional, estatal, autonómico ou local.

Reparto: Directamente proporcional aos recursos captados por cada universidade.

Fonte: Orzamentos liquidados universidades do SUG, GAIN, SXU, e SIIU.

PAFI2-Recursos privados captados

Definición: Cantidad total de recursos privados captados polas universidades (empresas, ONGs, fundacións).

Reparto: Directamente proporcional aos recursos captados por cada universidade.

Fonte: Orzamentos liquidados universidades do SUG.

PAFI3-Ingresos propios das universidades

Definición: Cantidad total de recursos propios xerados polas universidades.

Reparto: Directamente proporcional aos recursos captados por cada universidade.

Fonte: Orzamentos liquidados universidades do SUG.

PAFI4-Independencia financeira

Definición: Mide a capacidade da universidade para financiarse, e defínese como a relación entre o Patrimonio neto e o Patrimonio neto máis o pasivo total.

Formulación:

$$\text{Independencia financeira} = \frac{\text{Patrimonio neto}}{\text{Patrimonio neto} + \text{Pasivo total}} \times 100$$

Reparto: Directamente proporcional ao valor do indicador.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, V.FIN.6).

PAFI5-Endebedamento

Definición: Mide o nivel de endebedamento da universidade e defínese como a relación entre o pasivo total (corrente e non corrente) e o pasivo total máis o patrimonio neto.

Formulación:

$$\text{Endebedamento} = \frac{\text{Pasivo corrente} + \text{Pasivo non corrente}}{\text{Pasivo total} + \text{Patrimonio neto}} \quad (\text{PGCP 2010})$$

Reparto: Inversamente proporcional á porcentaxe de endebedamento da universidade, cun valor máximo permitido do 15%.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, VII. FIN.5).

PAFI6-Grao de execución do orzamento de gasto

Definición: Mide a relación entre as obrigas recoñecidas netas no orzamento de gasto e o montante total de créditos definitivos, e defínese como a ratio entre as obrigas recoñecidas netas e os créditos orzamentarios definitivos.

Formulación:

$$\text{Execución de gastos} = \frac{\text{Obligacións recoñecidas netas}}{\text{Créditos definitivos}} \times 100$$

Reparto: Proporcional á porcentaxe de execución, cun valor mínimo do 80%.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, VII.PRS.2).

Módulo 2.- Internacionalización (PAIN)

PAIN1-Posicións destacadas clasificación ARWU (Shangai ranking)

Definición: Ademais da lista principal, ARWU tamén publica o rendemento do *ranking* académico das universidades do mundo por grandes áreas de coñecemento ARWU-FIELD e o rendemento do *ranking* académico por materias ARWU-SUBJECT. Ambos detallan o rendemento segundo as seguintes familias:

ARWU-FIELD – campos do coñecemento: Ciencias naturais, Enxeñaría, Ciencias da vida, Ciencias médicas, Ciencias sociais

ARWU-SUBJECT – materias: Matemáticas, Física, Química, Ciencias da computación, Economía e negocios

O indicador recolle a presenza dunha universidade dentro das 200 universidades mellores do mundo en cada campo ou materia.

Reparto: Observaranse os tres últimos anos publicados. Cando unha universidade estea entre as 200 mellores do mundo, obterá un punto por cada materia ou campo de coñecemento. Cando a universidade, estea entre as 100 mellores do mundo, obterá tres puntos por cada materia ou campo de coñecemento. A asignación a cada universidade realizarase de xeito directamente proporcional ao número de puntos conseguidos.

Fonte: <https://rank.uva.es/ranking/arwu/>

[PAIN2-Posicións destacadas clasificación THE “Times Higher Education”](#)

Definición: O indicador recolle a presenza dunha universidade dentro das 200 universidades mellores do mundo en cada campo. Presenta 11 áreas temáticas (artes e humanidades; negocios e economía; saúde; computación; educación; enxeñaría e tecnoloxía; dereito; ciencias da vida; ciencias físicas, psicoloxía e ciencias sociais).

Reparto: Observaranse os tres últimos anos publicados. Cando unha universidade estea entre as 200 mellores do mundo, obterá un punto por cada materia ou campo de coñecemento. Cando a universidade, estea entre as 100 mellores do mundo, obterá tres puntos por cada materia ou campo de coñecemento. A asignación a cada universidade realizarase de xeito directamente proporcional ao número de puntos conseguidos.

Fonte: <https://www.timeshighereducation.com/world-university-rankings>

[PAIN3-Posicións destacadas clasificación QS](#)

Definición: O indicador recolle a presenza dunha universidade dentro das cinco grandes áreas temáticas da clasificación nos primeiros trescentos postos (artes e humanidades; enxeñaría e tecnoloxía; ciencias da vida e medicina; ciencias naturais; ciencias sociais e dirección).

Reparto: Observaranse os tres últimos anos publicados. Cando unha universidade estea entre as 200 mellores do mundo, obterá un punto por cada materia ou campo de coñecemento. Cando a universidade, estea entre as 100 mellores do mundo, obterá tres puntos por cada materia ou campo de coñecemento. A asignación a cada universidade realizarase de xeito directamente proporcional ao número de puntos conseguidos.

Fonte: <https://www.topuniversities.com/subject-rankings/2021>

[PAIN4-Universidades europeas](#)

Definición: Esta iniciativa ten como obxectivo fomentar a creación de máis de 20 “Universidades Europeas” para o ano 2024, consistentes en redes de universidades creadas desde abaixo en toda a UE que permitan aos estudantes obter un título ao combinar estudos en varios países da UE e contribuír así á competitividade internacional das universidades europeas.

O obxectivo das “Universidades Europeas” é establecer:

- Unha estratexia conxunta, integrada, a longo prazo, para a educación con vínculos coa investigación e a innovación e a sociedade en xeral.
- Un "campus" interuniversitario europeo de educación superior que ofrezca plans de estudo onde os estudantes poidan participar en mobilidades en todos os niveis.

- Equipos europeos de creación de coñecemento que aborden xuntos os desafíos sociais con un enfoque multidisciplinar.

As "Universidades Europeas" deberán actuar como modelos de boas prácticas para aumentar progresivamente a calidade, a competitividade internacional e o atractivo da educación superior europea.

Esta iniciativa axuda ás institucións de educación superior a ir máis aló dos modelos existentes de cooperación, para así lograr gradualmente a consolidación a longo prazo de "Universidades Europeas".

Esta acción pon a proba diferentes modelos innovadores e estruturais de cooperación.

Pese a levar xa dúas convocatorias a nivel europeo e aprobadas 41 iniciativas europeas, Galicia inda non dispón de participación no programa.

Reperto: O indicador será polo tanto a existencia da universidade nun proxecto europeo validado, e o seu percorrido será o valor dicotómico 0/1. Trátase dun obxectivo fundamental para o SUG. En caso de valor nulo, non se accederá ao importe consignado no mesmo.

Fonte: <http://erasmusplus.gob.es/iniciativas/universidades-europeas/index.html>

[PAIN5-Publicacións en colaboración internacional](#)

Definición: Mide o número de documentos firmados por cada universidade con, ao menos, una institución estranxeira, respecto ao total de documentos asinados por cada universidade cada ano.

Reperto: Directamente proporcional ao número de documentos de cada universidade.

Fonte: <http://www.iune.es>

[PAIN6-Profesorado estranxeiro](#)

Definición: Mide en número o persoal docente e investigador con actividade docente e investigadora que imparta docencia nas universidades do SUG e con nacionalidade estranxeira.

Formulación:

$$\text{PDI estranxeiros} = \text{Número total de PDI con nacionalidade estranxeira}$$

Reperto: Proporcionalmente ao número de profesorado estranxeiro de cada universidade, en caso de mellora do valor para esa universidade. En caso contrario, a universidade non recibirá o dito importe.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, IX.INT.14).

[PAIN7-Titulacións en inglés](#)

Definición: Reconto e porcentaxe de estudos nos que polo menos o 50% dos seus créditos pódense cursar en inglés. Inclúense tanto os estudos que teñen plans separados para cada idioma como os que constan dun único plan.

Formulación:

$$\% \text{Titulacións en inglés} = \frac{\text{Núm. total de titulacións nos que polo menos o 50\% dos seus créditos pódense cursar en inglés}}{\text{Número total de titulacións}} \times 100$$

Reparto: Directamente proporcional ao valor do indicador.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, IX.INT.8).

[PAIN8-Titulacións conxuntas con universidades estranxeiras](#)

Definición: Número de titulacións universitarias conxuntas con universidades estranxeiras. Títulos compartidos e recoñecidos por universidades doutros países.

Reparto: Directamente proporcional ao valor de titulacións conxuntas.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, IX.INT.9).

[PAIN9-Estudantado estranxeiro egresado \(graos\)](#)

Definición: Número de estudantes que finalizaron os seus estudos no Sistema Universitario Español e que teñen nacionalidade estranxeira.

Reparto: Directamente proporcional ao número de estudantes estranxeiros egresados.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, IX.INT.12).

[PAIN10-Estudantado estranxeiro total matriculado en grao e mestrado](#)

Definición: Número de estudantes matriculados de xeito ordinario en universidades españolas con nacionalidade estranxeira.

Reparto: Directamente proporcional ao número de estudantes estranxeiros matriculados.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, IV.INT.10A).

Módulo 3.- Relacións universidade-empresa (PAUE)

[PAUE1-Spin-offs](#)

Definición: Mide o número de empresas novas cuxo negocio baséase principalmente no coñecemento xerado pola universidade. (*Glosario Informe de la Encuesta RedOTRI*).

Reparto: Os créditos asociados a este indicador, repartiranse en función do número de spin-offs de cada universidade de xeito directamente proporcional.

Fonte: Informe da enquisa RedOTRI. (<http://www.iune.es>)

[PAUE2-Contratos I+D e consultarías](#)

Definición: Mide o importe obtido por actividades de investigación, desenvolvemento e apoio técnico regulado mediante contrato entre partes, así como por servizos de asesoramento que non xeran coñecemento científico ou tecnolóxico (*Glosario Informe de la Encuesta RedOTRI*).

Reparto: Directamente proporcional ao importe dos contratos de I+D e consultarías.

Fonte: <http://www.iune.es>

[PAUE3-restación de servizos](#)

Definición: Mide o importe obtido por pequenos traballos, normalmente análises, laboratorio, ditames, etc., cuxa venda non soe requirir un contrato (*Glosario Informe de la Encuesta RedOTRI*).

Reparto: Directamente proporcional ao importe obtido por cada universidade en relación ao total do SUG.

Fonte: <http://www.iune.es>

[PAUE4-Ingresos xerados en I+D](#)

Definición: Son os ingresos que obtiveron as Universidades Públicas Españolas derivados dos dereitos recoñecidos nos seus orzamentos por axudas, proxectos e contratos de investigación e por servizos de consultaría científica. As fontes de financiamento poden ser públicas ou privadas e poden ser de orixe rexional, nacional, europeo o do resto do mundo.

Reparto: Directamente proporcional ao importe obtido por cada universidade en relación ao total do SUG

Fonte: CRUE <http://www.iune.es>

[PAUE5-Co-publicacións con empresas](#)

Definición: Número de documentos realizados en colaboración conxunta entre empresas e universidades.

Reparto: Directamente proporcional ao número de documentos de cada universidade en relación ao total do SUG

Fonte: Informe anual Fundación CyD.

Módulo 4.- Docencia innovadora (PADI)

PADI1-Taxa de idoneidade

Definición: Porcentaxe de estudantado de grao que finaliza a titulación no tempo teórico previsto no plano de estudos ou antes do tempo previsto.

Formulación:

$$\text{Taxa de idoneidade}_x = \frac{\text{Estudantes de novo ingreso no curso } x \text{ egresados no estudo inicial no curso } x + n - 1 \text{ ou antes}}{\text{Estudantes de novo ingreso no curso } x} \times 100$$

*Sendo $n = n^\circ$ de anos que dura o estudo de grao (considérase que 60 créditos configuran un curso a tempo completo).

Reparto: Directamente proporcional ao valor obtido por unha universidade. Valor inicial (2018) cohorte 2013-14. Valor mínimo: 30%.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, II.RTO.9 IRA).

PADI2-Taxa de gradación

Definición: Porcentaxe de estudantado de grao que finalizan a ensinanza no tempo teórico previsto no plano de estudos ou nun curso máis. Datos do curso académico $n-1/n$.

Formulación:

$$\text{Taxa de gradación } x = \frac{\text{Estudantes de novo ingreso no curso } X \text{ egresados no estudo inicial no curso } X + n \text{ ou antes}}{\text{Estudantes de novo ingreso no curso } X} \times 100$$

*Sendo $n = n^\circ$ de anos que dura o estudo de grao (considérase que 60 créditos configuran un curso a tempo completo).

Reparto: Directamente proporcional ao valor obtido. Valor mínimo: 40%. Valor inicial (2018): Cohorte 2013-14.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, II.RTO.10 ACA)

PADI3-Taxa de cambio

Definición: Porcentaxe de estudantes dunha cohorte de novo ingreso no curso X, matriculados no título T, na universidade U, que non se matricularon dese mesmo título durante dous cursos seguidos, non se graduaron, pero matriculáronse nalgún outro título universitario na mesma universidade ou noutra nese período.

Formulación:

A taxa de cambio de estudo calcúlase para cada cohorte, de maneira que a taxa de cambio de estudo global da cohorte será a suma das taxas parciais (taxa de cambio de estudo en 1º ano + taxa de cambio de estudo no 2º ano + taxa de cambio de estudo no 3º ano).

Reparto: Inversamente proporcional ao valor obtido. Valor inicial (2018): Cohorte 2014-15.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, II.RTO.7 ACA)

PADI4-Taxa de abandono

Definición: Porcentaxe de estudantado dunha cohorte de novo ingreso no SUG do curso X que non se matricula en título universitario algún durante dous cursos académicos posteriores nin titulouse.

Formulación:

A taxa de abandono do SUG calcúlase para cada cohorte, de maneira que a taxa de abandono global será a suma das taxas de abandono parciais (taxa de abandono do estudo o 1º ano + a taxa de abandono do estudo o 2º ano + a taxa de abandono do estudo o 3º ano).

Reparto: Inversamente proporcional ao valor obtido.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, II.RTO.6)

PADI5-Máster de excelencia

Definición: Máster oficiais das universidades públicas galegas que obteñan a mención de excelencia por convocatoria competitiva da Xunta de Galicia.

Definición: Número de máster con mención concedida e en vigor. Primeira convocatoria realizada en 2020.

Reparto: O importe distribuirase entre as universidades galegas coordinadoras ou participantes do máster galardoado. No primeiro ano, por falta de resolucións, a distribución será a partes iguais.

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades

Módulo 5.- Investigación avanzada (PAIA)

PAIA1-Número de grupos de investigación con axudas vixentes

Definición: Número de grupos e estruturas grupais de investigación que forman parte de cada universidade e se atopan activos con axudas vixentes de convocatorias e/ou convenios da

consellería competente en materia de universidades respecto do número de entidades activas no SUG. Datos anuais, ano n.

Formulación:

- Reconto do número de centros de investigación singulares (CIGUS) recoñecidos como tales pola Secretaría Xeral de Universidades (dende 2020).
- Reconto do número de centros de investigación, recoñecidos como tales pola Secretaria Xeral de Universidades.
- Reconto do número de agrupacións estratéxicas recoñecidas como tales pola Secretaria Xeral de Universidades con financiamento activo: Valor de n=8. Axudas remataron en 2020.
- Reconto do número de grupos de referencia competitiva.
- Reconto do número de grupos de potencial crecemento.

Ponderacións:

Centros de investigación CIGUS (40)

Centros de investigación (30)

Agrupacións estratéxicas (20)

Grupos de referencia competitiva (6)

Grupos de potencial crecemento (2)

Reperto: Directamente proporcional ao valor do indicador.

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades

[PAIA2-Relación entre sexenios conseguidos e sexenios potenciais](#)

O valor deste indicador resulta da ponderación ao 50% dos valores obtidos dos seguintes indicadores.

a) Relación entre sexenios conseguidos e sexenios potenciais (Indicador SIIU. IV. PDI. 13).

Definición: Relación entre o número de sexenios obtidos polo corpo docente universitario doutor con “i” sexenios potenciais e o seu número de sexenios potenciais, sendo i =1, 2, 3, 4, 5, 6.

Poboación de referencia: corpo docente universitario doutor activa, é dicir, para o cálculo deste indicador so se terá en conta o corpo docente universitario doutor con actividade académica e investigadora.

Formulación:

$$\left(\frac{\text{sexenios acadados}}{\text{sexenios potenciais}} \right)_i \square \frac{\sum (\text{sexenios acadados})}{\sum (\text{sexenios potenciais})} \text{ do CDU doutor con } i \text{ sexenios potenciais} * 100$$

Nota: A variable sexenios potenciais calcúlase da seguinte forma:

Parte enteira [(ano de inicio do curso – ano lectura de tese + 1) / 6]. En termos xerais utilizarase a variable “ano de lectura de tese”. No seu defecto utilizarase a variable “ano do título de doutoramento”. Esta variable tomará

valores comprendidos entre 1 e 6, de maneira que se a fórmula toma valores superiores ou iguais a 6, daráselle o valor 6.

Ao poder solicitar sexenios con carácter retrospectivo (méritos de investigación realizados en datas anteriores á lectura de tese) existe a posibilidade de que o número de sexenios potenciais sexa inferior ao número de sexenios acadados. Nestes casos, o cociente considerarase a unidade.

b) *Porcentaxe de PDI doutor con número de sexenios óptimo (Indicador SIIU.IV.PDI.11)*

Definición: Relación entre o PDI doutor co máximo posible de sexenios (“i” sexenios conseguidos tendo “i” sexenios potenciais) e o PDI universitario con “i” sexenios potenciais, sendo i = 1, 2, 3, 4, 5, 6.

Poboación de referencia: corpo docente universitario doutor activa é dicir, para o cálculo deste indicador so se terá en conta o corpo docente universitario doutor con actividade académica e investigadora.

Formulación:

$$\% \text{ CDU con nº de sexenios óptimo} = \frac{\sum (\text{CDU doutor con sexenios} = i \text{ tendo } i \text{ sexenios potenciais})}{\sum (\text{CDU doutor con sexenios potenciais} = i)}$$

Nota: A variable sexenios potenciais calcúlase da seguinte forma:

Parte enteira [(ano de inicio do curso – ano lectura de tese + 1) / 6]. En termos xerais utilizarase a variable “ano de lectura de tese”. No seu defecto utilizarase a variable “ano do título de doutoramento”. Esta variable tomará valores comprendidos entre 1 e 6, de maneira que se a fórmula toma valores superiores ou iguais a 6, daráselle o valor 6.

Ao poder solicitar sexenios con carácter retrospectivo (méritos de investigación realizados en datas anteriores á lectura de tese) existe a posibilidade de que o número de sexenios potenciais sexa inferior ao número de sexenios acadados. Nestes casos, formularase o indicador como a relación ente o CDU co máximo posible de sexenios (i sexenios con i ou menos sexenios potenciais) e o CDU con i ou menos sexenios potenciais.

Reparto: Resultado da ponderación ao 50% dos valores obtidos en a) e b)

Fonte: SIIU

PAIA3-Teses defendidas

Definición: Mide o número de teses defendidas cada ano en cada universidade, no ano de referencia.

Reparto: Directamente proporcional ao número de teses defendidas.

Fonte: Indicador IUNE (<http://www.iune.es>) Utilizarase o indicador SIIU II 2. DOC en canto recolla información deste indicador.

PAIA4-Publicacións científicas no primeiro cuartil

Definición: Mide a porcentaxe anual de documentos de cada universidade (só documentos en revistas JCR) que publicáronse nas revistas do primeiro cuartil da categoría temática do *Journal Citation Reports* á que estean adscritos, ordenando dita categoría polo factor de impacto das revistas. Dado que unha revista pode estar adscrita a máis dunha categoría temática, e estar posicionada, polo tanto, en diferentes cuartís, cada título se considera unha única vez (independentemente do número de adscricións temáticas) e no cuartil que máis lle favorece.

Reparto: Directamente proporcional aos valores obtidos por cada universidade.

Fonte: JCR. <http://www.iune.es>

PAIA5-Profesorado que leu a tese no SUG

Definición: Porcentaxe do persoal docente e investigador doutor dunha universidade galega que leu a tese nesa mesma universidade.

Reparto: Inversamente proporcional ao valor obtido por cada universidade.

Fonte: SIIU (Indicador SIIU, VI.PDI.13)

PAIA6-Producción científica

Definición: Mide o número de documentos publicados ao ano por cada universidade e recollidos nas bases de datos multidisciplinares da WoS.

Reparto: Directamente proporcional ao valor obtido.

Fonte: IUNE, WoS. (<http://www.iune.es>)

PAIA7-ERC no SUG

Definición: Reconto das persoas vinculadas ao SUG con axudas vixentes no ano de referencia dos seguintes programas Grant: Starting, Consolidator, Advanced, e Sinergy.

Reparto: Directamente proporcional ao número de persoas, considerando que o programa Consolidator puntúa dobre, e o Advanced, triple.

Fonte: Secretaría Xeral de Universidades

PAIA8-Patentes nacionais

Definición: Mide o número de patentes concedidas a cada universidade pola Oficina Española de Patentes y Marcas.

Reparto: Directamente proporcional ao valor obtido por cada universidade.

Fonte: IUNE, INVENES. (<http://www.iune.es>)

PAIA9-Extensións PCT

Definición: Mide o número de proteccións de invencións de forma simultánea en distintos países a través da presentación dunha solicitude internacional de patentes. (*Glosario Informe da Encuesta RedOTRI*).

Reparto: Directamente proporcional ao valor obtido por cada universidade.

Fonte: IUNE, *Informe da Encuesta RedOTRI*. (<http://www.iune.es>)

Módulo 6.- Responsabilidade social (PAIRS)

PAIRS1-Ránking UI GreenMetric

Definición: O ranking mundial de Universidades UI GreenMetric é unha iniciativa de Universitas Indonesia que iniciouse en 2010. O seu obxectivo é avaliar a situación actual e as políticas relacionadas co Campus Verde e a sustentabilidade nas universidades de todo o mundo, coa finalidade de que se preste máis atención á loita contra o cambio climático mundial, a conservación da enerxía e a auga, o reciclaxe de refugallos e o transporte ecolóxico. Os seus indicadores agrúpanse en 6 categorías con diferente ponderación: Entorno e infraestrutura; enerxía e cambio climático; residuos; auga; transporte; e educación e investigación.

Formulación: Posición ocupada a nivel mundial por cada universidade galega.

Reparto: Directamente proporcional ao posto obtido na clasificación por cada una das universidades.

Fonte: UI GreenMetric. (<https://greenmetric.ui.ac.id>)

PAIRS2-Transparencia universitaria

Definición: A Fundación Compromiso y Transparencia examina a transparencia voluntaria na web, entendida como o esforzo por difundir e publicar a información relevante da organización, facéndoa visible e accesible a todos os grupos de interese, de maneira íntegra e actualizada. Baixo estes principios, analízanse a visibilidade, a accesibilidade, a actualidade e a integralidade da información exposta.

Reparto: O reparto farase de xeito directamente proporcional ao 50% pola puntuación obtida globalmente; e o outro 50% pola posición dentro das tres categorías: transparente (10 puntos), translúcido (5 puntos), e opaco (1 punto)

Fonte: <https://www.compromisoytransparencia.com>

PAIRS3-Ranking Web de universidades

Definición: Ranking das mellores universidades do mundo tendo en conta varios factores baseados na visibilidade e presenza en liña, o número de documentos e as publicacións e citacións tamén en liña.

Reparto: Inversamente proporcional ao posto obtido.

Fonte: <https://webometrics.info>

PAIRS4-Mulleres no PDI

Definición: mide a porcentaxe mulleres persoal docente e investigador en activo que a 31 de decembro do ano X está adscrito a unha universidade do SUG sobre o total do PDI activo desas universidades.

Formulación:

$$\% \text{ mulleres no PDI} = \frac{\text{n}^\circ \text{ de mulleres PDI en activo das universidades do SUG}}{\text{total PDI en activo das universidades do SUG}} \times 100$$

Reparto: Directamente proporcional á porcentaxe de cada universidade.

Fonte: SIIU, VI. 1. PDI [EPU]

[PAIRS5-Estudantado egresado](#)

Definición: Número e distribución de estudiantado egresado en titulacións universitarias oficiais de grao do SUG contabilizando estudante-titulación-universidade.

Reparto: Directamente proporcional ao volume de egresados de cada curso académico.

Fonte: Indicador SIIU, II.2.ACA.

[PAIRS6-Transición do estudiantado de grao a máster](#)

Definición: Porcentaxe de estudiantado que ao finalizar un grao comeza un máster no curso inmediatamente posterior ao de finalización do grao, en calquera universidade do SUG.

Reparto: Directamente proporcional ao valor obtido por cada universidade.

Fonte: Indicador SIIU, II.16.ACA.

Consideracións para o tratamento dos datos:

Evolución: Obxectivo para cada ano ou reparto proporcional.

Os valores para o reparto, para os que en todo caso teranse en conta dúas cifras decimais, calcularanse mediante unha media móbil dos últimos tres anos ou cursos académicos do seguinte xeito:

- media de datos de anos: considérase a media dos valores obtidos no ano n-2, n-1 e n para cada un dos indicadores. No primeiro ano de vixencia do plan (2022) empregaranse os valores dos anos n (2019) e n-1 (2018) .

-media de datos de cursos académicos: considérase a media dos valores obtidos nos cursos n-3/n-2 (datos de n-2); n-2/n-1(datos de n-1) e n-1/n (datos de n).

Cando os datos proceden de fontes publicadas (anuarios, informes...) entenderanse capturados na última edición publicada ata o 30 de setembro de cada ano de vixencia do plan.

Cando exista retardo temporal na publicación do indicador, indicárase expresamente cal é a anualidade de inicio para o valor n-1 (2018).

Os datos anuais entenderanse capturados a data 31 de decembro do ano n.

Os datos referidos ao curso académico n-1/n entenderanse capturados na anualidade n.

Cando non exista valor numérico, a cantidade correspondente a ese indicador repartirase a partes iguais entre as tres universidades até que existan valores concretos.

Se nun indicador non existira valor dunha universidade, esta deberá enviar certificación ao respecto antes do 15 de setembro para que poida ser tido en conta no reparto.

VI.-SUBFONDO DE ESTABILIDADE FINANCEIRA, EFICIENCIA E MELLORA ESTRATÉXICA

Como peche do financiamento non condicionado do modelo constitúese o Subfondo de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica.

O dito Subfondo dótese por un importe dun 5% da suma dos importes totais do Subfondo Custe Estándar e do Subfondo de Gasto funcionamento, e se reparte en base ao cumprimento de obxectivos cuantitativos e cualitativos, tanto no eido académico investigador e docente como no eido financeiro que se concretan nos seguintes criterios de asignación:

- 1- Optimización da oferta docente.
- 2- Reforzo institucional centros investigación con recoñecemento da Xunta de Galicia.
- 3- Cumprimento dos obxectivos de resultado financeiro marcados polas leis de estabilidade orzamentaria (equilibrio orzamentario non financeiro).
- 4- Cumprimento do obxectivo de masa salarial fixado pola lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia de cada ano.
- 5- Elaboración da contabilidade analítica.
- 6- Publicación da contabilidade analítica.
- 7- Integración no sistema informático e financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este Fondo repartirase por partes iguais entre as distintas Universidades e o peso dos distintos criterios é o mesmo. Estes criterios de reparto poderán ser obxecto de actualización durante a vixencia do presente Plan de Financiamento.

No ano 2022 repartirase a totalidade do Fondo entre as distintas Universidades, en cambio durante o resto de anos de vixencia do presente Plan de Financiamento haberá que analizar por separado o cumprimento de cada criterio segundo o disposto no apartado seguinte: Comprobación do cumprimento de cada un dos criterios de reparto. De modo que se non se cumprise algún criterio o importe asignado ao mesmo non se repartirá.

Comprobación do cumprimento de cada un dos criterios de reparto (anualidades 2023-2026)

1- Optimización da oferta docente:

Co obxecto de adecuar a oferta de cada unha das universidades á demanda real, as universidades levarán a cabo accións encamiñadas á corrección de desaxustes existentes na actualidade que se centrarán en:

- Extinción de titulacións con oferta multiplicada en diversos campus do SUG e con baixa demanda.
- Conversión de titulacións con oferta multiplicada en diversos campus do SUG e con baixa demanda en novas titulacións de grao interuniversitario.
- Extinción de titulacións con baixa demanda.

Estas accións deberán poñerse en marcha no ano 2022 e ser efectivas na oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2023-2024.

Para os efectos de obter fondos asociados a este indicador cada universidade deberá cumprir as seguintes condicións:

- Xaneiro 2022: presentación perante a Secretaría Xeral de Universidades do cronograma específico para cada titulación afectada (extinción ou reconversión en grao interuniversitario).
- Marzo 2023: retirada da oferta e inicio do proceso de extinción.
- Agosto 2023: presentación da nova memoria do título, no caso de titulacións interuniversitarias.

Reparto: A contía percibida por cada universidade estará en relación ao número de titulacións de grao que efectivamente sexa retirada da oferta e inicie o proceso de extinción conforme ao establecido no Decreto 222/2011 do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. A dita contía aboarase no exercicio inmediatamente posterior á retirada da oferta.

2- Reforzo institucional centros investigación con recoñecemento da Xunta de Galicia:

As universidades do SUG acreditarán o seu apoio aos Centros de Investigación que contén co recoñecemento da Xunta de Galicia de acordo cos seguintes parámetros:

- Aporte estrutural basal ao centro de investigación mediante a sinatura dun contrato programa, ou instrumento análogo, cun valor inicial de 50.000€ e que deberá incrementarse un 5% anualmente durante a vixencia do plan. A táboa de referencia é a seguinte:

Ano	Contía
2022	50.000 €
2023	52.500 €
2024	55.125 €
2025	57.880 €
2026	60.775 €

- Retorno ao centro de parte dos *overheads* dos fondos xerados no contexto da actividade do centro de investigación. Valor inicial retorno do 25% do importe total dos *overheads* que procedan do centro e que deberá incrementarse anualmente no entorno dun 5% anual durante a vixencia do Plan. A táboa de referencia é a seguinte:

Ano	Incremento
2022	25%
2023	26,25 %
2024	27,5 %
2025	29%
2026	30,5%

Fonte: contabilidade analítica do centro de acordo co exixido pola regulamentación para a aprobación deste tipo de estruturas de investigación na Comunidade Autónoma de Galicia.

3- Cumprimento dos obxectivos de resultado financeiro marcados polas leis de estabilidade orzamentaria (equilibrio orzamentario non financeiro):

Para determinar o importe que se reparte a cada universidade deste Subfondo no ano seguinte (n+1) haberá que comprobar se no ano anterior (n-1) cumpriuse o dito criterio, de modo que a Intervención xeral da comunidade autónoma (IXCA) certificará a situación de cada Universidade no ano n-1 e, en caso de pechar o exercicio anterior con necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional, non se considerará cumprido este criterio.

4- Cumprimento do obxectivo de masa salarial fixado pola lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia de cada ano:

Para determinar o importe que se reparte a cada universidade deste Subfondo no ano seguinte (n+1) haberá que comprobar se no ano anterior (n-1) se cumpriu co importe de masa salarial máxima autorizado anualmente consonte ao establecido no artigo 81.4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, o cal inclúe os custos da totalidade do persoal que presta os seus servizos en cada unha das universidades. Estes custos recollen os diferentes conceptos retributivos, incluíndo os complementos persoais, detallado para cada tipoloxía de persoal prevista na lexislación vixente. O importe dos complementos persoais a incluír na masa salarial corresponderá coa contía que a Secretaría Xeral de Universidades certifique para cada unha das universidades a data 1 de setembro de cada ano. Así mesmo, o importe de masa salarial máxima inclúe os custos sociais, tanto de seguridade social como do fondo de acción social. Non se inclúe o custo do persoal investigador de proxectos e contratos de investigación, nin o do persoal técnico de apoio contratado con cargo a eses proxectos e contratos.

5- Elaboración da contabilidade analítica:

Para determinar o cumprimento deste criterio, e o importe que corresponda recibir no seu caso no exercicio seguinte, cada universidade a data 1 de setembro deberá acreditar a adhesión e levanza do Modelo de Contabilidade Analítica para Universidades, particularización do modelo CANOA para Universidades, definido polo Ministerio de Educación en 2011 e posto a disposición das Universidades Públicas españolas pola Intervención Xeral da Administración do Estado, para o ano en curso.

O cumprimento deste requisito acreditarase mediante certificación do xerente da Universidade que confirme a adopción do Modelo de Contabilidade Analítica para Universidades e que se están a facer as tarefas que implica a súa levanza e culminarán coa publicación da contabilidade do ano en curso o vindeiro exercicio. A Consellería de Facenda e Administración Pública poderá recadar da Universidade os documentos adicionais que precise para a verificación deste requisito.

6- Publicación da contabilidade analítica:

Para determinar o seguimento deste criterio, e o importe que corresponda recibir no caso de cumprilo no ano $n+1$, deberá comprobarse a situación existente de cada universidade a 1 de setembro do ano n .

Así, verificarase que universidades publicaron na súa respectiva páxina web a contabilidade analítica do ano inmediato anterior ($n-1$), elaborada segundo o disposto no apartado anterior.

Así mesmo, de non producirse a publicación da contabilidade para a que se expedira a certificación indicada no apartado anterior, descontarase o importe percibido por este concepto ao considerarse incumplido o criterio de elaboración, salvo que por circunstancias alleas a universidade poida xustificarse a demora.

7- Integración no sistema informático e financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia (XUMCO):

Para determinar o cumprimento deste criterio, e o importe que corresponda recibir no caso de cumprilo a cada universidade no ano seguinte ($n+1$), deberá comprobarse a situación existente a 1 de setembro do ano n .

De modo que na dita data a IXCA verificará a efectiva integración no dito sistema contable.

Financiamento da Investigación

Comprende os créditos vinculados ao financiamento da investigación, o desenvolvemento e a innovación realizadas no eido universitario e outros centros públicos de investigación avanzada, así

como a transferencia de coñecemento. Trátase de fomentar, apoiar e reforzar estas misións propias das universidades.

Así mesmo contempla os fondos destinados á compensación ás universidades polo custe asociado aos complementos retributivos estatais, vinculados á investigación e á transferencia de coñecemento. Do mesmo xeito asúmense con cargo a este fondo as contías destinadas a determinadas fundacións e entes públicos estreitamente legadas á investigación universitaria.

Fomento da I+D+i

As accións de fomento de I+D+i universitaria centraranse en tres aspectos: talento, estruturas e accións de I+D+i

1- Talento: Comprende a formación, retención, captación e xestión do talento incluíndo os programas propios deseñados e executados dende a Secretaría Xeral de Universidades e accións de apoio a programas externos, financiadas con cargo ao Plan.

➤ *Programas propios de Recursos Humanos:*

- Transición ordenada entre os programas de RRHH do Plan 2016-2020/21 e o novo Plan
- Programa de apoio a formación predoutoral
- Programa de apoio á formación posdoutoral. Instrumentarase mediante contratos de tres anos de duración que financien a realización de estadias no estranxeiro por un período de ata 24 meses.
- Programa de potenciación de persoal investigador posdoutoral que se incorpore aos centros de investigación do SUG, aos campus de especialización do SUG, e ás áreas de coñecemento definidas como estratéxicas polas universidades do SUG. Instrumentarase mediante contratos en concorrencia competitiva a persoal investigador posdoutoral que amose un relevante currículo investigador que permita reforzar e/ou iniciar novas liñas de investigación en áreas de coñecemento/liñas de investigación de interese para a Comunidade autónoma.

Estes programas resolveranse mediante convocatorias en concorrencia competitiva nas que as universidades do SUG adquiren a condición de entidades beneficiarias. Cada institución candidata ás persoas que desexan presentar ás convocatorias correspondendo á Secretaría Xeral de Universidades a selección das persoas candidatas. Cando se requiría dunha avaliación científica externa acudirase ao apoio da ACSUG.

Nos programas formativos manterase a coordinación que dende o ano 2016 existe coa Axencia Galega para a Investigación (GAIN), mediante a realización de convocatorias conxuntas asumindo a consellería competente en materia de universidades asume o financiamento dos contratos relativos ao SUG, mentres o GAIN faise cargo dos relativos a fundacións biosanitarias, Opis e outras institución que integran o sistema de I+D+i galego.

- *Apoio a programas externos:* Trátase do apoio a programas de RRHH, convocados por institucións nacionais ou estranxeiras, considerados excelentes (Juan de la Cierva (formación e incorporación), Ramón y Cajal, Axudas do ERC), para permitir que as universidades do SUG compitan nas mellores condicións nesas convocatorias que, en todos os casos, abrangue a persoal doutor, dende o inicio da súa carreira ata estadios xa asentados.

Cando este apoio implique a asunción de custos de carácter periódico recoñecido (como soldo e custes sociais) artellaranse mediante convenio. No caso de tratarse dun incentivo concreto ao desenvolvemento dunha liña investigadora, concederáse mediante concorrencia competitiva.

2- Estruturas: Comprende as unidades de funcionamento da investigación colaborativa.

As axudas artículanse con base nun financiamento estrutural e continuado, condicionado a criterios de calidade, que garanta un financiamento basal que lles permita desenvolver o seu labor de xeito estable e cunha liberdade de acción suficiente para reorientar o seu labor, de ser o caso. Este financiamento debe outorgarse sobre a base de mecanismos de avaliación rigorosos, tanto das propostas presentadas como dos resultados que cada estrutura acade durante a vixencia e ao remate da axuda.

- *Grupos de investigación:* O programa de consolidación e estruturación de unidades competitivas (grupos de referencia competitiva e grupos con potencial crecemento) desenvólvese mediante a modalidade de convocatorias en concorrencia competitiva. Dende o ano 2016 artículanse mediante convocatorias conxuntas coa Axencia Galega para a Investigación (Gain), asumindo cada consellería o financiamento dos grupos que lle correspondan segundo o seu ámbito competencial. As avaliacións científicas externas realízanse co apoio da ACSUG, que contará sempre con expertos alleos ao SUG.
- *Apoio á investigación supragrupal (Redes e Agrupacións Estratéxicas):* Trátase de avanzar cara unha investigación de fronteira, mediante a agregación e integración das capacidades de diferentes grupos de investigación e do fomento da investigación cooperativa entre eles en ámbitos e estruturas organizativas ben definidas capaces de asumir novos retos e aumentar a súa capacidade competitiva.
- *Centros CIGUS:* programa estable de apoio aos Centros de Investigación do SUG, iniciado no ano 2016, lévase a cabo mediante convocatorias en concorrencia competitiva.
Os centros que acaden a dita consideración poderán recibir reforzos complementarios mediante accións específicas nos seguintes programas e accións do Plan:
 - Reforzo do Talento nos programas de formación predoutoral, formación posdoutoral e de captación de Talento.

-Obras e equipamento: a través de accións singulares, e dos convenios específicos de I+D+i coas universidades do SUG.

-Publicidade

-Programas formativos de alto nivel, dirixidos ao colectivo investigador para mellorar a súa eficiencia e lograr cada vez cotas de maior impacto científico e tecnolóxico.

-Reforzo da marca CIGUS, cuxa creación contribúe a posicionar os centros galegos nun contexto nacional e internacional cada vez máis esixente e competitivo.

3- Accións de I+D+i: Comprende as medidas, elementos e programas deseñados especificamente dende a Secretaría Xeral de Universidades, en colaboración coas universidades do sistema, como dinamizadores e catalizadores das políticas de I+D+i universitaria.

➤ *Obras, reformas e equipamento*: Trátase de axudas ás universidades do SUG para o cofinanciamento de infraestruturas ás que as propias universidades acceden con cargo a programas ministeriais. Mediante a sinatura de convenios, a Secretaría Xeral de Universidades achega fondos do plan para cubrir o cofinanciamento esixido nas convocatorias estatais. Por razóns de oportunidade, tamén se poderán asinar convenios específicos de equipamento non vinculado ás axudas estatais.

➤ *Apoio a accións específicas de I+D+i*: Para dar unha resposta rápida a necesidades concretas de urxente execución, poderanse asinar convenios de colaboración coas tres universidades para accións específicas de fomento da I+D+i. Estes convenios, segundo a natureza das accións neles previstas, poderán ter carácter anual ou ben plurianual.

➤ *Campus de Especialización*: Programa iniciado en 2013 para promover a especialización e diferenciación dos campus a través da colaboración estratéxica e do aproveitamento das potencialidades económicas das contornas máis próximas.

Este programa permitiu o desenvolvemento de oito proxectos con distintos graos de evolución:

- UDC: Campus Industrial (Ferrol), Campus Innova (A Coruña) e Campus da Sustentabilidade (A Coruña)

- USC: Campus Terra (Lugo) e Campus da Cidadanía (Santiago)

- UVIGO: Vigo Tecnolóxico (Vigo), Campus Auga (Ourense) e Campus Crea (Pontevedra)

Mediante a Orde do 10 de setembro de 2019, regulouse o procedemento para a acreditación dos campus de especialización do Sistema universitario de Galicia, baseado na realización dunha avaliación a cargo dun panel de expertos externos ao SUG. Os campus que obteñan a acreditación poderán recibir axudas específicas no contexto do Plan para accións de mellora continua.

Por estes motivos, e para mellorar a presentación das propostas, poderanse asinar convenios específicos ou ben considerar accións de reforzo a incluír noutros convenios de I+D+i.

Complementos retributivos

Referido ás contías correspondentes a complementos retributivos estatais (sexenios de investigación e sexenios de transferencia) recoñecidos ao persoal das universidades galegas.

O importe correspondente a cada universidade resultará das certificacións relativas aos tramos de investigación e de transferencia concedidos ao persoal funcionario polo pleno da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI).

Dado que os ditos complementos supoñen o recoñecemento de retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais, para os efectos de regularizar a contía das achegas correspondentes a cada universidade, cada exercicio económico as universidades achegarán ao departamento competente en materia de universidades as certificacións relativas aos tramos concedidos pola CNEAI recoñecidos e aboados en concepto de cada un dos complementos, ao persoal docente en activo a data 1 de xaneiro así como canta documentación lles sexa requirida para a determinación das contías a aboar.

O mesmo procedemento será aplicado no caso de calquera outro complemento individual recoñecido ao persoal das universidades públicas galegas, pola normativa estatal ou en vía xudicial, aos que se fará fronte cos créditos deste subfondo.

Outros custes asociados ao fomento da I+D+i do SUG

Neste subfondo contémplanse, así mesmo, os créditos destinados ao aseguramento do normal funcionamento e a consecución dos obxectivos funcionais de institucións que desenvolven a súa actividade no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e cuxa actividade está directamente legada á consecución dos obxectivos globais da política de I+D+i universitaria no SUG.

Os créditos destinados ás mesmas serán os que se contemplan nas partidas orzamentarias de carácter nominativo que para cada exercicio económico se recollerán nos orzamentos do departamento competente en materia de universidades.

- Fundación Rof Codina

Entidade sen ánimo de lucro constituída coa finalidade de xestionar o Hospital Veterinario Universitario Rof Codina, equipamento de referencia, imprescindible para a docencia clínica da Facultade de Veterinaria do campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela, asegurando a calidade dunha titulación universitaria que polas súas características resulta estratéxica para a comunidade autónoma.

Os obxectivos da Fundación céntranse en tres áreas:

-Colaboración coa docencia: formación práctica do alumnado, reciclaxe, actualización e especialización profesional dos posgraduados, apoio á formación continuada dos profesionais, formación especializada nas diferentes vertentes clínicas da profesión, actividade práctica en réxime

de colaboración con outros organismos, colaboración e intercambio con especialistas de alto nivel nacionais ou estranxeiros, organización de xornadas de estudo, orientación e outros cursos sobre temas monográficos clínicos, centro de referencia de saúde pública, ambiental e pecuaria.

-Colaboración e fomento da investigación: colaboración e fomento da investigación experimental e a derivada da propia casuística clínica do Hospital Clínico, colaboración e intercambio con especialistas de alto nivel nacionais e estranxeiros, mellora da docencia da Facultade de Veterinaria mediante a utilización das súas infraestruturas e toda a casuística clínica, así como outros ensinamentos máis especializados das distintas profesións biosanitarias, impulso á investigación clínica e innovación científica, das ciencias Biomédicas e Experimentais.

-Prestación de servizos: colaboración no control da saúde pública, asistencia técnica aos profesionais en radioloxía, ecografía, cardioloxía, análises clínicas e microbiolóxicas, intervencións cirúrxicas complexas, servizo asistencial ao gandeiro e propietario de animais en xeral, servizo de apoio ambulante.

Os créditos destinados a esta fundación consignaranse nos orzamentos do departamento competente en materia de universidades, e a súa contía corresponderase coa cota determinada anualmente polo padroado da fundación, da cal forma parte a Xunta de Galicia, así como ás achegas necesarias para o aseguramento do seu normal funcionamento. Artellarase mediante transferencia directa á entidade.

- *Consortio Interuniversitario do SUG (CISUG)*

Figura prevista na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, para a xestión de servizos da competencia das tres universidades públicas galegas ou para a consecución de fins de interese común. En xuño de 2018 constituíuse como entidade de dereito público con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, coa participación da Xunta de Galicia e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

O CISUG ten como obxectivo a cooperación organizativa, económica, técnica e administrativa do Sistema universitario galego, para acadar unha maior calidade e eficiencia das universidades que o constitúen.

Para a realización do seu obxecto, as entidades consorciadas colaborarán:

1. No desenvolvemento de proxectos colaborativos que redunden nunha maior eficiencia, eficacia ou consecución de fins de interese común do Sistema universitario de Galicia, ben con fondos propios dos membros do Consorcio ou con achegas de calquera outra entidade pública ou privada nacional ou internacional con que se considere de interese colaborar.

2. No deseño e xestión dos procedementos de acceso e admisión de estudantes á universidade mediante unha fórmula colaborativa.

3. No establecemento e impulso de políticas activas de emprego e na xestión de forma coordinada da inserción laboral dos seus titulados, na dinamización das iniciativas empresariais de

base tecnolóxica (IEBT), así como en calquera outra fórmula que posibilite o desenvolvemento profesional e laboral de calidade do alumnado universitario.

4. No establecemento das accións necesarias no caso de titulacións que sexan impartidas de xeito conxunto por máis dunha universidade do Sistema universitario de Galicia (SUG).

5. En impulsar, apoiar e levar a cabo iniciativas de fomento da igualdade no ámbito do Sistema universitario de Galicia, que busquen unha maior participación das mulleres na comunidade universitaria e na sociedade en xeral.

6. Nos desenvolvementos informáticos e procedimentais, que poderán abranguer a xestión académica, xestión da investigación, xestión económica, sistemas de información, dirección e impulso da administración electrónica e unificación da información derivada destes procesos.

7. Na adquisición, de xeito centralizado, de ferramentas informáticas, material científico ou bibliográfico ou calquera outra subministración ou servizo que comporte aforro para o conxunto do Sistema universitario de Galicia.

8. En calquera outra actuación de xestión ou colaboración que así figure na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, ou sexa acordada entre as partes e aprobada pola Xunta de Goberno do CISUG.

Os créditos destinados a este consorcio consignaranse nos orzamentos do departamento competente en materia de universidades, e a súa contía corresponderase coa cota determinada anualmente pola Xunta de Goberno do consorcio, do cal forma parte a Xunta de Galicia, así como ás achegas necesarias para o aseguramento do seu normal funcionamento. Artellarase mediante transferencia directa á entidade.

- *Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA)*

A Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA) é unha institución sen ánimo de lucro, cuxos patróns pertencen á Xunta de Galicia e ao CSIC. É o centro de cálculo, comunicacións de altas prestacións e servizos avanzados da Comunidade Científica Galega, Sistema Académico Universitario e do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC). Naceu do compromiso da Xunta de Galicia de promover servizos comúns de apoio ás tarefas de investigación, e do interese do CSIC de promover en Galicia unha contorna de traballo na área do cálculo intensivo, comunicacións e servizos avanzados na sociedade da información e o coñecemento.

Os créditos destinados a esta fundación consignaranse nos orzamentos do departamento competente en materia de universidades, e a súa contía corresponderase coa cota determinada anualmente polo padroado da fundación, da cal forma parte a Xunta de Galicia, así como ás achegas necesarias para o aseguramento do acceso do persoal investigador do SUG a unha serie de tecnoloxías avanzadas e coñecementos técnicos de última xeración o que permitirá a aplicación de novas solucións tecnolóxicas á investigación. Artellarase mediante transferencia directa á entidade.

- *Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR)*

Creada en 2001, é unha fundación pública que traballa pola mellora do medio mariño fomentando a innovación e a sustentabilidade ambiental, social e económica. Para o cumprimento dos seus obxectivos leva a cabo, entre outras, as seguintes actividades no eido local, nacional europeo e internacional:

- Proxectos de I+D+i e de cooperación ao desenvolvemento
- Estudos sectoriais e asesoramento especializado con perspectiva multidisciplinar
- Actividades de formación, comunicación, difusión e transferencia de coñecemento e tecnoloxía
- Creación e participación en redes e plataformas de investigación mariña e desenvolvemento tecnolóxico
- Dinamización da participación dos axentes relevantes no sistema de innovación mariña e promoción da colaboración entre eles (academia, industria, administración e sociedade)

Os créditos destinados a esta fundación consignaranse nos orzamentos do departamento competente en materia de universidades, e a súa contía corresponderase coa cota determinada anualmente polo padroado da fundación, correspondente á consellería competente en materia de Universidades.

EVOLUCIÓN DOS FONDOS

Anualmente calculárase o reparto dos fondos integrados no Plan Galego de Financiamento Universitario en función da aplicación dos datos e resultados de cada institución.

Os recursos vinculados ao Plan Galego de Financiamento universitario experimentarán as seguintes evolucións durante os anos de vixencia do mesmo:

MASAS	SUBFONDOS	Criterio Evolución
FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO	1. CUSTE ESTÁNDAR	<i>Masa salarial</i>
	2. SERGAS, INEF persoal	<i>Masa salarial</i>
	3. INEF funcionamento	<i>Deflactor PIB</i>
	4. SUBFONDO GASTO CORRENTE E MANTEMENTO DE INFRAESTRUCTURAS (Gasto corrente e gasto de capital)	<i>Deflactor PIB</i>
	5. COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS (estatais e autonómicos) E COMPENSACIÓN POR MATRÍCULAS	<i>Complementos vixentes</i>
	6. COSTES ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO DO SUG	<i>Constante agás ACSUG (masa salarial)</i>
	7. PANEL DE INDICADORES	<i>PIB real</i>
	8. SUBFONDO DE ESTABILIDADE FINANCEIRA, EFICIENCIA E MELLORA ESTRATÉXICA	<i>5% de 1 e 4</i>
FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN	9. FOMENTO I+D+i e a TRANSFERENCIA	<i>Dobre da taxa de referencia do crecemento do PIB</i>
	10. Fondos Europeos	<i>PO FEDER/FSE</i>

ACHEGAS NON VINCULADAS AO PLAN

Formarán parte do financiamento universitario os recursos públicos proporcionados ás universidades galegas a través das distintas consellerías, entidades e organismos dependentes da comunidade autónoma, calquera que sexa a figura xurídica que adopten.

Dada a súa natureza, estas achegas non quedan suxeitas á contía determinada.

O departamento competente en materia de universidades, elaborará periodicamente un informe, que elevará ao Consello da Xunta, cos datos referidos a estas achegas.

Así mesmo, para os efectos da estimación global do financiamento público universitario, terán esta consideración as achegas de fondos públicos procedentes dos orzamentos da administración local, estatal ou europea, así como de calquera das entidades ou organismos dependentes delas.

Os recursos captados polas universidades do SUG procedentes do sector privado, teranse en conta para os efectos do cómputo de mobilización de recursos durante os anos de vixencia do plan.

IX. EXECUCIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN GALEGO DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO 2022-2026

MARCO NORMATIVO

En virtude do disposto no Real Decreto 1754/1987, do 18 de decembro, foron transferidas á Comunidade Autónoma de Galicia os servizos, institucións e medios persoais, materiais e orzamentarios en materia de universidades.

A Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril, na súa Exposición de Motivos, atribúe ás Comunidades Autónomas a aprobación de programas de financiamento plurianual conducentes a contratos programa e a avaliación da calidade das universidades do seu ámbito de responsabilidade.

Así mesmo, o seu Título XI, “Do Réxime Económico e Financeiro das universidades públicas” enumera e desenvolve os principios de autonomía e suficiencia financeira e no artigo 81, sobre programación e orzamento, establece que no marco establecido polas Comunidades Autónomas, as universidades poderán elaborar programacións plurianuais que poidan conducir á aprobación, polas Comunidades Autónomas, de convenios e contratos-programa que incluirán os seus obxectivos, financiamento e a avaliación do cumprimento dos mesmos.

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia dispón no seu artigo 115 o seguinte:

1. Correspóndelle á Xunta de Galicia a aprobación do plan de financiamento das universidades públicas do SUG. O plan de financiamento responderá, entre outros, aos principios de estabilidade financeira, suficiencia, eficiencia e equidade institucional e territorial. Nel incluíranse os recursos precisos para converxer coas medias estatais e europeas de servizo público en ensino superior universitario, en porcentaxes de produto interior bruto.

2. No plan de financiamento valoraranse, entre outros aspectos, o grao de cumprimento e a consecución dos obxectivos fixados por cada unha das universidades no proceso de elaboración do devandito plan.

3. As universidades públicas e a consellaría competente en materia de universidades fomentarán e impulsarán medidas e actuacións encamiñadas á captación de recursos económicos externos.

En cumprimento do anterior, a Xunta de Galicia, mediante acordo do Consello da Xunta, aproba o Plan Galego de Financiamento Universitario no que se contempla un horizonte temporal amplo, 2022 a 2026, de suficiencia e estabilidade financeira, que permita ao goberno da comunidade autónoma e as institucións públicas de ensino universitario do noso territorio, desenvolver de xeito ordenado as súas políticas durante o próximo quinquenio, vinculando para iso os recursos económicos necesarios para a súa execución.

Para a efectiva execución do mesmo, os departamentos da Xunta de Galicia directamente implicados e as universidades públicas galegas formalizarán os instrumentos xurídicos que deixen constancia dos compromisos asumidos por cada unha das partes asinantes.

EVOLUCIÓN DOS FONDOS

Anualmente calcularase o reparto dos fondos integrados no Plan Galego de Financiamento Universitario en función da aplicación dos datos e resultados de cada institución.

Os recursos vinculados ao Plan Galego de Financiamento universitario experimentarán as seguintes evolucións durante os anos de vixencia do mesmo:

MASAS	SUBFONDOS	Criterio Evolución
FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO	1. CUSTE ESTÁNDAR	<i>Masa salarial</i>
	2. SERGAS, INEF persoal	<i>Masa salarial</i>
	3. INEF funcionamento	<i>Deflactor PIB</i>
	4. SUBFONDO GASTO FUNCIONAMENTO (Gasto corrente e gasto de capital)	<i>Deflactor PIB</i>
	5. COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS (estatais e autonómicos) E COMPENSACIÓN POR MATRÍCULAS	<i>Complementos vixentes</i>
	6. COSTES ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO DO SUG	<i>Constante agás ACSUG (masa salarial)</i>
	7. PANEL DE INDICADORES	<i>PIB real</i>
	8. SUBFONDO DE ESTABILIDADE FINANCEIRA, EFICIENCIA E MELLORA ESTRATÉXICA	<i>5% de 1 e 4</i>
FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN	9. FOMENTO I+D+i e a TRANSFERENCIA	<i>Dobre da taxa de referencia do crecemento do PIB</i>
	10. Fondos Europeos	<i>PO FEDER/FSE</i>

Notas explicativas:

- Masa salarial: aplicarase a taxa de variación anual prevista para as retribucións do persoal ao servizo do sector público na respectiva Lei de PGE ou na norma estatal que regule a prórroga orzamentaria no seu defecto.
- Deflactor do PIB: aplicarase o índice previsto para Galicia polo IGE para o respectivo ano no cadro macroeconómico do Informe económico financeiro dos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- PIB real: aplicarase o dato previsto para Galicia polo IGE no dito informe.
- Taxa de referencia do crecemento do PIB: aplicarase a taxa de referencia da economía galega en termos nominais elaborada polo IGE e publicada no Informe de Estratexia Financeiro Fiscal ao que fai referencia o artigo 11.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sostibilidade financeira.

Non obstante, no caso de que as previsións de anos anteriores non coincidan cos datos definitivos, para calcular a anualidade seguinte haberá que revisar os datos utilizados en exercicios anteriores aplicando sobre o dato do ano base (2021) os últimos datos dispoñibles oficiais nas ditas fontes.

En todo caso, durante o período de vixencia do Plan Galego de Financiamento Universitario a variación anual da contía total dos fondos previstos nel estará suxeita á evolución anual do conxunto dos recursos que integran o sistema de financiamento da Comunidade Autónoma de Galicia de xeito que, de producirse situacións excepcionais que reduzan significativamente os actuais niveis de recursos provenientes do sistema de financiamento autonómico, tales como modificacións legislativas que afecten ao propio sistema de financiamento autonómico, eventuais rescates do Estado Español, ou crises financeiras que alteren o actual equilibrio entre o custe do conxunto do Plan de Financiamento das Universidades Galegas e os presentes orzamentos da Xunta de Galicia, poderán producirse modificacións que garantan o equilibrio e a sustentabilidade das finanzas públicas autonómicas.

As modificacións que, de ser o caso, foran precisas para levar a efecto o anterior, imputaranse, de modo proporcional, sobre as contías resultantes da aplicación das regras contidas neste plan.

Cláusula de lealdade institucional

Establécese unha cláusula de lealdade institucional de modo que durante a vixencia do Plan de Financiamento determinarase o impacto, positivo ou negativo, de todas aquelas actuacións que

poidan supoñer un maior gasto ou un menor ingreso tanto para as Universidades como para a Xunta de Galicia.

As compensacións que deban facerse, no seu caso, serán obxecto de valoración (determinándose o seu impacto na seguinte anualidade e nas anualidades pendentes do vixente Plan de financiamento), e aumentarán ou minorarán o importe do subfondo custe estándar dos exercicios afectados nos correspondentes importes.

Por outra banda, coa incorporación de recursos adicionais por parte da Xunta de Galicia ás necesidades de financiación das Universidades no marco do presente Plan, garántese a suficiencia financeira das Universidades para o cumprimento da totalidade das obrigacións legais existentes ata a data de aprobación deste Plan, dando satisfacción á lealdade institucional de orixe, sen prexuízo do indicado nos apartados anteriores.

Revisión do modelo de custe estándar:

E ao cabo de 5 anos o modelo do custe estándar será revisado co fin de recalcular as necesidades financeiras reais existentes nese momento.

Custe máximo de persoal autorizado

Anualmente, a lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia establecerá o límite máximo de custe de persoal, docente e non docente, de cada unha das universidades do SUG.

As universidades estarán obrigadas a non superar o límite establecido legalmente e así o reflectirán nos seus respectivos orzamentos de gastos.

Complementos retributivos

O importe correspondente aos sexenios estatais e complementos retributivos autonómicos fixarase en base ás certificacións relativas aos tramos de investigación concedidos ao persoal funcionario polo pleno da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI) e ás certificacións achegadas polo consello social de cada universidade. A contía resultante incluírase no proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio inmediatamente posterior, na partida correspondente.

Compensación por matrículas

Do mesmo xeito procederase no caso das compensacións que resulten da regularización resultante das compensacións anuais por bolsas do ministerio competente nesta materia e dos prezos públicos fixados anualmente por decreto do Consello da Xunta de Galicia.

Transferencias ás universidades

Unha vez asinados os correspondentes convenios coas universidades públicas do SUG, a Xunta de Galicia transferirá ás universidades e outras institucións incluídas no presente plan as cantidades que resulten da aplicación dos mecanismos de reparto explicados máis arriba.

No caso de non ter formalizado o documento xurídico de asunción de compromiso de cumprimento do plan no inicio da súa vixencia (1 de xaneiro de 2022), a institución afectada percibirá unicamente as contías que lle correspondan no fondo Financiamento non condicionado con excepción do correspondente ao subfondo *Panel de indicadores e Plan de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica*. Así mesmo transferiranse as contías para o pagamento dos complementos retributivos estatais (sexenios de investigación e transferencia), incluídos no fondo Financiamento da investigación.

Cumprimento de obxectivos de equilibrio orzamentario

As Universidades públicas galegas e demais institucións contempladas no plan, deberán cumprir os obxectivos de equilibrio orzamentario en cada un dos anos de vixencia deste plan.

As Universidades e demais institucións deberán remitir á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma a información sobre a execución do seu orzamento de xeito que permita a súa consolidación co resto do sector público para a verificación do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma poderá solicitarlles a información que considere necesaria para efectuar os procesos de agregación ou consolidación contable.

Para estes efectos, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma determinará os modelos e os prazos nos que se remitirá a información sobre a súa actividade económica e orzamentaria aos efectos do cumprimento da normativa comunitaria, estatal ou autonómica.

A falta de remisión da información nos prazos establecidos dará lugar, para a institución afectada, á retención do libramento das contías que lle correspondan dos subfondo *Panel de indicadores* e do subfondo *Plan de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica*.

A Consellería de Facenda instrumentará as medidas oportunas para o mellor seguimento deses obxectivos, entre as que figurarán as seguintes:

- Elaboración dun plan sectorial de contabilidade que se adaptará, posteriormente, ao modelo de referencia de contabilidade de custes que desenvolva a comisión creada ao efecto no ámbito estatal.
- Desenvolvemento do control a cargo da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos sinalados na Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario.
- Aprobación de instrucións referentes á elaboración, execución e liquidación dos orzamentos.

No caso de que o peche do exercicio supoña o incumprimento do obxectivo de equilibrio orzamentario determinará que a universidade afectada presente, perante a Consellería de Facenda, no primeiro semestre do exercicio inmediato seguinte, un plan económico-financeiro que terá o seguinte contido mínimo:

- a) As causas que orixinan o incumprimento do obxectivo de equilibrio.
- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos conforme a evolución das masas de financiamento previstas no plan para os primeiros, e do mantemento na natureza e peso dos gastos. Necesariamente estas previsións terán que separar os ingresos non condicionados de carácter finalista e tamén desagregar os gastos estruturais dos que tiveran financiamento afectado.
- c) Unha descrición, cuantificación e calendario de execución das medidas que se inclúen no plan para corrixir a situación de desequilibrio indicando as partidas orzamentarias nas que se contabilizarán.
- d) O escenario de evolución da situación financeira da universidade para acadar o equilibrio orzamentario.

Polo órgano competente da Consellería de Facenda e Administración Pública procederase a avaliación do plan e estableceranse, de ser o caso, as medidas complementarias que deberá aplicar a

universidade para corrixir a situación de desequilibrio e, finalmente, avaliará o prazo necesario para alcanzalo.

O plan económico-financeiro será obxecto de seguimento en cada un dos exercicios nos que resultase de aplicación e deberá ser actualizado como consecuencia da existencia de novas causas que orixinen o incumprimento do plan. Os prazos para a presentación destas actualizacións rematarán no primeiro semestre do exercicio seguinte ao considerado.

A non presentación do plan económico-financeiro ou o incumprimento das especificacións e obxectivos nel previstos, determinarán a retención do 10% dos créditos correspondentes á institución afectada no subfondo *Panel de Indicadores* e no subfondo *Plan de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica*.

As universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia presentarán antes do 31 de xullo de cada ano de vixencia do plan, a relación de postos de traballo, consensuada previamente cos representantes dos traballadores e debidamente valorada para o persoal de tódalas categorías da universidade, para os efectos previstos no artigo 81, apartado 4, da Lei Orgánica 6/2001, de Universidades. Os custes de persoal docente e investigador e de administración e servizos deberán ser autorizados pola Xunta de Galicia, no marco da normativa básica sobre Oferta de Emprego Público. A esta relación acompañarase a previsión das modificacións que vaian a facerse efectivas no exercicio orzamentario seguinte.

Os proxectos de disposicións que creen ou modifiquen a estrutura orgánica das universidades ou os cambios das relacións de postos de traballo non derivadas dunha nova estrutura orgánica, incluíndo o seu custe, remitiranse á Consellería de Facenda e Administración Pública para a súa autorización.

O desenvolvemento e execución do Plan Galego de Financiamento Universitario, quedará suxeito ás adaptacións necesarias que puideran derivarse das modificacións que se produzan no sistema de financiamento das comunidades autónomas e das medidas excepcionais que, en materia de estabilidade orzamentaria e/ou contención do gasto público, puidera adoptar, con carácter xeral e alcance básico, tanto o Goberno do Estado como a Xunta de Galicia.

Comisión de seguimento do plan

Para garantir a correcta execución e o seguimento do establecido no Plan Galego de Financiamento Universitario, créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por un representante de cada unha das universidades do Sistema Universitario de Galicia; pola persoa titular da Secretaría Xeral de Universidades, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade; pola persoa titular da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, da Consellería de Facenda e Administración Pública; pola persoa titular da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, da Consellería de Facenda e Administración Pública; pola persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte e pola persoa titular da Xerencia do Servizo Galego de Saúde da Consellería de Sanidade.

Así mesmo, cando a natureza dos temas a tratar pola comisión así o aconsellen, poderán asistir ás xuntanzas da mesma, as persoas representantes da Fundación Rof Codina, da Axencia para a Calidade do SUG e dos centros asociados da UNED en Galicia.

A Comisión rexerese polo disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público sobre órganos colexiados.

En todo caso, e con carácter previo á aprobación dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, reunirse para revisar os resultados obtidos polas institucións receptoras dos fondos e comprobar a aplicación dos mesmos no reparto dos fondos asociados.

Esta Comisión terá como funcións:

- a) Efectuar o seguimento da aplicación do plan, encargando cantos estudos técnicos, auditorías, inspeccións... que estime oportunas.
- b) Resolver as dúbidas e controversias que puideran xurdir na aplicación e interpretación do contido do plan.
- c) Revisar anualmente os resultados obtidos en aplicación dos indicadores de resultados e os datos para o reparto do Financiamento non condicionado.
- d) Propor, á vista dos resultados obtidos, a revisión da estrutura do plan ou dos indicadores que sexan precisos para reflectir a consecución de obxectivos de xeito adecuado.
- e) Adaptar a aplicación do plan aos cambios na normativa xeral ou aos acordos que se adopten para o conxunto da comunidade autónoma ou do Estado, sempre que resulte pertinente.
- f) Calquera outra que se derive da execución e do espírito do plan.

VIXENCIA

O Plan Galego de Financiamento Universitario (PGFU) estará vixente durante o período temporal comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2026.

No caso de non ter aprobado un novo plan na data de finalización da vixencia do mesmo, entenderase prorrogado o presente plan en virtude do disposto no punto 4 do artigo 115 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, na redacción dada polo artigo 36 da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para permitir o normal funcionamento das universidades do SUG e o cumprimento dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira por parte destas institucións.